PREMIO XERMADE NA HISTORIA VOL. II



CONCELLO DE XERMADE

Sancti Iuliani de Cazanes

Historia e memoria

Comendador Caamaño

Índice

Introdución 4
A Parroquia 5
Cazás (San Xulián de) 5
Señorío 6
Límites da parroquia 7
Igrexa Parroquial de San Xulián. 8
Ermida da Divina Pastora 9
Cazás, terra de labradores 11
Outras profesións 12
Artesanía 13
Os muíños fariñeiros 14
A caza 16
Pesca 16
Propiedade 16
Camiños reais 16
Cruceiros e cruces 17
Entidades de poboación 19
Amil 19
Aruxo (O) 19
Augas Roibas 20
Barreiro (O) 20
Capeirón (O) 21
Carballosa (A) 21
Campo (O) 21
Carpizos (Os) 21
Casal (O) 22
Casanova do Campo (A) 22
Casasnovas 22
Casavella (A) 22
Castelo (O) 23
Castiñeira (A) 23

Castro da Igrexa (O) 23
Cordal 24
Costa 24
Covillón 25
Escoriscada 25
Fonteboa 26
Fraga (A) 26
Fraguela (A) 27
Freán 28
Golpilleira (A) 28
Lavandeira 29
Liñarón 29
Landoi 29
Lugar Vello (O) 30
Marmoiral 30
Mede 30
Merille 31
Millazal (O) 31
Mediafariña 32
Neirós 33
Paineto 33
Pazo (O) 33
Pedra do Val, (A) 33
Pedras Pardas 34
Pedreiras (As) 34
Pena (A) 34
Pena de Arca (A) 34
Pepín 36
Preanes 36
Pigaroa (A) 37
Portiños (Os) 38
Ras (As) 38
Regatas (As) 38
Rego do Corzo (O) 38

Rego do Sapo (O) 39
Revolta (A) 39
Rosende 39
Rozasvedras (As) 40
San Xurxo 41
Seixo (O) 42
Silvela (A) 42
Sétimas (As) 42
Tarroeira (A) 43
Uceira (A) 43
Outros sitios 44
Laguna 44
Pena Corval 45
Burros Blancos (Os) 46
Insua da Casavella 46
Roza da Torre do Rei Mouro 46
Pena das sete ferraduras 46
Modia da Silvela ou Modia do Morto 47
Modias do Millazal, Chairas, Rego do Sapo e do Real. 47
A Presa do Capeirón 47
Anavato 48
A Relleira 48
Montes do Aruxo 48
San Clemente 49
Ponte Terrós 49
Prados de Don García 50
Cancela de Vide 50
Telleiras (As) 50
Microtoponimia 51
Bibliografía 78
Anexo I: Catastro De Ensenada 79

Introdución

Estas notas sobre a parroquia de San Xulián de Cazás están feitas con retales recollidos en diversos ámbitos, na memoria de veciños xenerosos que amosando a propia nos axudan a conservar a colectiva, documentos de distintas épocas, singularmente o coñecido como Catastro de Ensenada e o Dicionario geográfico-estadístico- histórico de España de Pascual Madoz, escrituras públicas e privadas, recollidas en arquivos notariais e privados, libros e publicacións de diversa índole, e, sobre todo, andando polos camiños, fincas e casas da parroquia, falando coa xente e gardando os detalles de cada información.

A todos os veciños que dunha forma ou outra axudaron a que se poida reunir nun texto toda esta información, quero darlles as gracias. Tamén a outras persoas que colaboraron directa ou indirectamente na elaboración do traballo, que nomearei no oportuno momento.

Cando calquera habitante de Cazás vexa este traballo atopará en falta un montón de cousas que poderían aparecer no texto, curiosidades, historia e memoria da vida nosa e dos nosos antigos. Será, nese caso, un primeiro paso para facer un traballo mais amplo que recolla moita mais vida. A iso queremos chegar conscientes de que esta primeira parte carece de elementos, que o completarán para amosar a riqueza dunha terra e dunhas xentes que debemos preservar. E para conservala un paso importante é que quede escrito. Que estas liñas sexan un paso e unha axuda.

Unha parte importante deste artigo basease na toponimia, porque na orixe dos nomes están moitos segredos do noso pasado. Partindo dos nomes atopamos, moitas veces, a explicación de dondo vimos, porque estamos aquí e a onde queremos ir. Cazás ten historia nos seus nomes. En Cazás ata as pedras teñen nome. Os Burros Blancos, curiosos elementos que contemplaron o paso da historia non son dous burros, son dúas pedras de seixo. Ten nomes latinos, xermánicos, medievais e modernos. Ata a prehistoria ten cabida e explicación nos nomes de Cazás. Covillón, Mede, Modiafariña, Modia do morto, Capeirón, son nomes que se explican observando a presenza de monumentos funerarios no seu arredor.

A Parroquia

Cazás (San Xulián de)

Freguesía na provincia de Lugo (a 5 leguas), diocese de Mondoñedo (6 leguas), partido xudicial de Vilalba (1 legua) e Concello de Xermade (1 legua): situada en terreo desigual e á marxe oriental dun río sen nome (hoxe Río Labrada). O seu clima frío pero saudable pola boa ventilación. Comprende os lugares e casaríos de Augas Roibas, Amil, Aruxo, Barreiro, Campo da Pena, Capeirón, Carballosa, Carpizos, Casal, Casavella, Casanova do Campo, (Casanova de Lousanes), Casasnovas, Castiñeira, Castro da Igrexa, Cordal, Costa, Escoriscada, Fonteboa, Fraga, Freán, Golpilleira, Landoi, Lugarbello, Marmoiral, Merille, Mede, Millazal, Mediafariña, Neirós, Paineto, Pazo, Pedras Pardas, Pena de Arca, Pepín, Pigaroa, Portiños, Preanes, Rosende, Rozas Vedras, San Xurxo, Seo, Silvela, Fraguela e Uceira. (Hoxe podemos engadir Castelo, Covillón, Pedra do Val, Pena, Rego do Corzo, Rego do Sapo, Tarroeira e Seixo). A igrexa parroquial (San Xulián) é única e o seu curato de entrada e padroado do comendador Caamaño. O término confina por norte con San Martín de Codesido (Concello de Vilalba) e o río (Momán e Labrada). que a separa da de San Mamede de Momán; por leste con Santa María Maior de Tardade (Concello de Vilalba); por sur con San Martín de Distriz e San Martín de Belesar (ambas de Vilalba), e por oeste con San Pedro do Buriz (e Santa María de Labrada, ambas do Concello de Guitiriz). Nos indicados lugares de Merille, Freán, Landoi e Silvela hai fontes de boa auga. Báñaa polo centro o mencionado río (Labrada) que continuando o seu curso de norte a sur, está cruzado pola ponte de pedra chamada da Pigaroa y as insignificantes de Amil, Corval e Pontenova. O terreo é de mediana calidade; os seus montes despoboados atópanse á beira do Camiño que desde Vilalba vai a Betanzos, así como os veciñais, atópanse en mal estado, e o correo recíbese da estafeta de Vilalba. Produce centeo, patacas, trigo, algún maínzo, liño e outros froitos menores; cría gando vacún, cabalar, de cerda, lanar e cabrio; hai caza de perdices e lebres. Industria, a agrícola e dous muíños fariñeiros en estado de ruína. Poboación, 90 veciños, 460 almas. Contribúe co seu concello. (Descrición básica obtida do Dicionario geográfico – estadístico – histórico de España y sus posesiones de Ultramar de Pascual Madoz. Editado en 1.847).

Como **Sancti Iuliani de Cazanes** aparece dúas veces en documentos do Tombo de Caaveiro dos anos 1.077 e 1.086, figurando a igrexa entre dous ríos (hoxe serían o

Trimaz e o Labrada). O sufixo en castelá –anes deu como resultado nesta parte de Galicia –as (-ans e –ais, noutras zonas). De aí que Cazanes pasara a ser Cazás. Seguindo esa premisa curiosamente atopamos **San Julián de Cazanes**, como unha freguesía do Concello de Villaviciosa en Asturias.

San Xulián mártir celébrase o nove da xaneiro.



Señorío

A parroquia de San Xulián de Cazás era señorío da Excma. Señora **Condesa de Lemos Andrade e Vilalba**, camareira maior da Raíña e por razón de Señoría pagábanlle os veciños, a mediados do século XVIII, cincuenta ferrados de centeo, coñecido por cebada, oitenta e seis reais de vellón por servizo e galiñas. Tamén se pagaba o diezmo, que percibían entre o **Cura Párroco da freguesía**, **Don Joseph de Leies** (veciño de Betanzos), **Don Diego Vermudez**, **Don Francisco Vermudez y Luazes** (veciño de Mondoñedo), **Don Antonio Vilarino (**veciño de dita freguesía), **Don Juan Vázquez (**presbítero de dita freguesía), **Don Rosendo Cordal (**cura párroco de San Vicente dos Vilares de Parga) e **Jacob Crespo** (veciño de Santa Eulalia de Burgás). Tamén pagaban os veciños á Exma. señora **Condesa de Lemos,** por razón de voto, cento trinta e un ferrados de centeo, anualmente, e tamén pagaban, entre marido e muller, á **confraría do Santísimo Sacramento**, dous ferrados de centeo anualmente; e á **Confraría de Nosa Señora do Rosario** outros dous reais de vellón, e entre o **Cura párroco** da mesma freguesía e a dignidade de **Arcediano de Montenegro** na Santa Igrexa Catedral da

cidade de Mondoñedo percibían de por metade o diezmo correspondente ás terras do Igrexario.

Límites da parroquia

Na descrición dos seus límites atopamos **Fonte Rosende**, **Fonte do Illó**, marco de pedra pizarra no **Casello**, **Fonte Padín**, **Fonte do Rei**, casa de **Merille** de Francisco Cazón, pila de pedras de cantería en **Pardiscos**, marco de pedra pizarra na **Aira de Antonia González**, **Fonte de Freán**, pena louseña do **Carneiro**, pena louseña da **Ferradura**, marco louseño do lugar da **Uceira**, marco de pena louseña de **Ponte Pigaroa**, río abaixo ata **Río Goimel**, río arriba e ó marco de seixo branco no **Monte Goimel**, pena louseña da **Silvela**, **Muíño do Capeirón**, **Modia de Pena Cinta**, marco de pizarra das **Grúas**, **Modia da Trabe**, **Fonte Baltar**, pena de seixo da **Mazoira**, **Caneiro dos Fernández**, e **Fonte Rosende** onde empezou.

Fonte Rosende

Igrexa Parroquial de San Xulián.

A Igrexa actual documéntase como construída no século XVIII e reformada no século XX. Unha nave con cruceiro de planta rectangular e sacristía detrás. A fachada principal con un arco semicircular e sobre el unha fiestra do mesmo tipo de arco e espadana de dous corpos e tres vanos. O presbiterio ten un retablo maior da segunda metade do século XVIII, de estilo barroco, en tonos encarnados e azuis e molduras douradas. O primeiro corpo do retablo ten dúas estípites, dúas columnas salomónicas e cinco hornacinas. No corpo central está o Sagrario de dous corpos, no primeiro catro estípites e portada con Agnus Dei e no segundo pequena Inmaculada. No retablo aparecen as imaxe da Virxe do Carme con San Xoán da Cruz e Santa Teresa axeonllada ós pes (s. XVIII); San Antonio, San Xulián (titular) con un fusil na man dereita e un paxaro na esquerda (pintado con óleo) e a Dolorosa con unha espada cravada. No segundo corpo leva tres hornacinas e dúas estípites; no centro a Inmaculada (s. XVII) con coroa de madeira e anxo na peana, ós lados San Roque e Santa Ana sentada con un libro na man (s. XVII). El retablo está coroado polo Pai Eterno con tiara pontificia. Sobre pedestal, á dereita do presbiterio, Virxe de vestir. As dúas portas da sacristía forman parte do retablo e levan as follas talladas con paneis barrocos. A cornixa do primeiro corpo leva Ave María coroando.

Mesa de altar con debuxo sobre táboa imitando tela de damasco. Á entrada da sacristía hai unha pila de auga bendita, Virxe de bicar, Cáliz de prata, Copón de prata, Cruz procesional do s. XVII en prata, estilo Renacemento, con imaxes de Cristo e San Xoán Bautista. Pila bautismal no atrio.

Retablo maior da igrexa de San Xulián de Cazás

Ermida da Divina Pastora

Pequeno santuario situado preto do lugar de O Seo. Foi reconstruída a finais do século XX; formada por unha nave cuberta a dúas augas e a sacristía detrás. Ten un pequeno pórtico a tres augas sobre catro pilastras de cantería. Pequena espadana de dous corpos. No presbiterio, retablo popular de dous corpos, no primeiro aparecen imaxes de San Xoán Bautista e San Roque. No segundo corpo San Rosendo e a Divina Pastora vestida e a Divina Pastora moderna; Na sacristía un Cristo, San Xoán Bautista e a Divina Pastora de bicar. A entrada da sancristía hai unha pila de auga bendita. Ó lado da Capela hai un cruceiro.

No ano 1860, Juan Balsa, Pedro Cordal, veciños de Cazás, é en nome dos seus conveciños de Amil, Seyo, Fraga, Capeirón e Silvela, ante o Bispado, suplican permiso para construír unha Ermida con advocación de San Xoán Bautista a quen tiñan especial veneración, por estar a distancia de unha legua da Igrexa e por ser camiño montuoso e pantanoso, especialmente difícil en inverno.

No ano 1861 acoden Juan Balsa, Pedro Cordal, Ignacio Roca e outros veciños de San Xulián de Cazás ó Bispado de Mondoñedo, a fin de que se lles concedese facultade de erguer unha ermida ou capela elixindo como patrón dela a San Xoán Bautista y á Virxe María Pastora de Almas, o que lles concedeu "benina e gratuitamente" e agora suplican por segunda vez se digne conceder, a favor dos fieis que postrados ante ditas imaxes as reconozan por tales, baixo a fórmula que se lles prescriba, o premio ou indulxencias a que sexan acredoras.

En 1872, Ignacio de Roca, colocou na Ermida de San Xoán Bautista do Seo a imaxe titulada A Divina Pastora, e como observa que a imaxe arrastra a devoción de moitos fieis e se xuntan algunhas esmolas, desexa como dono e devoto da Santa ser o seu Mordomo e na súa falta un dos seus fillos, Pedro e Agustín, sen ánimo de lucro mais que un bon celo e acrecentamento da devoción á imaxe, distribuíndo as esmolas que se xunten en adornos da imaxe, sendo o seu día o segundo domingo de Outubro.

Aínda que inicialmente foi dedicada a ermida á San Xoán Bautista, logo foi superado coa veneración á Divina Pastora. Esta e unha advocación á Virxe María que naceu creada por Frei Isidoro de Sevilla, que en 1.703 decidiu buscar unha advocación e imaxe da Virxe María que conmovera e simbolizara as excelencias de María, Nai do Bon Pastor. Sería a Divina Pastora das Almas, que mandou pintar nun cadro onde aparecería á sombra dunha árbore, con túnica, manto e sombreiro pastoril, acollendo un año no seu colo, e rodeándoa algunhas ovellas que formarán o rabaño, e na boca levarán rosas simbólicas do avemaría coa que a veneran. O símbolo causou grande conmoción entre os fieis que se iria propagando polo mundo cristián.

Na fonte que está preto da Ermida os devotos lavaban a sarna e outras enfermidades da pel. Algúns devotos levan ofrendas de cera, con figuras diversas.

Cazás, terra de labradores

O produto agrícola era aportado basicamente, na segunda metade do século XVIII polo cultivo de cereais (centeo, millo miúdo e maíz) nas terras de labradío, dondo se lles axudaba botando esterco das cortes do gando e do que se facía nos currás coa estrume. Non estaban cuantificados outros cultivos como nabos, fabas e garavanzos. A rotación de cultivos durante o século pasado eran tres cultivos en dous anos que sucesivamente eran patacas, centeo e nabos. Outra pequena parte procedía do trigo e centeo colleitado nas estivadas e revoltas de monte baixo aberto, que se mallaba na aira despois de carretalo e facer un medeiro ou meda. Os montes altos leñados e os bosques tiñan menor importancia, aínda que ademais do aproveitamento agrícola no ano que se rompían, aproveitábanse para a obtención de carbón vexetal utilizando os brezos ou torgos que abundaban neles, levando carros de carbón para os ferreiros ou para as cidades. Os

montes daban maraña, para estrar a corte do gando, que se carba en gavelas para o carro.Polo contrario os prados de regadío e de secano xogaban un papel considerable na economía agraria, contribuíndo na alimentación do gando. Os prados de herba verde, dondo había que ir tornar a auga según as horas de reparto que tiña cada parceiro. A herba segábase coa gadaña, que tiña que estarben cravuñada. Escaso desenrolo tiña o cultivo de horta (col e árbores frutais). Os novos cultivos de maíz e pataca, importados de América, acadaron importancia a partir de finais do século XVIII. O mel usábase como edulcorante e tamén como remedio ou placebo de múltiples doenzas. Era e segue sendo na actualidade, un mel escuro, elaborada principalmente con néctar das flores de brezo (ericas) que abundan nos montes da parroquia. A cera constituía a materia prima coa que se facían as velas, necesarias para alumar nas casas e nos templos. Figuraban con frecuencia nas ofrendas funerarias de enterros e honras e tamén na aportación das cofrarías de ánimas ás cerimonias fúnebres de quen, en vida, foran os seus cofrades, quedando constancia en disposicións testamentarias.

A matanza dos cochos era outra tradición e un ritual que se conserva desde moi antigo pola economía de subsistencia, pois un labrego ten que producir para sobrevivir: Pan, patacas, carne, verdura e froita. Manter as porcas de cria, chocar as galiñas, alindar as vacas, rozar os toxos, cultivo do toxo mariñao, para picar na máquina do toxo, mezclado con alcacer, herba seca ou palla, esfollar o mainzo, mallar o centeo e o trigo. Tantos traballos no campo, de sol a sol, para conseguir un pouco de comida.

Outras profesións

Ademais do exercicio como labradores que tiñan a práctica totalidade dos oitenta e oito veciños da parroquia no século XVIII, había outros empregos como o de Bartholome Vázquez quen se empregaba no exercicio de **mordomo pedáneo**. Manuel de Ansede, **arrieiro,** que tiña catro cabalerías para carreo de viño do Ribeiro; Fernando Piñeiro ocupábase como **estanquilleiro**, en **vender tabaco** ó por menor apesillado; Lucas de Cazás usaba tamén o oficio de **carpinteiro**; Juan do Souto fillo de Joseph, o que era **xastre**; Lorenzo Fernández, **xastre**; Pedro Blanco e

Domingo Blanco, quen ademais de ocuparse no exercicio de labradores usan o oficio de **ferreiros**; Domingo Fernández e Rosendo do Souto, que se ocupaban no oficio de **zapateiros**; Dominga Fernández e Francisca Vázquez, solteiras, eran **tecedoras**. Non había **xornaleiros** que traballaran ó xornal a diario, e tampouco se contabilizaba ningún **pobre de solemnidade** que vivira de esmola. Os veciños tiñan o dereito de arrendamento sobre unha **taberna** que existía en Molla Fariña (Modiafariña, a criterio deste autor).

Artesanía

O traballo dos artesáns era imprescindible para satisfacer as necesidades de vivenda (pedreiros, canteiros, …) vestido (tecedoras, curtidores, zapateiros, zoqueiros) e outras actividades (ferreiros, albardeiros, cribeiros, arrieiros). acostumaban ser actividades complementarias na economía doméstica de subsistencia, onde eran labradores e con outra profesión que axuda na supervivencia. Os carpinteiros (zoqueiros, torneiros, cribeiros, ...) facían apeiros de labranza (carros, arados, grades, ...), huchas, mesas, bancos, teares, armaduras das casas, fiestras e portas. As zocas, labradas polos zoqueiros con madeira de bidueiro, eran o calzado habitual hasta mediado do século XX. Para os zapatos da festa ou os zocos solados, o curtidor preparaba as peles no seu pelamio, para que unha vez curtidas puideran ser utilizadas polo zapateiro. As peles procedían do gando vacún, ovino e caprino. As tecedoras, que eran exclusivamente mulleres, tecían nos seus teares empregando a liñaza e a lá das ovellas, buriel, picote, saial, estameña, sempiterna, lenzo, estopa e estopilla. Para cultivar o liño adicábanse terra de cortiñas. Outra vez conservamos na toponimia ***liñar*** (terra de cultivo de liño), ***enlagadoiros*** (dende se enlagaba o liño na auga). As costureiras facían a domicilio a

roupa de mulleres e nenos e os xastres confeccionaban monteira, almilla, xubón, calzón, polainas, …

Os muíños fariñeiros

Os muíños eran de grande importancia na antigüidade. En 1.753 había once muíños fariñeiros: un no sitio de **Tascás**, que corresponde a maior parte a Bartholome Cazón; outro no sitio de **San Jul**, e corresponde a maior parte a Francisco de Carvallido; outro en **Pena Corbal,** dentro do que hai dúas rodas que moen ó mesmo tempo e pertencen enteiramente a Antonio Vilarino; outro no sitio dos **Carpizos**, corresponde a maior parte a Francisco Yáñez; outro no sitio de **Rego da Lousa** e corresponde a maior parte a Nicolás Morado; outro no sitio do **Capeirón** e corresponde a maior parte a Carlos Pardo; outro arruinado no sitio da **Forca** (hoxe léase Fozca), e corresponde a maior parte a Francisco González; outro no sitio do **Rego do Sapo**, arruinado, correspondendo a maior parte a Alexandro Neto; outro no **Reconco de arriba,** sendo a maior parte de Francisco Folgueira, veciño de San Martín de Belesar; outro no **Reconco de baixo**, arruinado, corresponde a maior parte a don Juan Vázquez, presbítero veciño da freguesía; outro no sitio de **Silvelas**, corresponde a maior parte a Juan do Pico, veciño de Santa María Maior de Tardade.

Muíño da Fozca

Muíño da Fraga de Cazás

Na actualidade podemos relacionar algúns muíños que existían daquela, comparalos cos que se conservan e lamentar a perda de outros. Perda que se está acelerando nos últimos tempos pola ausencia de uso e cambio da forma de vida da nosa xente.

O **Muíño de Tascás**, é o **Muíño da Fraga**, hoxe con dúas rodas, aínda que xa non moe. O sitio de **San Jul**, non se identifica con ese nome, podendo corresponder co **Muíño da Pasadiña**, cerca de Rozasvedras, de gran importancia nas últimas décadas. En **Pena Corval** xa non se identifica ningún resto de muíño; sí hai memoria de unhas moas que funcionaron no século pasado. O **Muíño dos Carpizos** desapareceu entre o abandono, as enchentes que levaron parte, e o uso das pedras do muíño e da presa para facer a pista do Aruxo ó Castro da Igrexa, sobre os anos 60 do pasado século. O **Muíño do Rego da Lousa** podería corresponderse co rego que baixa das Louseiras entre o Seo e o Amil. Nesa zona estaba o muíño vello cerca do camiño do Seo ó monte común, e que tempo mais tarde foi substituido polo **Muíño Novo do Seo**, mais abaixo do anterior para recoller a auga dos dous regos. Deste último muíño aínda se conservan as paredes. O **Muíño do Capeirón** co tempo desapareceu transformándose en moa, que é da que se garda memoria neste tempo. **Muíño da fozca, Muíño do Rego do Sapo** e **Muíño do Reconco** (aquí solo un dos dous que había) mantéñense en pe, esperando que algún amante da etnografía mire pola súa conservación. O **Muíño de Silvelas**, que estaba abaixo do Barreiro, tamén desapareceu.

Muíño do Reconco

A cocedura do pan facíase no forno doméstico ata a actualidade. Nestes tempos os poucos que cocen no forno da casa fano con fariña mercada nalgún muíño mais industrial. Os antigos muíños perderon o uso tanto para moer a fariña para o pan, como para as papas (maiz), igual que para o gando, que se merca o pienso e ben en cómodos camións.

A caza

Era unha actividade encamiñada a defensa das persoas, gandos e cultivos, fronte ós ataques de lobos e xabarís. O conde da xurisdición de Vilalba nomeaba o monteiro maior, quen, á súa vez, escollía un tenente por cada un dos quince partidos en que se dividía,(Cazás formaba partido con Distriz, Gondaisque e Tardade). Estes tenentes eran os encargados de organizar ós veciños das parroquias para as corridas e mangas. A Furada do lobo, é unha paraxe que conserva o nome do animal, abundante durante séculos. É un entorno agreste e rochoso, e alí se refuxiaba o lobo durante as monterías que se facían nos montes próximos ó Seo. Arcabuces e escopetas eran pouco frecuentes e de época mais recente, mentres que as lanzas eran empregadas para abater os animais que resultaban apresados nas cordas liadas para tal fin.

Pesca

De boas troitas, anguías e outros peixes de río hai referencias nos ríos da parroquia. Pesqueiras, empalizadas, e canles eran habituais na contorna. A pesca tamén se facía con redes. Anguieiro e caneiro son topónimos que se conservan como proba.

Propiedade

As terras de que dispuña a xente tiñan importantes cargas, como queda demostrado polos impostos a que eran sometidos por razón de señorío, diezmo, voto, foros, censos, ... Tamén o gando recibido en aparcería, en moitos casos, como Francisca de Castro, veciña do Marmoiral, que tiña unha vaca propia da **Cofraría do Glorioso San Vitorio** inclusa na parroquial Igrexa de Santa Mariña de Caabreiros,ó cuarto das súas utilidades.

Camiños reais

Como referencia mais antiga de camiños que pasan por Cazás destaca o Camiño Real de Betanzos a Mondoñedo, tamén identificado como Betanzos – Vilalba por estar no seu paso a importante vila condal. O camiño real cruzaba a parroquia de Cazás entrando pola **Ponte da Pigaroa** (identificado no Madoz como ponte de pedra) ó vir do lado de Momán e Betanzos; pasaba pola **Pigaroa**, **Rego do Sapo**, **Sanxurxo**, **Modiafariña**

(Mollafariña) onde había unha taberna xa na antigüidade, para chegar preto da **Ponte Corval**, onde se separaba do camiño que en dirección a Belesar cruzaba a **Ponte Corval**, dirixíndose pola **Coriscada (**Escuriscada), **Monte das Sétimas** e do **Cordal**. Volvendo ó Real de Vilalba e Mondoñedo preto da **Ponte Corval**, vai un tramo paralelo ó **Río Labrada** polo **Covillón**, **Pedra do Val**, cruzando o río por **Lavandeira** para subir polas empinadas curvas cara o **Castro da Igrexa** e saír ó Concello de Vilalba por Pardiscos. Completaban os viarios mais importantes o que enlazaba con Burgás nunha dirección e o que da Ponte Corval**,** antes mencionada, enlazaba cara a Casavella, Capeirón e Silvela para saír dirección Buriz e Guitiriz.

Cruceiros e cruces

Cazás amosa un bon número de cruces e cruceiros, símbolo da relixiosidade, de variada tipolóxica, materiais e tamaños, cada un coa súa historia.

Cruceiro do Aruxo, con efixie de Cristo e da Virxe.

Cruceiro do Calvario, cruz latina, sen efixies, que pertence á Casa de Orosa.

Cruz do adro da Igrexa, cruz latina de mármore, na honra ós caídos.

Cruceiro do Cemiterio, ó carón da estrada, de cruz latina florenzada, sen efixies.

Cruz do rego de Lavandeira, cruz latina de ferro, preto do camiño real de Betanzos.

Cruceiro de Pedra de Val ou de Gato, cruz latina.

Cruceiro do Covillón, con cruz latina florenzada, sen efixies.

Cruceiro da Casavella, cruz latina, efixie de Cristo, cos instrumentos da paixón nun chafrán, capitel ornamentado con volutas e querubíns.

Cruceiro da Casavella

Cruceiro da Ermida da Pastora, cruz latina, sen efixies.

Cruz de ferro da Ermida da Pastora, cruz latina de ferro, construída por devoción á Virxe Divina Pastora de Almas.

Cruz do Seo, cruz latina de ferro, nun cruce de camiños.

Cruceiro da Penadarca, cruz latina sen efixies.

Cruceiro da Carballosa, cruz latina sen efixies.

Cruz da Gulpilleira, cruz grega, de cemento, con unha caveira e dúas tibias.

Cruceiro de Freán, cruz latina florenzada, sen efixies.

Cruceiro de Augas Roibas, Capitel ornamentado con volutas e querubíns. Cruz latina florenzada, efixie de Cristo, con dúas figuras orantes, imaxe da Piedade, coa Virxe levando no colo ó Fillo inerte.

Cruz do Capeirón, Cruz latina de ferro,

Cruz da Trancadilla

Cruz da Trancadilla no Capeirón, Ten esculpida unha caveira e uns osos en cruz. Fáltalle a cruz.

Cruz da Ponte Corval, Cruz grega de ferro.

Cruz do Rego do Sapo, Unha cruz de ferro ó lado do camiño real

Cruz dos oleiros, aparecía no Catastro de Ensenada.

Cruceiro do Rei. Había unha muller que servira ó rei, e de aí quedoulle o alcume á casa, e por ende ó cruceiro.

Entidades de poboación

Amil

Dúas vivendas en 1753. Garda o antigo nome do posesor destas terras na época xermánica (sueva), de nome *Mirus*, *miri* en xenitivo, ou *Alamirus*. Na actualidade garda os restos da última vivenda alí existente, e o nome do vilar que no seu tempo proporcionoulle alimentos para subsistir ós veciños do lugar.

Aruxo (O)

Dúas vivendas, unha con alto (1.753). Curiosamente non aparece no Madoz (1.845) é si aparece un lugar en Roupar, de un veciño e cinco almas. Na actualidade hai catro vivendas.

Augas Roibas

Xa aparecía no século XVIII con unha vivenda. O topónimo ten que ver coas augas ricas en ferro que se producen un pouco mais arriba da vivenda. E vivenda e o seu conxunta é dos mais completos e representativos das casas podentes da parroquia. Conta con horreo, pozo, palleira, forno e outras edificacións ademais de unha casa "señorial" deshabitada pero con indicativo do seu pasado.

Barreiro (O)

Do prerromano *barro*, "lama, fango", coa terminación abundancial, sinala sitios abondosos en barro. Faría referencia a antigo sitio de extracción de barro para uso de artesáns, Empregado na construción de edificacións, fornos, e tamén os oleiros se surten da materia prima. Non é para desbotar a idea de servir de canteira para abastecer a fábrica da que se atoparon vestixios do material obtido no paraxe das Telleiras descrito neste traballo. No catastro de Ensenada solo aparece como topónimo unha vez, e non precisamente como lugar habitado senón como Porto Barreiro, que sería o punto onde se cruza o rego da Fonte Merille. No Madoz aparece na relación de lugares, pero non con descrición propia identificando número de veciños e almas (habitantes).

Capeirón (O)

Importante núcleo, con cinco vivendas según Catastro de Ensenada. Lugar de 3 veciños e 15 almas (Madoz, 1.845). Hoxe é un dos núcleos deshabitados da parroquia**.** Sobre **Capeirón,** como aumentativo de capa, pedra grande e plana, apostamos polo seu orixe na **Modia do Capeirón**. Un enterramento megalítico de importante tamaño, que contaría no seu tempo con unha importante pedra cobertora ou capa que do seu significativo tamaño serviría para identificar a aldea habitada que se formaría no seu entorno. Da modia referida conservase o prominente montículo sobre o chan, preto do vial.

Carballosa (A)

Tres vivendas (1.753). Lugar de 4 veciños e 20 almas (Madoz, 1845). O nome explícase como abundancial, pola terminación en –osa, de carballo**.** Fai referencia a abundancia de carballos (*quercus robur*), árbores simbólicas e de importancia na vida dos nosos antepasados. Producindo leña, carbón, folla (como cama e como abono), táboas e vigas necesarias para a construción dos habitáculos humanos e animais, dando sombra. A cortiza empregábase para o curtido de peles. A madeira moi empregada nos séculos XVII e XVIII na industria naval pola súa dureza e resistencia a auga. Incluso as landras foron usadas, moídas, como alimento.

Campo (O)

Dúas vivendas, unha con alto, a mediados do século XVIII. Lugar de 3 veciños e 13 almas (1.845). A súa orixe está no latín campus, “campo, chaira, terreo descuberto”. Coa Pena e a Casanova, lugares moi próximos, forma un conxunto de vivendas que se soen asociar como un solo nucleo.

Carpizos (Os)

Xa era importante núcleo no ano 1.753 onde se describían cinco vivendas, unha delas con alto. En 1.845 era un lugar de 4 veciños e 20 almas. Lugar onde abundarían carpizos, carpazas, plantas arbustivas (*Cistus psilosepalus/Cistus salvifolius*).

Casal (O)

Casarío dunha vivenda no século XVIII. Casal era un lugar de 2 veciños e 9 almas en 1.845. Situado no límite entre os Concellos de Xermade e Vilalba, referínase a ela ó describir o límite que pasaba polo marco de pedra pizarra na Aira de Antonia González. Do latín vulgar *casale*, co sentido de casa de campo.

Casanova do Campo (A)

Aparecía **Casanova** con unha casa en 1.753 e lugar de 2 veciños e 10 almas en 1.845. Está preto do lugar de O Campo, de aí que se identifique con tal nome.

Como Casanova do Campo aparece nalgunha cartografía e así figura no nomenclátor aprobado pola Xunta de Galicia outro casarío que na parroquia se identifica como **Lugarnovo,** e tamén como **Casgarcía**.

Casasnovas

Figura no Madoz como lugar de 6 veciños e 30 almas. Ese lugar parece referirse a algún que actualmente ten outro topónimo, como podería referirse a Pedra do Val, dado que este tampouco aparece como lugar no século XVIII nin no XIX. Tamén parte do núcleo de Landoi ténse referido como Casasnovas (de Landoi).

Casavella (A)

Tres vivendas polo século XVIII, Casabella lugar de 2 veciños e 9 almas (1.845). Situado nunha encrucillada de camiños, polo tanto ben situada, e centrada respecto á parte oeste da parroquia. De aí que alí se construíra unha escola que foi testemuña

das ensinanzas básicas para os nenos desta zona da parroquia durante o pasado século XX, a **Escola da Casavella**, hoxe local social da AAVV de Cazás.

Castelo (O)

Dúas vivendas na actualidade. O nome fai referencia a unhos penedos, próximos ás vivendas, que se elevan sobre o entorno e gardan segredos dos nosos antepasados, pois algunha escavación arqueolóxica se ten feito no seu entorno para atopar vestixios da vida dos antigos. Cerca, unha modia, serve de referencia do paso deses humanos fai varios milenios.

Castiñeira (A)

Solo unha casa sinalaba o Catastro de Ensenada para este núcleo. En 1.845 falaba de Castiñeira como un lugar de 2 veciños e 10 almas. Co tempo foi converténdose nun núcleo dos de maior tamaño da parroquia.

O castaño, castiñeiro, castiñeira, expoñente da grande importancia que tivo a castaña antes da chegada a Galicia da pataca ultramariña, que substituíu ó froito do castiñeiro. De aí as denominación de "castaña das Indias", "castaña mariña" e "castaña da terra" para as primeiras patacas. A castaña era importante elemento económico. Así, nun foro do ano 1238, os outorgantes estipulan que as castañas, parte da renda anual a pagar polos aforados, fosen depositada nuns celeiros : "…*et castaneas in cisterna*".

Castro da Igrexa (O)

A mediados do século XVIII aparecía no **Castro** a vivenda do Igrexario, con alto, outras tres eran identificadas como **Castro da Igrexa**, e unha última como **Igrexa.** Sumaban polo tanto cinco vivendas no entorno do núcleo coñecido actualmente como **Castro da Igrexa.** Castro de la iglesia, lugar de 1 veciño e 5 almas, según constaba no Madoz.

O nome provén da voz latina *castru*, "campamento fortificado" e da Igrexa que se edificou no seu entorno. O castro da Igrexa é unha fortificación poboada de principios da era cristiá habitado en época dos romanos, o que se deduce por os restos de tégulas (tellas) atopados e pola situación en chaira, onde terían arredor del as terras de cultivo. Pese ós importantes danos sufridos polo cruce diametral dunha estrada provincial e da construción de vivendas no seu contorno, conserva zoas que o definen, como os muros perimetrais e defensas.

A construción da igrexa no seu entorno, puido estar motivada por dúas razóns fundamentais. O espallamento da poboación ó deixar de vivir nos castros levouna a construír as vivendas polas terras circundantes mantendo o castro como punto centrado. Por outra banda é coñecida o proceso dos antigos cristiáns que para converter un entorno de crenzas e tradicións paganas, construirán a igrexa para cristianizar un lugar de profundo valor espiritual.

Cordal

Dúas vivendas no século XVIII según Catastro de Ensenada. Lugar de 1 veciño e 5 almas (1.845). Hoxe abandonado e olvidado pola memoria das xentes.

Costa

Lugar de 1 veciño e 5 almas (Madoz). Como outros casaríos hoxe sen xente.

Covillón



Non aparece como lugar habitado no século XVIII nin a mediados do XIX, aínda que se identifica no toponimia do primeiro inventario de século XVIII cinco fincas de "sembradura" en Cubillón. Actualmente identifícase con este nome un casarío próximo ó antigo camiño real Betanzos – Mondoñedo, e un cruceiro co mesmo nome precisamente á beira do camiño. Covillón ou Cubillón debe o seu nome, moi probablemente, á cova que forman o interior dos monumentos megalíticos empregados como enterramento na prehistoria. Así no lugar de O Covillón foi onde apareceu un enterramento en forma de cista rectangular, feita de chantas de lousa e co solo tamén enlousado, cuberto por unha tapa do mesmo material. Contiña osos humanos de un adulto enterrado en posición fetal e un vaso de barro. As medidas interiores da cista era de aproximadamente 1 x 1,70 x 0,30 m. O vaso cerámico, estreitado no pescozo, de 12 cm de alto e 8 cm de boca. Atopar o vaso campaniforme da idea da súa cronoloxía que se pode datar a comezo da Idade do Bronce, entre os séculos XIX e XVI antes de Cristo (entre 1.800 e 1.500 a. de C.). Preto do lugar de O Covillón ubícase outra modia que fai referencia ós mesmos enterramentos.



Escoriscada

Contaba xa con tres vivendas en 1.753, lugar próximo ó camiño real, e no que en épocas históricas tamén tiña cantina para parada de veciños e camiñantes. Escuscada aparece como lugar de 3 veciños e 17 almas en 1.845. Para explicar o sentido do nome do lugar recorreremos ó ***corisco***, que se identifica con un vento frío do norte. Así as casas de **A Coriscada** (que defendemos como topónimo máis axeitado coa súa orixe) sitúanse nun

paraxe elevado respecto ó entorno e claramente desprotexido cara o noroeste, do lado do río Labrada, por onde entrarían os fríos ventos no inverno. De aí que **A Coriscada**, **Escoriscada** ou **Escuriscada**, abundancial de ***corisco***, fora nomeada por homes curtidos polo corisco de moitos invernos.

Fonteboa

Unha vivenda en 1.753. Fonteboa, casarío de 1 veciño e 4 almas en 1.845. Procede o nome de *fons/tis* e *bona*. O lado da casa que aparenta ser a mais antiga do barrio, atópase a fonte que lle deu nome, por brotar nela unha auga considerada boa. Unha fonte de importancia, onde se recollía auga para as vivendas. Estaba protexida por unhas chantas de pizarra e hoxe resgardada con un moderno tubo de formigón.

Fraga (A)

Figura con unha vivenda no século XVIII. Fraga é lugar de 2 veciños e 9 almas (1.845). Documentos de principios do século XX falan de unha desas casas (hoxe desaparecida) como **A Fraga** ou **Tascás**. E co nome de Muíño de Tascás tamén se identificaba un muíño próximo a esta vivenda, na que tiña participación a propia casa. Tamén aparece **Praga**, lugar na freguesía de San Xulián de Cazas, poboación un veciño, cinco almas, tal e como figura no Madoz, querendo referirse posiblemente ó lugar da **Fraga**.

Actualmente **A Fraga** ten solo unha vivenda, rehabilitada nos últimos tempos, é que se engloba nun proxecto coñecido como Aldeas Artesáns de Galicia, na que, ademais de aloxamento e importantes elementos etnográficos das antigas casas de labranza da zona, ofrece un taller de carpintería con mostras do oficio de torneado da madeira de gran valor e interese para o estudio do traballo con madeira nobre.

A Fraga é un dos conxuntos arbóreos onde reflicte a personalidade atlántica de Galicia. O vocábulo fraga, serve para denominar un bosque de árbores autóctonas, A voz fraga, indica "bosque, espesura, penedal, lugar abrupto".

Fraguela (A)

Era un casarío por mediados do século XVIII. Actualmente apenas se aprecian as ruínas das construcións importantes noutrora; os terreos que abarcaban o lugar foron adquiridos e englobados no lugar de Freán. Fraguela, como topónimo, é un diminutivo de fraga, unha fraga pequena.

Freán

Como **Frián de abajo** identificábase como lugar con unha vivenda no século XVIII. **Freán** era, en 1.845, un casarío de 1 veciño e 4 almas. **Freán** foi un antropónimo visigótico, *Froia(ne)*, posesor dese territorio e que deixou a súa pegada no nome do lugar. En época mais recente foi unha casa con alto de importantes dimensións e punto de referencia dende a creación do Concello de Xermade a mediados do século XIX, por proceder dela varios persoeiros de influencia na vida municipal. Un incendio puxo fin á sinalada edificación fai poucas décadas. Mantense algunha edificación auxiliar da explotación agrícola, e outras novas que albergan unha considerable explotación de vacún de leite. Consérvase como elemento simbólico un centenario e maxestoso carballo á entrada da explotación. Na propia finca tamén se erguen varios exemplares antigos do reino vexetal como un teixo con algún cento de anos nos seus aneis.

Golpilleira (A)

No Catastro de Ensenada aparecen dúas casas na **Gulpilleira**, e unha en **Gulpilleira de arriba.** En 1.845 Gulpilleira era lugar de 2 veciños e 10 almas.

De abundancial de golpe ou raposo (*vulpes* na versión latina) podería ser orixe do topónimo **Golpilleira** según algún autor, aínda que nos inclinamos por outra opción. De

gulpis, alto, pola clara situación nun sitio elevado respecto ó entorno viría o nome de **Gulpilleira**. Reforza a idea o segundo nome que aparece en 1.753, como Gulpilleira de arriba, que distinguiría a primeira casa feita no alto para distinguila do resto de vivendas. **Ansede** e **Escairo** son dous casaríos que xeralmente se engloban dentro da Gulpilleira. Calquera dos dous están próximos é en plano mais baixo.



Lavandeira

Unha vivenda neste lugar aparecía en 1.753. Actualmente ningunha casa se identifica con ese topónimo, posiblemente englobado en Pedra do Val, aínda que existe un paraxe que o conserva. Recibe o nome do próximo Rego Lavandeira, alusivo a lavar ou lavarse.

Liñarón

Casarío en 1.753. E como Peñarón identifícase lugar de un veciño, cinco almas no Madoz. Fai referencia o seu nome ó cultivo do liño, aumentativo que da mostra da importancia do seu cultivo na zona.

Landoi

Núcleo xa de importante tamaño a mediados do século XVIII onde se inventarían oito casas, tres delas con alto, o que da sinal da grandiosidade. Landoy, lugar de 5 veciños e 28 almas aparece no dicionario Madoz. Landoi é un antropónimo, ou nome dun posesor neste territorio, de orixe latino ou xermánico. En nomes de orixe latino *–oi* representa o xenitivo de *–onius*. Lugar de Vilares é un casarío que se agrupa a Landoi.

Lugar Vello (O)

Con dúas vivendas en 1.753. Lugarbello casarío de 1 veciño e 6 almas en 1.845. O nome xa fai referencia á súa antigüidade, e segue conservando dúas vivendas.

Marmoiral

Co nome de **Marmoeiral** recolle tres vivendas o catastro de Ensenada. E **Marmoiral** como lugar de 2 veciños e 9 almas o Dicionario Madoz. Cerca de Landoi, co que habitualmente se engloba fai referencia, como abundancial ó mármore ou pedra do que non se ten constancia de extraerse na zona aínda que o seu sentido terá, pois varias pedreiras existen no entorno.

Mede

Xa en 1.753 contabilizábanse cinco casas terrenas neste lugar. No Madoz sinálase como **Mide,** lugar de 3 veciños e 16 almas. **Mede** é un topónimo que fai referencia ás mámoas ou túmulos de terra en forma de mama ou teta feminina, baixo os que se atopa a arca ou o dolmen. Na Chousa das uces existen os vestixios desas modias, que se foron desgastando co tempo e con agresivas labores agrícolas.

Carballo de Mede ou Augas Roibas, por estar situado entre os dous sitios. Destaca polo porte entre outros vellos carballos.

Merille

Casarío que polo século XVIII pertencía ó foro do Conde de Amarante. En 1.845 tamén era casarío de 1 veciño e 6 almas. Destaca a súa situación no límite dos Concellos de Xermade e Vilalba, tanto que parte da casa está en Xermade e outra parte menor en Vilalba.

Millazal (O)

Como **Millozal** aparece con unha vivenda por 1.753. Como **Millaral** casarío de 1 veciño e 6 almas por 1.845. Na actualidade é unha vivenda sen residentes habituais. Abundancial de millo, o topónimo do sinal do cultivo no territorio e da importancia que tivo nalgunha época. Era o millo miudo, pois desde que o maiz se cultivou procedente de América éste era o millo (gordo).

Mediafariña

No século XVIII xa conta **Mollafariña** con unha casa con alto (dominio de Don Nicolás de Soto, veciño da cidade de A Coruña), indicativo da importancia do lugar situado á beira do camiño real Betanzos - Mondoñedo. Sería onde loxicamente se atopaba a taberna que se menciona entre as propiedades do común da freguesía. **Mollafariña**, casarío de 1 veciño e 6 almas aparece tamén reflectido no Madoz.

Referente ó nome mais correcto para identificar o topónimo, entre os distintos que se poden atopar na bibliografía consultada e na memoria da xente como son **Mediafariña**, **Mollafariña, Mallafariña** ou **Modiafariña**, inclinámonos por este último. Unha revisión dos topónimos próximos lévanos á **Modia do Vilar** ou **Vilar do Modión**, que identifica unha modia ou medoña, que curiosamente se atopaba moi próxima ó casarío e ó camiño real. De aí que a maxestosa modia dera nome ó lugar habitado. Como segunda parte do nome parece referirse á pedra da que estaba formada o monumento funerario, de grao que recorda á fariña. Na actualidade, como noutros casos, apenas se identifica o punto onde se atopaba a modia.

Modia de Fontequenlle ou do Real

Neirós

Aínda que aparece como **Negros**, casarío na freguesía de San Xulián de Cazás, no dicionario de Pascual Madoz, perece referirse a **Neirós**, próximo ó limite coa parroquia de Codesido e que hoxe en día engloba dúas vivendas, unha delas de mais recente construción.

Paineto

Hoxe con dúas casas deshabitadas, **Pai-neto**, lugar de un veciño e cinco almas en 1.845, tiña unha casa en 1.753; e nese inventario coñecido co nome de Catastro de Ensenada atopamos unha sinal para estudar á orixe do nome. Descrita entón como **Payo – Neto,** parece referirse ó posesor da primeira casa en tal sitio. Así **Neto (Nieto)** é apelido que hasta época recente se atopaba en Cazás, e no propio catastro mencionado aparece entre os habitantes algún veciño identificado co apelido Neto. **Paio, Payo, Pelayo**, antroponímico, era nome persoal que recibían algún homes en determinadas épocas históricas, (Paio, o primeiro Rei da *Gallaecia,* en loita contra os musulmáns aló polos anos 718 – 737, Paio: *Pelagius*, neno de Tui, martirizado en Córdoba no ano 925, tivo nome grego, de *pélagos*, mar). De aí que **Payo-Neto**, **Paioneto**, **Paineto** sexa o sentido da evolución do topónimo do lugar.

Pazo (O)

Lugar de dous veciños, oito almas (1.845). Aparecen en 1.753 identificadas dúas vivendas, aínda que non fan referencia a ter alto, polo que o suposto pazo (que provén do vocábulo *palatiu*) non se identifica como tal desde ese século, podendo ser de época medieval e incluso que o nome o reciba polos posesores dos lugares que abrangue, que, de sangue nobre, vivirían en tal tipo de residencia, pero na vila.

Pedra do Val, (A)

Non atopamos referencia ó nome do lugar ata época recente. Derivada do latín *petra*, pedra, e do latín vallis.

Pedras Pardas

Con dúas vivendas en 1.753, igual que en 1.845, dous veciños, dez almas, o nome clarificador fai referencia á cor do material xeolóxico existente na zona. Pedreiras e louseiras son topónimos existentes en varios puntos da parroquia o que da proba da importancia do material que se usaba para fabricar as vivendas. Pedra para as paredes e lousa (pizarra) para a cuberta.

Pedreiras (As)

No entorno do lugar habitado de As Pedreiras usábase como canteira para extraer a pedra para a construción das casas e alpendres dos lugares mais próximos de Cazás. Non consta con ese topónimo como lugar antigo, actualmente é un casarío con antiga vivenda e outra contemporánea.

Pena (A)

Sinalábase unha casa en 1.753 con ese nome. Pena foi pinna/penna en latín, sitio rochoso. Tamén identificada como **Pena do Campo**, por estar no entorno do núcleo do mesmo nome.

Pena de Arca (A)

Unha casa inhabitable aparecía no catastro da Ensenada en 1.753 identificada como **Penadarca**, e varias fincas identificadas co mesmo topónimo. **Peña de orca**, lugar de un veciño e cinco almas aparece descrito no ano 1.845. Tres vivendas na actualidade, ademais de varias antigas edificacións. Co significado de marco, que divide

terras. Termo con vixencia na época medieval, aínda que xa consta no latín como "marca de lindeiro cuadrangular". Recibe o nome pola fronteira entre territorios. Nun apeo do ano 950 a instancias de San Rosendo e de orden do rei Ramiro II mencionase unha ***"archam petrineam"***, así como nun deslinde no Bierzo en 1314 *lese* ***"e dende a cima como va contra Cepeda asta la Mata del Riego, hu esta la arca que puso el abad"***. Outra acepción para arca, quizais dominante en Galicia, é a de dolmen, como túmulo, medoña ou modia. No caso da **Penadarca** de **Cazás** a súa situación marcaba un claro deslinde de territorios. Situada antigamente próxima ás casas que na toponimia se mencionan como **Penadarca** identifícase aínda actualmente un límite de terreos entre os montes da **Casavella** e da **Fraga**. Ese deslinde lévanos nunha liña recta dende a localización orixinal da pedra ata o **Río Labrada** noutro marco situado a 700 metros de distancia, no punto próximo ó **Porto Sanxurxo**, onde se salvaba o río camiño do lugar de **Sanxurxo**. Pode delimitar non só os territorios dos dous lugares citados se non límites de xerarquías superiores. Cabe sinalar que o lugar da Fraga era, no século XVIII, foro de **Francisco Xavier de Ulloa**, rexedor da cidade de Lugo e Alférez maior.



A pedra da **Penadarca,** que foi retirada da súa situación anterior, está hoxe situada, fóra da localización orixinal aínda que preto das casas, en colindancia coa estrada que leva ó Buriz (Guitiriz). Ten un considerable volume e lonxitude (2,70 metros) e non é descartable a súa orixe nun monólito procedente do paleolítico empregado posteriormente na idade media como marco territorial.

Pepín

Aparecen relacionadas no Catastro de Ensenada tres casas terrenas e dous solares no lugar de **Pepín**; e **Papín**, lugar con unha poboación de tres veciños e doce almas no dicionario Madoz. Pepín pode vir de *Peppini*, xenitivo de *Peppinus*. Estes topónimos terminados en –in, son similares, en canto a reflectir un antigo xenitivo en -ini do nome dun posesor medieval.

27.- 1F y mdio de Sb de 3ª en Vilar de Landoy.
28.- 6F de MBC de 3ª en Pedreira.
29.- ¼ F de PR y ¼ F de PS ambos de 1ª en a fonte.
30.- 1F y mdio de Sb de 2ª en Casanova.
31.- 3F de MBA de 3ª en as latas.
32.- 3F y mdio de Sb de 3ª en as muruxeiras.
33.- 3F de Sb de 3ª en campon, linda por L con don Salvador da Carreira.
34.- ¼ F de H de 1ª en Landoy.

La partida 11 de este asiento está sujeta a 1 rv para parte de pago de la limosna de una misa rezada que percibe el Cura Parrocho de esta flg.

Y por la 32 percibe la fábrica de esta flg 3 r y 10mv por los réditos de una censo redimible su principal 110 rv.

Ganados propios:

2 bueyes de labor
1 vaca
1 vaca de 3 años
1 novilla y 1 novillo de 2 años y mdio
1 oveja
1 carnero de año ymdio
1 cabra
1 cabrito de 6 meses
1 cerdosa
1 cerdosita de 4 meses
2 cerdositos de 7 meses

Vizente do Souto
Vecino de Santa María Mayor de Tardad

1.- 4F de MA de 3ª en prado vello.

Conclusión

En la villa de Villalva a 9 días del mes de Marzo año de 1753, estando presente el Señor Don Mauro de Figueroa y Mendoza, Subdelegado de la Real Junta de la Única Contribución que como tal se halla entendiendo en la operación de la Feligresía de San Julián de Cazás, Remigio da Hemida Perito de S M vecino de Santa María del Burgo, Francisco Cazón y Francisco de Carvallido, Peritos del Común unos y otros promiscuamente y de una misma conformidad dijeron dan por hecho y fenezido este libro de lo Real, perteneciente a Legos de ambos sexos así vecinos como forasteros de ella, por lo que corresponde a casas, molinos, tierras labradías, huertas, prados de regadío y de secano, dehesas de robles, montes altos leñados, montes bajos cerrados, montes bajos abiertos, y ganados que dentro de ella existen, y cuanto se ha verificado dentro de su término: lo que han ejecutado bien y fielmente sin dolo fraude colusión ni engaño hago a todo su ver y entender, bajo el juramento que tienen prestado en que sea firmar y ratificar, y siendo necesario de nuevo hacen, todo ello con arreglo a los marqueos, tasas, reconocimientos, respuestas generales del Interrogatorio, relaciones y certificaciones entregadas, uno y otro según su inteligencia y pericia, tanto de alquileres de casas, producto de molinos, y mas especies en él contenidas, sembradura y calidades de todas tierras, firmó dicho señor Subdelegado con los Peritos que supieron y por los que no lo hizo un testigo a ruego de ellos que lo fueron Don Nicolás Alfeirán vecino de la Ciudad de la Coruña, don Luis de Ocampo y don Gerónimo de Prado, vecinos de esta dicha Villa y de todo ello yo escrivano doy fe:

Fdo:
Don Mauro de Figueroa y Mendoza.
Como testigo y a ruego: Andrés Monete.
Ante mi: Agustín Boquete.

Publicación:

En la feligresía de San Julián de Cazás y atrio de la Iglesia Parroquial de ella sitio acostumbrado para hacer las Juntas a 13 días des mes de Marzo año de 1753, yo serviano en virtud al auto sobre este asunto proveído y bando hacer día fijado teniendo a mi presencia a Bartholomé Vazquez Mayordomo Pedáneo de esta flg, Don Antonio Vilariño, Francisco Cazón, Francisco de Carvallido, Bartholomé Martínez, Francisco de la Yglesia, Bartholomé Blanco, Domingo Díaz, Vizente do Souto, Basilio Novio, Lucas de Cazás, Bartholomé Novo, Bartholomé Cazón, Lorenzo Fernández, Alexandro Neto, Domingo Pardo, Santiago do Barro, Domingo Paz, Miguel da Pena, Juan do Cordal, Agustín do Cordal, Jazinto Zebreiro, Andrés da Roca, Francisco Yañez, Roque López, Juan Cazón, Pedro Blanco, Francisco González, Bartholomé Cazón, Juan Morado, Andrés González, Marzelo do Castro, Domingo dos Vilares, Juan Preto, Bartholomé da Pena, Alonso González, Melchor Cazón y Rosendo do Souto vecinos de esta feligresía y otro mas de ella convocados para el fin que dicho Bando contiene a son de canpana tanida según lo tienen de uso y costumbre para tratar y confirir las cosas al gobierno del pueblo a los cuales se les han leído las Partidas de los dos libros de relaciones de Asientos hechos así a los legos como a los eclesiásticos de todo lo perteneciente a lo real de ellos, y que se hallan dentro del término prefijado para que sabiendo de alguna partida que de oculta la expresen a fin de colocarla la persona a quien le corresponda subsanar algún defecto que pueda haber en dichos Asientos quienes dijeron se hallan

arreglados sin que tengan que enmendarles, sacarles ni añadirles por lo que siendo necesario les aprueban firmaron los que supieron y por los qu no lo hizo un testigo a ruego de ellos que lo fueron Gerónimo de Prado vecino de la villa de Villalva, Cayetano de Purriños, vecino de la flg de Santa Eulalia de Burgás y Jacobo Crespo vecino de dicha flg de Burgás y de todo ello yo escrivano doy fe:

Fdo: Don Mauro de Figueroa y Mendoza.
Como testigo y a ruego: Andrés Monete.
Ante mi: Agustín Boquete.

UNHA INICIATIVA PIONEIRA E ASOCIATIVA EN TORNO Á MADEIRA: OS TORNEIROS EN XERMADE

ÍNDICE

Índice:

1. Introducción 4
2. Metodoloxía de traballo 7
3. Contexto histórico-social de Xermade 11
4. Datos de poboación de Xermade 15
5. Segmentación dos sectores: primario, secundario e sector servicios 18
6. A artesanía de madeira en Galicia 21
   6.1.Preparación e formación 21
   6.2.Utensilios e ferramentas.Uso teórico e práctico 24
   6.3.A madeira como materia prima 25
      6.3.1. Defectos e enfermidades 26
      6.3.2. Propiedades físicas e mecánicas 27
      6.3.3. O secado 28
   6.4.O traballo da madeira 29
      6.4.1. Na Antigüedade: Grecia 29
      6.4.2. Outros exemplos: A tornería no norte de Asturias. 34
   6.5.Tipoloxías: o torneado ó plato 35
7. O labor do encontro dos torneiros en Xermade 40
   7.1.Repercursión social: premios e exposicións. Visibilización mediática 41
8. Unha iniciativa con posibilidade de asociarse en cooperativa. 44
   8.1.Constitución dunha cooperativa de torneiros 44
   8.2. As teorías da sociedade de Rousseau e Fourier 49
9. Encontros de torneiros noutros puntos de España 51
10. Dúas materias primas: a madeira (tornería) e o barro (olaría) 53
11. Técnicas embelecedoras: a incrustación 64
12. Mostra das pezas da exposición do Centrad: ConTornos 70
13. Conclusións 85
14. Bibliografía 87
15. Anexos 90
      14.1. Ás árbores: a fonte da materia prima 91
      15. Exemplos do certame dos torneiros de Xermade 120
      16. Outros medios físicos para a creación 123
      16.1. A fibra vexetal na cestaría 123
      16.2. A pedra 127
      17. Soportes de madeira 129
      18. O torneado na historia do moble español.Exemplos gráficos 129

1 Introducción

1. Introducción

Este traballo nace coa intención de incidir nunha experiencia no eido artesanal, que transferiu moito máis alá do ámbito do artesán, xa que se convirtiu nunha iniciativa moi vigorosa e rotunda para amosar o que é capaz de facer un continxente humano cando actúa movido por un cometido en común ou pola defensa de algo propio. Todo pobo, ten a súa historia, algo definitorio, algo que o fai único, auténtico e xenuino. Xermade non ía ser menos, e co seu certame de torneiros, defínese como un pobo que non quere desaparecer, pois é sabedor dos seus recursos e de cómo explotalos.

Fai xa un tempo que nunha aldea de Xermade, un grupo de torneiros comezara a xuntarse para darlle pulo con ese encontro a unha actividade que parecía condenada á desaparición. Hoxe o Encontro de Torneiros en Galicia é unha cita indiscutible e constitúe un síntoma inequívoco da súa vitalidade.Mostra tamén da innovación que domina as novas creacións de tornería, pezas ornamentais e de gran peso estético que van ocupando o espazo das utilitarias[1].

Cunha esencia e meta clara: a de reunir a profesionais e afeccioados para compartir a sabedoría e a súa experiencia, ao tempo que achegarlle ao público en xeral o mundo da tornería. Esta iniciativa xurdiu de Vicente Ledo, segundo explica o torneiro Fernando Vérez, co obxectivo de pór en contacto os afeccionados que mantiñan de xeito illado esta artesanía. De feito, ese primeiro contacto foi bastante complicado, pola falta de puntos de encontros previos.

As xornadas consolidadas, constan de catro días, nos que se presta especial atención á formación, “no sentido de que os mestres torneiros que veñen traballar aquí estánlle transmitindo a moita xente o seu saber e o seu xeito de traballar, ensinando todo o seu potencial”.Fernando Vérez refírese os catro especialistas que exhibiron o seu traballo en Xermade: Nick Agar (Reino Unido), Jean Dominique Denis e Gérard Genestier

[1] Obradoiro de artesanía: publicación semestral de Artesanía de Galicia. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Comercio, Consellería de Economía e Industria, 2008, p.62.

(Francia), xunto co pontés Manuel Castro. Unhas demostracións que congregaron boa parte do interese por parte dos visitantes, que se amoreaban ao redor dos stands.Nelas adicouse tempo a afondar na pintura do torneado, nas texturas, nas combinacións de metais como o cobre coa madeira, ou nas técnicas tradicionais. Tamén tivo o seu espazo a innovación, da man do deseñador Isaac Piñeiro[2], de Nadadora Estudio, que analizou o deseño na artesanía, revisando as novidades en tradicións e métodos.

Faise unha selección que consegue converter este certame, ano tras ano, nun encontro a nivel nacional xa que, acorde coa súa experiencia, non hai moitas citas semellantes.

Interesounos Xermade porque ten ideas, como o feito de intentar facer unha plantación de árbores para facer o bosque dos torneiros, no lugar da Fraga, onde orixinariamente se fixeron os encontros, así como a idea de facer unha exposición das pezas recopiladas dende obxectos tradicionais e utilitarios ata verdadeiras esculturas, obras de arte cun deseño absolutamente contemporáneo. Unha das finalidades que nos levou a investigar sobre este tema, foi o feito de que esta iniciativa está a divulgar correctamente o oficio de torneiro, para que a xente saiba o traballo que hai detrás dunha peza torneada, existindo un balance positivo cunha evolución asombrosa e cun gran salto cualitativo.

[2] Obradoiro de artesanía: publicación semestral de Artesanía de Galicia. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Comercio, Consellería de Economía e Industria, 2008, p.64.

2 Metodoloxía do traballo

2. Metodoloxía do traballo

Recurrese ao contraste da fonte documental empregando á bibliografía especializada Utilizaronse fontes principais e secundarias materializadas sobre todo na bibliografía, xa que pódese dicir que hai moitos libros que foron básicos e determinantes na realización deste proxecto, que serviron para artellar os seus correspondentes capítulos e apartados. En canto ás fontes secundarias están colocadas nos anexos, e son temas complementarios que aportan máis datos á temática xeral e acompañase de fotos ilustrativas que clarifican e explican mellor o contido. Tras unha meticulosa análise decidiuse o que aportaba información a este proxecto, o que era máis axeitado e o que non correspondía á temática deste traballo de investigación.

Pero en todo momento estivo latente a idea de que é importante aprender métodos e técnicas de investigación, pero sen caer nun fetichismo metodolóxico. Un método non é unha receta máxica. Máis ben é coma unha caixa de ferramentas, no que se toma o que sirve para cada momento. En palabras de Ander-Egg, a investigación é o proceso que empregando o método científico, permite obter novos coñecementos no campo da realidade social (investigación pura) ou ben estudar unha situación para diagnosticar necesidades e problemas a efectos de aplicar os coñecementos con fins prácticas.

En todo momento, intentamos facer referencia a un método científico, seguindo os seus pasos principais:

- Formular correctamente o problema.
- Propoñer unha tentativa de explicación.
- Elixir os instrumentos metodolóxicos.
- Someter a proba ditos instrumentos.
- Obter os datos.
- Analizar e interpretar os datos recopilados.
- Estimar a validez.

A nosa investigación é bastante cuantitativa porque aborda moitos casos e busca describir e explicar características. Seguiuse unha serie de etapas:

ETAPA 1: Formulación do problema de investigación

Elixiuse o tema, definíndoo con claridade e precisión. A formulación do problema de investigación é a etapa onde se estrutura formalmente a idea de investigación, é este o primeiro paso onde se define qué facer. E pensase se terá algunha utilidade inmediata o resultado de investigación.

Unha boa formulación do problema implica delimitación do campo de investigación e establecer os límites dentro dos cales se desarrollará o proxecto. Deste xeito, este proxecto centrase nun caso xenérico: os torneiros de Xermade.

Para un plantexamento axeitado procurase que o proxecto estivese claramente formulado e a posibilidade dunha proba empírica, é dicir, debe poder observarse na realidade e cumplir unha serie de obxectivos.

ETAPA 2: Fase exploratoria

Aquí dase lugar a unha revisión das fontes. Unha fonte primaria proporciona datos de primeira man: libros, teses, publicacións periódicas…A fonte secundaria proporciona datos sobre cómo e onde atopar as fontes primarias, ex.: anuarios, catálogos, directorios…Unha vez seleccionada, accedese á bibliografía e valorase a utilidade de información atopada, para o cal pódese recurrir ao índice (ou abstract) e faise unha extracción e recopilación de documentación máis asequible para o tema de investigación.

ETAPA 3: Deseño de investigación

O primeiro paso do deseño corresponde á elección do tipo de estudo que se realizará. Estos clasificanse en exploratorios, descriptivos, correlacionais e explicativos.

Este proxecto é exploratorio porque ten por obxeto esencial familiarizarnos cun tema descoñecido, novedoso e escasamente estudado como o da tornería.

É descritivo porque analiza, ten un alto contido analítico e é correcional porque a súa pretensión é visualizar cómo se relacionan ou vencellan diversas fenómenos entre sí, ou se polo contrario non existe relación entre eles. Por último, tamén unha faceta explicativa porque busca atopar razóns ou causas que ocasionan certos fenómenos.

- Formulación de hipóteses:

As hipóteses son tentativas de explicación de fenómenos a estudar, que se formulan ao comezo dunha investigación mediante unha suposición ou conxetura verosímil

destinada a ser probada pola comprobación dos feitos. Tamén se pode traballar con variables de oposición, paralelismos, interrogativas…

ETAPA 4: Procedementos para a recopilación de datos

ETAPA 5: Mostra dos datos

Unha vez ordenada, tabulada e elaborada a información recollida, faise necesaria a súa presentación de forma sistemática[3]. Aquí recurrimos a gráficos, gráficos de barras, táboas de datos…para presentar os datos extraidos e a súa análise cun tratamento estatístico.

ETAPA 6: Conclusións

Aquí recollese un resumo de todo o realizado, as actividades máis importantes do proxecto, as recomendacións para proxectos futuros, o cumprimento dos obxectivos iniciais e unha avaliación (acertos, fallos…)

ETAPA 7: Anexos

Corresponde a toda información que axudou a profundizar e que serviu de apoio no tema.

ETAPA 8: Bibliografía

[3] Consulta informática: *Breve manual de metodología de investigación.*

3 Contexto histórico-social de Xermade

3. Contexto histórico-social de Xermade

Xermade é un concello que pertence á provincia de Lugo e á comarca da Terra Chá, eclesiasticamente está incluído na diócese de Mondoñedo-Ferrol e administrativamente no partido xudicial de Vilalba.Os seus límites establécenos os municipios lucenses de Muras polo norte, Vilalaba polo leste mais polo sueste e Guitiriz polo sudoeste e os coruñeses das Pontes de García Rodríguez polo norte mais polo noroeste e Monfero polo oeste. Ten unha extensión de 166,6 quilómetros cadrados e unha poboación de 2.414 habitantes (2005), distribuída nas parroquias de Burgás (Santa Baia), Cabreiros (Santa Mariña), Candamil (San Miguel), Cazás (San Xulián), Losada (Santo André), Miraz (San Pedro), Momán (San Mamede), Piñeiro (San Martiño), Roupar (San Pedro Fiz) e Xermade (Santa Maria). O lugar de Xermade, da parroquia homónima é a capital municipal que dista 50 quilómetros da cidade de Lugo.

A abundancia de mámoas e castros certifica a presenza humana en épocas prehistóricas no territorio xermadés. Hai catalogadas máis de corenta mámoas e unhas nove citanias, polo que case tódalas parroquias posúen restos megalíticos e castrexos; a xeito de exemplo, pódese mencionala necrópole de Lousada, un conxunto de vinte medorras de cámara megalítica, ou o campamento de Roupar, posteriormente romanizado. A estancia dos romanos corrobórase coa aparición en Cazás dunha lápida ofrendada ós lares viais coa inscrición *LARIBUS VIALIBUS PLACINIDA EX VOTO POSUIT*, facendo referencia a unha posible vía que pasaría polo termo.

No Antigo Réxime as parroquias de Lousada e Burgás – esta do señorío do conde de Lemos- formaban parte da xurisdicción de Vilalba; a de Roupar pertencía ó mosteiro de Meira e a de Momán, ó de Monfero; a de Xermade formaba parte do señorío dos Andrade e a de Cabreiros inseríase na xurisdicción das Pontes de García Rodriguez.

Coa primeira organización municipal que propiciou a Constitución de 1812 naceu o termo de Lousada, abolido coa derrogación do devandito texto legal por parte de Fernando VII en 1823. Recuperado o municipalismo en 1835, tódalas parroquias

pasaron a incluírse no concello de Vilalba, ata que se segregaron en 1840, dando lugar ó actual Xermade.

Ademais dos restos arqueolóxicos mencionados no apartado anterior, o patrimonio xermadés complétano mostras arquitectónicas de carácter civil, como a casa torre de Roupar, e sacro, como o templo de Cabreiros e o de Momán, ámbolos dous barrocos. Tamén teñen interese o retablo da igrexa de Candamil, e a cruz procesional do século XVI, da igrexa de Burgás.Así mesmo, pertencen a este eido os peculiares cruceiros comúns a esta comarca, construídos por artesáns da Terra Chá, mais numerosas ermidas, entre as que destaca a de Buscalte.

As principais festividades do concello son de carácter patronal.Destacan as que se desenvolven en Xermade a principios de outubro na obra de Nosa Señora, as da Pascua en Lousada ou as de Santa Baia en Burgás.En Roupar organízase no mes de outro a Festa dos Cogomelos e da Caza[4].

Relevo. Malia a súa pertenza á Terra Chá, no territorio xermadés non predominan as planicies. As terras máis nororientais participan da serra da Carba e dos somontes da do Xistral, acadando altitudes próximas aos 900 metros; as noroccidentais comparten os montes do Cauce Ancho, con alturas que roldan os 700 metros; as occidentais acollen parte da serra da Loba mailo serrón do Lobo (700 metros); e as sureñas mailas orientais son algo máis chás, aínda que a media non baixa dos 500 metros.

Clima. Inscríbese dentro do dominio oceánico, aínda que cunha acusada continentalidade. A media térmica sitúase entre os 11ºC-12ºC, como resultado dos 5º-6ºC de decembro, o mes máis frío, e dos 17º-18ºC de xullo, o máis cálido. A pluviometría media rolda os 1.200 milímetros, concentrados maiormente no inverno, mentres que no verán se produce unha seca importante.

Hidrografía. A vasta rede fluvial deste concello organízase en torno á conca do río Trimaz, que nace entre as parroquias de Roupar[5] e Lousada e, despois de adoptar unha

[4] Cañada, Silveiro: *Gran Enciclopedia galega,* Tomo 44, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, p.179
[5] Cañada, Silveiro: *Gran Enciclopedia galega,* Tomo 44, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, p.176

dirección norte-sur, vai bañando as de Cabreiros, Xermade, Candamil e Burgás ata penetrar no concello de Vilalba. Dos numerosos afluíntes que recibe destacan o regueiro da Costa e o rego de Porto Souto, o cal, a súa vez, recolle as achegas do Tordegos. Alleo a esta rede é o Labrada, que nace na parroquia guitiricense homónima e pasa a Xermade para bañar a de Cazás, antes de dirixirse ao termo vilalbés.

Vexetación. Acada importancia a vexetación non arborada, pois boa parte do territorio está adicada a prados e terras de cultivos, moitos deles creados recentemente en zonas nas que antes medraba a landa atlántica. Esta séguese conservando nas ladeiras dos montes e como manto vexetal das carballeiras, puras ou asociadas co castiñeiro. Por iso, as especies forestais introducidas con fins madeireiros vanlles gañando terreo ás autóctonas. Este concello participa de espazos protexidos, como o complexo húmido Parga-Ladra- Támoga e a serra do Xistral, ámbolos dous adscritos a Rede Natura 2000[6].



[6] Cañada, Silveiro: *Gran Enciclopedia galega*, Tomo 44, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, p.176

4 Datos de poboación de Xermade

4. Datos de poboación de Xermade

A evolución demográfica de Xermade dende 1900 ata a actualidade experimentou dúas etapas diferentes. Comezou a centuria con 4.059 habitantes e o seu continxente demográfico foi aumentando ata acadar, en 1950, o máximo histórico, con 5.267 veciños. Dende entón ata o último censo realizado (2005) a súa poboación descendeu un 54%, sendo a década dos 60 a de maior sangría, ao longo da cal perdeu un milleiro de habitantes. A onda migratoria que se produciu cara América a principios de século foi atenuada coa alta taxa de natalidade vixente daquela, pero a que tivo lugar cara a Europa nos anos 60 mailo éxodo rural iniciado a partir dos 70 cara ás rexións peninsulares en expansión, e cara ás cidades galegas máis desenvoltas xa non puideron ser paliadas co crecemento natural, que cada vez se tornou máis regresivo. Como estes movementos migratorios afectaron de xeito especial á xente nova, Xermade posúe un índice de envellecemento altísimo,do 328 e non amosa trazas de mellora a curto prazo, pois a taxa bruta de natalidade na actualidade é do 3,7% e a de mortalidade, do 19,3%.[7]



Fonte: Gran Enciclopedia de Silverio Cañada

[7]Cañada, Silveiro: *Gran Enciclopedia galega*, Tomo 44, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, p.178

Fonte: Gran Enciclopedia de Silverio Cañada

5 Segmentación dos sectores: primario, secundario e sector servicios

5. Segmentación dos sectores: primario, secundario e sector servicios

A taxa de actividade xermadesa é do 40,5% e a de paro, do 7,5%. A estrutura sectorial da poboación ocupada reflicte un predominio do sector primario, que acolle o 38,5%, seguido do terciario, co 33,5 % e do secundario, co 28%.



Fonte: Elaboración propia

A base económica de Xermade vénse asentando dende antano nas actividades agropecuarias. Segundo o *Anuario de Estadística agraria* de 2003, conta con 359 explotacións, que acollen un total de 6.306 bovinos. O resto do gando está restrinxido ao autoabastecemento, só reporta certos beneficios o cabalar, que vive en réxime de semiliberdade. A agricultura desenvólvese en función da gandería, pois prácticamente o 70% da superficie municipal é aproveitada agrícolamente e desta porcentaxe o 25% adícase a pasteiros e o 15% constitúeo o terreo labrado, o cal, á súa vez, é destinado na súa totalidade a cultivos forraxeiros para o gando.

O tecido industrial é feble e tamén se atopa supeditado á actividade agrogandeira, xa qe a maioría das empresas son de carácter manufactureiro, relacionadas coa transformación de productos endóxenos, nomeadamente a madeira. Moitos dos traballadores, tanto os

adscritos a este sector como ó terciario, desempeñan o seu labor en Vilalba e nas Pontes de García Rodríguez. Os servizos que se desenvolven dentro do termo son principalmente de carácter comercial, hostaleiro e os básicos en materia administrativa, educativa, sanitaria e financeira.

O principal nó viario do termo fórmase en Cabreiros, onde conflúen a AC-861, Vilalba-Ferrol coa LU-170, que vai ata Parga (Guitiriz) e coa LU-540, que chega ata Viveiro[8].

[8]Cañada, Silveiro: *Gran Enciclopedia galega*, Tomo 44, El Progreso-Diario de Pontevedra, 2003, p.178

6 A artesanía de madeira en Galicia

6.1. Preparación e formación

6.2. Utensilios e ferramentas. Uso teórico e práctico

6.3. A madeira como materia prima

6.3.1. Defectos e enfermidades

6.3.2. Propiedades físicas e mecánicas

6.3.3. O secado

6.4. O traballo da materia

6.4.1 .Na Antigüedade: Grecia e Roma

6.4.2. Outros exemplos: a tornería no norte de Asturias.

6. A artesanía de madeira en Galicia

6.1.Preparación e formación

O torneado é unha das técnicas máis lonxevas empregadas para traballar a madeira, ao parecer de orixe europea, pois as pezas máis antigas que se coñecen feitas cun torno son etruscas (centro da actual Italia) do século VIII a. de C. e outro do século VI a. de C. atopado na Alta Babiera (sur de Alemania).

Tornear consiste básicamente en labrar con diferentes ferramentas un trozo de madeira mentras está suxeito a unha máquina, o torno, que a fai xirar. Súponse que o torno é unha das primeiras máquinas que se inventou no mundo para traballar a madeira a pesar, ou grazas, a súa sinxeleza, unha das razóns polas cales puido difundirse e sobrevivir ata os nosos días.

O torneado entre puntos consiste en termar a madeira polo mismo lado onde recibe a forza motriz e noutro contra un punto de apoio que a centra e estabiliza. Pola súa banda, o torneado ao aire, a madeira térmase firmemente tan só ao punto de arrastre permitindo desvastala interiormente cunha gran variedades de ferramentas.

A selección, corte e secado das madeiras deberíase facer tendo en conta o tipo de pezas que se pretendía tornear e observando as peculiariedades da materia prima (dureza, época da tala, formas de corte, tempos de curación, etc)

As peculiaridades dos novos productos torneados obrigan a aproximarse doutra forma aos clientes, e apoiándose nas técnicas do mercadeo elitista cambíanse as feiras polas tendas especializadas, galerías de arte ou internet. Hai unha demanda social de obxetos fermosos, relevantes e auténticos, tamén permite un importante número de afeccioados, que tornean só porque lles apetece.

Grazas á dispoñibilidade de máis recursos económicos, mellores comunicacións, cambio dos costumes e necesidades, hai unha maior facilidade social de acceso aos bens de consumo e como consecuencia derrumbáse a demanda de pezas feitas a man. A

esencia do torneado artesanal actual reside no facto humano (sensibilidade, creatividade e habilidade) á producción en serie dos obxetos industriais.

Tradicionalmente, o tipo de pezas elaboradas resolvía algunhas das necesidades e demandas da poboación: cuncas para o pan, nateiras, formas para o queixo, pratos para a comida, fiambreiras, caixas para as agullas, xoguetes, fusos, cachos para o viño, platos para o polbo, rocas, mangos para coitelos, e outras ferramentas, patas de mesa, balaústres, cuncas para mesturar pólvora, eixos para os carros…

Case sempre se tornea a madeira seca, sobre todo para previr roturas e alabeos despois do traballo, pero algunhas madeiras tornéanse en verde e neste caso o traballo é moito máis doado e rápido. Pode partirse de paus redondos, cortado con esta fin, ós que se quita a albura co cepillo; ou de listóns cadrados ós que se lle poden quitar as arestas para tornealos máis fácilmente. Ao pór a secar os paus, que máis adiante se traballan é moi útil quitarlles coa navalla unha tiriña de cortiza e escribir sobre eles a data de recollida e a especie de árbore ou arbusto. Preparadas deste xeito as pezas, traballanse as testas serrándose o máis perpendicularmente posible, pois doutra forma a peza corre perigo de escapar dos puntos á menor sacudida. Logo fánse sobre elas simplemente uns pequenos buratos ben centrados (se o torno é pedal e resorte) ou se fan ademáis os cortes precisos sobre unha delas para acoplar o punto de arrastre nos tornos de movemento continuo.

Os buratos de ambos puntos deben estar ben centrados,e para elo pode empregarse o compás, facelo a ollo en pezas moi desiguais ou empregar unha plantilla centradora. A plantilla consiste nun semicírculo feito con compás e unha prolongación recta, recortada en contrachapado ou metal, con dous buratos que se atopan nunha liña perpendicular ó eixo máis longo. Ó pór estos buratos sobre a liña da circunferencia da testa e en varias posicións, o centro atóparase no seu punto de unión. Os centros de listóns cadrados atopánse trazando as diagonais.

No burato do contrapunto dos tornos de movemento continuo, ou en ambos nos tornos alternativos, vértese sempre unha gota de aceite ao comezar para que a madeira non se queime e o xiro sexa suave.

Lista a peza, métese entre dos puntos, que se regulan convenientemente. Se o torno é de pedal e resorte, antes de fixar a madeira envolvese cunha ou dúas voltas da corda arredor dun dos extremos. A peza non debe estar demasido apretada entre ambos puntos para non dificultar o xiro.

O extremo onde se arrolla a corda evidentemente non pode ser traballado, así que nos tornos alternativos ténse sempre isto en conta e métese unha peza máis longa cuxo sobrante córtase logo, ou sinxelamente dáse a volta á madeira de forma que o xa torneado quede rodeado pola corda. O apoio da ferramenta fíxase a uns 2 ou 3 cm. baixo o centro da peza e o máis cerca posible desta, coidando de que ao xirar non roce. A ferramenta empúñase polo mango e coa outra diríxese e térmase a folla sobre a peza de apoio.

Nos tornos de movemento alternativo, a gubia traballa só durante a baixada do pedal e permanece inmóvil cando o resorte recupera o xiro ou incluso afástase un pouco dela. Cando se trata de facer pezas de medidas determinadas, emprégase o metro, o calibre e os compases de pernas curvas.

Tamén se pode encerar e barnizar no torno.Para encerar aplícase cera en bloque sobre a peza en marcha, nunha capa moi fina que se lustra cunha baeta apretándoa para que a fricción a derreta e penetre nos poros do material.Para barnizar dánse capas moi finas cunha brocha aplastada e non se aplica a segunda ata que seque perfectamente a primeira.

Pódense tornear pezas cilíndricas, esféricas e con infinidade de perfís. Para obter unha peza cunha parte cadrada e outra redonda, abonda con non tornear nin matar as arestas, conséguese así efectos moi fermosos, empregados para patas e outras pezas de mobles, barandillas, etc. Nos tornos de movemento continuo pódense conseguir pezas esféricas moito máis perfectas, para elo métese unha peza circular ou octogonal un pouco máis longa que o diámetro da esfera que se quere obter. Tornease o cilindro do groso exacto desexado para a esfera e márcanse coa gubia os límites na lonxitude do tarugo e o centro co lápiz todo arredor. Cómezase a redondear os lados un pouco para esbozar a forma

esférica.Logo quítase o torno, xírase 90º e pásase a buscar os novos centros para os puntos, coa fin de tornear a esfera en sentido perpendicular ó anterior. Para elo tómase co compás a distancia aproximada a un cuarto do perímetro da circunferencia central e márcase un punto nesa circunferencia, do que se parte para atopar o punto exactamente oposto, levando dúas veces o compás nunha e outra dirección ata que por un e outro lado as medidas do instrumento coincidan no mesmo punto (para esto vaise regulando a abertura do compás).

Localizados os puntos opostos, prepáranse para meter no torno, coidando de centrar ao máximo e danar o menos posible a peza. Os buratos dos puntos, así como grietas que poida ter a madeira, recheanse con astilas en forma de cuña e masiña feita con serrín e cola. Sobre os novos centros, tórnease a peza, e a guía para facer ben o traballo será a circunferencia central sobre a que antes trazamos os puntos e que agora temos en sentido perpendicular ó anterior. Vaise quitando a madeira sen desbastar nada desta liña, é dicir, xusto ata chegar a ela. Rematada a peza, líxase e acaba no torno.

6.2.Utensilios e ferramentas.Uso teórico e práctico

O material máis empregado para a fabricación de pezas de torneado é o HSS ou aceiro de alta velocidade, que oferta unha boa resistencia fronte ao desgaste e un corte excelente. As ferramentas precisas do torneado precisan anelados moi frecuentes e coidados para facer os cortes limpos na madeira, xa que ésta xira a unha gran velocidade.

Paralelamente, a percepción dos valores tradicionais da artesanía tradicional (peza única feita a man) perde peso fronte á imposición dunha modernidade artificiosa e funcionalidade aséptica dos obxetos producidos en serie. No torno acadánse traballos dun acabado perfecto, especialmente se usan madeiras duras e de gran fino.

Como regra xera para todos os tornos, pódese dicir que os puntos entre os que xira a pedra han de estar á altura do cóbado do torneiro; así se traballa cómodamente e evítase deformar a columna con posturas inapropiadas. Por outro lado, a altura dos puntos sobre a superficie de traballo determina o grosor das pezas que poden tornearse, e deste xeito,

mentres uns tornos só serven para pezas cilíndricas de pouco groso, como mangos, etc noutros pódense tornear cuncas, esferas e outras pezas de maior tamaño. Todo depende pois de cómo esté concebida a nosa maquinaria.

Podemos dividir os tornos claramente en dos grupos: os de movemento alternativo, nos que a peza xira nun e outro sentido alternativamente, e os de movemento continuo, nos que o xiro se produce sempre nun mesmo sentido.Hai diversos tipos: o torno árabe, o torno de ballesta.

6.3. A madeira como materia prima

A madeira é o esquelete das árbores e o seu soporte, por ela circula a savia que alimenta a este ser e ascenden a auga e os minerais da terra absorbidos polas raíces. As follas, coa axuda do aire e do sol, elaboran e transmutan este sangue bruto para voltalo asimilable. O novo líquido circula de novo por todo o corpo, alimentándoo e vitalizándoo. Parte deste alimento queda no árbore e vai engrosando pouco a pouco o tronco e mentres vai morrendo a madeira máis vella cara o centro, secándose e endurec nace outra nova cara o exterior: a albura.



Mostra do corte da madeira

Reciben o nome de albura os aneis anuais máis novos, que conteñen índa células vivas e sustancias de reserva e transportan índa auga. O duramen é o leño máis vello, en cuxos vasos entrou aire; é máis denso e pesado, da resistencia ó tronco e distinguiase a miúdo da albura por ser máis escuro, principalmente a causa dos taninos, protectores da descomposición.Presentan un duramen típico Pinus, Larix, Juniperus, Taxus, Quercus, Robinia, Ulmus, Juglans e Prunus. En cambio, non se forma duramen en Acer, Alnus,

Betula, Carpinus y Populus (tódalas células conteñen auga por igual e a sección do tronco dunha cor uniforme). En Abies, otro Hacer, Fagus, Picea e Tilia fórmase, pero non se impregna con sustancias protectoras, polo que os troncos vólvense doadamente ocos cando envellecen a consecuencia do ataque dos fungos.

Hai un cilindro arredor do tronco chamado cambium, que continuamente crea novas células: unhas cara dentro para formar máis madeira e outras cara fora que aumentan o perímetro da cortiza. Todo o sistema circulatorio funciona a través das inmedacións do cambium. A savia ascende polo leño novo, situado na parte interna do cambium, e descende polo liber, situado ao exterior, cara a cortiza.

Cada ano chega o inverno, as árbores aletarganse, péchanse en sí mesmas, e todas as súas actividades adórmecense, nuns máis (árbores de folla caduca) e noutros menos (perennes), pero todos senten a chegada do frío e frea o seu desenvolvemento. Se cortamos a árbore, transversalmente cun corte limpo, veremos unha primeira madeira porosa (vasos máis anchos), que corresponde á primaveira, logo unha madeira de verán máis compacta, e por último unha liña estreita que marca a chegada do inverno. A distancia entre estas liñas corresponde ao ano, e o anel comprendido chámase anel anual; o número destos aneis é a idade árbore.



6.3.1. Defectos e enfermidades

Unha madeira sana caracterízase por unha cor homoxénea, olor agradable e ausencia de buratos, pero a mellor proba é a do son: se poñemos un tablón sobre dous soportes nos seus extremos e o golpeamos na súa metade cun mazo, o ton será limpo e sonoro se está san; se ten defectos soará oco ou secamente, e atacado por fungos dará un son xordo. Con práctica pódese chegar a distinguir perfectamente o estado e clase de madeira.

A madeira vése afectada, fundamentalmente, por fungos e insectos, entre éstes últimos sobresaen os coleópteros, termitas e tixeretas.As madeiras sanas teñen menos propensión a ser atacadass, e o creosota, aceites, vernices e pinturas preveñen en gran medida estos danos.Os coleópteros perforan a madeira ata inutilizala e facela perder toda resistencia e dan ao exterior un olor nauseabundo. A carcoma é un coleóptero que fai un ruidiño peculiar. As tixeretas tamén fan galerías e botan fóra serrín: cando traballan oése un son característico. As termes devoran rápida e discretamente as madeiras máis duras.

Doutra banda, os fungos son comúns cando se descoida o secado.As especies de fungos que se alimentan da madeira son innumerables e os danos que producen chegan a initulizala en pouco tempo. Impide o desarrollo dos fungos unha madeira seca, pechada hermeticamente con pinturas ou vernices ou sumerxida na auga, pois os fungos precisan osíxeno para vivir; tamén lles afectan as temperaturas baixas. Cando a enfermidades se declara hai que aillar a madeira durante o seu tratamento ou cortar polo san e queimala para que o dano non pase a outras pezas. As fumigacións de xofre e o curado ao fume poden ter algunha eficacia cando a enfermidade, producida por insectos ou fungos, non está moi extendida.

Por outro lado, a definición da cualidade dunha madeira é sempre moi relativa: hai quen considera unha madeira cunha cualidade e quen non; depende das madeiras que estemos habituados a traballar, as características da árbore debidas á rexión e o lugar onde medra, etc. Estos datos poden servir de guía para decicir se é dura ou branda, resistente ou non ás forzas que haberá de sufrir, pero a fin de contas é mellor confiar tan só na experiencia propia.

6.3.2. Propiedades físicas e mecánicas

En xeral, dise que unha madeira é tenaz cando oferta resistencia a romperse ou deformarse.A cualidade contraria é a fraxilidade. A dureza é a resistencia a ser raiada e cortada. O contrario é blandura.

Algunhas madeiras fenden especialmente ben, como o carballo ou o castiñeiro. As madeiras “requentadas” fenden máis fácilmente cas sanas. As pezas fendidas duran máis e son moi apropiadas para postes e outros usos á intemperie, pois ao non cortar a fibra,

os vasos porosos, e polo tanto receptivos da humidade e outros danos, quedan intactos e a madeira impermeable (agás nas testas). Pola mesma razón, as madeiras torradas ao lume, é dicir, carbonizadas lixeiramente na superficie ou sinxelamente quentadas, fenden mellor e tamén son máis flexibles. A madeira seca que retoma a humidade do ambiente dílatase, cada vez que a humidade do aire cambie, cambiarán as dimensións da madeira[9]

6.3.3. O secado

O bo curado das madeiras é importante cando van a rebaixarse para obxetos de precisión, ensambles e pezas que corran perigo de alabearse ou agrietarse, ou que non deban contraerse (malia que moitas veces é mellor traballar a madeira en verde, pois nestas condicións é máis branda e lábrase, tornéase, etc. moito máis fácilmente. A desecación desigual e rápida crea contraccións maiores nuns lugares ca noutros, o que fai que a madeira sufra tensións e se resquebraxe. As partes máis expostas ao aire e ao sol, as partes externas e extremas das pezas, son máis susceptibles de agrietarse co resto.

Un secado demasiado rápidao é pois moi nocivo, tanto máis canto máis fina sexa a madeira.Hai que coidar especialmente as madreñas e recipientes postos a secar, deixalos tan só un día expostos ao vento ou ao sol, incluso nun faiado ou lugar con corrente, pode supór que se rompan de arriba a abaixo (o vento do sur é moi nocivo pola súa calor e sequedade). Estos útiles e obxetos valeirados e outros que corran perigo de agrietarse secánse en lugares protexidos como adegas e cortes, entre cebada, area fina do río, serrín, cinsas, etc. Din que o esterco cura inmellorablemente (pola súa temperatura e humidade) e tamén o barro de humedais e barrizais.En calquera destes medios pódense curar as pezas sen temor a que se agrieten. Han de quedar así algúns meses.

Un secado excesivo que non deixe ningunha humidade nas madeiras vólveas inflexibles e as inutiliza para labores como o curvado, tonelería e outras. Isto pode remediarse poñéndoas a remollo durante horas. Tampouco debe curarse a madeira demasiado lentamente. Se os troncos se gardan mollados e con cortiza, á sombra e en lugar pouco

[9] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.35.

aireado, apodrecen moi cedo. A cortiza retrasa o secado pero tamén protexe a madeira do sol e o aire. Ás veces, para a mellor conservación de pezas que precisan un longo secado, fanse muescas erguendo xustamente a cortiza para unha mellor transpiración e secado. As varas que servirán para mangos, postas a curar baixo tellado descortezanse quitando só algunhas tiras lonxitudinais e deixando outras. Respetarase tamén a cortiza dos extremos, máis expostos a agrietarse[10].

6.4.O traballo da madeira

6.4.1. Na Antigüedade: Grecia

A civilización grega deixou unha inigualable pegada na nosa cultura que índa segue volvendo os seus ollos ao seu pasado, maravillada polo esplendoroso e fértil filón que supón a fecunda tradición da Hélade. O seu paso pola humanidade traduciuse nun vastísimo patrimonio que se fixo extensible a tódolos ámbitos e facetas do saber e das artes; a cultura grega despunta nas artes e no pragmatismo pola súa precisa visualización do mensurable e armónico.

A pulcritude e a capacidade de raciocinio dos gregos proxéctase na súa escultura e na súa arquitectura coa manifestación do templo. Para entender a manifestación do templo grego, primero hai que ser conscientes da longa evolución que experimentou ao longo do devenir dos seus séculos de historia e vida, xa que nun primeiro momento o material designado para a súa construcción non foi a pedra maciza ou o brilante e pulido mármore do Pentélico, senón que se optaba pola madeira (como no oficio do torneiro), o cal supón unha tipoloxía



[10] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.37

arquitectónica diferente á concepción actual que nós temos do templo grego. Íranse eliminando materiais máis endebles como a madeira, palla ou barro a medida que os gregos avancen en logros arquitectónicos e afiancen a súa identidade, forxando unha das civilizacións máis grandiosas destinada a despuntar no firmamento de Occidente.

Falando de evolución constructiva templaria, é convinte comezar dicindo que, dende o punto de vista arquitectónico os antecesores directos dos templos columnarios de pedra son os sinxelos naoi,que empezaron a aparecer nos santuarios gregos ata finais do século IX e no século VIII a. de C. Éstos, a súa vez, enraizaban coa tradición constructiva da primeira Idade de Ferro grega, e os materiais empregados eran na súa meirande parte perecedeiros, como madeira e adobe, e palla para os tellados.


acaso sirvieran también de inspiración a las primeras *naoi* desde el punto de vista arquitectónico.
Principalmente, la *naos* sería un espacio religioso, como veremos en el capítulo III. El acceso comunita-
22

Pese a elo, a pedra tarda en introducirse, tal e como atestigüa a evidencia histórica de que o primeiro templo columnado de Olimpia, un dos principais centros relixiosos, datado aproximadamente no 600 a. de C. e, que índa estaba maioritariamente erixido en adobe e madeira. A planta perimetral canónica aparecería nos primeiros templos construidos integramente en pedra, a principios do século VI a.de C[11]. Outra aparente innovación foi o seu acabado decorativo cos exclusivos estilos gregos de ornamentación, posteriormente coñecidos como dórico e xónico.

[11] Spawforth, Tony: *Los templos griegos*, editorial Akal-Grandes temas, Madrid, 2007.

A técnica de convertir arxila en adobes, a miúdo combinados cun entramado de madeira, remóntase case a tempos máis antigos de que temos constancia e coñecemento. Parece certo que a arquitectura grega dos séculos VII a. de C. e seguintes foi en esencia un desarrollo directo de tradicións locais e que a influencia de Exipto, nesta etapa, se reduciu principalmente a estimular aos gregos a sustituir a madeira e o adobe pola pedra. É verdade que a arquitectura grega viuse afectada de modo indubidable pola intensa afluencia de arte estranxeira, sobre todo asiática, que tivo lugar no século VII a. de C. pero esta influencia, ampliamente difundida por obxetos portátiles, limitouse con toda probabilidade a motivos decorativos.



Como decoración, temos as ordes, no caso da orde dórica, para a reconstrucción da súa fase inicial, foron importantísimos dous templos: o templo de Hera en Olimpia, e o templo de Apolo en Thermon, cando eran obra de barro e carpintería. Foron dous auténticos fósil guía que serviron para que se teña constancia de que a orde dórica conviviu coa madeira como material predilecto, tanto é así que xa o dicía Pausanias no século II d. de C. quen se atopou con que unha das columnas do Heraion (en concreto do opistodomos) era de carballo[12]. No caso do dórico, xurdiu a dúbida dos tríglifos, de se éstos xa existían na forma lignaria ou se foron introducidos por vez primeira na pedra.

[12] Robertson, D.S.: *Arquitectura griega y romana*, Madrid, Cátedra, D.L., 1985.

As columnas dóricas primitivas son con frecuencia grosas e pesadas, se ben algunhas das máis antigas son extremadamente máis delgadas, con capiteis moi abertos e este tipo lembra moi de preto as algunhas columnas dóricas, que parecen ser de madeira, representadas en pinturas atenienses de vasos.



Columnas que amosan un dórico primitivo (reminiscencias á madeira)

En canto á tipoloxía templaria, os estudos realizados deron pé á teoría de que o templo grego é un desarrollo ulterior do mégaron heráldico, reforzado quizás pola tradición de cabañas de madeira rectangulares e con porche que traían dende Centroeuropa os invasores norteños.Na paraxe que uns séculos máis tarde había de ocupar o templo de Apolo en Thermon (Etolia, Grecia Central) atopáronse pegadas de dous santuarios moito máis antigos, construidos ambos en madeira e barro.



Planta do templo de Apolo en Thermon.



Planta da casa de Chamaizi (Creta)

6.4.2. Outros exemplos: A tornería no oeste de Asturias

En Asturias, onde a madeira sempre foi fácil de obter e a oleiría nunca acadou gran desarrollo, existiron numerosos artesáns adicados á elaboración de vaixelas de madeira, dos que boa parte traballou no seu oficio ata non fai moitos anos.

Dous son os modos de confeccionar recipientes de madeira; o máis sinxelo é completamente manual e consiste en ahuecar o interior tallando coa *xola* ou a azuela de bocas, legras e gubias, e o exterior co azuela, *broxa* ou hacha, etc. Así acadánse boas pezas, pero de paredes relativamente grosas e con irregularidades. O outro modo, máis elaborado, é empregando o torno mecánico, que permite aplicar o movemento circular á talla e logra pezas máis uniformes e de paredes moi finas.

A área asturiana que conserva algún torneiro (tornero en bable occidental) e cunqueiro (fabricante de cuncas), é o extremo suroeste, onde tradicionalmente practicaban a tornería de modo estacional combinándoa co traballo no campo, e se desplazaban coas súas ferramentas a unha extensa zona do Oeste de Asturias e Leste de Lugo, onde traballaban nas casas polo aloxamento, manutención e un pequeno xornal. A facilidade de acadar a madeira e o seu pouco coste explican a abundancia de utensilios de madeira que había.Índa se poden atopar nalguha casa, e hai unha boa colección no Museo Etnográfico de Grandas de Salime, onde ensinan os oficios artesáns e se poden acadar as ferramentas feitas artesanalmente para dichos oficios.

O torneiro traballaba nun aveiro ou lugar cuberto e protexido do clima invernal – época de traballar dito oficio- que podía ser debaixo do hórreo, unha corte, cobertizo ou palleiro, onde construía o torno, máquina moi sinxela e doada de facer.

O torno máis coñecido tradicionalmente en Asturias é o de pedal ou de media volta, de movemento alternativo. Máis moderno é o de volante de inercia e o acoplado ao banco de carpinteiro.

As ferramentas precisas para traballar a madeira no torno son fundamentalmente a broxa ou hacha de medio a un kg de peso, para manexar cunha soa man e con bo corte; a xola – unha azuela-, un ou dous compases para trazado de círculos e medir grosos e as legras, que son a ferramentas específicas de tornear. Tamén se utilizan trinchas ou formóns e gubias.As legras e a xola non existen no mercado, polo que hai que facelas artesanalmente.

Elaboranse, así, as pezas pero a pesar de todas as precaucións que se toman, as pezas de madeira raxánse ó tornear, ó secarse e sobre todo cando foron usadas durante moito tempo. Se isto acontece, pódense reparar como se fai cos cacharros de cerámica, lañándoos con pequenas grapas de arame.Outras veces o dano é maior e próducese un oco na madeira que pode cubrirse clavando unha folladelata.

O repertorio de formas torneadas é amplo e cubre prácticamente todas as necesidades da casa, tanto no que atinxe ó enxoval doméstico como a outras actividades da adega ou da corte.Hai formas abiertas, de boca ampla, e outras pechadas, de colo estreito, que ás veces posúen unha tapadeira tamén torneada.

6.5.Tipoloxías: o torneado ó plato

O torneado ó plato é aquel en que só se utiliza o punto de arrastre e non o contrapunto para facer cuncas, platos, fontes, etc. Para tornear, cuncas, rodas e outras pezas de gran diámetro, úsase unha simple peza de madeira torneada cun tirafondo para arrastrar a madeira que se quere tornear. Sen embargo, estos platos non serven para o traballo de pezas demasiado grandes, e entón utilizase un plato especial metálico roscado directamente ó eixo ou cun casquillo ou un vástago soldado para fixar o portabrocas.

Para tornear pezas moi grosas, á veces se encolan fortemente varias maderas. Os tarugos para cuncas córtanse ata darlles unha forma de oito ou máis lados. As cuncas poden

tornearse dunha soa vez, é dicir, unha vez torneado o perfil só restará baleiralo, ou en dúas veces, que serán una de perfil e base e outra para o ahuecado.

Para tornear dunha soa vez hai que ter en conta os tirafondos de suxección, pois topar con eles supón estragara ferramenta e danar a peza. Isto pódese evitar deixando na base da cunca un pouco de madeira de máis, que ao rematar se corta coa gubia de punta de lanza primeiro e acábase de separar co formón, ou ben se interpón un disco de madeira blanda duns 2,5 cm de grosor, que se se encola evita as marcas dos tirafondos na base da cunca. Para separalos logo máis fácilmente pódese intercalar unha folla de papel. De tódolos xeitos, os buratos tápanse fácilmente con masiña de serrín e cola.

Para tornear en dos partes, a mellor forma é tornear o exterior da cunca primeiro, suxeito pola súa boca índa sen baleirar e deixar recta a base. Para tornear a base úsase o escoplo de punta de lanza ou a punta da gubia. O apoio pónse de frente á base, tanto para tornear ésta como o perfil exterior. A base pode facerse completamente recta ou cunha pequena concavidade.

Tórnease dende a base cara a boca, con gubia ben afiada, o bisel rozando a madeira e corte ladeado. Se quedan asperezas úsase un raspador ben afiado. Para esta labor o apoio colócase moi preto da madeira. Acabado este traballo, sácase do torno e cóllese un disco de madeira ó que se lle torneará unha cavidade duns 3 mm. de fondo, na que encaixe perfectamente a base da cunca. Vaise probando ata acadalo e no caso de sobrepasarse pónse un papel para axustar e métese a golpes de mazo. Este sistema é seguro; con él non se pode penetrar moi fortemente coa gubia, pero trabállase con tranquilidade.

No baleirado ahúecase primeiro a parte exterior e déixase o centro para ilo eliminando ao final, con coidado de que a gubia non sexa empurrada lateralmente polo xiro. Para que a gubia penetre mellor pode comezarse o baleirado coa punta de lanza e empregar a gubia collendo a madeira a escalóns.Aquí os raspadores empreganse tamén moi afiados.

Para que a peza quede ben centrada nesta segunda operación, antes de sacala pódese trazar na base un círculo fino co lapis.Unha vez fóra mídese o diámetro do círculo e co

compás aberto á medida do radio trázase o centro dende a circunferencia; evidentemente, é preciso centrar perfectamente a peza[13].

Máis adiante, chegou a mecanización, e o torno non quedou indiferente e modernizouse acoplando máquinas cepilladoras, serras, mortalladora, motor de desguace, diversas montaxes dos motores para diferentes aplicacións, poleas e transmisións…Son unha mostra deste logro as imaxes que adxuntamos a continuación:







[13] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xilografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.338

Fonte: Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xilografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.339-345.

7 O labor do encortro dos torneiros en Xermade

7.1. Repercusión social: premios e exposicións. Visibilización mediática

7. O labor do encontro dos torneiros en Xermade

O encontro entre artesáns en Xermade naceu na Casa da Fraga (www.casadafraga.com) coa intención de recuperar do esquecemento un oficio tradicional en Galicia, documentando as ferramentas, maquinaria, materiais e técnicas de traballo para logo dalas a coñecer ao meirande número de persoas posibles.

Celébrase na segunda quincena do mes de setembro coa asistencia de profesionais e afeccionados de todo o Estado e do resto de Europa e incluso de Estados Unidos e Australia.

No torneado contemporáneo recúrrese á utilización de madeiras que antes se consideraban defectuosas, con surcos, golpes, con verrugas, traballo de madeiras verdes que máis tarde se deforman e que permiten enriquecer o traballo do artesán. Resulta case imposible diferenciar arte de artesanía nalgunhas obras contemporáneas de torneado, malia que esta é unha cuestión técnica que non debe apartarnos do esencial: a sabiduría tradicional do oficio e a que permite plasmar a creatividade de quen a crea e tornea.

En Galicia resulta imposible recopilar mostras históricas claras de uso tanto pola ausencia de documentación, como polo tipo de madeira empregadas e os factores ambientais que influén na súa conservación (atoparonse restos carbonizados de cuncas de madeira no castro de Cameixa- Boborás (Ourense)- malia que non se pode precisar se foron tallados a torno ou labrados.

Polo tanto, este encontro é unha actividade pioneira e referente en todo o Estado onde se centran centos de profesionais e afeccionados do oficio para compartir, amosar e aprender todo o relacionado con torneado da madeira.

7.1.Repercursión social: premios e exposicións. Visibilización mediática.

O Centrad celebrou a exposición ConTornos coa intención de apoiar a artesanía e a súa difusión, para respaldar a iniciativa pioneira levada a cabo en Xermade, que a situou como capital da artesanía do torneado, reunindo a artesáns de todo o mundo nun certame que goza de gran prestixio e recoñecemento, avalado pola crítica e respaldado polo aluvión de visitantes e que actúan como principal elemento difusor grazas á inmediatez do carácter boca a boca que, en ocasións, tan infalible resulta. Xa no 2014 expúxoa do 25 de xuño ao 31 de agosto na sala do seu pabillón nº4, para con posterioridade, no ano 2016 sitúala na Capela de Santa María.

Cartel anunciador

Tomando como pretexto a materia orgánica como é a madeira, nas súas múltiples variantes, ben sexa nogueira, cereixo, castiñeiro… lévanse a cabo auténticas obras de arte onde cada artesano plasma a súa incipiente e desbordante creatividade, chegando a cotas de deslumbrante orixinalidade.

Todo o proceso do tallado é manual, tan só se emprega o torno para fixar a peza móbil firme e evitar que oscile para non dar lugar a vacilacións e imprecisións no trazo que

poden modificar e alterar o acabado final distorsionando a idea primixenia nun resultado non desexado.

Ver o funcionamento dun torno en movemento e a mestría dunhas mans hábiles e diestras que se deslizan suavemente pola madeira facendo dela vida e rescatándoa do seu carácter inerte. Fainos ver cómo de calquer material pode brotar arte, pero non cabe dúbida que a madeira ten unhas características táctiles especiais e moi definitorias que lle dan outro carácter e outro acabado que, por exemplo, a pedra non ten polo seu carácter árido, duro, robusto e difícil de modelar que tan difícill é arrincar da súa materia prima unha escultura.

A madeira é máis dúctil e maleable, especialmente apreciada na luthería para a creación de instrumentos musicais, como por exemplo, os delicados violíns de caprichosas formas como os Stradivari, os Amati, etc.

Co torneado da madeira, dótaselle de múltiples formas nas que entra en xogo a creatividade do artesán e a súa habilidade de plasmar materialmente a súa concepción mental en todo ó potencial artístico que pode extraer dun trozo de madeira para crear algo con exclusividade e autenticidade. Velaí onde radica a facilidade duns a outros para elaborar pezas de autor, consagradas e acreditadas como tal, ou vulgares reproduccións artesanais que se venden como souvenirs e que están privadas do arduo traballo e laboriosidade que implica unha verdadeira artesanía 100% manual e persoal.

8

8. Unha iniciativa con posibilidades de asociarse en cooperativa.

8.1. Constitución dunha cooperativa de torneiros

8.2. As teorías da sociedade de Rosseau e Fourier

8. Unha iniciativa con posibilidades de asociarse en cooperativa.

8.1.Constitución dunha cooperativa de torneiros

Seguindo a lei 3/87 de 2 de abril sobre cooperativas, nós describimos de xeito hipotético unha sociedade cooperativa en torno á actividade dos torneiros, coa intención de acadar un volume suficiente de actividade económica, como presuposto para manter unha situación competitiva no mercado, e tomar en conta o principio mutualista[14], segundo o cal a cooperativa unicamente pode realizar actividades e prestacións de servizos en favor dos seus socios. Por outra banda, para evitar que as citadas actividades poidan significar un lucro para os socios, estáblecese que os resultados positivos ou negativos que se obteñan polas actividades ou servicio cooperativizados realizados en terceiros, imputaranse ao fondo de reserva obligatorio, ao tempo que se supón a necesidade de reflectir na contabilidade, de forma clara e inequívoca, as operacións cooperativizadas realizadas con terceiros.

En todo momento, buscárase estimular a participación dos socios no proceso de nacemento da sociedade e establecer un procedemento flexible de constitución que se adapte ás distintas necesidades que se orixinan segundo sexa moi numeroso o colectivo que integra esta hipotética nova sociedade de torneiros.

En canto á constitución, débese introducir a figura dunha Asamblea Constituínte, na que os promotores deliberarían e aprobarían os Estatutos da Cooperativa, deisgnarase as persoas que ocuparán os distintos cargos dos primeiros órganos da sociedade e defínese sobre os distintos aspectos que afectan a todo o proceso de nacemento da cooperativa. Coa nova lexislación só se necesitarían cinco número de socios para a constitución e funcionamento dunha cooperativa[15]

Para a adquisición de condición de socio establécese a obriga deste de desembolsar como alomenos a aportación mínima que estableza os Estatutos, e póderase darse de baixa, previas condicións.

[14]AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.5
[15] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.6

Montando a autonomía das cooperativas para incorporar ou non a figura do asociado nos seus Estatutos, aplícase o campo das persoas que poidan ser asociadas, facultando para selo calquera persoa física ou xurídica, pública ou privada, con independencia de que antes fora ou non socio de cooperativa.

Ante a nova lei, amplíanse tamén as posibilidades dos asociados para facer aportacións ó capital social, ó desaparecelas limitacións que establecía a lexislación anterior, que quedan reducidas o que a suma das aportacións dos asociados non poderá ser superior ó 33 por 100 das aportacións da totalidades dos socios ó capital social.

Aparte dunha Asamblea Xeral habería unha Mesa de Xunta, elexida entre os membros presentes na mesma, coa finalidade expresa de aumentar a facultade autorreguladora da Cooperativa e de perfeccionalos mecanismos de control e analizar os órganos xestores[16]

Unha cooperativa é unha sociedade que, con capital variable e estrutura e xestión democráticas, asocian, en réxime de libre adhesión a baixa voluntaria, a persoas que teñan intereses ou necesidades socio-económicas comúns, para cuxa satisfacción e ó servizo da comunidade desenvolven actividades empresariais, imputándose os resultados económicos ós sociais, unha vez atendidos os fondos comunitarios, en función da actividade cooperativizada que realizan[17]. Nós cremos que aquí, en Xermade, dánse unha serie de condicionantes que permitirían crear unha cooperativa.

De darse o caso de materializarse, a sociedade cooperativa quedaría constituída e tería personalidade xurídica desde o momento no que se inscriba no correspondente Rexistro de cooperativas a escritura pública da constitución da mesma.

A súa Asamblea constituínte estaría integrada polos promotores da sociedade.Se a cooperativa proxectada o fose de primeiro grao, cada promotor tería un voto e, se fose de segundo ou ulterior, o voto poderá ser múltiple, conforme ós criterios de proporcionalidade de voto que fixe a propia Asamblea Constituínte, entre as previstas na

[16] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.9
[17] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.16

lexislación correspondente[18] o presidente e o Secretario da Asamblea constituínte serán elixidos de entre os promotores asistentes.

Os xestores actuarían en nome da futura sociedade e deberán realizar todas as actividades necesarias para a súa constitución, sendo de conta da Sociedade os gastos aos que ten dereito percibir polas citadas actuacións.Do cumprimento das actas e contratos elaborados en nome da proxectada cooperativa antes da súa inscrición responderán solidariamente as que os celebraran. Previamente, faráse a inscrición da cooperativa, e , acto seguido, a elaboración duns estatutos, o xeito da escritura de constitución faise mediante solicitude, no prazo de dous meses, desde o seu outorgamento, a inscrición de Sociedade no Rexistro de Cooperativas, acompañando á solicitude de inscrición, unha copia autorizada e tres copias simples de escritura da Constitución[19].

O rexistro das Cooperativas dependerá da administración central do Estado ou, no seu caso, de acorde coas normas sobre asunción de competencias polas Comunidades Autónomas, en materia de Cooperativas, da Administración da correspondente Comunidade Autónoma.

O rexistro de cooperativas, tanto se depende da Administración Central do Estado ou das CC.AA., será estructurado na respectiva sección central do Estado[20]

Nesta cooperativa de primeiro grao, poden ser socios, tanto as persoas físicas como as xurídicas, públicas ou privadas. A través dos estatutos, estableceríanse os requisitos necesarios para a adquisición de condición de socio, que en ningún caso, poderán estar vinculados a motivos políticos, sindicais, relixiosos, de nacionalidade, sexo,raza ou estado civil, salvo que foran incompatibles co obxeto social[21].

[18] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.19
[19] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.24
[20] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.24.
[21] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.32

En todo caso, para adquirir a condición de socio será necesario desembolsar a contía que fixen os Estatutos de aportación obrigatoria citada. O socio pode darse de baixa de forma obrigatoria ou voluntaria, e ter recoñecidas unha serie de dereitos, como o dereito á información, e tamén unhas normas de disciplina social.

No que atinxe ó capital social, estará constituído polas aportacións obrigatorias e voluntarias dos socios e, no seu caso, dos asociados. Os Estatutos fixarían o capital social mínimo co que poden constituírse e funcionar a cooperativa e que deberá estar totalmente desembolsado. Para determinar a cifra do capital desembolsado se restarán, no seu caso, as deduccións realizadas sobre as aportacións en satisfacción das perdas imputadas ós socios. Pode haber aportacións dos novos socios[22]. Salvo disposición en contrario dos Estatutos, o exercicio económico coincidirá co como natural.

O Consello Rector[23] estará obrigado a formular no prazo máximo de 4 meses, contados a a partir da fecha do exercicio económico, o Balance, a Conta de Perdas e Ganancias, a memoria explicativa e proposta de distribución dos excedentes e destino dos beneficios extracooperativos ou da imputación das perdas. O balance, a conta de perdas e ganancias e a memoria explicativa se redactarán de modo que coa súa lectura poida obterse unha representación exacta da situación patrimonial de cooperativa dos resultados económicos obtidos no exercicio de curso de actividade empresarial de cooperativa.

Non estaría de máis contemplar certo retorno cooperativo, que se acreditará ós socios en proporción ás operacións, actividades ou servicios cooperativizados realizados por cada socio na cooperativa. En ningún caso, o retorno cooperativo se poderá acreditar en función das aportacións do socio ó capital social, só os Estatutos ou, no seu defecto, a Asamblea Xeral, por máis da metade dos votos validamente expresados, fixarán a forma de facer efectivo o retorno cooperativo acreditado a cada socio (en base a unhas modalidades)[24]

[22] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.65
[23] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.68
[24] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.70

Habería tamén un fondo de reserva obrigatorio, destinado á consolidación, desenvolvemento e garantía da cooperativa, é impartible entre os socios, incluso no caso de disolución da sociedade[25], así como tamén un fondo de educación e promoción.

Esta cooperativa de torneiros debería de levar ó día, sen prexuizo do establecido noutras leis ou disposicións especiais, o seguintes libros:

a) Libro de Rexistro de Socios, e no seu caso, Libro de Rexistros de asociados.
b) Libro de Rexistro de Aportacións ó Capital Social.
c) Libro de actas de Asamblea Xeral do Consello Rector, e no seu caso, do Comité de Recurso e das Xuntas preparatorias.

Pode darse o caso dunha modificación nos Estatutos ou unha fusión de sociedade cooperativa nunha nova ou a absorción dunha ou máis por outra cooperativa xa existente. As sociedades cooperativas en liquidación poderán participar nunha fusión sempre que non comenzara o reembolso das aportacións ó capital social ós socios ou ás asociados.[26]

Esta cooperativa de tornería sería unha cooperativa de traballo asociado que asociaría a persoas naturais, con capacidade legal e física para desenvolver a actividade cooperativizada de prestación do seu traballo e teñen por obxecto proporcionar ós socios postos de traballo para producir en común bens e servicios para terceiros[27].

Para a defensa e promoción dos seus intereses, en canto Sociedades Cooperativas, estas poderán asociarse libre e voluntariamente en Unións, Federacións e Confederacións de Cooperativas, sexa prexuizo de poder ocultarse a calquera outra fórmula asociativa, de acordo coa lexislación xeral reguladora de dereito de asociación[28]

[25] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.72
[26] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.77
[27] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.86
[28] AA.VV: Lei Xeral de Cooperativas. Lei de Sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio de Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994, p.119

8.2.As teorías da sociedade de Rosseau e Fourier

Charles Fourier foi un socialista utópico francés (Besançon 1772-París 1837), creador da teoría dos falansterios, que viñan sendo cooperativas de producción e consumo, nos que os beneficios se repartirían entre o capital, o talento e o traballo. Esta utopía social, cuxa teoría expuxo en *Nuevo mundo industrial y societario*, impulsarlle a difundir o seu pensamento en revistas nos que se criticaba ós partidarios de Saint-Simon (*La reforma industrial o el falansterio* y *La falange*, de 1832 a 1849). En resumidas contas, un falansterio era o concepto dunha ampla asociación de producción, na que os traballadores vivían en comunidade. Digamos que podería ser o concepto primixenio (índa moi matizable) dunha cooperativa, dun ente social. Tal e como diría Rousseau, o obxeto da vontade xeral colectiva non é o ben particular de cada individuo, senón o ben e o interese común que prevalecen sobre os particulares[29]. Do mesmo xeito, incluiríase unha figura do Comité de Recursos para desconxestionar a orde do día das Asambleas Xerais e buscando o fortalecemento da cooperativa na súa hipotética vertiente empresarial.

[29] Rousseau, Jean Jacques: *El contrato social*. Editorial PPP Poesía y prosa popular, Madrid, 1984, p.28.

9 Encontros de torneiros noutros puntos de España

9. Encontros de torneiros noutros puntos de España

A asociación "Les Forgaxes" de amigos da madeira, e o Concello de Siero organizan entre o 24 e o 26 de abril a IV edición dos "Encuentros con la madera de Lugones" Unhas xornadas adicadas ao torneado e a talla en madeira que atrerán á localidade sierense a máis de 70 expositores chegados de todo o territorio nacional e de países próximos, en concreto Francia, Inglaterra e Alemaña.

Para esta edición, os organizadores confirmaron a presencia en Lugones de dous artistas torneiros de grande prestixio dentro da especialidade: o inglés Colwin Way e o alemán Martín Adomat. Ambos, xunto ao asturiano Arturo Iglesias e ó mallorquín Miguel López, serán os encargados de realizar as actividades de exhibición para os participantes.

Ao igual que na súa edición anterior, os "Encuentros con la madera" celebraronse na boleira municipal, incluíndo exposicións, demostracións e aulas didácticas. Por último, Les [30]Forgaxes recaudou fondos con fins benéficas.

Non soamente, contamos con este expemplo, tamén temos a asociación ConTornos, fomento de aficións creativas, centralizada en Santa Cristina de la Polvorosa[31] que adoita organizar unha variada mostra de artigos e productos artesáns por parte dun grupo de artesáns procedentes tanto da provincia zamorana coma de algunhas limítrofes.

Son exemplos de certames aos que se engade o de Xermade, principal eixo vertebrador do noso traballo e do que adxuntamos fotos que evidencia a súa realización no apartado correspondente ós anexos.

[30]Webbloloxía:http://www.lne.es/centro/2015/04/17/70-artesanos-madera-acudiran-encuentro/1742483.html.

[31] http://www.laopiniondezamora.es/benavente/2016/05/22/contornos-prepara-iv-encuentro-torneros-santa-cristina/926996.html

10 Dúas materias primas: a madeira (tornería) e o barro (olaría)

10. Dúas materias primas: a madeira (tornería) e o barro (olaría)

Pese a ser en apariencia dispares, ambos, madeira e barro son materias orgánicas, produto da natureza e recurso do home ao longo da súa historia como medio de autoabastecemento e autosuficiencia para múltiples finalidades: dende quentarse ata crear utensilios domésticos para poder comer e beber.

Da madeira, falamos nos anexos sobre a tipoloxía de árbores existentes, que son as que permiten obter esta materia prima que o torneiro desbasta coas ferramentas específicas e dálle vida ó sacala da súa abstracción dándolle forma figurativa. Unha sustancia leñosa, con savia, albura e duramen fronte ao barro que se buscaba na terra para elaborar cacharros cos que os oleiros gañaronse boa parte do seu sustento.

En realidade, ser torneiro ou oleiro, resposta a un determinado oficio e a necesidade acuciante de aprender unha profesión para gozar de independencia económica e autonomía persoal.

Ademais, o feito de que a olaría sexa un oficio presente en todas as grandes civilizacións da humanidade, en todas as culturas e en todos os continentes, non fai senón marcar ao oficio unha serie de connotacións simbólicas que unen elementos moi significativos á hora de convertelo nun ben patrimonializable e que encaixan nun tempo mítico que está propiamente falando, fóra do tempo real, pero que se evoca na construcción das identidades para localizar na indefinición que ofrecce a expresión "de sempre" o cronotopo do propio que se pretende crear e proxectar. A tradición que se perde no tempo funciona, así, como unha novidade que non conta polo feito de selo, co peso específico que outorga o paso do tempo[32].

Afundindo as súas raíces, reminiscencias dun pasado inmemorial, a olaría tradicional galega mantivo ao longo do tempo unha producción sucesiva, non interrompida, supostamente caracterizada por unha continuidade invariable dos elementos e do sistema productivo. As características dese primeiro período, que podemos denominar como fundacional ou mitolóxico e, polo menos a simple vista, uniformador ou invariable, estaban marcados por unha finalidade funcional esencial para os obxectos creados en

[32] Publicacións do CAT, Vigo, p. 14.

barro, pero tamén pola súa reafirmación a través do seu carácter permanente, incrementado pola existencia dunhas marcadas connotacións típicas tanto das persoas que as producían como, tamén, do colectivo formado polos consumidores das mesmas.

Deste xeito, polo que respecta ao colectivo dos produtores, debemos dicir que, durante anos, a olaría galega foi un oficio tradicional, é dicir, transmitido de xeración en xeración, e desenvolto de xeito maioritario por artesáns pertencentes ao campesiñado, identificando este grupo social dunha maneira máis ampla que a visión, sempre reducionista, de labrego como agricultor, xa que algunhas actividades artesanais ou de manufactura tiveron un papel decisivo para o mantemento da poboación vinculada ao campo. Así, como diciamos, durante xeracións os artesáns do barro foron responsables non só do traspaso de herdanza cultural que supón a transmisión dos obxectos materiais e dos útiles, senón tamén dos coñecementos necesarios para elaborar a pezas. As ditas pezas caracterizan a súa identidade en tanto que supoñen respostas que se adaptaban ao lugar e ao tempo no que se insire calquera manifestación cultural baixo unha aura de uniformidade, polo menos aparente, que rematou por outorgarlle un carácter compacto que funcionou, co paso do tempo, como un marcador de cohesión social. Esta sucesión xeracional

viuse reforzada polo feito de que a aprendizaxe do oficio facíase, polo regular, dentro das propias familias dos oleiros ou, en todo caso, os aprendices que non tiñan

antecedentes directos co mundo do barro comezaban a súa relación coa actividade dende moi novos, nun proceso equiparable a unha adopción precoz do rol social que había que desempeñar e no que, canto menos idade tivesen, maior sería a súa capacidade de asumir a representatividade do oficio. Dito doutro xeito, os oleiros tradicionais comenzaban desde moi novos o oficio ao igual, por certo, que todos os traballos propios do agro, e esta temperá vinculación reforzaba o seu poder de representatividade como mestres[33] dominadores da técnica e do coñecemento fronte ao resto do grupo, independientemente de que fosen fillos ou netos dunha ou varias xeracións procedentes de oleiros. Esta faceta de posuidores dun oficio ía unida á consideración social dos oleiros como campesiños, mais como campesiños non propietarios de terras o suficientemente importantes ou significativos como para adicarse ao agro en exclusividade; esta circunstancia, situábaos, nalgunha medida, nun nivel xerárquico social inferior ao dos campesiños propietarios, adicados en exclusiva á actividade agrogandeira- como parece ocorrer, por certo, noutros casos heteroxéneos, como a situación dos oleiros mexicanos estudados por George M. Foster e referenciados por Claude Lévi- Strauss, que coincidían en considerarse inferiores aos labregos ou aos pequenos comerciantes- por outra banda, e case como compensación a todo isto, o exercicio de oficio reportáballes uns ingresos en efectivo que tamén contribuían a singularizalos dentro do medio social; o seu estatus económico tiña carácter simbólico, é dicir, monetario fronte ao pragmatismo de posesión da terra que, por enriba, non ofrecía aos propietarios uns ingresos semellantes nin en canto á cantidade nin en canto á frecuencia. Eran, pois individuos que manexaban certas cantidades de diñeiro nunha sociedade caracterizada eminentemente pola súa carencia.

As características físicas das pezas feitas con barro e pertencentes a esta primeira etapa estaban moi en consonancia coa estratificación social de quen os producía e máis de quen os consumía, posto que se trataba na súa maioría de bens elaborados para a cociña: cacharros domésticos ou de almacenaxe de alimentos (gran, viño, zorza, etc.). Así as pezas propias deste primeiro período produtivo eran sinxelas, pensadas para uso cotián, con escasa ou nula ornamentación- que nalgúns casos como o da decoración cordada ou os vincos de Gundivós, podía ter unha natureza polivalente, como reforzo estrutural da peza ou como engadido ornamental, de tal xeito que, aínda que houbese certa

[33] Publicacións do CAT, Vigo, p. 15.

especialización, manifestada, por exemplo, na propia nomenclatura dos cacharros- meleiros ou chocolateiras- ou adecuación das formas para o uso que se lles fose dar, en realidade calquer peza podía suplir a outra nun caso de necesidade de tal xeito que non en todas as casas había todas as formas nin todos os tamaños posible. Todas estas características son perceptibles a simple vista se observamos as pezas conservadas, nos que se pode apreciar a escasa frecuencia e limitación dos motivos decorativos ou, simplemente, do vidrado ou impermeabilización, case nulo nas pezas máis antigas e, non obstante, moito máis perceptible nalgunhas sellas, xarras de bico ou barreñas pertencentes aos últimos anos da primeira etapa, na que a ornamentación foi adquirindo gradualmente un papel máis relevante. Do mesmo xeito, tamén podemos observar o aproveitamento dunha mesma forma en distintos tamaños para diferentes usos, como ocorre, por exemplo, nos casos das olas de mazar o leite e as olas de viño, ou das barreñas empregadas para lavar a louza, ou mesmo a roupa, e os barreños da zorza[34].

A funcionalidade primordial das pezas explica, tamén, que as súas características máis valoradas fosen a lixeireza e a resistencia, xa que no seu uso cotián o peso e a fraxilidade do material co que se facían eran os obstáculos que todo bo oleiro debia solventar para asegurarse, polo menos minimamente, a confianza dos compradores. De feito, durante o proceso de elaboración había varios momentos nos que os artesáns demostraban a súa mestría para asegurar os resultados. Estámonos refirindo, de maneira destacada, á actuación sobre o tipo de materias primas empregadas: dous barros diferentes que reciben, en xenérico, os nomes de barro vivo e barro morto- aínda que, segundo as zonas, esta nomenclatura pode ofrecer variantes- , designacións que fan referencia ás condicións físicas da arxila sobre a súa capacidade de absorción da auga e a súa plasticidade, de tal xeito que un sen o outro non se pode traballar no torno. Segundo os cacharros fosen para conter líquidos ou para cociñar precisaban de diferentes proporcións dos dous barros, de xeito que se trataba de buscar a resistencia fronte á acción directa do lume era preciso preparar a mestura cunha maior cantidade do barro morto incrementada con terra ou outros materiais complementarios, e se obxectivo era de dotar á peza dunha maior porosidade por exemplo para os porróns- da que se derivase o frescor dos líquidos contidos, as medidas aplicadas era invertidas cun incremento na proporción do barro vivo. Resulta obvio que a capacidade para sopesar as

[34] Publicacións do CAT, Vigo, p.20.

proporcións dependía dun coñecemento máis experimental ca científico. En segundo lugar, durante o **moldeado** o oleiro amosaba a súa destreza para erguer as paredes cun grosor suficiente para que tivesen consistencia e resistiran, pero mínimo para alixeirar o peso final dos obxectos. Tamén no proceso de **secado**, que debía ser gradual e progresivo para evitar a aparición de posibles fondos por unha deshidratación brusca e finalmente, xa durante a cocción na que o control de tempos de duración e temperaturas acodadas nos diferentes momentos eran de vital importancia para garantir que as pezas estivesen ben cocidas e tivesen unha maior duración, os oleiros amosaban o seu dominio da técnica[35].

Dominio da técnica que, asemade, debían amosar os torneiros que, ao igual cos oleiros, elaboraron útiles domésticos coma xarras, nateiras, pucheiras, pratos… coa salvedade dunha materia prima diferente e un proceso técnico no que a obtención do produto vése modificado polas condicións e limitacións físicas ca madeira ou barro levan ímplicitas per se.

Para obter a madeira, recúrrese a tala das árbores ou á poda das mesmas, buscando a madeira máis axeitada para o cometido que se precise, no caso do barro, o proceso complícase ao ter que ter un forno onde quentar a peza para lograr a cocción. Íase ó monte a buscar o barro, para non cavar inúltilmente comprobábase que o subsolo contiña un filón de barro desexado cravando unha barra de ferro, que remataba en cruz, o que facilita a súa suxección e manexo. Cando se sacaba, polas manchas que traía, sabíase o tipo de barro que aparecía nese lugar e a profundidade á que se atopaba. Cavábase un renglón ata chegar a veta e superala lixeramente. O barro sacábase en cestas de bimbio, do que se encargaban os máis novos. O barro de liga ou de “freva” é o axeitado para que a arxila empregada no torno fose máis consistente e manexable. Amontonabase preto da vivenda, nas barreiras onde se atopaba húmido.Collíase cando se ía comezar o traballo, nunha cantidade chamada “empiada” o que equivalía a 10 cestas. Mesturabanse os dous barros, medindo as proporcións segundo as súas finalidades.

[35] Publicacións do CAT, Vigo, p. 22.

Ambos oficios, o de torneiro e do oleiro, comparten unha ferramenta co mesmo nome, o torno, no caso da olería da provincia de Lugo, contamos co exemplar de Bonxe e co de Gundivós, diferentes entre sí o que contribúe a enriquecer a idiosincracia da olería luguesa.

O torno de Bonxe ten forma de –U, de xeito que o oleiro podíase sentar e colocar as ferramentas, recipientes con auga, barro para decorar as pezas torneadas. Está formado por:

- Sentadeiro
- Taboleiros
- Fondeira
- Eixo
- A roda ou volante
- Tronqueiro
- Vío



Fonte: *Exposición do Pasado e presente da olería da provincia de Lugo, na Capela de Santa María (Centrad), material expositivo.*

Fonte: *Demostración do funcionamento dun torno ao abeiro da exposición de ConTornos realizada nas inmediacións do pavillón 4 do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad)*

Comparativa pezas en madeira vs. pezas en barro

Xarra torneada en madeira

Xarro de Gundivós feito en barro

A peza feita en madeira brila pola sobriedade compositiva e pureza de liñas sen ningunha concesión ó ornato, priorizando a función utilitaria sobre a estética, e só potenciando con elegancia as partes definitorias da peza como son o bico, a asa e a tapa. Pola contra, o xarro de Gundivós xoga coa monocromía negra da resina de pez e dálle gran protagonismo á decoración, cos vincos, bigotes pendurados da biquela e olliños a xeito de botóns a carón dunha recreación que pretende simbolizar certa antropomorfización para narrar a lenda de "coidado, que o viño non é auga", xa que ao elevar a xarra para beber, esos ollos miran cara ti advertíndote do perigo dos excesos.Polo tanto, unha mesma peza, un mesmo concepto pero cun tratamento creativo moi diferente, pero sen perder a súa utilidade e razón de ser: a dun recipiente aberto que serve para conter liquído.

Nateira torneada en madeira

Nateira de Bonxe

A nateira feita en madeira é máis estilizada e esbelta, amosando con mestría todos os cortes e desbastes que a peza en sí tivo que levar ata definir a súa silueta, definindo un corpo moi oblongo acotado por un pé cónico de sustento e unha boca ampla para introducir o mazo do leite. De novo voltamos á sobriedade que deixa a madeira como protagonista absoluta. Pola súa banda,a nateira de barro de Bonxe xoga coa bicromía do barro cocido e coa pintura de engobe blanco diluída formando arcadas, cenefas e medias lúas baixo as cales se apostan pequenos botonciños (formas abertas fronte a formas pechadas), concedendo espazo ao decorativo, pero sen poder prescindir da

madeira ao utilizar o mazo e a rodela deste material, creando así un hibrido de materias primas.

Cunca en madeira

Cunca de barro de Buño

A cunca torneada é unha peza fantástica, pois xoga co contraste dunha superficie branca que se ve invadida pola negrura dun fantástico veteado que lle imprime moita presenza e personalidade, ó convertirse nunha característica diferenciadora. Pola súa parte, a cunca de Buño presenta un pé cónico, non é unha base lisa e maior concavidade para o líquido, asemade toda a súa superficie se ve circundada por unha decoración fitomórfica emulando pequenos ramallos.

11 Técnicas embelecedoras: a incrustación

11. Técnicas emeblecedoras: a incrustación

Tradicionalmente, a incrustación e a marquetería evolucionaron de xeito paralelo, en numerosas ocasións, incluso foron confundidas. Moitas veces, se lles considerou dous aspectos ou procedementos distintos dunha mesma técnica, malia que, de feito, presentan diferencias tan sustanciais que resulta incuestionable o seu tratamento como técnicas diferentes.Pertencen, non obstante, á mesma familia de procedementos decorativos. Ao longo da historia da arte, esta confusión entre ambas técnicass decorativas mantívose. Habitualmente, combinouselles entre sí nunha mesma decoración, o cal favoreceu a confusión dos termos[36].

A incrustación é a técnica que consiste en decorar a madeira maciza embutindo con incisións ou rebaixes realizados a tal efecto pezas de diversos materiais.

Exemplo de incrustación na madeira

[36] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.87

Os primeiros vestixios desta técnica aparecen nuns frixos realizados en pedra durante o período protodinástico, en Exipto. Esta civilización deixounos múltiples exemplos de mobiliario decorado a partir da incrustación de xemas, pedras duras, pezas de materiais preciosos e madeiras exóticas. Durante a época romana, empregouse para decorar con mármores e pedras duras estancias e pezas de mobiliario.Dende a Idade Media, e como consecuencia de influencia árabe na península Ibérica, xeneralizouse a incrustación de pezas pequenas triangulares, romboidais e de filetes que recibiu o nome de taracea múdexar[37]. En Italia xurdiu a taracea cartuxana, que non é outra cousa que unhas tiras ou paneis de marquetería formados por multitude pezas minúsculas, que, en ocasións, se incrustan na madeira maciza; por esta razón, inclínasemonos a considerala un tipo moi específico de marquetería.A incrustación, como técnica, tivo continuidade durante a época moderna, cando se comenzaron a empregar madeiras exóticas (séculos XVII e XVIII) e materiais moi específicos como o nácar e algunhas aleacións metálicas.O seu uso chegou ata a actualidade, restrinxindo a pezas de mobiliario costosas.

A incrustación por filete faise cunha técnica diferente, en función dos materiais que a constituían. A preparación da madeira, en cambio, sempre será similar, consistirá no mercado e rebaixado da mesma. O material do que está composto o filete condicionará o tipo de adhesivo que se usa, o asentamento das pezas e o acabado final.Tamén se poden incrustar regruesos, para o cal é imprescindible rebaixar uniformemente a maderia ata acadar unha profundidade suficiente que asegura un asentamento correcto das pezas.Dependendo do grosor da zona, úsase un formón se a superficie é pequena ou un cepillo tupí manual[38]

Pola outa banda a marquetería é outra técnica, considerada por algúns unha arte, de compoñer debuxos ou formas xeométricas por medio da incrustación nun soporte de madeira de pequenos fragmentos de chapas de madeira (de ébano, caoba…), pezas de metal (ouro, prata…), cuncha ou marfím que queden ao mesmo nivel, formando unha

[37] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.87
[38] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.91

superficie continua. Trátase dun proceso longo e laborioso, xa que os materiais empregados, dado o seu formato de láminas finas, son sumamente fráxiles[39]. Para recortar chapas de madeira, é preciso reforzalas primeiro encolando papel e confeccionando pequenos paquetes, para evitar que se astillen ou rompan e para conseguir nun só corte varios exemplares idénticos.Estos aspectos condicionarán o proceso de traballo, que requirá a confección e a desmontaxe de paquetes e sucesivos prensados para rixidizar e encolar as chapas ó soporte. Como podemos apreciar, a técnica é completamente diferente da incrustación e o proceso é moito máis complexo.

Incrustación de madeira con filete

A decoración con marquetería remóntase ás antigas civilizacións de Asia Menor e de Exipto, cando se empregaban finas láminas de mármore como decoración mural. Con toda seguridade, o mesmo procedemento se usaba sobre madeira en obxectos de mobiliario.A técnica difundiuse sobremaneira durante a época romana e acadou gran refinamento[40]

[39] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.94

[40] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.94.

Os traballos de marquetería en madeira tamén recibían o nome de taracea. A taracea cartuxana (chamada asemesmo certosina) considerase a primeira técnica de marquetería empregada durantre o período medieval.Debe o seu nome, os irmáns cartuxos (orde de San Bruno), que realizaran pequenas composicións a partir de diferentes madeiras, óso, marfím e madreperla, formando motivos decorativos xeométricos. Este tipo de taracea empregouse sobre todo nos séculos XIV e XV nas rexións do norte de Italia.

Outro tipo de marquetería foi a denominada taracea pictórica.Consistía en representar, mediante traballos de marquetería, escenas naturalistas en perspectiva, por exemplo, naturezas mortas, figuras xeométricas, paisaxes e trampantollos.Súponse que se comenzou a empregar no século XIV en Siena. Durante os séculos XV e XVI, en Italia usouse con profusión sobre pezas de mobiliario e para decorar por completo habitacións enteiras ou grandes superficies como as sillerías de coro.

En Holanda e Alemaña a marquetería adquire importancia durante os séculos XVI e XVII, en que se constriu un tipo de mobiliario axeitado a esta sorte de decoración; todos os mobles dispoñían de grandes portas e paneis aptos para albergar unha grande variedade de temas. A colonización por parte de Europa durante so séculos XVI e XVII de territorios de ultramar[41], introduciu o uso de madeiras exóticas na marquetería.En Francia, durante o século XVII, grazas ao impulso da Manufactura Royales des Muebles de la Couronne, a marquetería ocupou o primeiro lugar dentro do ámbito europeo. André-Charles Boulle desarrollou a técnica empregando materiais refinados e costosos como a madreperla, o carei, o cobre e o bronce dourado.

Durante o século XVIII, o seu uso xeneralizouse en toda Europa, utilizándose xunto cas madeiras locais, especies exóticas como o palisando, o rosal, a caoba, o limociño…A decoración en marquetería empregouse tamén no século XIX e acadou o seu máximo esplendor durante o Modernismo, etapa na que se empleou sobre pezas do mobiliario, formando parte do concepto de decoración global, en moitas ocasións, compartindo soporte con outras técnicas. Cabe sinalar que Cataluña foi un dos grandes centros de producción de marquetería durante este período.

[41] Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.94.

Pódese facer marquetería con filete ou de tipo xeométrico ou ben de inspiración creativa: motivos zoomorfos, antropomorfos, fitomórficos, etc.

Marquetería: forma estrelada

12 Mostra das pezas da expo do Centrad: ConTornos

A continuación, adxuntamos as imaxes dos traballo artísticos presentados como pezas integradoras da colección para a exposición ConTornos,

1

Botella

Teo Criado Hernández

11x31 cm

Acacia amarga

2

Copa

Fermín García Hernández

7x 23,5 cm

Ébano

3

Caixa

Igor García Criado

10 x 21, 5 cm

Ébano de Makassar, Aligustre, cedro

4

Xadrez

Pablo Pérez Castiñeira

14 x 6 cm

Prádio, Iroko, Ébano

5

Cunca

Manuel García Rodríguez

16,5 x 5,5 cm

Carballo pasmado

6

Bomboneira

Alfonso Franco Criado

16x 12 cm

Teixo, Nogal

7

Bomboneira

Adolfo Mira Sánchez

15x 10,5 cm

Pao roxo, castiñeiro e granadillo

8



Caixa con testo

Guillermo Lamberti

22x 14,5 cm

Cerdeira, Amaranto, Freixo, Penambuco, Acebuche.

9

Copa cadrada

Jesús M. Alonso Pérez

8,5 x 20 cm

Mongoi

10

Palabras

Adrián Pena Iglesias

5 x 30 cm

Pradio

11

Xarra

J. Ángel Ramil Pereira

15x 22 cm

Pradio

12

Copa

Idalio Días

9 x 15,5 cm

Buxo

13

Prato

Javier Palacios

23x 2,5 cm

Pradio

14

Miguel López

25 x 6,5 cm

Faia

15

J. Ramón Rego Chao

18 x 16 cm

Pereira, Ébano

16

Caixa con testo

Julio Guntín Curras

18 x 14,5 cm

Teixo, Buxo, Ébano

17

Manuel Sueiro

16, 5 x 16,5 cm

Cerdeira

18

José García Otero

22,5 x 10 cm

Acacia brava

19

Segmentado

Jose M. Pedros Doce

23 x 14,5 cm

Ameneiro, Sapeli, Faia

20

Cunca

Jaques Charpenteau

10 x 10 cm

Figueira

21

Junípero

Rafael Sagi

28 x 25 cm

Sabina de Tenerife

22

Gabriel de Fuentes

20 x 25 cm

Encina

23

Prato

Francisco Boyero

40 x 4 cm

Bubinga, chumbera con resina.

24

Julio Castro

5 x 19 x 40 cm

Freixo

25

Prato

Alfonso Arrieta

40x 5 cm

Chopo

26

Roberto Rosal

26 x 35 cm

Carballo, noceira, acacia

27

Nateira

Manuel Castro

20, 5 x 31,5 cm

28

Christian Delhon

10,5 x 49 cm

Buxo, Marfil

29

Éxodo

Jesús Abad

100 x 50 x 60 cm

Olivo, faia

30

Premios 2014

Fernando Vérez

9 x 19,5 cm

Freixo

31

Premios 2014

Julio Guntín

15 x 23 cm

Teixo, ébano

32

Premios 2014

Antolín González

19 X 17, 5 cm

Faia pasmada

12 Conclusións

12. Conclusións

Non cabe dúbida que a arte de embelecela madeira acompañanos dende tempos case inmemorais, pero o feito da industrialización e da mecanización fixo cambiar moitos aspectos no eido artesanal e provocou á para un novo estilo de vida, é dicir, moitas pezas funcionais caeron en desuso por perder a súa utilidade.

Tocaba darlle paso á dimensión estética, e a tornería tampouco podía permanecer allea a este novo fenómeno, pese a modernizarse con tornos mecánicos e maior especialización técnica, tivo que inxeniarsas para continuar estando en vigor e sendo interese e aceptación da xente para que collesen gusto e demandasen os seus productos.Pero cambiando a perspectiva, xa non se ve como un obxecto manufacturado senón que se ve unha peza dotada de arte e mestría, que merece a pena posuír.

Grazas a iniciativas como o encontro de torneiros en Xermade, consiguese dar difusión, dar a coñecer e pór en valor este oficio que de, non ser por iniciativas de asociacionismo como estas, caería totalmente no esquecemento e, condenaríase, así a extinguirse deixando borrar un pasado plagado de fermosas creacións saídas da man do home.

En definitiva, pretendeuse con este traballo pór de manifesto e resalte como dunha materia prima como é a madeira poden crearse esculturas e un sinfín de creativos obxetos que medran ó abeiro da habilidade e da mañá das persoas que con mimo e cariño coidan este oficio e o fan digno, día tras día, con sacrificio e abnegación.

O destino quixo que Xermade se convertise no berce dunha tradición que comezou balbuceante, pero hoxe érguese con forte voz para proclamar abertamente o respaldo a cultura de seu, a cultura do noso e a cultura dun patrimonio abocado a quedarse e non recluírse.

13 Compendio bibliográfico

13. Bibliografía

1. AA.VV. Lei Xeral de Cooperativas.Lei de sociedades anónimas laborais. Lei de Réxime Fiscal de cooperativas. Servicio Publicacións de Deputación Provincial de Lugo, Lugo, 1994.
2. Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998.
3. Artesanía y Diseño, Centro de (coord.): Catálogo de ConTornos. Deputación de Lugo, 2016.
4. Blanco Freijeiro, A.; Arte griego, Centro Superior de Investigaciones Científicas, Madrid, 2000.
5. Boekholt, A.: *Manos hábiles*. Ed. Vilamala.
6. Cañada, Silverio: *Gran Enciclopedia Galega*, tomo 44, El Progreso- Diario de Pontevedra, 2003.
7. Cisneros Cunchillos, M. e González Pena, M.L.: El trabajo de la piedra: Calatarao. Narria, 1990.
8. Cobijo, Ed. Blume
9. Consulta informática: Breve manual de investigación.
10. D´Alambert y Diderot. Enciclopedia francesa.
11. Diccionario de arte I Biblioteca de consulta Larousse, editorial RBA , BPradairolona 2003
12. El arte de construir muebles, Ed. José Montesó
13. Enciclopedia del hogar. Ed. Sopena.
14. Feito, J.M.: *La artesanía popular asturiana.* Ed. Ayalga.
15. Fontoira Surís, R.: Fábricas de cantería, Deputación de Pontevedra.
16. García López, MPradairolino: *Manual del carpintero y ebanista.* Librería de Cuesta, Madrid, 1879.
17. Garmendia Larrañaga: *Artesanía vasca.* Ed. Auñamendi.
18. Garmendia Larrañaga: *De etnografía vasca.* Ed. C.A.P de Guipúzcoa.

19. Höner, Heinrich, *Alrededor del trabajo de la madera*, Ed. Reverté.
20. http://www.laopiniondezamora.es/benavente/2016/05/22/contornos-prepara-iv-encuentro-torneros-santa-cristina/926996.html
21. http://www.lne.es/centro/2015/04/17/70-artesanos-madera-acudiran-encuentro/1742483.html.
22. La madera, Ed. Blume.
23. Le catalogue des resources. Ed. Libraire Paralleles.
24. Leroi- Guorgan, André: *L´homme et la matiére. Milieu et techniques.* Ed. Albin Michel.
25. Lorenzo Fernández, Xaquín: Etnografía.Cultural Material en Otero Pedrayo, R. (dir.), Historia de Galiza, vol. II, Akal, Madrid.
26. Manual de Manejo Forestal, Gobierno Vasco.
27. Manual del carpintero ebanista. Librería Salustiana.
28. Martín, Roland., Arquitectura griega, Madrid: Aguilar, cop.:1989.
29. Martínez Rossy, I. et al.: Caleros y Canteros, Ediciones de la Diputación de Salamanca.
30. Méndez García, Rosa Mª: A cestería. Unidade didáctica do Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 1993.
31. Méndez Lojo, Isabel: Os canteiros. Unidade didáctica do Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2001.
32. N.W. Kay, *Carpintería de armar y de taller.* Ed. Gustavo Gili.
33. Obradoiro de artesanía: publicación semestral de Artesanía de Galicia. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Comercio, Consellería de Economía e Industria, 2008.
34. Olano Silva, V.: Os canteiros. Boletín da Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo, tomo IV.
35. Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000.
36. Publicacións do CAT, Vigo.

37. R. Wearing: *200 recursos para el trabajo de la madera,* CEAC ed.
38. Reyero, Carlos; Historia del arte, Nexos editorial Grupo Santillana Ediciones, 2001
39. Robertson, D.S.: Arquitectura griega y romana, Madrid: Cátedra, D.L.1985
40. Rodríguez Fraíz, A: Canteiros e artistas de Terras de Montes e Ribeiras do Lérez, Deputación de Pontevedra, Pontevedra.
41. Rousseau, Jean Jacques: *El contrato social*. Editorial PPP Poesía y prosa popular, Madrid, 1984.
42. Rozier, Abate: *Diccionario de agricultura.* Ed. Ignacio Boix, Madrid, 1843, trad. Juan Álvarez Guerra.
43. Segarra, J.R.: *Pintura y decoración del hogar*. Ed. Sintes, 1953.
44. Soroa J.Mª y Castro C.F.: *Manual del constructor y formulario,* Bailliere e hijos, 1898.
45. Spawforth, Tony, Los templos griegos, editorial Akal – Grandes temas, Madrid, 2007
46. Stokes, G.: *Práctica del torneado de la madera,* CEAC, ed, 1999.
47. Stokes, G.: Torneado creativo de la madera, CEAC, ed.
48. Storch de Gracia, Jacobo, El arte griego I, Historia del arte, Historia 16.
49. Tecnología de la madera, Librería Salustiana.
50. Trabajo manual de la madera, tomos I y II, CEAC ed.
51. V. Rubio: *Construcción en madera,* tesis de la Escuela de Arquitectura de San Sebastián (sin publicar)
52. Wöllmann, *Trabajos manuales para jóvenes,* Ed. Labor.

14

ANEXOS

14. Anexos: outras materias primas: o traballo da pedra.

14.1. A fonte da madeira: as árbores

AS ÁRBORES

Freixo (Fraxinus sp)

É a arbore que segundo a mitoloxía xermana sostén o mundo.

- Madeira: Branca, dura e tenaz, de fibras longas. De contracción media. Excelente cando se requiran elasticidade e flexibilidade, malia que algunhas son excepcionalmente ríxidas.Moi resistente ao choque e ás vibracións. As árbores de máis rápido crecemento dan madeiras máis densas. É perecedeira e inaxeitada para exteriores, a menos que sexa previamente tratada. Sécase pronto e resulta moderadamente estable.
- Traballo: sérrase e tráballase a máquina con facilidade. Proporciona un bo acabado malia que ás veces solten astilas cando se cepilla. Pode doblarse ao vapor sen ningunha dificultade e tamén cocéndoa.
- Usos: Serve para a fabricación de útiles de labranza e transporte, e en estrada fanse moitas pezas. arcos, radio e cubos das rodas, eixos, lanzas e todas aquelas que requiran resistencia e elasticidad. Resortes, bielas de transmisión de máquinas, poleas, pezas cimbradas e curvadas (cadeiras, bieldos, etc.), mobles, ebanistería fina, escaleiras de man, remos, esquís, arcos, etc. Os mangos de freixo son moi bós e resisten en ferramentas de traballo duro como mazos, machados, etc. Para facer estiles (mangos de gadaña) adoitan cuartear, esto é, fender a madeira en catro pedazos para quitar o corazón, pois ás veces ten a médula blanda. Desta madeira seca nunca se tira nada: os

pedazos pequenos serven para dentes de garabatos, cuñas de gadaña, caravilleiros, etc.

- Leña: "Queima freixo verde, digno dunha raíña". Arde tan ben que se pode botar ao lume incluso verde ou húmido, e velaí vai outro dito: " o freixo díxolle á foya (haia en bable), osté anda desventurada si no fuera por vergüenza ardiera bajo el agua".Da un excelente carbón.

Faia (Fagus silvatica)

- Madeira: Os chans calizos dan as mellores calidades de haia, madeiras de cor clara chamadas "faia dulce", fáciles de traballar e de contracción relativamente moderada.Sobre terreos silíceos é máis nervosa. En lugares cálidos proporciona unha madeira dura, nerviosa, de crecemento rápido, densidade elevada, ás veces dificilmente utilizable a causa da forte contracción que sofre ao secarse. Requentase fácilmente e debe ser aserrara e posta a secar rápidamente despois de abatida a árbore. A malla da haia é moi visible, sexa en corte radial ou tanxencial. Esta madeira é de gran fino e estructura regular, compórtase ben en comprensión, ten boa cohesión transversal, resistencia relativamente elevada. É rixída e inflexible. Na auga ennegrecese e apodrece rápidamente, e á intemperie é pouco duradeira tamén. É pouco estable e ante cambios na humidade resulta extraordinariamente activa.
- Traballo: Cepíllase ben e non se abre doadamente, o que a fai recomendable para a construcción de tuercas e outras pezas da maquinaria e carretería. Ao vapor defórmase con facilidade e toma unha cor pardo roxiza. Unha vez vaporizada, a madeira queda perfectamente estable e pode empregarse en instrumentos de precisión como regras e bastidores de serras. Tórnease moi ben. Exposta a un lume alimentado polos seus propios refugallos endúrecese moito.
- Secado: Seca pronto pero tende a torcerse.Unha vez seca sufre movementos moi apreciables.
- Usos: Empregáse con innumerables fins. Entarimados, mobles (cadeiras, mesas), mangos de ferramentas e cepillos (de púas, cerdas, etc.), enseres de cociña (vasos, cuncas, culleres de madeira), madreñas, remos, etc. Tratada ao vapor e

curvada, emprégase en mobles cimbrados, arcos de cedazo, etc. e en doelas e fondos de barril, para gardar e transportar fariña, cemento, xabóns graxos, salazóns, petróleo. As partes altas da copa ao nivel das primeiras pólas utilízanse para facer travesas para o ferrocarril, se lles inxecta creosota e teñen entón unha duración case igual á do carballo.

- Leña: É un combustible excelente, especialmente apreciado para quentar fornos de pan. As polas utilizaronse moito para facer carbón e para leña, por iso hoxe vemos tantas haias "desmochadas" cun crecemento de pólas que denota a forte poda a que foron sometidas. Por destilación seca da outros produtos como alcatrán, creosota, ácido acético, etc.

Bidueiro (Betula sp.)

É arbore dos mortos, da vida e da ciencia.

- Madeira: Blanca, débilmente laranxa ou rosada. Lixeira ou semipesada, de boa resistencia mecánica, pouca dureza pero gran tenacidade, bastante flexible.En condicións favorables á putrefacción dura moi pouco. Algo mellor co freixo, en canto a resistencia, agás na dureza. É máis forte e dura parte exterior ca interior, polo que é preferible non quitar demasiada madeira exterior ao traballala. Repele ós insectos. Trabállase moi ben e ao secarse escacha moi doadamente.
- Usos: En carpintería e carrocería, carretería, mobles, entarimados, traballos de torneado, montantes de escaleiras, timóns, chantas, rodas, esquís, mangos de escoba, madreñas, vasos e outros recipientes para o leite, caixiñas, pipas, etc. As ramiñas finas serven para facer escobas e cepillos bastos, e algo máis grosas

para cestas e sogas flexibles (en algúns lugares se utilizan para amarrar as almadías)

- Leña: É bo combustible, de elevado poder calorífico.Da un excelente carbón de brasa intensa e duradeira, usado nas forxas e para facer pólvora.
- Cortiza: É rica en taninos, dos que se extrae un aceite moi usado para curtir peles (pel de Rusia). É impermeable e case imputrescible polo que serve de subsuelo para pavimentos sobre pedra ou terreos húmidos.As mulleres vikingas pintábanse os ollos con ela ennegrecida polo lume.Tamén se facían as yérgolas (teas ou velas): por Santiago recollíase e enrolábase sobre sí mesma. Logo atábase cunha herba ou xesta para que non se desenroscara e deixábase secar; unha vez seca, serve para o alumeado, dura menos que a cera, pero a chama clara e serena e o olor exquisito merecen a pena, e tamén serven para encender o lume. Cando mellor se separa é ben entrada a primaveira. Se se corta tamén a corteza interior (o cambium), non volta rexenerarse, a árbore queda espida e morre. Ambas "cortizas" usaronse para facer polainas, sandalias, tellas para teitumes (para este uso serve tamén só a exterior), caixas, etc. En tempos de carestía usouse a cortiza interna, molida e mesturada con outros alimentos, pola fécula e azucre que contén (lembremos as marabillosas virtudes da auga de vida ou savia de bidueiro)

Olmeiro (Ulmus sp.)

- Madeira: é dura e pesada, de fibras entrelazadas, resiste ben a compresióm axial e transversal, difícil de fender, de forte cohesión transversal, soporta ben o cizallamento. A albura é case tan boa como o corazón.O gran a miúdo é irregular.É duradeira e os fungos atacánlle difícilmente. Precisa un secado rápido para que non se quente; seca pronto e se ten gran irregular tende a torcerse.
- Traballo: cepíllase mal por ser o gran bastante apretado. O pulimento e barnizado son asemesmo difíciles, sen embargo trabállase ben en xeral. Absorbe a cola por ser porosa. Non se agrieta e córtase fácilmente.

- Usos: empregase sempre que se require gran forza e cohesión. Convén tamén para as pezas que han de levar moitos ous grandes buratos. É común en carpintaría especial, construcción de escaleiras, apuntalamentos e pilotes, pois se comporta moi ben no chan húmido e en contacto coa auga: para cañerías, subterráneas ou non, dura moitísimo (séculos), e serve en xeral para todo tipo de construccións que vaian a permanecer na auga, como barcas, embarcadeiros, canais, etc. sirve mellor que ningunha outra por ser sólida índa cando as súas fibras estén retorcidas. É a madeira típica de carretería en razón da súa forte cohesión, e para cubos de roda (peza central onde se encaixan os radios) serve especialmente a de fibra revirada. Por ser dura, pesada e partirse moi difícilmente emprégase para mazos, tallos e bancos de carpinteiro. Emprégase tamén para facer táboas de chilla, cofres, mobles, entarimados, bolos de tornería, e os nós para as cazoletas de pipa. A cortiza entretecida emprégabase para camastros, esteiras e cordas; en xeral ten os mesmos ussos que a de bidueiro.

- Leña: Arde mal a non ser en finas astilas. Dise que "o olmeiro arde como o lume fatuo do cemiterio e ata as súas mesmas chamas son frías".

Carballo e aciñeira (Quercus sp.)

Cunqueiro dicía que en terras de Miranda "o lobo trata de vostede ao carballo, mentras co carballo permítese tutear ao lobo". Esta árbores recibiron sempere unha veneración moi especial. Os carballos e a aciñeria presentan propiedades moi parecidas, pois en van son parentes. Falaremos deles coma se se tratase dunha árbore só.

- Madeira: Ten gran dureza e resistencia á auga, dentro da cal se endurece índa máis. As súas excelentes cualidades fixeron que sexa unha das máis buscadas, e por elo a poboación de carballos descende vertixinosamente. As fibras son longas, rectas e flexibles, o gran groso e tosco. Cando a árbore medra rápidamente, a madeira adoita ser densa, forte, duradeira e dura, de xeito que pode resultar bastante difícil de traballar. A contracción depende tamén da procedencia: a madeira blanda sofre unha contracción media ou feble e a dura é de forte contracción.Os clavos que se meten no carballo, especialmente se a madeira está algo fresca, son case imposibles de sacar: "o carballo díxolle o cravo, a cabeza sacarás pero deixarás o rabo". Cómprendese que non se empregue a cravazón para pezas que tan só han de unirse provisionalmente; sen embargo, é a madeira perfecta para clavar ou meter tirafondos que teñan que quedar para sempre. Resiste á compresión e flexión. É medianamente elástica e flexible. Féndese doadamente pola malla. O secado artificial é bastante delicado, sobre todo o de carballo duro e nervioso.
- Usos: a cortiza serve para curtir. As tiras desta madeira fendida usanse para facer cestos moi duradeiros.

A madeira emprégase especialmente para maquinarias e construccións navais e acuáticas, travesas de ferrocarril, etc. En estruturas de edificios presenta gran solidez e duración, e é moi estimada na fabricación de mobles, ebanistería, revestimentos, entarimados, bastidores de portas e xanelas. Prefírese paras a doelas dos barrís de whisky, Xérez e toda clase de viños, pois lles comunica o seu sabor añejo característico. En carretería é moi apreciada a madeira nerviosa para rodas e pezas fortes.

A aciñeira, de moi longa malla, moi dura e flexible, serve para pezas de máquinas, mangos de ferramenta, mazos, caixas de cepillos e garlopas, arados, etc. Senón se ten coidado, alabéase e agrieta moito ao secarse.

- Leña: Para leña adoitan usarse as pólas da poda. Ten gran poder calorífico e é moi solicitada polos carboneiros.Antigamente, varas ben secas de carballo utilizabanse para alumear: acendíanse pola punta que fora fendida ou machacada para abrila un pouco e non se apagaban ata que se consumínan por enteiro.

Folla de carballo co froito

Árbore dun carballo

Folla dunha aciñeira
Árbore dunha aciñeira

Castiñeiro (Castanea sativa)

- Madeira: é comparable en cando a propiedades coa do carballo, malia que se distingue deste pola ausencia de malla visible. A madeira é moi duradeira, especialmente baixo a auga. En ambiente húmido pode corroer pezas de ferro, pero empotrada en mampostería corrompese doadamente. Resiste ben aos insectos. É moi fibrosa. O secado ten que ser lento.Contráese moito.
- Traballo: Fende fácilmente. É máis doado de traballar co roble, malia que non se cepille ben. Préstase a ser curvada e unha vez seca é moi estable.
- Usos: Para escalas, pértigas e estacas bastan pezas de pouco diámetro, que en proporción teñen moito duramen.As pezas de maiores dimensións serven en carpintería e ebanistería e reemplazan ao carballo para facer mesas, armarios e

todo tipo de mobles. As chapas proporcionan un revestimento sinxelo e agradable. É excelente para exteriores e empregáse en construcción.As táboas esgalladas radialmente e colocadas a xeito de escamasa serven para cubrir teitos e paredes. A miúdo emprégase fendida ou non para facer valados. As tiras de castiñeiro son un excelente material para confeccionar cestos. Tambén se fan con ela "parihuelas" para o transporte en cabaleirías, e varas novas rachadas serven para facer cinchos de toneis. Antigamente, facíanse cintos con tiras da cortiza.

Nogueira (Juglans sp.)

Tálase cando durante algún tempo antes reinou o vento norte, seco e frío.

- Madeira: É semipesada, de boas resistencias mecánicas, pouco nervosa e pouco variable ós cambios de humidade, moderamente resistente ós fungos, duradeira, tenaz e elástica, féndese e agrieta moi difícilmente. O seu corazón é moi belo. É doada de traballar, encolar, pulir, barnizar, etc. Sécase con lentitude.
- Usos: En ebanistería, mobles, escaleiras elegantes, marquetería, torneado, escultura, moldes de fundición e hélices de avión. Coa cortiza verde do froito faise a nogalina.

Pradairo (Acer sp.)

- Madeira: é homoxénea, de grao fino, semidura, pouco nerviosa, de boas resistencias mecánicas. A máis aprezada é a do *pseudoplatanus*, particularmente para ebanistería e decoración. É moi blanca e normalmente ten a fibra continua, pero ás veces, presenta unha fibra ondulada moi aprezada. A súa gran densidade e fina textura confirenlle unha gran resistencia á abrasión. Non lle ataca a carcoma. Os pradairos campestre e *platanoides* tamén posúen un grao bastante fino e empreganse máis ou menos igual ca haia. Secánse ben malia que lentamente, e son moderamente estables.
- Traballo: É fácil de serrar, cepillar, tornear e adquire un pulimentos moi fino e e brilante[42].

[42] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.41

- Usos: é madeira de ebanistería, tornería e carpintaría, empregada na fabricadción de mobles, obxectos torneados ou esculpidos, instrumentos de música e pezas delicadas, cuncas e outros recipientes e utensilios de cociña.



Serbal (Sorbus sp.)

Tódalas especies de serbal teñen parecidas propiedades.

- Madeira: é moi blanca e fermosa, homoxénea. A pesar da súa densidade a tendencia á contracción e relativamente feble.

  Tráballase ben pero é algo difícil de serrar, pois pola súa dureza embota as ferramentas cortantes. Cepilla e púlese excelentemente. É dura, resistente ao uso e desgaste e de excelentes propiedades mecánicas. É forte e tenaz. En condicións favorables á podredume é pouco duradeira.
- Usos: é moi buscada en ebanistería e torneado. Serve para a fabricación de certas pezas de máquinas que han de sufrir grandes rozamentos, para a confección de caixas de cepillos e garlopas, pequenos obxectos torneados como carretes,

rodillos, mangos de ferramentas, fusos, fusillos de prensas de aceite, viño, sidra, etc. e boa para tallar carretes de lanzadeira onde se devana o fío (canillas), gravados e esculturas artísticas.Debe secarse lentamente para previr a torsión. As ramillas finas da especie *aucuparia* serven para cestaría. Fai anos, en Asturias facíanse recipientes con cortiza cosida, enchíanse de arándanos e enviabánse á Arxentina en barco, e din que grazas ás propiedades desta cortiza chegaban tan frescos.



Cereixo (Prunus sp.)

Aprecíase moito para mobles e ebanistería, sobre todo cando o ton é claro.

- Madeira: Tráballase moi ben e é susceptible de bo pulimento. Templada en auga de cal ou en ácidos durante 24 horas, adquire un tinte vermello moi pronunciado. Debe secarse con precaución, pois tende a torcerse, pero unha vez seca é bastante estable.Ten boa resistencia, malia que non é particularmente ríxida. Sérrase doadamente e trabállase ben tanto a man como a máquina. Dura moito tempo en exteriores.

- Usos: Para dentes de engranaxes, tallas, carpintería e ebanistería. A súa leña é un combustible excelente.

Pereira (Pyrus communis)

A súa textura é moi fina e uniforme, sécase despacio e tende a torcerse, especialmente se a fibra é irregular. É forte, moi resistente e rara vez se esgalla, bastante dura de serrar e embota un pouca a ferramenta, pero en xeral tráballase e acaba ben. Dura pouco en medios desfavorables. Utilizase en marquetería, escultura, regras e escadras, pequenos obxetos torneados, etc.

Maceira (Malus sylvestris)

A madeira é parecida á do peral. É de textura fina, de cor clara ou parda, dura e forte, pesada. Seca lentamente e durante o secado tende a alabearse e agrietarse.Unha vez seca e estable. Utilizase para rodas dentadas de maquinaria, lanzadeiras, caixas de cepillos e garlopas, empuñaduras de serras, etc.

Sanguiño (Cornus mas)

É de consistencia córnea, moi compacta e pesada. Gran dureza e tenacidade, non resiste a podredume, difícil de traballar, malia que pode conferírselle un acabado moi suave.Seca ben pero lentamente. Polo tamaño reducido da árbore só se consigue pezas de pequenas dimensións. Debido a que non se desgasta polo traballo continuado úsase na industria téxtil para lanzadeiras e fusos, fusillos de prensas, arandelas, cojinetes,

caravillas, mangos de ferramentas inmellorables (machados, martillos, mazos), forcas, e ó igual que o serbal serve para engranaxes de maquinarias.

Avelaira (Corylus avellana)

Da unha madeira semidura, correosa e flexible, moi tenaz, pouco duradeira. Emprégase para aros de cubas e cestos.As varas máis rectas serven de bastón. Os zahoríes fan as forquillas coas que buscan auga e minerais con pólas deste arbusto, cortadas do grosor dun dedo e ata 40 cm. de lonxitude.Realizan a operación á saída do sol e preferiblemente en xuño. “La leña ablaniza (de “ablano” , avellano en bable) ni da fuego no ceniza, ni calienta al que la trae, ni tampoco al que la tiza”. O carbón emprégase en minas de lapis e pólvora.

Salgueiro (Salix sp)

A madeira é moi parecida á do álamo, sécase rápidamente e unha vez seca é estable. A pesar de que non é particularmente forte, absorbe os impactos sen fisurarse. Trabállase sen dificultade e adquire un bo acabado.É perecedeira en condicións que favorezan a putrefacción; lixeira e tenaz, fácil de fender. Por resistir a fricción e tardar moito en encenderse serve para zapatas de frenos. Úsase para madreñas, dentes de rastrelo, escultura e en carpintería de armar para cabrios pequenos e táboas de chilla. Pola súa facilidade para curvarse pódense facer con este madeira bos bastóns. As varas máis grosas dos salgueiros desmochados serven para estacas e zarzos.Para facer setos vivos plántase estaquillas (pólas e tronquiños), e se o lugar é algo húmido enraizan de contado. Adoitase entrelazar avelaira ou o mesmo salgueiro entre as estacas ata que medra. Se queremos ter salgueiros preto da casa, non hai árbore tan doada de plantar, malia que o plantemos ao revés, vive convertindo as súas polas en raíces, e viceversa. Coas pólas grosas fánse aros de cubas e coas delgadas atánse ristras de millo, cebolas, etc. Todos os salgueiros poden utilizarse para facer cestos, se ben o máis apropiado é o mimbreiro: recollense mellores vimbios cando xa se podou o ano anterior, entón as ramillas medran máis finas e dereitas.

A cortiza é rica en taninos e úsase para curtir; tamén da un colorante vermello vivo.En tiras permite facer esteiras e serve para amarrar. A salicina que contén é un sustituto san das “aspirina”. Ademáis fai ben os neumáticos.

Tileiro (Tila sp)

A madeira é lixeira, flexible, de grao moi fino, córtase doadamente en tódolos sentidos e tórnease moi ben. É blanda, ten pouca resistencia mecánica e duración. Sécase rápido e ben, e malia que presenta certa tendencia á torsión, unha vez curada é estable. Úsase en carpintería fina e modelado de fundición, e é unha das mellores madeira para ser tallada. Serve para utensilios e recipientes de leiterías por ser pouco susceptible de infectarse. Polas súa lixereza é a madeira preferida para estructuras de madeiras móbiles e escaleiras de man.A cortiza úsase para facer cestos e da unha fibra téxtil groseira, utilizada en cordelería e para facer redes e esteiras. Cortada lonxitudinalmente pode servir como canal de auga ou canalón de tellado. Cando se seca encolle un pouco, pero en canto recibe algo de auga exténdese de nova e así dura bastante tempo.

Ameneiro (Alnus glutinosa)

- Madeira: é blanca, blanda, de densidade media e textura fina, féndese fácilmente. En condicións normais, non é duradeira, sen embargo completa e sumerxida de

forma constante en auga dura indefinidamente e adquire resistencia e dureza. Sécase pronto e sen problemas.

- Traballo: admite o pulimento e o barniz. Como o seu gran é apretado préstase para traballos delicados. Sérrase e corta fácilmente, sempre que a ferramenta esté afiada.
- Usos: pola súa débil contracción serve para carpintería e armazóns de mobles. En construcción utilizase para pilotes, especialmente se han de ir baixo a auga, diques, etc. É excelente para o modelado de fundición, hormas de zapatos, zocos (aprecíase para esto pola súa lixereza), talla, pipas, lanzadeiras e bobinas, paus de escoba, dorso de cepillos, xoguetes, etc.
- Leña: é unha das madeiras que peor arde e proporciona un combustible de mala calidade, queima sen fume. O seu carbón emprégase na confección da pólvora.
- Cortiza: serve para curtir coiro e preparar tintes negros e vermellos.As fibras empregábanse para confeccionar redes de pesca,

Álamo (Populus sp.)

- Madeira: é blanda, lixeira, non se agrieta nin astilla fácilmente. É pouca nervosa e tende a putrefacción en condicións que a favorezcan. Sécase ben e é bastante estable.
- Traballo: sérrase e traballa con facilidade, pero a súa superficie tende a ser lanuda. Ao clavar nela, non se fende.
- Usos: para carpintería, interiores de mobles, molduras, tableros de portas, tabiques de barracas, entarimados, caixas, zocos.
- Leña: é moi mala, precisa un longo secado e o seu olor acre é molesto no interior das casas.

Acivro (Ilex aquifolium)

- Madeira: é blanca como o marfín e amarelea co tempo, moi dura e densa. O secado é difícil,e para previr a torsión, cara a que está moi inclinada, córtase en pequenas pezas. Unha vez seca pode alterarse coa humidade.
- Traballo: Difícil. Cepíllase con cepillos especiais, que teñen unha gran inclinación da folla.

- Usos: úsase en sustitución do buxo para matrices de imprenta e en grabados de madeira. Serve tamén para mangos de ferramenta, torneado, etc. Pola súa resistencia ao calor empregáse para mangos de cacerolas. A leña é un excelente combustible, a cortiza contén taninos e un principio viscoso utilizado para a fabricación da liga[43].

[43] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.43

Oliveira (Olea sp.)

A madeira é amarela, con vetas e manchas escuras, compacta, resistente e dura. O secado é moi delicado.Utílizase para tornear ou esculpir. Tamén para mangos de machada e outros.

A madeira é durísima e de gran prieto. Úsase para hacer instrumentos de xeometría e de música (gaitas, flautas), gravar e tornear, caixiña, peites, culleres, garfos, tallas, bolillos de facer encaixes, xoguetes. Resquebraxase con certa facilidade ao secarse e a miúdo desafía e mella a ferramenta coa que traballa.É moi pesada: afúndese na auga.

A madeira de buxo usouse preferentemente xunto a de pereira na xilografía, procedemento de reproducción de gravados que se empregou sobre todo no estampado de teas e naipes. Estos grabados fánse no buxo pola testa e na pereira ao fío. Tamén poden prepararse sellos para estampar en cartas e papeis, ou troqueis para marcar sobre o barro.

Boneteiro (Evonymus europaeus)

A súa madeira porosa e dura astillase e abre con facilidade e emprégase para agulla de media, caravillas, fusos e traballos de torneado. Queimada en vaso pechado da un carbonciño chamado fusain, útil para debuxo e pólvora. Contra os parásitos e sarna de animais e o home se usa o tóxico polbo dos froitos secos.

Duraznillo (Viburnum tinus)

Os seus tallos novos, moi flexibles, serven para facer lazos e cestos. Coa parte interna da cortiza e os brotes faise liga. A madeira é boa para pipas[44].

[44] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.44

Plátano (Platanus hybrida)

A súa madeira é lixeira, blanca, fibrosa, parecida a da haia, non se alabea ó secarse. Cónservase ben sumerxida na auga, pero no exterior non resite a humidade. É apropiada para molduras, carretería, etc. e bo combustible.

Abruñeiro (Prunus spinosa)

Da unha madeira dura, de cor parda roxiza, que se usa para facer bastóns e mangos de ferramentas. Oferta bo material de talla e un excelente peche para impedir a entrada de animais nos cultivos. Di unha tradición vasca que cando alguén é ferido coas súas espiñas, ten que pedir perdón ao arbusto.

Espiño Albar (Crataegus monogyna)

Os celtas dicían que nesta árbore viven as fadas. Ten unha madeira rosada, fácil de traballar, que serve para tallar e facer culleres, boles, etc. Coas súas pólas finas fánse bós bastóns. Os setos deste arbusto constitúen unha sólida defensa espinosa, e ás veces se cortan e entraman nas ramas con esta fin. Da boa leña para o forno de pan[45].

Breixo/ Torgueira (Erica sp.)

As raíces, normalmente grosas, usánse para facer obxectos de adorno e pipas. As pólas proporcionan boa leña, escobas para barrer e camas para o gando. Da un carbón excelente paras as forxas de ferrería.

[45] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, BPradairolona, 1998, p.44

Teixo (Taxus baccata)

Esta árbore que pode vivir ata 2.000 anos se se lle deixa, é todo lóxico agás a pulpa vermella que envolve as súas negras sementes. A madeira é moi dura, elástica, e de gran duración, e a miúdo mella a ferramenta coa que se traballan. Empleánno ebanistas, escultores e torneiros.Usouse para facer palas destinadas á extracción de mineral de cobre. Son eternos os postes e valados á intemperie feitos con esta madeira. Tamén se usa para facer culleres, arcos e bestas. Adquire un belo pulimento.

Ligustro (Ligustrum vulgare)

Ten unha madeira elástica, dura e resistente que se emprega en traballos miúdos de tornería. As pólas serven para cestaría fina.

Espiño cerval (Rhamnus cathartica)

A súa albura é branca e o duramen roxizo. A súa pesada madeira, fibrosa, toma bó pulimento, é boa para mangos de ferramentas e pequenas pezas de torneado. Da un combustible de excelente calidade.

Xenebreiro (Juniperus sp.)

A madeira, é moi dura, cónservase por moito tempo e repele ós insectos. As astilas usánse como mondadentes. A leña arde ben e da un bo olor. A resina, botada sobre as brasas, purifica o ambiente e desprende un aroma moi agradable. Con resina de enebro e aceite de linaza faise un líquido para lustrar a pintura e barnizar o ferro.

Ciprés ou alcipreste (Cupressus sp.)

É case imputrescible, admite ben o pulimento, é duro, resinoso e compacto; arde ben, co olor agradable.

Abeto (Abies pinisapo)

A súa madeira é doada de traballar e fender, de cor branca amarillenta, lixeira, blanda, elástica e moi resistente. É bastante duradeira se está sumerxida na auga ou totalmente ao aire, pero tórnase de contado mohosa ao cambiala dun ambiente húmido a outro seco e viceversa. Sécase con rapidez e sen complicacións. Empregase para andamios, armazóns e entramados as árbores cuxos aneis de crecemento anuais non sexan maiores de 6 a 7 mm. de espesor, pois se o tronco medrou demasiado deprisa ráxase fácilmente. Serven tamén para mastros e pezas de instrumentos de música[46].

[46] Abella, Ignacio: *El hombre y la madera*.El arte tradicional del trabajo de la madera. Desde el conocimiento de los árboles y la fabricación de las herramientas hasta la construcción de casas, muebles, molinos, tornos, toneles, zuecos, colmenas, juguetes, telares ruecas, instrumentos musicales, xixlografías y toda clase de utensilios domésticos. Editorial Integral, 4ª edición, Barcelona, 1998, p.45

Pino (Pinus sp)

O máis utilizado en España é o pino silvestre, tamén chamado pino albar ou vermello, escocés, pino do norte, balsain ou serrano.

A súa madeira é fácil de labrar, admite a cravazón e toma ben a cola. Sécase fácilmente e é estable, pero os nós tenden a separarse. As súas características varían en gran medida segundo as rexións onde medre.Cando a madeira desta especiee é de boa calidade, debe presentar sempre unha alternancia de vetas duras e blandas, máis claras.

Os usos varían moito segundo a calidade.Úsase a miúdo para a construcción, cubertas, armaduras, postes, estanterías, mobles, entarimados, portas e ventás. É a das madeiras máis baratas e comúns. Pola cantidade de resina que contén resiste moi ben á intemperie e o pino con piñas convén para pilotes.

Xunto ao alerce e ao ciprés, o pino é das madeiras máis utilizadas para postes de minas.

15. Exemplos do Certame de Torneiros de Xermade



Fonte: *Obradoiro de artesanía: publicación semestral de Artesanía de Galicia. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Comercio, Consellería de Economía e Industria, 2008, p.62 e ss.*

16. Outros medios físicos para a creación.

16.1. A fibra vexetal na cestaría

Falar de cestería en Galicia é falar de diversidade. Noméndoa ábrese un mundo múltiple. Unidade que se ha de manifestar tanto nos materiais empregados como nas formas dos artefactos resultantes. Os vimbios sobre os que se tocou esta realidade hainos que procurar no contexto natural, cun territorio caracterizado por unha cuberta vexetal variada e densa. Ao tempo é preciso sinalar o papel xogado pola evolución da rede territorial e económica, xa que a dispersión de poboación e o réxime de autoabastecemento que definiron a realidade rural de países até ben entrado o século XX, tiveron un papel activo na caracterización da cestería galega. Apuntar tamén a pegada que o dualismo mar-terra tivo na nosa realidade e que influiu de xeito claro na diversificación de tipoloxías. A estas formas engádeselle o factor tempo, e teremos a nosa cestería tradicional.

A cestería atopou na variedade vexetal do país, unha rica fonte da que se valer. Así aconteceu en especies como o castiñeiro (Castanea sativa), o carballo (Quercus robur), diversas especies de xénero Salex como o salgueiro (Salix caprea), a abelaira (Corylus avellana) e moitos outros. Houbo un profundo coñecemento das calidades e posibilidades de cada especie. Coñecementos que ían desde a maior ou menor flexibilidade dos materiais empregados até os mellores épocas de corta.

Atendendo aos materiais e técnicas constructivas na cestería de Galicia é posible describir catro grandes tipoloxías:

1. Cestería de varas.
2. Cestería en madeira rachada.
3. Cestería mixta.
4. Cestería de colmeiro.

A diversidade de formas e técnicas caracteriza a ***cestería de varas***. As técnicas constructivas deste tipo de cestería facilitan o uso de numerosas especies vexetais. Entre estas atopamos:

- o vimbio,
- o codeso,
- sanguiño

Destacan os cestos cuxas características básicas son os fondos cadrados ou rectangulares tecidos en perpendicular. Dentro deste grupo destacan os paxes que con variacións se poden atopar en Carballo, en Viveiro, de forma ovalada, ou na Coruña e Betanzos. Na Barbanza, a característica máis destacable é de orde constructiva, pois o cesto comezase pola parte superior. A base, que é de forma redonda, presenta a particularidade de se tecer como se fose un fondo cadrado. Por último, sinalar un grupo localizado no sur do país, desde O Rosal até Allariz, que presenta como característica identificativa a forma da base realizada mediante estrutura radial.

A ***cestería de madeira*** caracterízase por precisar unha preparación previa da materia prima coa que se vai traballar, o que vai determinar a existencia dun conxunto de ferramentas como a coitela, a podiña, e o ferro de furar. Este é un tipo de cestería con destacado protagonismo nas Serras Orientais, así como tamén en zonas da provincia de Pontevedra.

A partir dunha interacción entre as características de cestería de varas e de madeira labrada xorde unha ***cestería mixta***. É propia do interior do país localizada en lugares como Padrón, A Estrada, arredores de Lugo e A Limia.

Co vencello directo no cultivo dos cereais, aparece a ***cestería de colmeiro*** realizada mediante a técnica de espiral cosida e que emprega a palla e a silva como materiais. No pasado estivo presente en áreas de Coruña e sur de Ourense, mais o abandono dos cultivos do cereal determinaron a súa desaparición.

Como oficio caracterízabase pola súa heteroxeneidade. Así, é posibel diferenciar entre aqueles que traballaban no rural e os que desenvolvían o seu traballo no ámbito urbano. Podemos clasificar tamén os que tiñan o oficio como actividade permanente ou os que tiñan como temporal.

A dispersión e aillamento das comunidades condicionaron que moitos labregos fixeran os seus cestos segundo as súas necesidades.Aparece así a figura tradicional “d´ O

Milmañas", persoa con habilidades que realizaba cestos, mais que non tiña a consideración do cesteiro.

No ámbito rural, pola súa importancia, é preciso salientar aos cesteiros de Mondariz, en Pontevedra. Trátase, sen dúbida, dun grupo que presenta trazas gremiais, chegando a desenvolver unha fala. Este feito indícanos o alto grado de identificación coa actividade, e tamén o arraigo da mesma que permite agromar e desenvolver unha fala propia. Como testemuña desta realidade, aparece o traballo realizado por Peinador Lires, propietario de Aguas de Mondariz, quen recolleu nos anos 20 parte do vocabulario empregado polos cesteiros da zona. No rural, a actividade cesteira vivía ao ritmo dos ciclos agrarios e a producción aumentaba nos tempos de maior actividade, como a vendima ou o tempo do estercado.

Por ser lugares de encontro e transaccións no mundo labrego, o cesteiro facíase figura obligada nas feiras e mercados, e era alí onde se facían a maioría das vendas ao longo do ano.

Convén non esquencer a presenza da cestería nas tarefas de pesca.Cestas, patelas e terzos están presentes nas actividades do mar e a ribeira. O cesteiro era habitual nos peiraos e lonxas, e adoitaban levar consigo tiras labradas e ferramentas para realizar arranxos naqueles cestos deteriorados.

Cesto de Muros

Materia prima: vimbio con pel

Artesán/ procedencia: Sr. Dámaso. Serres (Muros)

Uso: labores de campo e mar.

Cesto viveiro

Materia prima: vimbio pelado

Artesán/ procedencia: Antonio Suárez Davila. Vigo.

Uso: para levar a cabo da pesca.



16.2. A pedra

A estabilidade e persistencia do deseño dos instrumentos dos canteiros chega a tal extremo que moitos deles datan alomenos de época romana, en particular o de labra. Os canteiros podían controlar a talla das pezas grazas ó emprego da plantilla.

Así como se distingue a mestría dun bo torneiro que o fai sobresaír entre o resto, o canteiro xa dende a época medieval, deixaba constancia do seu quefacer mediante un signo que se coñecer como signo lapidario que, algúns historiadores queren ver cómo a continuidade dos romanos *collegia fabrorun.*

Os canteiros, podían ser mamposteiros e traballar calquer tipo de pedra ou soamente unha tipoloxía en concreto, en Cantabria, berce dos canteiros transmeranos, existia a figura do cudonero que traballaba o cudón ou canto rodado de río soamente. Asemade, había os labrantes, adicados á construcción, que sabía facer perfectamente escadrada a sillería e, quizais, algún adorno tallado sinxelo, e os labrantes de tallas ou tallistas, adicados en exclusiva á escultura.

Había tres xeitos de aprender a "vivir" da pedra, que un pai ensinase a un fillo, que un mestre canteiro tomase a un aprendiz ou de xeito autodidacta. O saber ancestral pasaba de xeracións en xeracións, perpetuando o oficio, cunha estrutura piramidal laboral, na base atópabanse os aprendices, no seguinte eslabón os oficiais con diferente categoría (de primeira, de segunda, de terceira) e, por último, o mestre, e o xefe técnico que era que negociaba as obras, os contratos e delegaba as funcións. Traballabase en cuadrillas que adoitaban migrar temporalmente, falando así, dun certo tipo de asociacionismo.

O certo é que o traballo da pedra é tan antigo como o home e a súa importancia no nosa terra queda explicada pola abundancia e calidade da materia prima. Dolmens e castros dan testemuño da habilidade constructiva e de antigüedade deste oficio. Nos séculos XI e XII, Compostela deulles ocasión de exercer a súa profesión a numerosos artistas que se reuniron en torno á obra da Catedral. No século XVI produciuse unha gran mudanza coa chegada de moitos traballadores de fóra de Galicia, o que supuxo o anovamento de modos constructivos, instrumentos, costumes, cancións, vocabulario…Sen embargo, isto non significou a anulación da cantería local, como o demostra o novo esplendor da

escola galega dous séculos máis tarde, protagonizado polos artistas das terras da actual provincia de Pontevedra, que constituíu o núcleo fecundo de canteiro. En Galicia, está a rexurdir unha xeración de artesáns que colabora na recuperación do patrimonio cultural, participa, na costrucción de novos edificios en pedra e asegura a acontinuidade deste oficio[47].



Fusión da madeira e da pedra na montea dun arco de medio punto para portada

[47] Méndez Lojo, Isabel: Os canteiros. Unidade didáctica do Museo do Pobo Galego. Departamento de Educación e Acción Cultural, Santiago de Compostela, 2001, p.1.

17. Soportes de madeira

Fonte: Pascual i Miró, Eva (coord): Decoración de la madera. Las técnicas tradicionales y las más modernas empleadas en el arte de la decoración de la madera explicadas con rigor y claridad. Colección de artes y oficios, Ed. Parramón, BPradairolona, 2000, p.30.

18. O torneado na historia do moble. Exemplos gráficos

FIG. 1 Cadeira exipcia de madeira de cedro, con aplicacións de ouro. Tumba de Tutankhamen. Dinastía XVIII (séc.XIV a. de C.) Museo do Cairo.



FIG.2 Románico alemán. Sillón con torneados característicos. Museo de Königsberg.



FIG.3 Cadeira torneada, de tipo nórdico. Século XVI. Victoria and Albert Museum. Londres.

FIG. 4 Renacemento. Mesa circular con patas torneadas de nogueira. Século XVI. Bolonia



FIG. 5 Mesa de nogueira, con tapa ampliable de influencia francesa. Con torneados moi típicos.



FIG. 6 Barroco. Banqueta con patas salomónicas. Siglo XVII



FIG. 7 Banco tallado, dorado e pintado, con tallas populares Luis XV. Sevilla.

FIG. 8 Barroco. Mesa volante rectangular, con patas de lira con silueta recortada e rematada en volutas.Palacio do Marqués de Viana. Córdoba.

FIG. 9 Barroco. Mesa de tipo refectorio: interpretación da rexión galega.Talla de placas recortadas no faldón. Museo de Pontevedra.

FIG. 10 Neoclásico. Consola Luis XVI, tallas neoclásicas, pintada e dourada.

FIG. 11 Mesa-velador de caoba e tallas derivadas do neoclásico e Imperio. Museo Romántico. Madrid.



FIG.12 Gaudí. Banco de dúas prazas, con tallas naturalistas excavadas na madeira do asento de do respaldo, formas moi estudadas morfolóxica e constructivamente, reducindo ao máximo os espesores. Casa Calvet. BPradairolona.

Evolución no estilo das patas ó longo da historia





Fonte: Feduchi, Luis Historia del mueble, editorial Blume, Milanesat, BPradairolona, 4ª edición revisada, 1986,p.396 e ss.

El árbol

Viajero, escucha:

Yo soy la tabla de tu cuna, la madera de tu barca, la superficie de tu mesa, la puerta de tu casa.Yo soy el mango de tu herramienta, el bastón de tu vejez. Yo soy el fruto que te regala y te nutre, la sombra bienhechora que te cobija contra los ardores del estío, el refugio amable de los pájaros que alegran con su canto tus horas y limpian de insectos tus campos.Yo soy la hermosura del paisaje, el encanto de la huerta, la señal de la montaña, el lindero del camino…

Yo soy la leña que te calienta en los días de invierno, el perfume que te regala y embalsama al aire a todas horas, la salud de tu cuerpo y la alegría de tu alma.Por último, soy la madera de tu ataúd.

Por todo esto, viajero que me contemplas, tú que me plantaste con tu mano y puedes llamarme hijo, o que me has contemplado tantas veces, mírame bien, pero…no me hagas daño.

Rabindranath Tagore

Premio de Investigación do Concello de Xermade
Excmo. Concello de Xermade
17 de febreiro de 2017

XERMADE NA PREHISTORIA.

A PAISAXE ARQUEOLÓXICA NO PALEOLÍTICO, MEGALITISMO E CALCOLÍTICO

LITOS

INDICE

LIMIAR..... 5

CAPÍTULO I. PALEOLÍTICO SUPERIOR: OS PRIMEIROS POBOADORES. 6

CAPÍTULO II. O MEGALITISMO..... 11

1. O AMBENTE CLIMÁTICO 14

2. O PALEOPAISAXE HUMANO. 15

3. TIPOLOXÍA DE CONSTRUCCIÓNS MEGALÍTICAS. 22

3.1 Menhir. 22

3.2 Henge ou ringworks. 23

3.3 Mámoas. 30

4. DISTRIBUCIÓN DOS MONUMENTOS MEGALÍTICOS 33

4.1. As mámoas como referencia de límites territoriais 35

5. OS ENXOVAIS 40

6. A NECRÓPOLE DE ABELLEIRA (LOUSADA) 42

7. MONUMENTOS MEGALÍTICOS E VÍAS DE COMUNICACIÓN..... 50

B. A área Bocelos-Furelos (A Coruña)..... 55

C. Área da Terra Chá (Vilalba, Lugo) 57

D. Área de Calde, Guntín e Montecalvo (Lugo) 58

E. Xermade 60

CAPÍTULO III. O CALCOLÍTICO. A APARICIÓN DA METALURXIA. 66

1. CALCOLÍTICO PRECAMPANIFORME O “HORIZONTE DE RECHABA” 67

2. CALCOLÍTICO CAMPANIFORME. 68
Cerámica Campaniforme de Roupar 68
Cista e vaso do Cubillón..... 70

CAPÍTULO IV. DIARIO DUN ARQUEÓLOGO..... 72
Fermín Bouza Brey 72

CAPÍTULO V. CATÁLOGO DE XACEMENTOS..... 86

CAPÍTULO VI. CARTOGRAFÍA. 139

BIBLIOGRAFÍA 144

Onde o sol se deloira,
chanzadas de Vilalba!
¡As medoñas nos toxos
erguen as testas bravas!

Foi alí, na outra terra
de Xermade e Lousada
onde o misterio crobe
as largacías gándaras...

Foi alí onde as herbeiras
son ceos de esmeralda
e onde brilan pacendo
os luceiros das vacas,
cinguidos polo anelo
das resoantes pravias.

¡Foi aí!. O noso esprito mergullouse nas antas,
buscou nas orixens
e topou cas raigañas
da Galiza de sempre
na maxestá das chantas,
na forza dos machados,
no engade das cerámicas,
da terra moura e quente na virxinal entrana...

Teredes en min sempre
unha doce lembranza
medoñas de Teixido e da Abelleira
nas bretemosas terras isoladas
onde fumegan eidos
de Roupar e Lousada
batirá o corazón eternamente
mentres escoite o nome de Vilalba.

Bouza Brey
Xermade, Agosto de 1971.

LIMIAR

Desde fai unhas décadas o concepto de *espazo* foi aceptado como un concepto esencial nos estudos arqueolóxicos. Tal foi a súa aceptación pola comunidade científica que desembocou na creación *ex novo* dunha variante da propia arqueoloxía denominada Arqueoloxía Espacial ou da Paisaxe. O desenvolvemento dela foi sempre a modo de disciplina paralela na que se aborda de xeito prioritario e se incide no estudo das sociedades pretéritas dentro dun contexto de dimensións espaciais físicas. Os primeiros estudos deste tipo xurdiron a mediados dos anos 50 do pasado século cando G. Clark propón a necesidade de estudar as sociedades humanas desde a perspectiva da interrelación entre a cultura, hábitat e biomasa. Será a partir de Boast e Evans na década dos oitenta cando este espazo se empece a considerar tamén unha realidade social e non só como unha realidade física e ambiental. A paisaxe non so é un obxecto físico, é o resultado dun marco ambiental determinado, modelado ca acción humana e cultural. Non so é materia palpable senón tamén interpretación das formas de vida que o poboaron e que sempre estiveron en harmonía con él.

Esta nova concepción esixe a búsqueda de novas ámbitos de reflexións onde a simple dimensión económica da actividade humana quedou obsoleta e para ser substituída pola chamada criatura ecosistémica, onde se pretende chegar a unha reconstrución científica do ambiente primitivo de ese ser humano que viviu nun determinado lugar e tivo que facer fronte a uns perigos, a unhas tarefas concretas e desenvolveu a súa vida nun espazo concreto.

No noso caso ese espazo é o Concello de Xermade e o marco temporal nos que nos imos mover e o Megalitismo. Un período difícil e descoñecido polos poucos restos que del nos quedan pero tamén fascinante, distinto, con esa pica de misterio que o fai incluso sorprendente. Neste estudo de arqueoloxía da paisaxe megalítica de Xermade pretendemos expoñer a modo de catálogo os restos pero tamén imos intentar explicar como vivían, como actuaban, que sentían como era esa sociedade de fai 5000 anos. Somos conscientes da enorme dificultade e riscos que este tipo de traballo entraña, onde a testana ausencia de datos vai provocar que moitas veces teñamos que recorrer ás hipóteses, comparacións e interpretacións persoais. Co animo de minimizar no posible os riscos e ca intención de lograr un espazo físico – temporal que aporte mais datos consideramos pertinente e necesario abarcar outros espazos próximos ás terras de Xermade que nos poidan aportar informacións interesantes para os nosos obxectivos e, polas mesmas razóns, coller datos tamén doutras épocas prehistóricas próximas, iso si, ao Megalitismo como pode ser as Idades do Metais, sobre todo Cobre e Bronce.

CAPÍTULO I. PALEOLÍTICO SUPERIOR: OS PRIMEIROS POBOADORES.

A dia de hoxe a ocupación humana mais antiga desta zona podémola situar en torno ao 10000 a.c. e dicir durante a fase final do Paleolítico Superior e xa nos inicios do Neolítico se tomamos como referencia o próximo oriente entre os rios Tigris e Éufrates. Sen embargo, e mais que probable, que esta presencia teñamos que retrotraela moito mais para atrás pero a testana ausencia de datos impídenos calquera intento neste senso.

A vida nómade destes grupos de cazadores - recolectores paleolíticos pódese rastrexar nos abrigos rochosos que lle servían como refuxio e lugar de habitación temporal. Desde estes controlaban visualmente o territorio ao mesmo tempo que aproveitaban os recursos xeolóxicos da zona para confeccionar útiles de caza, recolección e adorno persoal. Outra característica común a todos eles é un emprazamento físico privilexiado nun lugar que lles permitiría, ademais do control da contorna, o dos pasos entre as distintas zonas.

Lám. 1. Pena Grande de Férvedes I

No norte da Terra Cha contamos cun grupo de xacementos moi significativos, algún realmente importante, dentro do panorama galego. Foron prospectados a principios da década dos setenta do século pasado polo médico Ramil Soneira e o mestre X. Vidal que tamén fixo a escavación da vila romana de Vilar da Graña. En 1973 en colaboración con Alonso del Real e Vázquez Varela da Universidade de Santiago, Ramil Soneira inicia a escavación destes xacementos que tiveron o apoio de Vidal Romaní nos temas xeolóxicos, de Macías Vázquez

no edafolóxico e V. Jato no palinolóxico. Esta área escavada dos abrigos xa se atopaba parcialmente revolta por accións naturais, como por exemplo por ser a guarida dun zorro, ou mesmo as raíces dos árbores en Bordelle e en Vidal I, así como pola acción humana. Lamentablemente os análises palinolóxicos non resultaron útiles para a datación por aparecer no lugar de ocupación polen de cereais, que non existía na época e toxos.

Os xacementos mais senlleiros son a Pena Grande de Bordelle[1] no concello de Vilalba, a Pena Grande de Férvedes (Férvedes II) en Xermade, descuberto en 1971 por Xose Ramil Soneira, e mais cara ao norte o abrigo de Vidal I no Prado do Inferno xa no concello de Muras. O material atopado nestes lugares é moi rico e variado presentando algúns obxectos comúns como por exemplo cristais de rocha, raspadeiras, burís e perforadores, todos eles moi similares ao material atopado noutros xacementos da Cornisa Cantábrica. De entre todos eles o que lles ofrecía mais materia prima foi a Pena Grande de Bordelle como o cristal de rocha, gres, sílice e tamén ocre. Sen dúbida todos estes recursos aumentarían o atractivo do lugar.

Lám. 2 Colgante de Férvedes

Recentes estudos de edafoloxía levados a cabo por A. Martínez e de politoloxia por Ramil Rego determinaron que o abrigo de ocupación mais antiga seria o nivel I da Pena grande de Bordelle sobre o 11000 a.c. mentres que Prado do Inferno o mais tardío. Polo que respecta ao abrigo de Férvedes podemos intuír a súa cronoloxía a partir do análise do material atopado nestas escavacións sinaladas antes. Deste xeito Pérez (1991) pola tipoloxía dos útiles o sitúa no Magdaleniense superior e Ramil e Aira (1992) grazas aos análises

[1] A colección recuperada en Pena Grande consta case de mil pezas de pedra lascada; labradas en seixo, cristal de rocha, sílex e seixo porfídico. Correspondendo duascentas pezas con útiles tipolóxicos, entre os que destacan as laminiñas de cota (para cortar coas mans ou para facer coitelos e puntas de lanza), seguidas dos burís (para facer pequenos sucos en óso, madeira ou pedra), e de pequenas raspadeiras, completando o conxunto testas de proxectís e un elemento xeométrico (trapecio).
O traballo da pedra realizado por estas xentes consistía en bater cunha pedra (percutor) ou cun cicel contra outra pedra (núcleo) da que extraían fragmentos chamados lascas ou láminas, cando son dúas veces máis longas de anchas; A partires delas cunha serie de pequenas percusións (retoques) as pezas van collendo a forma desexada.

sedimentolóxicos sitúan a súa ocupación no Dryas III, época na que estiveron por certo ocupados os tres abrigos.

A análise da morfoloxía e dos materiais aparecidos nestes abrigos pódenos dar unha idea de como serían as comunidades que os utilizaron. Estamos a falar de moi pequenos grupos humanos, entre 12 e 24 individuos, que ocuparían estes lugares de forma intermitente. Non sería descavillado pensar que o mesmo grupo humano utilizase de forma periódica os tres abrigos. A similitude do material atopado en Vidal I e Bordelle así parece indicalo. Ademais a distancia en liña recta é de tan so 15 km o que e fai perfectamente factible para o desprazamento. Estes pequeno grupos formaban parte dunha comunidade mais grande pero, aínda así, pequena tamén. Unha sociedade cunha economía baseada na caza, pesca e recolección cunha estrutura social igualitaria onde aínda non se deu a concentración de poderes nunhas poucas persoas. Veremos no capítulo seguinte como esta circunstancia aparecera na etapa denominada o "Horizonte Rechaba" onde empezan a aparecer en túmulos conxuntos de obxectos vinculados ao mundo da guerra como elementos de diferenciación social.



Lám. 3. Colgante de Valdavara

Mais difícil se cabe é tentar facer calquera tipo de aproximación ao mundo relixioso Paleolítico. Non obstante, a presenza de restos de colorante de ocre e óxidos de manganeso en varios abrigos pode indicar a existencia de certos ritos se aceptamos a teoría que afirma que o uso do ocre ten un valor relixioso xa que a súa cor simbolizaría o sangue e, polo tanto, a vida. Outros elementos que nos poden achegar un pouco mais a este descoñecido mundo son os colgantes líticos aparecidos tanto na Pena Grande de Bordelle como na de Férvedes. O colgante oval de Férvedes depositado no Museo de Prehistoria e Arqueoloxía de Vilalba, feito nunha pedra local, presenta unha decoración por ambos lados baseada nunha profunda incisión vertical que divide cara unha das caras en dúas metades. Creemos que indudablemente posúe un claro valor como obxecto de adorno pero tamén é posible atribuírlle certo simbolismo relixioso relacionado cunha diferenciación social do individuo que o portaba. En épocas mais recentes apareceron outros colgantes en diferentes lugares da

Lám. 4 Colgante de Cova Eirós

Provincia de Lugo. Entre eles cabe destacar o atopado no ano 2009 no xacemento de Cova Eirós (Triacastela) feito cun dente de zorro. O ano anterior atopouse outro colgante no xacemento de Valdavara en Becerrea neste caso feito cunhas cunchas de molusco mariño do xénero *Dentalium*. As datacións de carbono 14 levadas a cabo neste dous últimos xacementos arroxan unhas cronoloxías de en torno a 26000 anos de antigüidade para o colgante de Cova Eirós e de 17000 para o de Valdavara. Os autores do descubrimento de Cova Eirós outorgan unha gran importancia á idade do colgante, xa que o encadran nun período caracterizado por unhas condicións climáticas e ambientais moi adversas. A peza, de acordo coa esa datación radiocarbónica comentada, foi elaborada na primeira etapa do chamado último máximo glacial, unha época de frío intenso na que as montañas galegas estaban cubertas dun manto de xeo e a vexetación do territorio reducíase basicamente a praderías e estepas, con algunhas pequenas manchas boscosas nas zonas máis protexidas. As temperaturas máximas que se rexistraban durante ese período no noroeste, segundo apuntan algúns estudos, poderían oscilar entre nove e doce graos. Ata agora supoñíase que Galicia podía quedar entón totalmente despoboada, por mor dos rigores climáticos e do consecuente empobrecemento da flora e a fauna.

No caso do de Férvedes non temos datacións de C14 o que unido a falta de estratigrafía científica nos achados de materiais imposibilita establecer con certo grao de rigor a súa idade.

CAPÍTULO II. O MEGALITISMO.

Sitúase na etapa final do Neolítico (*neo*= “nova” e *lythos*= “pedra”) caracterizándose polas construcións con grandes pedras con finalidade funeraria, cultual ou ritual, que antes non se facían . O Megalitismo (*mega*= “grande” e *lythos*= “pedra”) supón o inicio da arquitectura monumental e da humanización da paisaxe. Este hábito pervive desde o V milenio ata o II a.c., aínda que en moitas zonas perdurase con reutilizacións ata chegar case ao I. A maioría destas construcións son de inhumación colectiva nas que se depositan varios cadáveres nun espazo de tempo mais ou menos dilatado co seu correspondente enxoval. Isto explica que algúns incorporen incluso ventás para a introdución de novos corpos.

Non se sabe con certeza como se orixinou e se expandiu o Megalitismo por Europa. A grandes resgos hai catro grandes teorías que, aínda que son complementarias, poden sintetizarse en dous grupos. Por unha banda, as Difusionistas que consideran que hai un centro onde se orixinou e que despois se difunde. Pola contra os Polixenistas admiten varios centros orixinarios. Para complicar se cabe mais a cuestión e dentro da primeira teoría están os Orientalistas que consideran que xurdiu en Oriente e que se foi estendendo polas costas mediterráneas cara a occidente pero perdendo forza e monumentalidade. De ideas totalmente opostas e argumentando xustamente ao revés que os anteriores sitúanse os Occidentalistas que din que xurdiu en occidente con monumentos sinxelos e se foron estendendo cara a oriente ao mesmo tempo que se ían monumentalizando. Nesta liña de pensamento sitúanse varios investigadores peninsulares como Leite de Vasconcelos quen afirma que os mais antigos son os de Portugal nas zonas de Beira e Tras-os-Montes. A súa evolución e difusión provocaría a erección dos do sur peninsular nas zonas do Algarve, Alentejo e sueste andaluz. En certa medida as datacións de C14 danlle a razón en parte xa que se obtiveron cronoloxías do 4500 a.c. para certas medoñas portuguesas.

O fenómeno megalítico foi moi dilatado no tempo e no espazo abranguendo en Europa case 4000 anos. Pódese dividir nos seguintes períodos:

1. Antigo 5000 – 3500. Non se da en todas as zonas senón en sitios moi concretos e en monumentos tamén determinados. Os mais antigos son sepulcros con corredor situados nas costas atlánticas que apareceron sobre o 4800 nunha sociedade aínda de cazadores – recolectores. Un exemplo deste tipo pode ser o de Carrowmore en Irlanda. Na península Ibérica os mais antigos son os sepulcros con pequenas cámaras cubertas con túmulos de Portugal, como por exemplo a de Reguengos ou Poço da Gateira datadas sobre o 4500 – 4300.

2. Medio. 3500 – 2800. Nesta época aparece a construcións de henges circulares entre os que destaca Stonhenge. Tamén asistimos neste momento á xeneralización do fenómeno megalítico galego baseado nos monumentos con corredor do tipo de Outeiro de Grebos ou Meninas do Castro.
3. Final 2800 – 2000. Despois de explosión de algúns focos moi famosos como a Cultura dos Millares (Almería) a construción de megalitos entra en declive debido ao cambio de mentalidade provocada pola difusión da metalurxia e por unha maior xerarquización social onde perde protagonismo o colectivo para gañalo o individual. Pero, en certos casos, os sepulcros megalíticos seguen a usarse, reaproveitando os construídos ou facendo outros moito mais simples. Esta pervivencia podémola rastrexar en Galicia ata ben entrada a Idade do Bronce.

Para o caso que nos ocupa das terras de Xermade e en xeral para a zona da Terra Cha podemos establecer outros períodos mais concretos en funcións das cronoloxías dos restos desta área. Deste xeito, podemos situar en torno ao IV a aparición da agricultura e gandaría xunto a unha certa humanización da paisaxe grazas a esta produción de alimentos e a construción de mámoas con cámara poligonal pero sen corredor. Un segundo momento, coñecido como o "Horizonte Rechaba" sería cara a metade do III milenio onde convive a construción dos monumentos da etapa anterior xunto a introdución de novos modelos con corredor bastante desenvolto. O enxoval cambia con novos tipos líticos como o documentado en Mariñaos e as puntas de frecha de base triangular e cóncava. No caso da cerámica abunda a de tipo pre - campaniforme e a de tipo Penha. A finais deste milenio e inicio do II aparecen as cistas ao mesmo tempo que se seguen a empregar os de corredor.

1. O AMBENTE CLIMÁTICO

Esta época, a nivel xeral, desenvólvese dentro do chamado Óptimo Climático caracterizado por un clima máis húmido e cálido co actual. Sen embargo, e dado que se aprecian cambios importantes nesta liña climática xenérica, podemos establecer tres grandes períodos:

PERÍODO ATLÁNTICO. (5000 – 3000 a.c.) caracterizado, como mencionábamos antes, por unha climatoloxía benigna máis cálida e húmida ca actual, en toda a Península Ibérica pero sobre todo en Galicia, onde puido chegar ao seu clímax ecolóxico. As repercusións no medio natural dese momento poderían ter sido unha maior extensión dos bosques cun claro predominio do *Quercus* e, asimesmo, unha gran extensión tamén da pradaría. Os solos serían máis profundos cos actuais e contarían, por regra xeral, cunha menor superficie de floracións de rochas aínda que en determinados lugares se puido comprobar que serían moi semellantes aos actuais como por exemplo no conxunto megalítico da Casota do Páramo.

A partir de este momento percíbese unha constante deforestación e erosión percibíndose con claridade dous momentos:

PRIMEIRA PARTE DO PERÍODO SUBBOREAL. (3000 – 2000 a.c.). Caracterizado por unha clara degradación climática cunha notable baixada das temperaturas e unha menor cantidade de precipitacións. Isto provocou unha diminución do polen arbóreo e polo tanto un retroceso do bosque que, a súa vez, orixinou un aumento da circulación das augas superficiais e polo tanto un incremento da erosión. É moi posible que este ciclo erosivo contribuíse a desmantelar os solos das zonas altas das serras co consecuente arrastre de materiais a outras zonas de menor altitude.

PERIODO DE TRANSICIÓN DO SUBBOREAL AO SUBATLÁNTICO E PLENO SUBATLÁNTICO (1200 – 800 a.c.). Esta degradación climática co consecuente descenso das temperaturas segue o seu proceso neste período para irse achegando ao actual tanto na progresiva diminución da cuberta arbórea como tamén nunha novidosa fase de formación de brañas sobre todo nas serras. Estes dous fenómenos irían acompañados dun novo episodio erosivo, que aínda segue activo na actualidade, favorecendo de novo o incremento da circulación de augas superficiais provocando o rexuvenecemento actual dos canles dos rios.

Sobre o 1000 a.c. comeza un período xeral de enfriamento con unha sucesión de etapas frías con outras temperás dentro dun contexto de expansión da agricultura que xa se viña producindo desde o 1500 a.c.

2. O PALEOPAISAXE HUMANO.

De forma similar a outras zonas galaicas podemos indicar que case a totalidade das mámoas da terra de Xermade se atopan relacionadas cos sectores que en época Megalítica presentaban as condicións máis aptas para favorecer o asentamento humano. É evidente que desde esa época o medio natural experimentaría certos cambios pero creemos, como quedou demostrado noutras zonas, que non sería demasiado drástico. De feito, na zona do Barbanza onde foi estudado minuciosamente este tema, pode comprobarse como as modificacións seguen unha mesma liña evolutiva percibíndose unha paulatina degradación das zonas boscosas, sobre todo de Quercus, para ser substituídas polas gramíneas e pola ampliación das floracións graníticas.

Chegados a este punto seria interesante determinar ata onde o ser humano era capaz de cambiar ou influír neste paleopaisaxe. A xulgar tamén por outras zonas podemos afirmar positivamente unha clara, e incluso decisiva, influencia desde fins do Período Atlántico aparecendo dun xeito claro unha humanización da paisaxe. De feito, os grandes mantos de turba localizados nas illas Británicas asócianse á actividade humana do mesmo xeito que as grandes extensións de brañas da Serra do Barbanza. De feito, parte deste proceso de deforestación comentado antes estaría causado por esta activade dos grupos humanos. Sen embargo, non é posible concretar que tipo de explotación e utilización do espazo levaban a cabo estas comunidades megalíticas. Poderíamos pensar nunha posible agricultura cerealista de rozas que, xunto a outros cultivos, conviviría ca gandería. Agora ben, esta ausencia de datos neste senso non impide concluír que existiu unha clara explotación do medio así como un patrón concreto de asentamento dos grupos humanos. O dato mais concluínte a este respecto é que as mámoas están situadas nos mellores territorios pero non sobre eles senón,

mais ben, rodeándoos. Este feito obedece tamén a necesidade dos construtores de vincularse o

Lám. 5. Túmulos en Abelleira, Lousada.

mais posible aos puntos de extracción das lousas para minimizar o esforzo que supón o traslado. Constátase polo tanto unha actitude territorial o un comportamento espacial onde os monumentos actúan de elementos simbólicos sinalando e identificando o territorio de explotación do grupo que os construíu. Este feito tamén se constata nas zonas de serra ocupando as mais aptas para o ser humano. O repertorio de zonas onde se poderían ter asentando estas comunidades megalíticas era mais amplo que na actualidade corroborado en certa medida pola distribución dos monumentos megalíticos. A superficie aproveitada durante o megalitismo era polo tanto mais extensa que a actual.

Outro tema mais complexo e de difícil tratamento a xulgar pola testana ausencia de datos é a estrutura interna destes grupos humanos e a súa necesaria organización para ser capaces de levar a cabo a construción dos megalitos. Hai que ter en conta a case total ausencia de datos sobre os poboados de esta época que contrasta ca gran cantidade que temos de estruturas funerarias. Este feito levou a ironizar a algúns investigadores denominando a esta etapa como a “a dos mortos” mentres que a etapa castrexa como a “a dos vivos” xa que acontece todo o contrario. Un tema realmente interesante que xa espertou o interese de outros investigadores desde fai varias décadas e que propiciou certas hipóteses que as podemos considerar como pautas de traballo á hora de facer o estudo na área que nos ocupa. Deste xeito, podemos plantexar a hipótese que probablemente un grupo humano durante a época Megalítica tivera

entre 100 e 200 individuos. Esta unidade, que poderíamos chamar tribo para entendernos, terían lazos de parentesco pero non estarían todos xuntos. Cremos mais ben que vivirían en grupos dispersos, dun número indeterminado aínda que pequeno sobre uns 30 - 50 individuos, pero ocupando unha mesma zona que lles pertencería e na que actuarían. Isto, en certa medida, é lóxico, porque é a mellor solución para adaptarse ao medio. Como as mámoas son pequenas e moi posible que cada un destes grupos construiría as súas propias pero creemos que os outros grupos da súa tribo tamén terían participación, non tanto quizais como forza de traballo porque non se requiriría de forma explícita, senón mais ben nos actos rituais que todo monumento levarían parello. Estas premisas podémolas deducir do estudo realizado por Pombo Mosquera e Vázquez Varela (1995, 42-44) sobre a forza de traballo necesaria para construír os túmulos de Abelleira (Lousada). Despois do cálculo do volume dos materiais empregados no caso da mámoa nº 2 os citados autores estiman que o grupo humano requirido para a súa construción podería ter sido de 32 individuos que empregarían unhas 880 horas de traballo polo que corresponde a cada un deles 27,5 horas, e dicir, tres dias e medio de traballo, se tomamos como base do cálculo a xornada actual de oito horas. O estudo da mámoa nº 3 ofrece resultados parellos. Neste caso os autores consideraron que sería construída por uns 44 individuos cunha media de 30,8 horas cada un polo que teríamos catro dias de traballo escasos. De tomar como referencia o mesmo grupo humano que na mámoa nº 2 de 32 individuos tamén nos daría resultados moi asumibles e lóxicos, unhas 42,3 horas traballadas por cada un deles ou sexa unhas cinco xornadas.

O reducido número de traballadores necesario para levantar a maioría destes monumentos xunto a unha constante uniformidade de construción e pequenas dimensións poñen de manifesto certos datos interesantes. Por unha banda, que o labor construtivo non necesitou da amortización de excedentes alimentarios nin foi causa de alteración do proceso produtivo xa fose agrícola, gandeiro ou recolector. É lóxico pensar que estes serian erguidos en determinados momentos do ano onde as tarefas produtivas o permitisen, como por exemplo, durante o inverno. Doutro xeito, estas peculiaridades fainos sospeitar a existencia de “especialistas” na dirección e execución dos monumentos pero que non lles eximiría de

participar nas tarefas agrícolas – gandeiras xa que seria un traballo curto, de apenas unha

Lám. 6. Túmulo en Abelleira, Lousada

semana, feito esporadicamente.

É mais que probable que estes traballadores especialistas traballaban para toda a tribo pero o que non sabemos é ata que punto puideron facelo noutras comunidades. Posiblemente si, dado que tiñan claras relacións entre elas xa fosen de índole comercial como matrimonial. O que tampouco é posible determinar é si estes traballadores serian tamén os encargados de limpar e conservar os monumentos. O que si temos claro é que os tiña que haber porque do contrario a maleza cubrirían as mámoas en apenas catro anos.

Agora ben, como non todos os monumentos megalíticos son da mesma época teríamos que pensar que unha mesma mámoa sería utilizada mais ou menos durante uns 200 anos, unhas sete xeracións. Isto explicaría a existencia de gran cantidade delas na mesma zona pegadas unhas as outras e tamén que perdurase a súa construción uns 2000 anos. Estes monumentos terían tamén unha función social moi importante xa que actuarían como elementos integradores da comunidade que polo súa tendencia natural á disgregación sempre estarían en risco de ruptura. Esta integración faríase en dous momentos. Por unha banda, no momento da construción, onde esta poboación disgregada actuaría ao unísono en determinados rituais e, por outra banda, ao longo do dia a dia da xente grazas o seu significado simbólico - territorial porque o túmulo megalítico dunha comunidade era o punto que sinalaba o territorio dos seus

vivos da mesma forma que significaba o espazo dos seus mortos. Unha arquitectura para ser vista, para ser sentida e que implicaba un enorme esforzo que necesariamente tiña que ser compartido, vivido e palpado.



Map. 1. Distribución dos territorios megalíticos en función dos seus enterramentos. Elaboración propia a partir do mapa de Pombo Mosquera e Vázquez Varela (1995)

A existencia dun territorio vinculado a estas tribos ou grupos de parentesco pódese rastrexar no termo municipal de Xermade onde podemos comprobar como a dispersión das mámoas non é homoxénea. Polo contrario están agrupadas en tres zonas que poderían corresponder co territorio de cada unhas destas supostas tribos que habitarían esta zona.

1. Zona norte do Concello. En torno á recta de Roupar entre o Empalme e a Casanova. Onde temos localizadas 18 túmulos megalíticos. Dentro delas destacan pola súa alta densidade as chamadas Medoñas do Monte Barreiro ao norte e as de tras do Empalme e a Touza ao sur. Estribacións oeste do Monte da Carba, ocupando a zona de O Uzal, Monte Cabreiros e sobre todo a zona de Abelleira. En total 26 túmulos que parecen agrupados en dous sectores: a zona de Abelleira con maior densidade (con 22 elementos) e unha segunda zona mais ao sur chamada Cal Grande.
2. Zona centro. As mámoas están distribuídas en tren conxuntos, dous deles con estrutura alongada como son o do Carrizo cara o noroeste e o de Pena Grande cara ao norte. As de Vilacide pecharía este grupo de monumentos que se caracteriza por deixar xusto no medio un espazo baleiro situando as mámoas no que deberon ser a súa periferia.
3. Zona suroeste. Na chamada A Pigaroa de Cazas observamos unha alta concentración en moi pouco espazo. De feito son 17 mámoas que están situadas ademais formando un aliñamento ao longo da estrada. Un pouco mais ao sur temos outra zona con tres mámoas no Capeirón e cara ao leste dúas mais en Silvela e no Cordal de Sinde.

   Esta zona comprende o territorio entre a mámoa de Modiafariña e as Modias de Chousa das Uces que son cinco.

Se antes falabamos que cada grupo de parentesco ou tribo tiña entre 100 e 200 individuos e acabamos de documentar o asentamento de tres destes grupos no concello de Xermade poderíamos facer unha estimación da poboación megalítica desta área entre os 300 e os 600 individuos. Se intentamos concretar mais estes datos podemos tomar como referencia a poboación castrexa do concello de Xermade que foi calculada en 916 individuos (Gómez Vila, M. Neira e R. Borrajo, 2017). Como moi probablemente a megalítica fose bastante menor poderíamos situala en torno ás 400 persoas. Pola súa banda Pombo Mosquera e Vázquez Varela (1995) tamén fixeron estimacións poboacionais que aínda que se circunscriben a un área mais grande nos serven perfectamente como referencia pero hai que ter en conta que esta zona é mais do dobre que o concello de Xermade xa que comprende ademais o de Vilaba e zonas limítrofes polo que empregan para os seus cálculos unha cantidade estimada de entre 220 - 300 mámoas mentres que as situadas no de Xermade son 159. Estes autores parten do estudo demográfico que Welinder (1971) puxo en práctica na súa investigación sobre a prehistoria de Suecia onde se demostrou que se pode estimar unha poboación en base ao número de tombas, o numero de cadáveres colocados nas mesmas, o período en que estiveron en funcionamento e a esperanza de vida dos habitantes. Segundo isto a formula empregada seria:

$$p = 1{,}1\ x\ \frac{N\ x\ e}{t}$$

Onde

P = tamaño poboación

1,1 = factor de corrección

N = número total de defuntos

E = esperanza de vida no momento de nacemento

T = tempo que estivo en uso a tomba

O problema ven á hora da aplicación deste fórmula xa que non hai datos concluíntes nin seguros para ningún dos apartados polo que os autores se viron na necesidade de operar con distintos valores en cada un dos apartados. Os resultados foron unha poboación comprendida entre 700 e 2100 individuos

Outro tipo de calculo levado a cabo polos citados autores esta baseado no número de mámoas e a forza de traballo necesaria para construílas. Neste caso a dificultade estriba en determinar

cantas tombas son sincrónicas, partindo do suposto que foron erguidas por un grupo de 30 persoas. No caso de aplicar os 2/3 sairía unha poboación de 6000 individuos e se fose 1/3 serían 3000. En ámbolos casos unha cifra excesivamente elevada que non se correspondería ca realidade. Consideramos que a porcentaxe da monumentos sincrónicos debe ser menor, na proporción de 1/7, e que o número de individuos maior que poderíamos establecer nunha media de 35. Si aplicamos estes novos valores xunto ás 159 mámoas do concello de Xermade teríamos unha poboación de 850 individuos.

Outro tipo de estimación feita polos autores esta baseada nos chamados "territorios megalíticos", e dicir, en funcións das agrupacións de medoñas. Neste caso, e aludindo a todas as reservas pertinentes, determinan 60 grupos na súa zona que operan cas 30 persoas por mámoa e cos porcentaxes dos 2/3 ou 1/3 do sincronismo. A poboación resultante sería de 1200 individuos no primeiro caso e a metade no segundo.

En resumen, despois de diferentes cálculos e de facer as pertinentes comparacións estes autores conclúen como factible o índice de 1,4 h/km^2 polo que a poboación mais probable para esta gran área de 512 km^2 sería de 716 individuos. Sen embargo non é pertinente aplicar este índice directamente a nosa área de estudo xa que ten moita mais densidade de medoñas, e polo tanto de poboación, que o resto da área estudada polos autores citados.

Esta cifra hai que tomala con todas as reservas oportunas porque esta baseada en diferentes estimacións tanto dos túmulos, os conservados a dia de hoxe son menos dos existentes porque gran cantidade deles foron destruídos ao longo da historia, como dos defuntos enterrados por monumento e esperanza da vida.

3. TIPOLOXÍA DE CONSTRUCCIÓNS MEGALÍTICAS.

3.1 Menhir.

Do galés *maen* “pedra” e *hir* “longa”, designa as construcións constituídas por pedras chantadas verticalmente. Poden estar illadas ou formando alineamentos. A súa función a dia de hoxe non se coñece con claridade pero é probable que estea relacionada ca señalización de lugares ben como zonas rituais, límites, camiños... Unha das mais senlleiras está situada moi preto da nosa área de estudo e creemos que merece a pena salientala debido a súa importancia. Trátase da Pedra Chantada do Carrizo, en Santabaia, Vilalba. Asentada nunha extensa chaira e pegada á necrópole do Carrizo, composta por dezanove mámoas. A Pedrafita atópase ao principio da necrópole, como fito anunciador do campo de mámoas. Como é o caso doutras exemplares similares, conservouse posiblemente pola súa función de marco de termo. Posúe numerosas cazoliñas, moitas debidas á erosión. Mide de altura dous metros e cinco centímetros, e na cara do oeste acada unha anchura máxima de oitenta e dous centímetros. Como tamén é habitual en construción destes tipo hai una lenda sobre ela que di que unha moura levou a Pedra Chantada na cachola ata que, dobrando o pescozo cara o chan, deixou caer a pedra de xeito que esta ficou chantada tal e como a podemos ver hoxe.



Fig. 1. Pedra chantada do Carrizo, Vilalba.

3.2 **Henge ou ringworks.**

Este tipo de estrutura non esta documentada de momento na nosa area de estudo pero si nas zonas limítrofes e, ademais, con moita profusión o que resulta realmente estraño xa que no resto do noroeste peninsular e case absoluta a súa ausencia.

Lám. 7. A Mourela. A fotografía superior foi tomada por F. Maciñeira a principios do século XX. Na inferior aérea pode comprobarse como actualmente aínda son perceptibles varios círculos concéntricos nesta zona.

O primeiro exemplo deste tipo foi atopado por Federico Maciñeira quen observou dous "círculos líticos" a principios do século XX, hoxe lamentablemente perdidos, na Mourela (As Pontes). Jorge Bronson cualifícaos de moi interesantes e destaca o seu parecido cos círculos que estaba a escavar no Condado de Cornualles (Gran Bretaña). Maciñeira posteriormente advirte, seguindo a Obermaier, as diferenzas entre os cronlechs construídos con monolitos de gran tamaño e con marcada distancia uns dos outros, e os da Mourela feitos con pedras informes de escasa altura e moi xuntas. O círculo menor tiña nove metros de diámetro, describía un círculo perfecto e completo formado por pedras de seixo branco, chantadas no chan do que sobresaían uns corenta centímetros, dispostos uns arrimados ós outros en dúas liñas unidas concéntricas. A liña interior tiña uns corenta. Abríase unha entrada ó SE en forma de paso flanqueado por seixos de maior altura (60 cm). O maior,

situado a uns 260 metros ó NE do anterior, tiña vinte metros e medio de diámetro, de construción semellante ó menor, os seus seixos elévanse entre trinta e sesenta centímetros do chan, tamén formaban dúas liñas concéntricas, pero non completas como no anterior e máis imperfectas. Formada a liña interior por cincuenta ou cincuenta e dúas pezas. Ó igual co anterior posuía unha entrada ó SE, de metro e medio de ancho, remarcada con catro fitos que sobresaían un metro do chan. O seu interior estaba perfectamente chan. Os veciños dicían que eran usados polos mouros para mallalo trigo e para xogar ós bolos.

No municipio limítrofe de Vilalba destaca o xacemento dos Castros[2] que, a pesar do típico nome, non é un recinto castrexo senón unha sucesión de estruturas anulares case concéntricas da Idade do Bronce onde se aprecia certos resgos funerarios. Por este motivo creemos pertinente facer un estudo mais amplo do normal deste tipo de estrutura e, tamén, por detectar certos elementos, coma a disco lítico de Abelleira (Lousada) que nos pode estar indicando a existencia dunha estrutura deste tipo no concello de Xermade aínda que hoxe en dia non sexa perceptible.

Lám. 8. Henge A Roda, Barreiros, Lugo

Esta constituído por un muro elevado de terra e pedras sempre con forma circular de escaso diámetro. Esta forma circular provocou que en Galicia foran confundidos con recintos castrexos e así aparecen sinalados nos mapas de fai uns anos, iso si, facendo constar a estrañeza do seu pequeno tamaño, ridículo para acoller un poboado. De feito, fai relativamente moi pouco tempo cando se empezaron a reinterpretar como monumentos megalíticos sobre todo a raíz da aparición de dous exemplares de tremenda entidade na

[2] Fernández Pintos, M. P.: "Excavación en área en el yacimiento arqueológico de Os Castros". Informe Valorativo. 2006. Dirección Xeral de Patrimonio.

provincia de Lugo e que flanquean a nosa área de estudo polo norte e polo sur. Referímonos ao henge de A Roda en Barreiros e ao complexo ritual de Adai, a carón da cidade de Lugo. A estes teríamos que engadir para ser rigorosos o xacemento anular de Ventosiños (Coeses) moi importante pola gran cantidade de información que aporta.

A roda foi reinterpretada no 2006 grazas á construción da autovía do Cantábrico porque chamou poderosamente a atención aos arqueólogos encargados do estudo da paisaxe destas zonas afectadas pola autovía. Decatáronse que non era un castro e levaron a cabo unha intervención de urxencia onde tiveron a oportunidade de facer unha datación con C14 que ofreceu unha cronoloxía do 1700 a.c. un resultado espectacular a todas as luces e que abre un interesantísimo campo de investigación dunhas construcións que non se crían que existiran en Galicia pero si que están perfectamente constatadas noutros países da fachada atlántica desde fai moito tempo. A construción componse de dous muros de pedra paralelos que deixan un espazo que foi recheo coa terra do foxo que os precede cara o exterior, acadando un grosor duns 4 metros, e formando unha estrutura circular, a modo de parapeto, e que ten un diámetro de 30 m. no interior. Xunto co foxo de 4 m. de longo, e de 1 m. de fondo, acada unha medida no diámetro total duns 50 m. Consérvase a zona de entrada de entre 1,5 e 2 metros cara o noroeste, onde hai unha pedra que segundo os estudios realizados podería ser un dos dous menhires que a flanqueaban. Nas escavacións realizadas atopáronse restos cerámicos e unha punta de frecha de seixo.



Lám. 9. Henge de Adai nunha perspectiva de mapa Lidar.

Pero quizais mais sorprendente resulta si cabe o complexo ritual e funerario de Adai, tamén chamado de Pedra Fita, situado moi preto da cidade de Lugo e a carón do río Miño. Consta de varios elementos que ocupan parte da ladeira do nacente do chamado Monte do Rei, nome por certo realmente curioso, e que formaban na época unha zona realmente única en Galicia e que creemos merece a pena describir aínda que sexa brevemente.

Situado polo tanto nun enclave con perfecta visibilidade tanto da contorna como do propio río e da cidade de Lugo, concretamente do castro chamado da Piringalla, xunto aos depósitos de auga da cidade. Unha paisaxe similar a outras estacións destas características como a área ritual de A Ferradura e o castro de San Cibrán de Las ou a do Castro de Sividá e a área de Caneda-As Canles. Preto da estación atópase outro castro denominado de Penarrubia que presenta unha ocupación antiga pero que, paradoxalmente tamén se documenta un epígrafe de época romana do que tan so é posible ler *ex voto*.

Lám. 11. Estructura dolménica ao descuberto dunha das medoñas de Adai.

Polo que respecta aos restos arqueolóxicos posúe un campo de pequenas mámoas en ladeira das que actualmente poden verse tres exemplares, un deles sen a cuberta de terra polo que é perceptible os ortostatos da cámara. Desde estas mámoas hai un camiño que leva ata a parte superior, camiño que é a subida natural e creemos que foi a utilizada ao longo da historia como acceso ao complexo. Pegado a él sitúase unha gran rocha alombada de 2,5 m de altitude onde atopamos varios petróglifos. Os mais abundantes son os formados pola típica "X" inscrita nun círculo dos que se localizan 24 exemplares. Ademais, aparece un curioso e raro petróglifo formado por varias acanaladuras lonxitudinais de pouca profundidade que a modo de tridente se relacionan con outros sucos inferiores que rematan nunha pía, dispostas en modo similar ás situadas na pedra central de A Ferradura. Tanto a disposición, temática como a elaboración dos sucos bastante refundidos na rocha fan pensar nun posible emprego de líquidos no suposto ritual que se faría nel. As múltiples coviñas que se localizan en distintos lugares do complexo volven a incidir nesta idea.

Lám. 10. Rocha a carón do camiño onde se sitúan os petróglifos das acanaladuras no santuario de Adai.

Se seguimos ascendendo polo

Lám. 12. Cazoletas en ringleira nunha rocha próxima ao henge no santuario de Adai.

camiño mencionado antes chegamos a un claro e en suave pendente atopamos o henge, catalogado no rexistro da Dirección Xeral de Patrimonio como castro co nome de Castrillón. Presenta un círculo perfecto duns 20 m de diámetro, sen entradas, construído cunha elevación de terra de considerable entidade formando un parapeto e rodeado polo exterior dun foxo. Moi similar polo tanto ao da Roda de Barreiros. Tamén se constata a existencia de gran cantidade de pedras seixo branco que seguramente estaban dispostas dun modo ritual. De feito, este tipo de pedra é moi habitual nos restos arqueolóxicos antigos como por exemplo servindo de soleira ás pallozas do castro de Viladonga. O motivo é que o seixo branco ten un claro compoñente simbólico desde tempos inmemoriais atribuíndoselle unhas características apotropaicas, de protección. Chamáselle a pedra do poder por posuír propiedades sanadoras. O branco concretamente equilibra o espírito e permite afrontar a morte de seres queridos limpando as enerxías negativas e favorecendo a meditación. De todos é sabido o poder do circulo nos rituais, o seu interior simboliza o espazo puro, protexido e libre de todo o maligno, prefecto para os rituais sagrados.

Lám. 13. Estructura central do santuario de Adai. Cabana ritual tipo "longhouse"

Moi preto do henge na súa parte meridional atopamos outra rocha que posúe na súa parte superior dúas ringleiras de oito e seis cazoletas respectivamente. Estes motivos non son visibles desde o chan, polo que é necesario ascender a súa parte superior.

Separado do anterior por uns 200 metros e no límite nororiental do chaira atopamos un lugar coñecido co nome de A Penela que quizais

faga alusión á pedra fincada que alí está situada. Pegada a un carreiro ten unha altitude de 1,6 m e non posúe ningún gravado pero o que si se intúe foi a intencionalidade humana de poñela vertical nese sitio.

A estrutura central de todo este complexo sitúase no centro da chaira e esta composto por dúas estruturas moi próximas entre si. A primeira esta formada por uns penedos duns tres metros de altitude que forma un abrigo natural cunha cazoleta no interior e unha pintura rupestre dunhas mans pintadas de ocre. A outra estrutura esta situada a 25 metros cara ao este e esta formada por unha gran laxa plana ao nivel do chan de uns 10 m de lonxitude por 6 de ancho. Esta rocha presenta 18 buratos no seu perímetro de 45x25 cm. e cunha profundidade de 32 de media. Están situados a espazos regulares e entre eles hai uns rebaixes de pouca profundidade. Case no centro da rocha, un pouco cara a súa parte superior, localízanse dúas piletas, unha cilíndrica de 35 cm de diámetro e 30 de profundidade e outra rectangular de 80x35 cm e 26 cm de profundidade. Este conxunto é moi similar ás atopadas no santuario de Pena Escrita, aínda que de época moi posterior. Pola parte superior destas piletas e prolongándose cara a parte inferior e ocupando todo o centro da laxa aparece outro rebaixe de forma rectangular que pecha unha superficie de 3x3,5 m. a interpretación desta estrutura central é de moi difícil explicación pero creemos que servirían para a colocación de postes de madeira que soportarían un tellado vexetal dando lugar a unha construción cuberta de forma alongada similar ao tipo das “longhouses”. Hai que ter en conta que si ben este tipo de “casas” adoitan ter un uso doméstico ou de obradoiro comunal no caso de Adai creemos mais oportuno atribuírlle un uso ritual posiblemente relacionado co henge próximo.

Sexa como for, o que si esta claro e que no noroeste peninsular hai unha serie de estacións rupestres que presentan unha distribución no espazo case idéntica de elementos semellantes. Estamos a referirnos a Canela-As Canles en Campo Lameiro, A Ferradura en Amoeiro e Corme en Ponteceso. De estudo delas podemos inferir un modelo de paisaxe ritual que posúe unha estrutura clara e que estaría formada por:

1. Petróglifos simples situados en rochas periféricas da área sacra e que teñen como función delimitar o lugar sagrado. O motivo mais habitual serian as cazoletas. No caso de Adai esta rocha sería a situada preto do henge. Outro elemento que tamén serve para delimitar o espazo sería o menhir. No caso que nos ocupa tamén aparece ao outro lado da rocha anteriormente mencionada.
2. Petróglifos mais complexos situados nos lugares de acceso ao santuario. Neles aparecen ferraduras, cruces inscritas e podomorfos. Este sería o caso da rocha que comentábamos

situada a carón do camiño de acceso que posuía ademais destas cruces o motivo de varios sucos unidos a unha pileta. Neste caso marcan o ritual de acceso.

3. Estruturas centrais. Son os mais complexos e poden ser ademais de petróglifos outra serie de elementos para levar a cabo rituais, como o henge ou, mais claramente, a "longhouse" da parte superior da chaira.

Agora ben, no caso de Adai distinguimos claramente dúas etapas. A primeira, cunha cronoloxía do Bronce Medio ou Final, que seria tamén a construtiva, cando se da forma ao complexo co camiño ritual, petróglifos, agás os sucos, o henge e a longhouse. Non sabemos exactamente que tipo de rituais se levarían a cabo pero sospeitamos que serian variados:

-Entronizacións de "reis", similares aos practicados no xacemento irlandés de Hill of Tara que tamén posúe un enterramento tipo túmulo datado no 2000 a.c. chamado Dumha na Giall

- Relacionados cas estacións, os solsticios e polo tanto cas actividades agrícolas documentados en Stonhenge

- Ou tamén funerarios como parece desprenderse de certos restos atopados no xacemento de Ventosiños de Coeses como por exemplo os discos furados, vasos troncocónicos, recipiente cerámico de grandes proporcións ou mesmo as concentracións de fosfatos detectadas nas fosas adxacentes a estrutura anular.

No apartado correspondente á Idade do Bronce falaremos desta sociedade onde destaca o prestixio que acadou a actividade bélica debido a unha nova xerarquía social guerreira. O poder dos defuntos exprésanse mediante a exhibición de armas. Un claro exemplo desta nova sociedade será precisamente a representada na cista do Cubillón (Cazás) depositada no Museo Provincial de Lugo. Unha época polo tanto onde os defuntos van a ser tratados en función do seu status a través de abundantes rituais públicos que serían algo cotiá levado a cabo nos puntos xeográficos centrais destas comunidades.

Sen embargo, habería unha segunda etapa, da Idade do Ferro sobre o IV – I a.c. coincidente ca ocupación do castro de Penarrubia que non presenta niveles romanos, onde certos elementos foron modificados para adaptalos ao ritual desta época. Así, por exemplo, engadíronse novos petróglifos na rocha de acceso, concretamente os sucos con canle, creemos que seguiríase a utilizar o henge pero a "longhouse" como tal non. Perdería toda a estrutura de cuberta e construiríase a pileta rectangular xusto debaixo do oco dun poste unindo ambos buratos por unha canle a modo de altar de libacións. Polo tanto, este espazo

seria transformado nunha especie de “aedes” similar ao atopado en Vilar de Perdices (Portugal).

3.3 Mámoas.

Estes monumentos funerarios coñécenselles con variados nomes que aluden as súas diversas manifestacións ou tipos. Entre eles podemos mencionar o de dolmen, anta, medoña, modia, medorra, túmulo... que deixaron unha enorme pegada na toponimia e micro toponimia de Galicia como por exemplo Antas de Ulla, unha comarca caracterizada polo seu elevado número. Ao longo da historia serviron como sinalizadores de rutas e como limites territoriais aparecendo habitualmente nos documentos medievais e modernos para facer puntualizacións xeográficas. No imaxinario popular atribuíronselles propiedades sanadoras e de fecundidade así como unha constante relación co mundo imaxinario dos mouros e mouras que as converteron nas protagonistas de multitude de lendas e contos moitos delas afirmando que no seu interior había grandes tesouros o que provocou que a maioría foran espoliadas sobre todo no século XIX.

Lám. 14. Estructura dolménica da Mamoa do Monte Teixido III

No apartado 1 xa vimos como na maioría dos casos na súa construción propiamente dita participaba so o grupo de parentesco ao que lle pertencía o monumento xa que bastaría co seu traballo para erixila pero en certos monumentos moito mais grandes seguramente recibirían axuda doutros grupos da tribo que, en tódolos casos, si que participarían nos actos rituais. Os monumentos polo tanto teñen tamén a función de unificar e coexionar a toda esta comunidade que habitualmente vivía disgregada porque non hai que esquecer que para a súa construción requiríase:

a. Inversión e consumo de centos ou miles de horas de traballo.
b. Esforzo coordinado e dirixido de moitos individuos
c. Planificación coherente e minuciosa de cada unha das fases do traballo que, cada unha delas, requiriría unha especialización concreta:
    - Extracción de lousas, con labor previa de selección polo que é necesario coñecer o medio xeolóxico.
    - Labrado de lousas, se fose necesario, non sempre o é.
    - Transporte dos ortostatos posiblemente empregando pancas e rolos
    - Deseño da planta do monumento, cos respectivos cálculos de contrarresto e anulación de empuxes para que a obra non se caia.
    - Apertura de gabias para a colocación dos ortostatos e levantamento destes.
    - Construción do túmulo, e dicir, das ramplas de terra e a súa cubrición

Estamos polo tanto ante a primeira arquitectura monumental que necesitou para a súa realización dunha expropiación do traballo para dispoñer dunha inxente cantidade de enerxía contando cunha función directora. Deste xeito, esta arquitectura foi a primeira que representou un fito sobre o espazo, que non so desafía ao tempo senón que foi concibida expresamente para desafialo, para resistilo, para sobrepoñerse a él. E a obra dunha comunidade para ser eterna e que transforma a paisaxe por primeira vez. O espazo do túmulo deixa de ser un mero entorno natural para pasar a ser un entorno humanizado. Unha arquitectura petrificada e revestida de todas as solucións necesarias para facerse tan imperecedoira como o entorno. E realmente sorprendente estar ante un mundo totalmente estraño, tremendamente distante, difícil de concibir pero do que podemos tocar o que eles quixeron que tocásemos. E unha arquitectura monumental que domina o tempo, que supón unha nova relación do home co espazo creando un entorno humanizado, e que por extensión deriva nun novo tipo de practica económica baseada na transformación do medio natural.

No concello de Xermade contamos cuns 159 exemplares o que supón unha gran densidade en relación a outras zonas do territorio do noroeste. A grandes resgos poderiámolas agrupar en catro grupos.

1. Túmulos tipo cista de pequeno tamaño. Da a sensación que os monumentos mais pequenos son os mais tardíos, aínda que tamén hai que ter en conta que son os mais expostos á destrución e os mais difíciles de localizar entre a maleza.
2. Túmulos grandes recubertos cunha coiraza exterior e con cámara poligonal hexagonal con corredor diferenciado. Este tipo adoita sobresaír bastante por riba da coiraza exterior.

3. Túmulos grandes recubertos con coiraza exterior e cámara interior poligonal irregular ensanchada no seu eixo transversal. Ao igual ao anterior sobresae bastante ao exterior.
4. Túmulos con coiraza exterior e cámara poligonal sen corredor e sen porta. Esta construción está aloxada dentro da masa tumular de terra, non se aprecia no exterior.



Lám. 15. Tipos arquitectónicos megalíticos

4. DISTRIBUCIÓN DOS MONUMENTOS MEGALÍTICOS

Os investigadores de mediados do século pasado estaban firmemente convencidos que a situación destes monumentos estaba fundamentalmente condicionada pola xeoloxía, pola proximidade das canteiras produtoras das rochas necesarias para a súa construción. Hoxe en dia considérase que este factor, a nivel de macro zonas, non é o mais importante, conta a posteriori, segue a determinar o emprazamento pero a pequena escala. Outros factores como as vías naturais de comunicación tamén hai que telos en conta como veremos no capítulo correspondente. Actualmente considérase que no emprazamento actúan dous tipos de condicionantes: xeolóxicos e culturais.

4.1 Xeolóxicos.

Pode constatarse a evidencia que os túmulos, a pequena escala, sempre tenden a situarse o mais próximos posible ao lugar de extracción das lousas. Noutras áreas de estudo onde o número de exemplares permite facer análises pormenorizados como a Serra do Barbanza puido comprobarse como as distancias de acareo do material case sempre mínimas duns poucos metros e que as máximas nunca sobrepasan os 250 – 300 m. O que lles leva a concluír aos investigadores que o factor distancia non aparece como un elemento limitador de excesiva importancia. Tamén e necesario matizar que nesta serra o granito esta presente en case todos os puntos en grandes floracións con fortes diáclases e moi fracturado o que tamén evitou un esforzo excesivo nas labores de extracción e labrado das lousas. En palabra dos autores (Criado, Aira e Díaz-Fierros: 136): “outros grupos non prescindiron dos traballos extra de carrexo das lousas cando tiveron que facelos: en calquera dos casos nos que a distancia é superior a 100 m. Os túmulos puideron ser situados nunha relación mais inmediata ca materia prima, o que tería evitado totalmente a realización deste esforzo. Sen embargo, o feito de que non foi así, está a sinalar que existe algún outro factor que tamén está condicionando dalgún xeito a elección do punto de emprazamento do monumento.

4.2 Emprazamento e visibilidade.

Cremos que este factor xunto outros factores de tipo cultural, descoñecidos polo de agora, son realmente os que condicionan a elección do punto de construción do megalito. De non ser así, estarían sempre vinculados a una situación moi próxima cos puntos de extracción das lousas pero isto non ocorre sempre. Polo contrario prefírese desvinculalos desta estreita relación ca materia prima para poder respectar o emprazamento marcado polos outros factores.

En múltiples ocasións se ten afirmado que as mámoas están situadas en puntos prominentes do relevo, desde onde se domina un espazo. Esta argumentación sempre se completaba ca afirmación que estes monumentos non so sería a tumba dos mortos senón tamén un fito, un santuario, un punto de referencia dos vivos. Un lugar que podería ter funcionado como centro integrador da comunidade que o construíu.

Partindo da veracidade destas afirmacións o que si é posible e matizar e concretar certos aspectos.

En primeiro lugar, ao observar a distribución dos túmulos sobre un mapa de pendentes podemos comprobar como moitos deles se localizan nas zonas de menor pendente. Ben situadas no punto culminante de pequenos outeiros, ou en zonas de relevo chan, fondos de vales ou depresións, ou suaves pendentes. En todos estes casos os túmulos gozan do privilexio de ver e de ser vistos, nalgúns casos como as situadas en outeiros, poden ser divisadas desde case dous quilómetros de distancia. Agora ben tamén hai un grupo delas que se sitúan en zonas cuxa morfoloxía impide tanto que sexan divisadas de lonxe como ter panorámica desde elas. De feito, apenas se distinguen nalgúns casos a mais de 50 m. delas sobre todo as que presentan menor tamaño. Polo tanto temos dous grupos de monumentos en función da visibilidade ou diferenciación sobre a paisaxe desde longa distancia.

Lám. 16. Medoña de Pena (Burgás) cun gran burato de violación no centro deixa ver cinco ortostatos.

Agora ben, temos que matizar para poder comprender este tema da visibilidade que as mámoas non foron emprazadas en lugares nos que puideran ser vistas desde todos os puntos de vista. Polo contrario foron escollidos uns lugares para potenciar, para enfatizar certos puntos de vista do monumento en detrimento dos outros. A regra que guía esta elección está en función de que os monumentos deben ser avistados desde aqueles puntos de vista ou territorios que, a súa vez, se tiñan que divisar.

Chegados a este punto o que podemos concluír é que o que prima en tódolos os emprazamentos das mámoas é un certo sentido da monumentalidade, un intento de realzar e privilexiar a situación do monumento elixindo unha situación topográfica que por ela mesma xa fora capaz de outorgarlle este privilexio, esta distinción. Sobre este aspecto tamén e interesante lembrar, como mencionamos noutra ocasión neste traballo, que a vexetación existente na época tiña carácter aberto e non poñía obstáculos de visión como a que posuímos hoxe en dia que non nos serve para comprobar estes supostos.

Todo o anterior podemos formulalo a nivel xeral pero a posta en práctica destes principios non implica necesariamente que haxa un patrón único e uniforme. Ante condicionamentos concretos da paisaxe adóitanse diversas solucións pero que non varían os principios establecidos anteriormente. E este é un principio importante porque leva implícito un diálogo do monumento ca paisaxe, este é visto desde certas zonas e esas mesmas son vistas desde o túmulo, e vese so estas, non outras. Por todo isto afirmábamos antes que ademais de ser monumento dos mortos tamén é dos vivos porque sinala, interactúa, organiza o espazo e mantén unha estreita relación co territorio efectivo. Esta concepción da territorialidade implica ao noso entender comunidades estables, sedentarias ou case dedicadas á agricultura, recolección e gandaría porque tamén hai que ter en conta que existe certo numero de túmulos que foron situados para ser vistos e para ver as terras de cultivo, circunstancia que aínda hoxe se pode apreciar en múltiples casos. Xa comentábamos noutra ocasión como a maior parte dos túmulos se sitúan nos sectores xeográficos mais aptos para levar a cabo un desenvolvemento económico e como bordeaban a periferia das zonas sobre as que se asentaba un determinado grupo humano.

4.1. As mámoas ou medoñas como referencia de límites territoriais

Sabido é que os monumentos megalíticos servían, en casos para marcar límites territoriais, posiblemente xa nos tempos da súa construción pero tamén en épocas mais recentes, e sobre todo desde a aparición do cristianismo para delimitar as parroquias cristiás.

Para facer un repaso a estas delimitacións contamos coa axuda do chamado Catastro do Marqués da Ensenada, feito entre 1.752 e 1.753, nas freguesías do que hoxe é o Concello de

Xermade. A partir del localizamos os límites que se identificaban con monumentos megalíticos e estudiamos eses elementos comparando cos que coñecemos actualmente. Facémolo por parroquias para analizar todo o contorno do Concello.

1.- Burgás.- A descrición dos límites da parroquias empeza nun marco de seixo, Portolobo, logo río arriba, hasta o rego dos Torguedos, peña loseña Forcada, **Modia das Chairas**, marco loseño do Outeiro, pena de seixo do Lodoso, **Modia da Picota**, espiño "carnaz" do Loimil, fonte Viveiro, marco dos Barreiros, pena loseña Gallada, auga abaixo ó muíño do Valiño, **Modia do Carballal**, marco de seixo Montullo, e marco do Portolobo.

Atopamos polo tanto tres modias como referencia de lindes parroquiais. Modia das Chairas, Modia da Picota e Modia do Carballal. Modia das Chairas, limitando con Xermade en Castiñeiras, en zona laboreada feito que afectou ó seu volume. Modia da Picota parece corresponderse coas Medoñas de Pena Pesqueira, onde se identifican un grupo de catro medoñas. Modia do Carballal situada próxima ó lugar do mesmo nome lindando coa parroquia de Codesido, no lugar de A Braña, non ten hoxe catalogación aínda que se pode chegar a situar a súa antiga situación.

2.- Cabreiros.- En relación con eses monumentos na descrición dos límites da parroquias atopamos, no treito que vai augas abaixo ata a Presa da Vesura, e de esta á Pena de Afonso, á Fonte Canado, de alí á **Modoña Cavada**, e de esta ó Marco de Pedrón das Forcadas.

Esa **Modoña Cavada** identificase claramente coa Medoña do monte da Touza, inventariada co número 149 deste traballo, hoxe inexistente.

3.- Candamil.- Nos límites que nos interesan neste estudio, atopamos unha pena de seixo nomeada Coraceira, de alí vaise a nomeada **Modia da Cobra**, de alí vaise a unha fonte nomeada Coraceira. Estes puntos están situados no límite de Candamil coa parroquia de Santaballa, no Concello de Vilalba, e en parte coa de Lousada.

Identificamos a Medoña da Cobra como a número 32 do noso inventario e inventariada co CÓD GA27021038.

4.- Cazás. -No contorno da parroquia, e pola descrición dos seus lindes, quedámonos con un treito, que empeza auga arriba do río de Goimell, ata un marco de seixo branco que se atopa no monte de Goimell, de alí a unha pena louseña, que se chama da Silvela, un muiño que se nomea do Capeirón, a **modia nombrada de Peña Cinta,** marco de pedra lousa nomeada das Grúas, unha modia nomeada **da Trabe** e a Fonte Baltar.

Botamos en falta que esa pena da Silvela non se describa precisamente completada na Modia da Silvela ou do morto, pois por alí pasa o linde entre o Concello de Xermade, na parroquia de Cazás, e o Concello de Guitiriz.

Identificando o Muíño do Capeirón, logo transformado en moa, Moa do Capeirón, o seguinte punto do deslinde estaría situado na parte mais alta próxima ó lugar de Cascudo (Belesar – Vilalba), onde se situaría a **Modia de Peña Cinta**, hoxe sen identificar, para seguir polo Marco das Grúas, a **Modia da Trabe**, esta claramente identificada como modia do Cordal (da Trabe) e indicada no número 20 do noso inventario, para seguir en dirección á Fonte Baltar, no límite co mesmo lugar do Concello de Vilalba.

5.- Lousada.- Describe os lindes, empezando no intermedio da freguesía deste coto de Santo André de Lousada, a de San Pedro Fiz de Roupar e a freguesía de Santa Mariña de Cabreiros, xurisdición das Pontes de García Rodríguez, de alí a un marco de lousa que nomean de Roidelgado, de alí a un marco de seixo, que se atopa na **Modia da Coba**, logo a unha pena de seixo, de Couso, e ó Rego da Sal, Porto ancho e Paraños...

Resulta seguro que esa **Modia da Coba** é a mesma que se describe nos lindes da parroquias de Candamil para nomear a **Modia da Cobra,** pola coincidencia no espazo os límites das dúas parroquias.

6.- Miraz.- Dende a fonte Larín, vai a un marco de seixo branco, do Pedrón, logo ó Porto e rego do Souto, de alí vai a unha modia nomeada **da Casanova**, e á peña de seixo chamada da Muller; a unha modia que se dí **da Gurita**; á fonte ou illó de Fiouco, e a Pena Miraz e á fonte Larín.

Modia da Casanova que se nomea no límite das parroquias de Piñeiro e Miraz, parece referirse á modia existente preto do Castro do "Monte do Castro", situado cerca do lugar da

Casanova, coincidindo lindes actuais, aínda que tamén coincidente no límite actual é a **Medoña do Monte do Castro**, que localizamos mais ao norte, en dirección ao Portosouto, e tamén estaría cerca do límite a **Medoña do Cal Grande**, no alto do Souto, todas elas na mesma liña (números 15, 28 e 150 no inventario).

Modia da Gurita, hoxe mais coñecida por **Medoña da Zaipa**, érguese sobre o entorno ainda que fora afectada pola civilización moderna e rodeada de camiños.

7.- Momán.- Empezando na fonte que se nomea Zaipa, de onde se vai a unha medoña nomeada da **Gurita,** logo a unha pena de seixo nomeada da Muller, de alí vai a unha modia citada como **de Mejacan** de alí vaise a un marco de seixo que está nunha **modia** nombrada **Pormonteiro,** logo a un "mojón" de pedras de seixos brancos chamados a Cruz da vella.

Modia da Gurita ou da Zaipa, de importante tamaño dividindo Xermade, Momán e Miraz.

Están claramente identificadas hoxe as medoñas de **Pero Montero** e as de **Serrón do Lobo**, nos límites parroquiais, aínda que na descrición de Ensenada a mediados do século XVIII aparecía a de Mejacán e logo a de Pormonteiro, cando hoxe atopamos a de Pero Montero antes de acabar a subida ó Serrón do Lobo onde se detallan outras dúas medoñas.

8.- Piñeiro.- Empezando na Pena de seixo pardo chamada da Muller, á fonte do Salgueiriño, modia da Casanova, ó rego e porto nomeado do Souto, auga arriba hasta un Porto e rego dos Rapaces, auga arriba hasta a cruz no sitio do Capelo, marco de seixo branco que se chama Coba do Acebeiro, auga abaixo ata o rego de Curra, sube ata xuntarse co rego do Cego, a un marco na Camposa da Rumiña, Pena do Paraño, de alí vai a un marco de seixo , que se atopa na Modia de **Permonteiro**, a acaba na Peña de seixo denominada da Muller, primeira demarcación.

Atopamos a **Modia da Casanova** que xa referimos nos límites da parroquia de Miraz.

Non se cita unha medoña que identificamos como **Medoña do Novil**, que delimita Xermade, na parroquia de Piñeiro, con As Pontes, na parroquia de Aparral. Estaría situada preto da cruz do Capelo. Sinálase co número 129 no inventario.

9.- Roupar.- Desde o pico do monte Castrillán, colle o deslinde polo rego da Bacariza e logo auga arriba hasta unha Pena loseña chamada **Mama Furada**, despois a un marco de Seixo, Monte Miguel, logo rego Pereiro, hasta un Porto nomeado Ramil, e rego Porvelo...

Esa **Mama Furada**, na cabeceira do monte de Couce Ancho, co nome tan claro que fala de mámoa violada, podería corresponderse coa medoña do Chao do monte (número 118 no noso inventario) aínda que está desprazada do límite uns 200 metros.

10.- **Xermade**.- No deslinde aparece a modia da **Gurita**, que desde ela vaise a unha fonte nomeada da Zaipa, collendo auga abaixo ó marco loseño de Roupar. Modia do Calez do Cordal da Trabe, marco dos Barreiros, fonte Viveiro, espiño carnizal no Loimill, Modia do Montullo, pena do Lodoso, marco do pico do Outeiro, Penelas de Jemariz (Xemaré), marco da Pena Forcada, Rega dos Tordegos, marco do Portovello das fragas, Acea.

Modia da Gurita ou da Zaipa, xa identificada, dividindo Xermade, Momán e Miraz.

Modia do Calez do Cordal da Trabe (salvo error mesturando datos coa freguesía de Cazás) estaría no límite coa parroquia de Codesido, onde estaría hoxe a **Medorra do Caldeirón**, no alto do Chao da Lebre. **Modia do Montullo** parece un erro na transcrición de datos, se o comparamos coa parroquia de Burgás onde estaría a **Modia da Picota** entre os puntos de Loimil e Lodoso. Montullo aparece neses lindes pero entre Burgás e Codesido onde se conserva hoxe o topónimo.

5. OS ENXOVAIS

Unha característica reiterativa dos monumentos funerarios megalíticos é a colocación de obxectos no seu interior. Ao longo da historia se foi creando unha serie de lenda sobre os construtores destas tombas e sobre o que agachaban dentro delas. Os contos sobre os mouros e os acontecementos máxicos que provocaban aínda hoxe en dia poden escoitarse en moitos lugares de Galicia. Outro tema típico no imaxinario popular foi tamén o convencemento que dentro delas había grandes tesouros de ouro e xoias. Esta crenza provocou un espolio continuado destes sepulcros en diferentes épocas históricas. Un dos mais coñecidos é o caso do cura de Cazas quen en 1609 foi de noite a desenterrar o suposto tesouro da mámoa de Modiafariña o que provocou as protestas do licenciado Vázquez de Orxás aducindo que so el tiña o privilexio real para buscar tesouros nestas tombas das que deron en identificalas como dos "xentis galigrecos". Este espolio acadou o seu cénit no século XIX que se converteu en algo cotiá. Isto explica que actualmente unha gran cantidade de túmulos, case un 70%, teñan sinais de ser violados, sendo o mais típico un burato ou funil na parte superior para acceder a cámara. De feito, cando en 1967 se fixo no túmulo nº 17 do Carrizo unha cata comprobouse como fora saqueada a lo menos tres veces en 27 anos e, aínda así, logrouse atopar oito anacos de cerámica campaniforme, unha folla de sílex e tres prismas de cristal. Buratos debidos a este saqueo son facilmente visibles actualmente como por exemplo na Medoña de Pena Parda III (nº 59 do catálogo)

Esta retirada de materiais do mundo dos vivos para pasar ao universo dos mortos independentemente da súa motivación foi un estímulo para incrementar a produción. As implicacións sociais e relixiosas que este acto puido ter aínda non están claras a día de hoxe, barallándonse unha serie de hipóteses que van desde considerar este obxectos como propiedade do defunto que os leva na súa viaxe, ou mesmo que segue vivo na tomba, ata ofrendas dos vivos cara a el ou a unha divindade relacionada ca morte e o mais alo.

De tódolos os obxectos que aparecen nas mámoas algúns teñen maior connotación simbólica como por exemplo os machados como os que aparecen no enxoval de Mariñaos e que interpretamos como indicadores dun alto status social do defunto dentro do contexto social da etapa do "Horizonte Rechaba" e posteriores. Agora ben, non sempre compre empregar esta interpretación xa que é unha época caracterizada polo emprego de útiles de pedra pulida destinados, na súa meirande parte, para o traballo ca madeira. Noutros casos, estes obxectos de uso cotiá si que son enterrados co defunto como é o caso das puntas de frecha atopadas na cista nº 5 de Lousada.

O colgante cunha perforación que apareceu nun túmulo da necrópole de Lousada é tamén outro típico obxecto simbólico semellante aos colgantes con forma de machado. Algúns investigadores ven neles unha dimensión simbólica celeste e os relacionados co lóstrego xa que lle supón unha manifestación do ceo, da forza celeste e o medio de relación ca terra. Vinculados con este fenómeno atmosférico están sen dúbida os prismas de cristal de rocha que tamén teñen aparecido nas mámoas 4, 7 e 9 de Lousada. De feito, no imaxinario popular galego son chamados "pedras do Lóstrego" igual aos machados pulidos. Dentro de este simbolismo celeste e cunha clara relación co sol tamén podemos interpretar a orientación sur e leste que posúen gran parte dos corredores dos túmulos.

Na mámoa I de Lousada atopouse tamén un canto rodado de forma troncocónica posiblemente sexa unha icona relixiosa vinculada ca morte. Existen paralelos noutras necrópoles galegas como Dombate e Parxubeira.

6.A NECRÓPOLE DE ABELLEIRA (LOUSADA)



Map. 2. Distribución de medoñas en Abelleira e as tres escavadas segundo Bouza Brey , Carro Otero e Carlos García (1973)

Esta formada actualmente por 17 túmulos todos situados en torno a un paso natural que tamén foi empregado polo Camiño Real. Tres deles foron escavados por Bouza Brey no verano de 1970 como podemos ler no apartado Diario dun Arqueólogo que foi o caderno de notas de Bouza Brey nesta campaña. Nel se recolle meticulosamente os dias da escavación xunto as tarefas realizadas, os restos atopados e os membros do equipo. Os resultados destas escavacións tamén foron publicadas por Bouza Brey no "Noticiario arqueologico hispánico" (1973, 39-57). Neste traballo tamén se da conta da recopilación de información de tradición oral sobre estas medoñas. Deste xeito, se cita a veciños do lugar de Abelleira como Juana Férnandez Hermida de 73 anos ou de Roupar como Manuel Felpeto Agras de 92 que din que as fixeron os mouros. Outra lenda curiosa foi a relatada polo propietario da finca do túmulo do "Prado da Fonte" Vicente López Ramil quen afirmaba ter oído doutro veciño chamado Manuel Ladra que as medoñas foran levantadas polo "insurrectos" e que os mouros ao chegar "correran aos insurrectos" os que taparon as mamoas ao marchar.



Fig. 2. Abelleira I. Planta e sección segundo Pombo e Rego (1989/1990)

-ABELLEIRA 1.

Foi escavado por primeira vez polo departamento de Edafoloxía da Universidade de Santiago co obxectivo de analizar o paleosolo. Na derradeira quincena do mes de Agosto de 1970 foi escavado por Bouza Brey. Nesta intervención, e debido o alto deterioro da

cámara, tan so se fixo unha limpeza e se intentou determinar se tiña ou no corredor. Posúe 22 m. de diámetro por 1,80 m de altitude. Orixinalmente debía ter sete ortostatos dos que so se conservaban catro e tampouco tiña cuberta. O corredor tamén estaba destruído pero orientado caro ao leste. De feito, en 1994 xa non se vía ningún chanto do túmulo.



Lám. 17. Abelleira I en Agosto de 1970. Fotos de Bouza Brey

Nesta mamoa apareceron catro fragmentos dun vaso campaniforme, que analizaremos posteriormente, un machado de esquisto e disco de lousa perforado. Todos estes materiais apareceron no corredor.

-. ABELLEIRA 2.

De tipo sinxelo estaba cuberta de terra e tiña un círculo de pedras enmarcando a súa base. A cámara estaba composta por seis ortostatos levemente imbricados que soportaban un chanto horizontal a modo de cuberta de reducidas (1,63x0,68x0,17 m) dimensións quizais debido a unha fractura. A entrada estaba orientada cara ao leste bastante alterada debido probablemente a unha suposta violación. No exterior, xusto ao pe dos ortostatos, detectáronse carbóns que tamén se documentaron no interior da cámara.





Fig. 3. Abelleira II. Á esquerda planta segundo según Bouza Brey , Carro Otero e Carlos García (1973). Á dereita fotografía de Bouza Brey da estructura dolménica en Agosto de 1970

.ABELLEIRA 3. Medoña de Prado da Fonte.

A intervención de Bouza Brey consistiu en liberar a cámara polo exterior e despois a escavación do interior e do corredor. Tiña 28 m. de diámetro por 2,20 m. de altitude e estaba formada por un túmulo de terra con coiraza superficial.

Lám. 18. Abelleira III en Agosto de 1970. Fotos de Bouza Brey

A cámara era poligonal formada por sete ortostatos calzados con pedras. Tiña parte desta cámara enlousada con placas de granito. Posuía corredor diferenciado realizado con cachotería a oso de pedras medianas. A estrutura deste monumento debía ser case idéntico a Abelleira 1 e tamén á mámoa de Casota do Parámo que nos pode valer como referencia xa que se atopa moi ben conservado. Esta situada en Boiro, na PARR de San Andrés, nunha costa de suave pendente o que permite que desde ela se domine todo o val. Presenta un diámetro de case 16 m. e unha altitude de 1,9 m. A distancia da posible canteira de onde se trouxeron os ortostatos é de 200 m. mentres que as terras de labor están situadas a 40 m e as correntes de auga a 150 m. A conservación e boa contando cos chantos do teito e do corredor aínda que tamén ten un burato de violación na súa cara oriental que permitiu que fose espoliada como mínimo catro veces. A cámara é poligonal cun corredor curto en V, apenas diferenciado en planta pero si en alzado. A unión entre ambos e curiosa xa que está formada por unha desviación do ultimo chanto do corredor que actúa a modo de porta. Características típicas é a existencia de un muro delgado que serviu sen dúbida para prolongar o corredor e a gabia de

grandes dimensións escavada na rocha para asentar os ortostatos. O único material atopado foi unha lámina de sílex.



O material que apareceu no túmulo de Abelleira 3 pode resumirse en sete prismas de seixo cristalizado, un fragmento de cristal de rocha e cinco anacos de cerámica, dous deles decorado con liñas incisas. Tamén se constatou a existencia de catro anacos de cerámica campaniforme aparecida no corredor e un fragmento de machado de basalto.

Fig. 4. Abelleira III. Planta e sección segundo Pombo e Rego (1989/1990)

Os outros achados realizados no exterior foron de dous prismas de seixo e un disco perforado.



Fig. 5.Perfil da Casota do Páramo segundo F. Criado (1986)

Este material documentado por Bouza Brey foi depositado en 1973 no Instituto Pai Sarmiento de Santiago de Compostela e podémolo clasificar do seguinte xeito[3]:

A. LÍTICO.

A.1. Machados pulimentados. Só una esta enteira. As outras so representadas por fragmentos aínda que poden reconstruírse tres exemplares mais. Non é posible establecer con certo rigor a causa destas roturas. Ben poden ser debidas a un uso ou a unha practica funeraria. Posúen a tipoloxía típica de tipo alongado provisto de fío levemente curvo e base estreita



Lám. 19 Machado segundo Bouza Brey , Carro Otero e Carlos García (1973)

A.2. Puntas de frecha. So apareceron nun dos túmulos. Presentan aspecto trapezoidal. O material é sílex branco



A2

A4

A.3.2



A.3.3



A.3.1

[3] Para una relación detallada do material aparecido nestas escavacións pode consultarse Bouza Brey, F. Carro Otero, J. e Carlos García Martínez 1973 "Excavación de túmulos dolménicos en San Andrés de Lousada (Lugo), páxs 39-57, os materiais aparecen reseñados nas páxinas 46-47 e 49-53.

A.3. Obxectos culturais

A.3.1. ***Peza circular de lousa*** con gran burato central. Estas pezas empezan a ser habituais en distintos contextos relixiosos, como puidemos apreciar ao falar do anel circular de Coeses.

A.3.2. ***Colgante con orificio.*** Presenta unha disposición fusiforme con burato nun dos seus extremos. Esta circunstancia unida á afirmación de Bouza Brey de non detectar sinales de uso como obxecto cortante permítenos atribuirlle a función de colgante. En 1973 estaba depositado no Departamento de Prehistoria da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela.

A.3.3. ***Betilo.*** Bouza Brey o clasifica como ídolo simple, correspondente ao tipo V de Almagro Basch (1966, 25)

A.4. ***Pedra de afiar.***

Ademais atopouse unha raspadeira, unha lasca, catro pezas de seixo cristalizado

B.CERÁMICO.

B.1. Vasos sen decorar con forma de cuncos. Son diversos fragmentos aparecidos nas medoñas I e III. Presentan características similares como mesmas cores, impurezas, grosor e mala cocción.



Fig. 6. Panza vaso decorado de Abelleira I

B.2. Recipientes decorados. A base de incisións nun material con moitos desgrasantes o que lle confire un aire moi tosco. Cerámicas similares se poden atopar no vaso campaniforme de As Pontes, Ortigueira ou mesmo de Portugal. No caso da cerámica atopada no túmulo I e radicalmente distinta xa que presenta un modelo a base de punteado, moi típico en Portugal.

-ABELLEIRA 5.

Os materiais apareceron a mediados dos anos setenta a raíz dunha prospección realizada neste túmulo que antes non fora escavado por Bouza Brei. Actualmente pertencen a unha colección particular e foron estudados por Vázquez Varela e Gabeiras Vérez (1993-1994).



Fig. 7. Material cerámico aparecido en Abelleira III

A cámara do túmulo onde apareceron os materiais estaba formada por catro ortostatos non demasiado grandes faltándolle a cuberta. Posúe doce metros de diámetro e unha altitude media de metro e medio. Estes chantos son de seixo local e proceden probablemente dun rochedo situado a uns 200 metros. O monumento esta situado xusto a carón das terras de labor e nunha situación que non aproveita ao máximo as circunstancias para ser visto.

Estas pequenas dimensións do conxunto xunto a súa cámara rectangular e os materiais atopados permítennos encadrala na fase final da época megalítica.

O enxoval.

1. Material lítico. Formado por seis puntas de frecha de base cóncava que teñen paralelos noutras zonas como nos abrigos rochosos situados nas proximidades ou mesmo no túmulo de Gruou (Ourense). Este tipo de material testemuña a actividade cinexética neste momento e a relación con estes abrigos rochosos próximos que se seguen a utilizar nesta época e que serán utilizados tamén posteriormente. Apareceron puntas de frecha similares nos abrigos de O Carrizo, santa Baia e os de Pena Grande de Bordelle a non mais polo tanto de 10 km en liña recta. Esta reutilizacion sistemática destes abrigos ao longo da historia débese a ser lugares excelentes para protexerse das inclemencias meteorolóxicas e por ter unha magnífica visibilidade do entorno.
2. Material cerámico. Aparecen 20 fragmentos cerámicos que se poden agrupar en 14 conxuntos, todos feitos a man cun acabado alisado e con presenza de desgrasantes de seixo e mica. Algunhas teñen unha decoración a base de acanaladuras e incisións ou unha combinación de ambas. Os paralelos os podemos atopar no poboado de Requeán (Melide) ou mesmo no túmulo de Lobeira (Ourense).

Posúen un estilo que encaixa na cerámica Calcolítica de tipo Penha que confirma esta avanzada cronoloxía para todo este conxunto de finais do terceiro milenio ou comezos do segundo.

7. MONUMENTOS MEGALÍTICOS E VÍAS DE COMUNICACIÓN.

Non cabe dúbida que o emprego dos túmulos (mámoas) como elementos identificativos do territorio é unha constante que se remonta á antigüidade. A pesar da reticencia que teñen as fontes clásicas a informar sobre este tema, sabemos pola arqueoloxía que Roma fixo bo uso destes enclaves megalíticos para satisfacer as súas necesidades. Por exemplo, é moi curioso observar como a cohorte acantonada no campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña) utilizou unha das múltiples mámoas que o bordean como posto avanzado de vixilancia. De feito, a investigación que estamos a levar a cabo sobre a rede viaria romana na Provincia de Lugo pon de manifesto a existencia dun elevado número de túmulos nos propios trazados romanos. Esta circunstancia pode levarnos a sospeitar que á hora da súa construción fosen uns elementos cruciais para decantarse por un ou outro trazado, iso se, sempre a escala local. Son varios os autores que se decantan por esta hipótese (Chevalier, R. 1979, Fustier, P. 1968, Caamaño Xesto, X.M. 1984) en función da idoneidade destas supostas rutas megalíticas ao ser, na súa maioría, verdadeiros camiños naturais trazados polas zonas máis alcanzables.

Sobre este aspecto, as fontes documentais medievais son moito máis xenerosas e ofrecen un innumerable número de exemplos onde os túmulos convértense en auténticas referencias espaciais. A través deles delimítanse propiedades, lugares e sobre todo camiños. Sen ser nosa pretensión estendernos neste tema, é moi ilustrativo observar como nalgúns casos se demarca un perímetro durante varios quilómetros baseándose exclusivamente en referencia á situación das mámoas. Un documento senlleiro neste aspecto é o que reflicte os termos de Pezobre (AHN T. Sobrado II, 75-75 v.º) deste xeito "*quomodo vadit ad illam mamulam super Quintanelam et inde in pronum ad aliam mamulam que stat contra partem Sancti Romani, et inde ad rivulum de riazoo, et inde ad aliam mamulam que stat iuxta viam que venit de Pezovre...*".

Máis habitual se cabe, tamén é, a mención dos túmulos que bordean un camiño co obxectivo de identificar o seu trazado concreto por un determinado lugar. Son moi abundantes os exemplos que poderiamos citar para ilustrar este feito pero, para o caso de Galicia, a maior parte deles atópanse recompilados no traballo de Ferreira Priegue (1988), polo cal, cinguirémonos a mencionar só os máis representativos.

Quizais, o documento onde mellor se plasme esta relación sexa na anotación que Ordoño II fixo do mosteiro de S. Salvador de Cinemas debido a que os seus camiños circundantes son sempre reflectidos en relación cos seus túmulos "*...per castrum de Jenrocio et per veredam de super Jenrocio per mamulam qui stat inter Ferrarios et Jenrocio; oper petram de Sala, per*

mamulan qui stat inter Porcimilios et Villar de Custodia et per viam antiquam per quam vadunt a Loys et per quercum perfuratum et per mamulam que atat super Sanctum Mametem [de Bragad], et per viam que itur ad montem Farum..." (Yepes Cron. Gral da orde de S. Benito, T. IV).

Noutros casos, a documentación mostra referencias puntuais a certas mámoas que, a xulgar pola súa propia mención, deberon de ser o suficientemente importantes na época para determinar por se soas o trazado dun camiño: "*quod villar iacet in terminis de igrexa de Ouoriz (Buriz), Inter Portum de verea er mamoam de Coruiti...*" (ano de 1215, AHN Monfero, 449/1); "*et quomodo vadit per caminum ad mamoas de Zaba*" (ano de 1243, AHN Samos, 1242/9); "*vay firir na outra mamoa de fondo dá carreyra dá serra que vay para Gondian*" (Ano de 1332, AHN Penamayor 1223/9).

Nestes tres casos citados realizamos unha prospección superficial na zona mencionada para analizar a existencia de túmulos e a súa coincidencia no trazado dos camiños apuntados. As conclusións obtidas son moi interesantes debido a que poñen de manifesto a gran abundancia de xacementos megalíticos no trazado destes camiños, sendo o seu número moito maior que o reflectido na documentación medieval. Así, por exemplo, no primeiro caso localizamos 8 túmulos bordeando a vereda citada, seis xacementos no segundo caso e outros seis no terceiro todos eles na propia Serra de Constantín e estribacións (Baralla, Lugo) sinalando á perfección a ruta cara ao lugar de Gondian non coincidindo este caso nin coa vía romana (XX e XIX do Itinerario de Antonio), nin co Camiño Real de Acceso a Galicia).

Non só a documentación medieval fai uso das mámoas como referentes da paisaxe, o propio Cornide tamén as emprega nestes mesmos termos nos seus múltiples traballos sobre a rede caminera. De entre todos eles cabe destacar o estudo titulado "Advertencias a ter presentes para a dirección do camiño que vai de Betanzos a Lugo" onde o autor propón utilizar o antigo trazado romano desde Lugo á Coruña para a construción do Camiño Real, refugando desta forma a variante proposta polos enxeñeiros da coroa de levalo por Rábade e Guitiriz. Pois ben, para defender a súa proposta Cornide realiza a que podería ser a primeira prospección científica dun camiño na historia de Galicia, analizando e reflectindo pormenorizadamente tanto a súa infraestrutura como a súa localización espacial. Este último punto é o que resulta especialmente interesante para a nosa investigación xa que o autor insistentemente sinaliza e identifica o trazado da suposta vía romana coas mámoas circundantes: "...descóbrese o camiño Romano por en fronte da casa que chaman das Mámoas que queda á esquerda... en Ousá tómase á esquerda por terras de labor e ao saír do lugar hai que facer un pequeno ponte para o arroio; desde o íase á casa dun labrador chamado Núñez onde hai unhas Mámoas ou

Modorras, segue por baixo do lugar de Requieiro... para aproveitarse do camiño Romano desde o lugar das Mámoas ata o lugar de Saá... paréceme que desde en fronte das Mámoas sígase o camiño actual ata Guitiriz...” (Arquivo Xeral do Reino de Galicia, papeis de Cornide, leg. 13, nº 216. Sen data).

Ata agora vimos como quizais dunha maneira un tanto inconsciente, empregáronse os túmulos como unha forma moi útil e válida de situar no espazo outros elementos paisaxísticos de entre os cales destacan, sobre todo, os camiños. Con todo, ata o século XIX nunca se expuxo dunha maneira concreta a posibilidade dunha relación directa entre un conxunto de xacementos megalíticos e un camiño e, moito menos, o feito de si os propios xacementos constituíron na súa época unha ruta.

Será neste século XIX cando algúns investigadores empecen a sospeitar desta suposta vinculación. Unhas hipóteses que nun principio foron meramente teóricas, ao carecer de datos arqueolóxicos obxectivos, pero que a partir da década de 1940 cobran maior forza científica ao ser contrastadas con prospeccións superficiais limitadas aínda, iso se, a espazos concretos e de reducido tamaño.

Se facemos un somero repaso a estas suposicións, teriamos que citar en primeiro lugar a Barros Silvelo (1875: 77) por ser, quizais, o precursor destas teorías. De feito, este autor afirma con rotundidade que “...a colocación que ocupan (os túmulos), observando que os hai contiguos ás vías militares (romanas), procedentes de épocas moito máis modernas. Cando isto sucede nunca se ve un só, senón dous paralelos entre si e a ambos os dous lados do camiño”.

Especialmente interesantes e reveladoras son as afirmacións de Díaz Sanjurjo (1906: 225-226) por mor das investigacións desenvolvidas sobre o trazado da vía antoniniana XVIII ou vía nova, que matizan e complementan as ofrecidas polo seu predecesor. Para este autor a existencia dun túmulo é “un dos indicios máis seguros en Galicia da proximidade dos antigos camiños... e pódese establecer a regra xeral de que o paso máis favorable dunha divisoria (de augas), é aquel punto dela en que exista unha mámoa (túmulo); e tanto é así que eses pasos utilizáronse para as estradas actuais (...). Rexistradas algunhas destas mámoas non se atoparon nelas ningún obxecto, o que nos fai crer que facían o papel de indicadores do camiño, sobre todo cando este puidese estar cuberto polas neves, caso frecuente nestas alturas ...podendo deixarse establecido, co carácter de verdade relativa..., que dous castros contiguos determinan a dirección aproximada dun camiño primitivo e que de varios camiños que cruzan unha divisoria é probablemente máis antigo o que pasa preto dunha mámoa situada naquela”.

Pola súa banda, Amor Meilán (1918: 34-35) volve incidir en valor que posúen estes xacementos megalíticos como indicadores de primitivas vías prerromanas.

Con todo, estas afirmacións son tomadas con certa cautela por López Cuevillas (1980: 56) quen observa a conveniencia e necesidade de contrastar os datos obtidos en certos lugares puntuais con outras zonas para poder establecer conclusións con certos trazos de verosimilitud. Unha lóxica reticencia que con todo o propio Cuevillas deixa de lado nalgún dos seus traballos anteriores (1925-1933) onde afirmaba que algunhas mámoas situábanse á beira de camiños e veredas antigas.

Este receo que o autor mostra sobre este tema foi provocado, sen dúbida, polas afirmacións de Federico Maciñeira (1943 e 1947) para quen "as mámoas aliñábanse flanqueando os camiños existentes cando foron construídas". Maciñeira chega a estas conclusións despois de analizar os conxuntos tumulares desde o Porto de Bares ata as chairas das Pontes de García Rodríguez, circunstancia que lle permitiu comprobar como os túmulos ían sinalando un vello camiño que unía ámbolos dous lugares.

Recentemente, Belo Diéguez, Felipe Criado e Vázquez Varela (1982: 145-163) despois de realizar unha catalogación dos conxuntos megalíticos na Serra do Bocelo, Barbanza e o Monte da Corda e de comprobar os datos achegados por outros autores para a Serra da Faladoira (Maciñeira) e o Monte dá Zapateira xunto aos argumentos doutras investigacións sobre este tema, inciden en ter presente esta suposta asociación mámoas/camiños concluíndo (1982: 159) "se se corrobora o feito de que todas as mámoas, ou gran número delas, construíronse á beira dos camiños de época megalítica, sería esta a principal causa do emprazamento das mámoas".

Os camiños tumulares.

En primeiro lugar, e a vista dos datos expostos anteriormente e dos sucesivos, cremos preferible referirnos a camiños tumulares e non megalíticos, debido a que se temos en conta o conxunto de regularidades que empregamos no estudo o "megalítico" non é un carácter dominante, senón máis ben accesorio.

Para unha mellor comprensión do tema, agrupamos os distintos túmulos estudados en amplas zonas dándolle, a cada unha delas, unha denominación de índole toponímica facilmente recoñecible na paisaxe. Ademais, e na medida das nosas posibilidades, confeccionamos un

mapa onde se pode rastrexar tanto a dispersión tumular como o trazado dos distintos camiños históricos.

A. Os estudos de Federico Maciñeira.

Sen dúbida o gran precursor dos estudos megalíticos galegos foi este investigador e erudito coruñés que desde o seu cargo de alcalde de Ortigueira impulsou firmemente o estudo arqueolóxico desta zona. As súas investigacións sobre os túmulos e castros da comarca do Ortegal e sobre o porto de Bares, quizais estas as primeiras investigacións de carácter científico feitas en Galicia, o converteron no arqueólogo galego mais destacado da súa época.



Lám. 20. Detalle do emprazamento dos túmulos ao longo do camino entre As Pontes e Bares.

Dentro da súa obra destaca sobre todo o estudo de 286 túmulos da comarca de Ortegal. A súa clarividencia, dotes descritivas e amplo coñecemento do medio lle permitiron descubrir certas pautas que seguían estes xacementos como a relación co medio xeolóxico do entorno, o vínculo cos camiños antigos e vías naturais e, incluso, con propios cruceiros. Deste xeito cartografía e describe as mámoas illadas ou formando grupos pero situadas alindadas ao longo da vía natural entre As Pontes e o porto de Bares, que despois foi tamén o camiño histórico entre estas dúas zonas.

Será, pois, este traballo de Maciñeira o primeiro onde se documente dunha maneira clara e precisa a asociación entre mámoas e camiños. Nada menos que 87 xacementos sitúanse a ambos os dous lados deste chamado "camiño real" ao longo de máis de 40 km. Da súa análise extráense hipóteses realmente atractivas. Por unha banda, é un camiño perfectamente identificado na paisaxe a través das trincheiras escavadas e as rodadas practicadas na roca que discorre polas divisorias de augas circunstancia que para algúns autores posuían os camiños primitivos[4] . Doutra banda, as mámoas sitúanse en puntos elevados cumprindo unha dobre

[4] Nárdiz Ortiz, Carlos 1992: "Teriamos así no neolítico unha rede de sendas ou camiños, confirmados pola arqueoloxía, que seguiría basicamente as divisorias das augas e cuxo carácter debeu de ser eminentemente comarcal, en consonancia coa necesidade de manter unhas certas relacións entre grupos de veciños. Estes

función; dominar visualmente o trazado e, ao mesmo tempo, ser vistas desde varios quilómetros converténdose en auténticos puntos de referencia nunha paisaxe dominada pola vexetación baixa. Adoitan aparecer illados ou en pequenos grupos de dous ou tres pero, que en ningún caso, pasan de cinco exemplares.

B. A área Bocelos-Furelos (A Coruña)

Dentro do ámbito da arqueoloxía da paisaxe, esta zona foi profusamente estudada nunha serie de campañas arqueolóxicas sucesivas (1984-1991) dirixidas por Felipe Criado Boado (1991). Nelas fíxose unha exhaustiva prospección, catalogación e escavación da maioría dos distintos puntos arqueolóxicos situados nesta área desde as industrias líticas de principios do Holoceno ata os asentamentos medievais.

De todas elas, é especialmente reveladora para o noso tema, a referida ao fenómeno tumular, como lle chama o propio autor (Criado Boado 1991: 129-146), debido a que se no resto de épocas a localización dos seus xacementos áchase dispersa por toda a área estudada en función, está claro, das súas propias particularidades, non ocorre o mesmo coa dispersión tumular onde se catalogaron 32 exemplares. De feito, o que máis chama a atención nesta distribución de túmulos non é só que a totalidade deles se sitúan na serra senón que, ademais, localízanse en terreos de penillanura sobre as divisorias de augas.



Camiño Real e distribución de xacementos tumulares na área Bocelos-Furelos

Fontes: Bello Diéguez, F. Criado e X.M. Vázquez 1987 e Criado Boado, F. (Dir) 1991, respectivamente

camiños servirían ademais para vixiar desde o alto o gando cando se desprazaba pola ladeira da montaña, na mesma medida en que o vixían os pastores hoxe", op, cit, p. 64.

En efecto, das 32 mámoas catalogadas 29 sitúanse aliñadas co chamado Camiño Real que cruza pola divisoria de augas da Serra do Bocelo, como se pode apreciar no mapa adxunto. Criado Boado (1991: 132) convén tamén nesta clara identificación túmulo-camiño, non só, do principal senón tamén dos secundarios que del bifúrcanse obsérvase que, ademais da súa vinculación á liña lonxitudinal de movemento que representa o camiño real, moitos túmulos asócianse igualmente a zonas de paso e de tránsito transversais á anterior, zonas que se corresponden sempre con suaves cimas ou outeiros da serra e que facilitarían o tránsito xa non ao longo da serra, senón a través desta, desde ela cara ás terras baixas de Sobrado e do Furelos e viceversa. Na maior parte dos casos que podemos recoñecer, esa función de paso posibilitada pola topografía non é un mero construtor hipotético, senón que coincide coa presenza real de camiños importantes que foron utilizados durante longo tempo, de acordo coas informacións etnográficas e que, nalgúns casos, concorda co trazado das estradas que cortan transversalmente a serra unindo a conca do Ulla coa do Tambre por este sector. Nun caso concreto (PA 14) o outeiro en cuxo eixo se sitúa unha mámoa impoñente, é tamén o eixo polo que atravesa un camiño de trazado antigo que dun lado empeza nun castro (castro da Orela) e doutro está presidido por unha estrutura defensiva medieval (Torre dos Mouros). Por outra banda, para recoñecer as auténticas funcións de paso deses outeiros "megalitizados", ensaiamos unha estratexia de traballo consistente en seguir o tránsito dos cabalos que viven en réxime de liberdade no monte. Aínda que este intento non constituíu máis que unha primeira aproximación, o resultado non puido ser máis prometedor, xa que se verificou que as zonas de paso utilizadas sistematicamente polo gando coincidían co emprazamento de túmulos?.

Nunha zona anexa á comentada anteriormente se levou a cabo unha serie de prospeccións nos Concellos de Toques e Melide [5] e tamén puidemos observar a existencia destas supostas rutas megalíticas caracterizadas por unhas aliñacións de mámoas nas divisorias de augas. Con todo, neste caso non coinciden en ningún punto co trazado romano da vía antoniniana XIX xa que mentres esta mantén unha dirección nordeste - suroeste a megalítica presenta un percorrido norte - sur.

[5] Gómez Vila, J. 1993: 5-42. A primeira prospección realizada inscríbese dentro do "Proxecto para a rentabilización sociocultural do Patrimonio Histórico e Artístico do Concello de Toques", dirixido por Fernando Acuña Castroviejo e Felipe Criado a instancias da Universidade de Santiago, a Xunta de Galicia e o propio Concello. A segunda, que participa dos mesmos obxectivos, foi encargada a Javier Gómez polo Concello de Melide e avalada pola Dirección Xeral de Patrimonio.

C. Área da Terra Chá (Vilalba, Lugo)

O estudo desta zona foi elaborado por Pombo Mosquera e Vázquez Varela (1995) dentro do contexto global da prehistoria da zona Noroeste da Terra Chá lucense. Do apartado dedicado aos monumentos megalíticos, estes dous autores, analizan a posible relación da localización



DISTRIBUCIÓN DOS CONXUNTOS MEGALÍTICOS E DOS CAMIÑOS HISTÓRICOS NA ZONA DE VILALBA

Camiño Real segundo T. López e Fontán — Camiño medieval e Real segundo T. López e Fontán — Camiño Medieval — Camiño medieval e Real segundo T. López — Mámoa — Río

Elaboración e interpretación propia a partir de Pombo Mosquera e X. M. Vázquez

dos asentamentos tumulares co posterior trazado de camiños de época medieval e contemporánea.

Deste estudo dedúcese que un 56% destes asentamentos están situados nos arredores de camiños antigos, circunstancia que coincide cos datos ofrecidos por Federico Maciñeira para a próxima zona de Ortegal - As Pontes que comentamos anteriormente. Este feito pode obedecer a que estes camiños antigos foron construídos ao longo de pasos naturais por onde era máis fácil o trazado e o camiñante sentía máis seguro e, xustamente nestes lugares, é onde coinciden coa localización das mámoas.

Para estes autores (1995: 29) existen certos datos que poderían avalar a hipótese segundo a cal estas mámoas indicasen a presenza dun camiño megalítico: “tan só un fluxo de persoas e cousas por unha rede de camiños permite entender a dispersión dos tipos aqueolóxicos e maila uniformidade da cultura Megalítica do Noroeste da Península Ibérica”. Unha proba desta tese

constituiríaa na zona estudada “a relativa frecuencia con que se dispoñen os monumentos formando necrópoles alongadas... Esta disposición podar deberse a que se ían construíndo medoñas ó longo dun camiño ata quedar este flanqueado polas tombas e logo ese camiño seguiu a ser usado por xentes de moi diferentes épocas e culturas”.

Baseado neste estudo elaboramos un mapa onde se aprecia a relación destes túmulos megalíticos co posterior trazado de distintos eixos de comunicación nesta zona. Para iso tentamos distinguir as distintas épocas camineras a partir dos datos ofrecidos polos cartógrafos Tomás López e Domingo Fontán. O resultado corrobora as afirmacións de Pombo Mosquera e Vázquez Varela ao observar como se produce a disposición destes monumentos megalíticos ao longo dos pasos naturais os cales serán posteriormente utilizados por distintos camiños históricos, establecéndose claramente unha relación entre ambos elementos.

Con todo, e a pesar dos datos expostos, os citados autores aínda non ven seguro o binomio mámoa-camiño.

D. Área de Calde, Guntín e Montecalvo (Lugo)

Outro traballo onde pode apreciarse unha sucesión de túmulos susceptibles de constituír, na súa época, unha ruta tumular é o desenvolvido por Vázquez Seijas (1943: 127-132), sobre os monumentos megalíticos situados nas parroquias de Guntín, Entrambasaguas e Vilameá. Este autor intúe unha aliñación nordeste - sueste na disposición de mámoas e de menhires, dando como resultado unha posible ruta megalítica.

Nas prospeccións realizadas nesta zona, descubrimos a existencia de cinco túmulos máis, dispostos a ambos os dous lados dos apuntados por Vázquez Seijas, salientando e matizando a existencia desa posible ruta prehistórica. Esta enlazaría o Monte do Picato coa zona de Montecalvo a través dun viable itinerario natural que salvaría nun punto moi alcanzable o paso do río Ferreira.

Cremos que o camiño romano utilizaría esta ruta entre estes dous puntos, levando un trazado paralelo, como o testemuña o achado dun miliario no lugar de Esperante, outro de Caracalla no lugar de Entrambasaguas e outro, na mesma dirección, e do mesmo emperador, en Seteigrexas (Gómez Vila, J. 2001: 147-157). Pola contra, o camiño medieval abandonaríao para buscar un trazado máis ao leste, quizais debido á construción do mosteiro de Ferreira de

Pallares e ao núcleo de Guntín. Este trazado medieval é o que posteriormente, con variantes, seguirá tanto o camiño real como a estrada xeral.

No mapa que achegamos podemos apreciar esta posible reutilización de trazados megalíticos durante a época romana, xustificada por ser de fácil tránsito e por non necesitar importantes obras de fábrica para propiciar o seu uso, sobre todo no paso do río Ferreira mencionado anteriormente.



E. Xermade



Parte desa disposición don conxuntos megalíticos en función das vías naturais de comunicación que comentabamos para a zona de Vilalba teñen a súa continuidade por terras de Xermade. O caso mais senlleiro desta unión viaria dos dous concellos sexa quizais o eixo diagonal noroeste – sueste formado polos conxuntos megalíticos de Monte Barreiro, medoñas de O Illó e Monte Cabreiros para o caso xermadés e os de Costa Moura, Pena de Ramallo e Pena Grande para a zona de Vilalba. En total son preto duns 10 km de percorrido que nos permiten salvar os accidentes montañosos polos vales na zona de Vilalba e transversal a eles polos pasos naturais na zona de Xermade.

No concello que nos ocupa hai ademais diversas zonas onde as mámoas depóñense alineadas aos pasos naturais. Entre eles figuran os conxuntos situados en diagonal entre O Carrizo e



Candamil en torno á estrada LU-861, concretamente estes grandes grupos son coñecidos como as de Pedra Chantada, Carrizo e Pena Parda. Outro camiño histórico que tamén aparece reflectido no mapa de Fontán que comunicaba Santaballa, Candamil e Fraga.

O mesmo ocorre cos conxuntos de Mollafariña, Rego do Sapo e Modias das Chairas que forman un eixo leste – oeste aproveitado actualmente pola estrada que de Xermade se dirixe a Cazás. Outro paso natural utilizado desde antigo como se pode comprobar no mapa de Fontán, ca salvedade que en vez de dirixirse cara a Xermade poñía rumbo á Torre de Labrada nas estribacións da Serra da Loba e a Betanzos.

Pero quizais o conxunto máis famoso e de maior entidade sexa os alineamentos a carón do Camiño Real na Serra da Carba. Concretamente son os conxuntos megalíticos de

- Monte Barreiro
- Abelleira (Lousada)
- Monte de Teixido
- Monte Carbueiro



Alineamento tumular ao longo da via natural na zona de Abelleira.

Tan so o conxunto de Abelleira constaba de 18 túmulos alineados ao longo desta vía natural, circunstancia constatada por diversos autores como Vázquez Varela e Gabeiras Vérez (1993, BMPL).

Abelleira tamén foi unha encrucillada de camiños como fai constar Riveira Requeijo (2013): "Neste mesmo punto, encrucillada de camiños, vixiada pola *Necrópole da Abelleira* formada por unha vintena de túmulos, mámoas ou medoñas, que foron algunhas delas escavadas por Bouza Brey, atopámonos co camiño real que vén de *Lugo*, pasando por *Vilalba, Santaballa, Corno e Muiñonovo* (estes últimos xa de Lousada), en dirección a Viveiro, saíndo de Xermade pola *Armada"***.** O outro camiño que se cruza tamén é un camiño real pero neste caso o que comunicaba Mondoñedo con Ferrol pola Serra da Carba, mantendo practicamente a mesma dirección polo tanto que o alineamento de mámoas pero un pouco mais ao norte.



Lám. 21. Percorrido do Camiño Real da Carba (Mondoñedo – Ferrol) a o seu paso polas terras de Xermade segundo Antonio Riveira Requeijo (2013)

A modo de conclusión

Realmente poucos son os datos que neste punto da nosa investigación podemos ofrecer como seguros e na súa maioría son similares ás expostas por Pombo Mosquera e Vázquez Varela (1995). De feito, existe constancia arqueolóxica de multitude de aliñamentos de mámoas na nosa zona de estudo de varios quilómetros de lonxitude situadas, preferentemente, nas

divisorias de augas, sendo estas zonas de fácil tránsito. Ante a falta de máis prospeccións neste sentido, tampouco estamos en condicións de concluír que todos estes aliñamentos constituísen un camiño megalítico. Con todo, o que si documentamos é que en ocasións puntuais os camiños históricos seguen estas aliñacións tumulares, en puntos moi concretos e sempre que esta coincida co trazado xeral da ruta, da cal non se desvían en ningún momento.

Esta coincidencia de traxectos cremos poder explicala en función da propia situación da sucesión de túmulos en zonas lixeiramente elevadas, de ampla visibilidade e de fácil tránsito, regadas por cursos fluviais e con abundante material granítico nas inmediacións e, en xeral, moi adaptadas ás necesidades dun camiño. Esta idónea localización é a que quizais esclareza a alta porcentaxe de mámoas á beira dos camiños antigos na zona de Vilalba, comentado anteriormente, e o seu uso parcial durante a época romana.

Neste sentido son moi ilustrativas as investigacións que se están desenvolvendo nos últimos anos en Galicia ao tratarse de estudos de amplas zonas e que, é moi posible, que unha vez finalizadas, engadan máis datos fidedignos que permitan a análise pormenorizada destes supostos camiños tumulares.

De entre todas elas, cabe destacar a investigación denominada “Estudo do fenómeno tumular na provincia de Lugo” subvencionada pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia pola transcendencia que os seus resultados, aínda provisionais, puidesen ter para o noso obxecto de investigación. Aínda así, as primeiras impresións que dela pódense extraer, a pesar de non concluír como comentamos anteriormente, parecen confirmar, en certa medida as nosas teses sobre os camiños tumulares. De feito, dos preto de 800 túmulos analizados por este proxecto de investigación na Provincia de Lugo, o 70% sitúan nas divisorias de augas e o 73% en zonas topográficamente chairas. Estes datos avalan, en certa medida, as teses camineras tumulares pois sería precisamente por estas zonas por onde se sospeita que discorrían estes supostos camiños ou rutas.

Con todo, esta investigación trae a colación outra serie de factores que tamén influirían na selección dos lugares de emprazamento e que, nalgúns casos, non están directamente relacionados coa unidade estrutural comentada anteriormente.

Con relación ao factor altitude, os monumentos distribúense pola práctica totalidade das distintas áreas altitudinales, con todo nótase unha clara predilección por unhas altitudes comprendidas entre os 400 e os 800 m onde se sitúan o 78% dos exemplares, reducíndose significativamente esta porcentaxe entre os 0 e 200 m (só o 0,6%) e por encima dos 1000 m (5%).

Por outra banda, unha altísima porcentaxe, o 94,4%, dos túmulos catalogados sitúanse en zonas próximas ao paso de correntes fluviais configurándose por tanto este factor, e aunque sexa provisionalmente, como un elemento crave á hora de elixir o lugar de emprazamento. Intimamente relacionado con este atópase o feito de que unha inmensa maioría de exemplares (case un 86%), independentemente do seu lugar de emprazamento, sitúanse en boas zonas de drenaxe, non ofrecendo problemas de encharcamiento na súa contorna.

Por último, este proxecto de investigación comentado, pon de manifesto dunha maneira clara que sen dúbida o condicionamento xeolóxico, é dicir, a fácil obtención e transporte do material de construción (o granito nun 50%) é, quizais, o factor máis importante para a elección do lugar do emprazamento. De feito, os conxuntos tumulares ao redor das vías de comunicación estudados por nós e referenciados topográficamente neste traballo, están situados en zonas onde se documenta a abundancia de materiais graníticos.

CAPÍTULO III. O CALCOLÍTICO. A APARICIÓN DA METALURXIA.

1. CALCOLÍTICO PRECAMPANIFORME O “HORIZONTE DE RECHABA”

En esta etapa que comprende gran parte do terceiro milenio empeza a desenvolverse a metalurxia do cobre ca fabricación de punzóns, ciceis e coitelos curvos, mentres que a produción cerámica se caracteriza por ser lisa, globular e semiesférica. Nos enxovais galegos e típico atopar mazas con perforacións, puntas de frecha de sílex e contas de colgantes.

Esta denominación de “Horizonte Rechaba” lle ven dada a raíz do descubrimento do enxoval do lugar de Rechaba en Andoio, concello de Tordoia, A Coruña que abriu toda unha serie de novas perspectivas á investigación polas interesantes novidades que aportou no seu momento. Este enxoval lítico apareceu casualmente durante uns traballos agrícolas nun túmulo do que non se ten constancia de que teña estrutura pétrea. Esta composto por dous machados, un deles votivo, unha aixola, unha lámina de aixada, dous ciceis, unha maza e un disco con unha perforación central e varias mais que se mesturan xunto a unha serie de liñas dispostas seguindo a configuración da peza. Un enxoval que foi paradigma e que permitiu interpretar outros semellantes como o atopado en Monte Campelos, Begonte, Lugo. Estamos ante enxovais normativizados, baixo túmulos, típicos do noroeste da Península Ibérica que empezan a aparecer na etapa final do Megalitismo sobre o III milenio reflectindo os cambios sociais típicos de ese momento onde destaca unha sociedade moito mais xerarquizada, cunha clase alta dirixente con connotacións guerreiras e onde a colectividade igualitaria de principios do Neolítico deu paso ao individualismo de status e roles.

En canto ao enterramentos as inhumacións seguen a ser colectivas como na etapa anterior pero vai desaparecendo paulatinamente a moda de levar a cabo a decoración dos megalitos. Polo contra, agora e típico que os túmulos carezan de arquitectura dolménica e que no seu interior so se atope unha estela decorada.

Xa apuntamos que o gran cambio desta sociedade e a aparición dunha incipiente xerarquización social. Por este motivo a figura humana adquire gran importancia aparecendo as decoracións antropomórficas representando individuos ou os seus antepasados que exercen agora o control dos medios de produción. Un claro exemplo pode ser a estela de Poio empregada como ortostato que presenta nunha das súas caras motivos serpentiformes e unha silueta que ben podería representar unha figura humana.

2. CALCOLÍTICO CAMPANIFORME.

Ao final do terceiro milenio e o inicio do segundo aparece un tipo cerámico de enorme importancia que obtivo enorme difusión. Referímonos ao vaso campaniforme con forma de campá e rica decoración de motivos xeométricos de liñas horizontais e bandas, realizada empregando cunchas, peines e cordas. É probable que este tipo de cerámica aparecera primeiro en Andalucía (Os Millares) e Portugal (Zambujal) para despois chegar desde aqui a Galicia sobre o 2400, sendo o mais antigo o túmulo de Cotogrande en Vigo.

A cerámica campaniforme procedente de enxovais funerarios é da de mellor calidade e aparece xusto a carón do cadáver xunto a obxectos de cobre. Polo que respecta ás construcións funerarias hai que destacar que se deixan de construír as grandes cámaras megalíticas que son substituídas por cistas rectangulares que a veces presentan gravados con zigzags e ondulados. A falta de visibilidade deste tipo de enterramentos e o seu pequeno tamaño permitiu que moitos deles chegaran intactos aos nosos días. No seu interior podemos atopar o cadáver de individuos de alto status que en vida foran acumulando parte dos excedentes xenerados polas novas técnicas de produción agrícola e metalúrxica.

Tan so nun túmulo de Roupar atopouse cerámica campaniforme asociada a unha espiral de cobre, perdida a día de hoxe. Un dos poucos casos que podemos documentar a asociación de campaniforme co metal. Noutra serie de xacementos como Abelleira I e III, Modiafariña e o propio de Roupar si que se documenta abundante cerámica campaniforme.

Cerámica Campaniforme de Roupar

Foi atopada no interior dun túmulo de 13,8 m. de diámetro e 1,6 de altitude nun burato practicado no centro e delimitado por dúas pedras pequenas. No exterior tamén apareceron outros fragmentos posiblemente levados alí por saqueadores do enterramento. Entre as pezas mais interesantes destaca:



Lám. 22. Vaso campaniforme de Roupar

- Vaso campaniforme de pequenas dimensións de estilo internacional do que se conservan 4 fragmentos. O diámetro da boca é de 90 mm. E o grosor de 3mm. A

decoración esta baseada en bandas de 4 mm que deixan un espazo entre elas de igual dimensión. Este ornamento foi aplicado cun peine de púas.

- Cazola. Se conservan 10 fragmentos dos que encaixan entre si 8 e permiten poder reconstruílo. Entre o pescozo e a panza presenta unha acanaladura de 3 mm. O resto da decoración esta agrupada en dúas zonas independentes quedando libre a zona próxima ao pescozo. A decoración da parte superior esta composta por tres ringleiras de buratos enmarcados por catro liñas punteadas. A inferior e mais complicada formada por banda de triángulos invertidos delimitados por zigzags motivo que se repetirá posteriormente despois das dúas bandas de trazos oblicuos.
- Fondo dun cacharro de difícil clasificación do que se conservan 5 fragmentos. A decoración consiste en dúas liñas paralelas punteadas separadas 2 mm. A partir de estas dúas liñas saen en sentido radial outras tamén punteadas.

Xunto a esta cerámica campaniforme tamén apareceu un pequeno machado pulimentado de 40 mm de longo e 23 de ancho. Varios fragmentos de cerámica de tradición megalítica, pequenos anacos de cobre e un brazal de espiral do mesmo material.

Lám. 23. Material de Roupar depositado no MPL: Cerámica campaniforme. Material lítico. Machado pulimentado

Estas pezas estiveron moito tempo depositadas no Departamento de Historia I da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela ata que foron cedidas ao Museo Provincial de Lugo onde se expoñen actualmente nunha vitrina da sala de arqueoloxía.

Estamos polo tanto ante unha cerámica amplamente empregada nos túmulos polos derradeiros usuarios de medoñas. Túmulos que na súa meirande parte por certo presentan corredor. Os tipos cerámicos presentes na Terra Chá son os mesmos que se documentan na península do Morrazo e que presentan unhas datacións de C14 que as sitúan sobre o 1900 a.c. A análise dos fragmentos atopados nas mámoas de Lousada e Ramos determinou que está feita ca mesma técnica e coa mesma arxila de orixe local. Isto indica o carácter indíxena desta cerámica campaniforme que axiña se asimilou e popularizou e perdeu o carácter de indicador de status que a bo seguro tiña na súa orixe.

Cista e vaso do Cubillón.

Foi descuberta a raíz duns traballos agrícolas nunha finca a uns 50 m ao norte do lugar do Cubillón na PARR de Cazás. O sepulcro en forma de cista estaba formado por chantos de pizarra co chan enlousado e cunha cuberta do mesmo material. No seu interior había osos humanos e un vaso cerámico. José Ramil e Vázquez Varela foron informados do achado e procederon ao seu estudo aínda que os restos xa foran manipulados por varias persoas antes.

Lám. 24. Vaso do Cubillón. Museo Provincial de Lugo

A cista estaba orientada norte – sur e presentaba unhas dimensións de 1xo,69x0,31 m mentres que a cuberta media 1,50x1,1x0,09 m. Este material construtivo procede das inmediacións onde é moi abundante e doado de coller.

O vaso cerámico está depositado no Museo Provincial de Lugo e exposto nunha vitrina da sección de prehistoria. Ten forma case cilíndrica presenta un pescozo pouco desenvolto e fondo plano. As dimensións son 120 mm de altura e 65 mm de base e 78 mm de boca. A pasta é de color ocre e presenta moitas impurezas de mica e seixo. Na zona do labio hai unha fractura que permite observar como o interior é de cor mais escura o que indica que a cocción non foi de todo boa. Esta pasta foi tratada polo sistema do espatelado antes da propia cocción.

Os restos humanos parecen ser dun neno ou dun rapaz como así parece demostrar as derradeiras investigacións sobre eles.

Existen en Galicia unha serie de xacementos similares como, por exemplo, a cista de Carnota onde se atopou un puñal de espigo e un brazal de arqueiro lítico. Outro exemplo senlleiro é a cista de Taraio en Malpica onde se atopou un vaso cerámico moi parecido ao do Cubillón. De feito, esta cista de Taraio en función doutros materiais pode ser datada a comezo da idade do Bronce, despois do momento campaniforme, en torno ao 1800 a.c. o que nos pode servir de referencia para a do Cubillón.



Fig. 8. Debuxo da cista do Cubillón segundo José Ramil e Vázquez Varela (1979)

Esta sociedade do Bronce mantén certos resgos da megalítica pero tamén aparecen elementos novidosos que a fai bastante diferente á anterior. Entre eles destaca o prestixio que acadou a actividade bélica reflectida na abundancia de mazas de pedra, posiblemente de combate que indicarían do status do posuidor, como as pertencentes ao enxoval de Mariñaos. Nela se poden rastrexar enxovais moi normativizados onde o poder dos defuntos exprésanse mediante a exhibición de armas ou outros obxectos simbólicos como as alabardas, colares de ouro ou mesmo grandes petróglifos que representan armas .

Todo isto ven a incidir sobre o diferente tratamento dos defuntos segundo o seu status social nunha sociedade onde estas diferenzas son moi importantes e acompañarían diariamente os habitantes nunha repetida sucesión de rituais levados a cabo para que a ninguén se esquecese o lugar que ocupa. O rito incluiríase nos actos cotiás para transformalo nunha actividade mais da sociedade. Polo tanto os complexos rituais non están illados, nin moito menos, están situados nas inmediacións dos hábitats, rodeados de terras de cultivo, rodeados da xente para que tamén os vexan diariamente.

CAPÍTULO IV. DIARIO DUN ARQUEÓLOGO

Fermín Bouza Brey

Quinta Feira, día 20 – VIII – 1970[6]

Saída de Santiago ás 10 e meia. Parada café Melide. Chegada a Lugo. Visita Goberno Civil. Está de secretario interino Celestino Fernández de la Vega. Comida no Bar La Barra. Somos catro; José Carro Otero e a súa dona María Luísa Varela Ogando; Carlos García Martínez mais eu. Veñen tomar café connosco Xosé Manuel González Reboredo e Pedro Luaces González - Rodríguez. Ningún pode vir a Vilalba por razóns diversas.

Ás catro do serán saímos no coche de Carro, en que viñemos pra a vila de Vilalba. Chegamos ás cinco e fumos onde o doctor Xosé Ramil Soneira, médico, investigador de xeoloxía e prehistoria, que nos preparou o hospedaxe. Con íl no seu coche, mais o de Carro e na compañía do escolante don Xosé Vidal Rodríguez e o seu fillo, estudante de inxenería naval, fumos o Campo de mámoas do Como (PARR Lousada, concello Xermade, lugar de Abelleira) e percorrimos o Campo subindo á mámoa maor onde fixemos (...) cun punte de ferro, topando que había dolmen con cobertura. Despois visitamos a medoña de Prado da Fonte no lugar de Teixeiro de Abaixo de Lousada de Arriba, cuio veciño Vicente López Ramil dono da medoña de 78 anos nos informou no mesmo lugar que as medoñas eran dos mouros e que istes tiñan nelas as súas cociñas, na que preparaban para comer troitas, adobiaban sardiñas e herba. Voltamos a ver a medoña que días antes cunha excavadora desfixera Ramil e tratamos do programa do día seguinte.

Na taberna de Roupar topamos ao académico Enrique Chao Espiña que nos obsequiou cun viño (...) Tratamos co dono da casa que comeranos e cearemos alí e dempois viremos a durmir a Vilalba, como así fixemos. (...)

Día 21

Erguímonos ás 7 e meia. Saímos ás oito e meia pra Roupar e recollimos na Casa Tato, onde o día de onte os tiñamos deixado, os trebellos para a escavación con mais o obreiro Xosé Luís Carreiras Prieto, solteiro da parroquia de Roupar, mozo de 22 anos. Nos se sabe ren da escavadora nin de outros obreiros. Fumos ás mámoas do Como (realmente Como é mais adelante, aquí se chama Abelleira) e fixemos nova escavación complementaria da mámoa dolménica escavada por Ramil a fin de atopar un presunto corredor. En tanto agardounos María Luísa na estrada próisima no coche de Carro que ela conduce. O Ramil dixo onte que viría.

[6] Neste texto respectouse a síntase e a ortografía empregada polo autor no caderno orixinal de notas.

A mámoa dolménica que está na finca a **Toxeira** con algún piñeiro solto do veciño de A Abelleira conocido por Tomás da Abelleira, Tomás Pena Sánchez, consta de un túmulo de terra solta sen pedras que mede uns 22 metros de diámetro. Nas inmediacións están tiradas no chan varias das chantas de pedra cuarzosa branca que meden unha 2,10 metros de altura por 0,50 de ancho máximo no centro e 0,45 na base; outra 2,20 de alto por 1,10 de ancho máximo no centro; outra 2,20 de alto por 0,75 de ancho máximo perto da base; outra, 2,40 por un metro máximo cerca da base. En fin, hai outras rotas e a cuberta, cáseque cuadrangular, de 2 metros por 1,75 (...) O señor Vidal topou un anaco de cerámica moura que recollín.

O campo de Mámoas está nun terreo de canto (...) con unha capa de pedras rodadas de terra que chaman grixa os paisanos, de tal maneira que a 500 metros hai unha mina de ferro en explotación de Don Gabriel Pérez Fernández. Hai varios chantos 'in situ' moi enterrados porque lle meteron recheo de terra salvo pola parte posterior que están coa terra primitiva.

Ás dez e media chega Ramil e trouxo un croquis da comarca ou bisbarra con arreglo ao mapa 50.000. Daranos os apuntes da súa escavazón de iste dolmen, feito pola sezón de edafoloxía da Facultade de Farmacia, que fixo investigazón do Carbono 14 en París. Dixo Ramil que falara co xefe da escavadora. Daranos noticias.

Sobre das 12 cribouse a terra de entre as pedras que aparecen nesta mámoa (que marca o número 4) de cara o Leste ou Nacente do Sol, e dou por resultado o achádego de **pequenos anacos cerámicos, un decorado, e lascas de calcedonia**[7].

Sigueuse traballando deica a unha do serán deixando a descuberta a morea de pedras que existe cara o Leste sin formar unha estructura. Fúmonos a xantar mais pouco antes, apareceron fora do lugar onde estaría o dolmen, nunha fosa entre pedras, **anacos de cerámica decorada á maneira de franxas punteadas como campaniforme, con mais outros anacos de cerámica negra como o devandito.**

Polo serán comenzamos o traballo sobre das catro no mesmo punto exterior da cámara, entre as pedras e apareceu un **anaco de panza dun vaso groso, tosco, roxizo**. E xa na tardiña, despois de apartar as pedras, **un machado** completo, ben conservado de cuarcita. Estas cousas apareceron en medio dunha terra marrón grisacea muy arcillosa, e unha primeira camada, á que sigue outra camada roxiza. Nela apareceu tamén un **disco de pizarra** con burato central que sería tal vez un amuleto.

Ás oito suspendimos o traballo e fúmonos a Casa Tato de Roupar onde nos lavamos acompañados de Ramil e Vidal. Voltamos ás dez a Vilalba e miramos a televisión no café. Ramil díxonos tiña avisado ao paleador para o seguinte día ás nove da mañán.

Sábado 22

Os dous coches de Ramil e Carro trouxéronnos ás nove da mañán. Ven o propio Ramil e o señor Vidal co seu fillo Xosé Vidal Meilán. Agardamos inutilmente pola máquina paleadora, mais non chegou, polo que decidimos seguir traballando na mámoa 4, onde na camada da terra marrón grisácea do día anterior topouse a pouco de escomenzar un formoso ídolo con burato de suspensión partido en dous anacos e outros anacos de cerámica tosca pertencente ao que parez ao vaso devandito de onte. Por fin sobre das once apareceu a paleadora e con ela nos fumos á meirande (número 1) mais cercana á aldea de Abelleira onde estivemos ata a unha hora en que ficaron descuberto tres chantos do dolmen que aparece sen coberta e dislocadas as pedras do seu lugar. No túmulo notouse na parte superior grande suma de pedras

[7] A calcedonia e un mineral de sílice de estrutura microcristalina. Aínda que tradicionalmente foi considerada como unha variedade do seixo a día de hoxe pénsase que realidade é una mestura de seixo con moganita.

que non seguían despois senon que o resto era area e terra simple. Nesta parte superior apareceu unha punta de flecha incompleta de cuarzo. Fumos xantar á unha.

Pola tarde baixamos de novo e coa paleadora **rachouse o túmulo que está na Abelleira**,



perto da carretera, ou sexa aquil ao que lle metimos a barra para saber si tiña cuberta. **Darémoslle provisionalmente o número 3**. Traballou a paleadora deica as cinco e media e deixou algúns chantos ao descuberto. Entre tanto, outros seguiron na medoña número 4, e nela somentes aparece un un anaco **cerámico tosco**. Arredor das catro e media marchouse María Luísa, a esposa de Carro, co coche para Santiago. Pouco despois chegou Ramil ás seis e media pois viña de Lugo e quedáramos sen coche.

Así como onte veunos ver a veciña da Abelleira María Xoana Fernández Hermida, de 73 anos, viuda, que ten propiedades grandes perto da mámoa número 4, e nos contou cousas do pobo, atribuíndo aos mouros aquela medoña, así hoxe veu o dono dela, Tomás, que dixo que estaba pesaroso por ter destrozado o dolmen. Tamén veu outro home con un seu fillo estudante de bacharelato e nos prometeu de mostrar un machado que tiña encontrado perto de eiquí.

Nos derradeiros momentos do serán apareceu dentro da cámara ao cribar a terra **un anaco de cuarzo ben cristalizado en exágono.**

Ás oito erguimos o campamento e fúmonos a cear e durmir a Vilalba no coche do Ramil. O túmulo ten un circulo de pedras de arredor da base.

Domingo 23

Erguémonos tarde en Vilalba e tomamos o desaúno ás once -como estaba en festa a vila en homenaxe a Fraga Iribarne, vimos o coretexo que o levou á misa onde tamén fumos tamén á inauguración de unha lápida no Instituto e seguidamente á descoberta do busto nos xardíns, cuio autor, o artista Mayoral, resultou ser compañeiro meu de estudos, quen no lo presentou.

A Fraga saludeino á saída da eirexa e despois dinlle a Ramil unha tarxeta en galego pra entregarlla no banquete. Nos fumos a xantar ao Parador dos Condes de Vilalba. Polo serán andivemos aboiados polas ruas gardando o descanso dominical.

Luns 24

Erguémonos ás sete e media e dasaunamos. O Ramil, canso da xornada antecedente (pois houbo de organizar o homenaxe a Fraga e aínda mais xuzgar os traballos dun concurso literario), non chegou co seu coche deica ás dez. Como non temos medios de locomoción deixamos aviso a un tasista de Cabreiros pra que nos veña a buscar á unha e nos leve a Roupar pra xantar. En tanto traballamos en descubrir os chantos da mámoa **na medoña**

número tres. Por fora e ao pé dos chantos apareceron carbóns. A medoña tiña pedras na base todo ao redor. Traballouse nela hasta descubrir as chantas, tres delas, deica a (...). O coche que chegou (...), de Manuel Prieto Silva, levounos a Casa Tato, de Roupar, a xantar e ás tres volveu por nós pra traguermos ao lugar da escavazón. Seguiuse deixando ao ar as chantas e cribando a terra. Obtivéronse fotos e Carro tomou notas e mensura do monumento do interior do túmulo. Chegaron do Instituto de Enseñanza Meia das Pontes de García Rodríguez, de quinto ano do bacharelato de Ciencias que ían ver as minas de ferro próisimas e estivemos de conversa.

O túmulo ou medoña (que é o nome do lugar) mede de diámetro dezanove metros por tres de altura.

A cincuenta e cinco centímetros da parte superior da tapa e a sesenta e cinco da parte máis alta da chanta maor apareceu unha pedra de forma de tronco de pirámide de base cadrada e preto de ela carbóns (betilo?).

A uns oitenta centímetros debaixo da cuberta, contando dende a parte superior, topouse ergueita sobre da terra que enche a anta, no interior de ista, unha pedra como de corenta e

cinco centímetros de alto por trinta e cinco de ancho que na parte inferior tiñan unha depresión ocasionada polo desgaste **ao afiar instrumentos de pedra.**
Viñeron varios homes paisanos a ver o traballo e un de eles, Manuel Felpeto Agras, conta que Luís Felpeto, de noventa e dous anos, veciño de Roupar di que as medoñas as fixeron os mouros e que deixaron unha mina de ouro e unha bomba que si se topa voa todo. O Manuel é sobriño de Luís e engade que tamén conta o mesmo Sr. Xeneroso Pernas da mesma vecindade.
Algunhas chantas están calzadas con pedras de vintetantos centímetros.
Voltamos no coche de Ramil ás oito do serán pra Vilalba. Ollo: do número tres hai outra punta de frecha triangular de sílex que non anotei por non estar presente.

Día 25, Martes

Saímos ás 9 e media no coche de Ramil. Viñeron connosco os tres Vidal, pai e fillo e proseguíuse a escavazón da **medoña número tres.** Entretanto chegou a axudamos Manuel Guerreiro Paredes, de corenta e cinco anos, veciño de Roupar, lugar da Carballeira, e houbo que acomodar a cuberta do dolmen que estaba desprazada pra poder traballar.
No cribado da terra do esterior do pé das chantas topouse un **microlito de cristal de roca**.
O Guerreiro conta o Vidal pai asegura que no lugar de Vilares da Graña da PARR de Roupar que se mira desde os lugares dolmen, topáronse ladrillos grandes, cuadrados, con certas marcas, e mais unha columna e outras cousas que dan idea dunha aldea romana.
Topouse na terra do esterior do túmulo unha punta de frecha de sílex leitoso ou marfileño.
Como non veu o coche que nos levaría a Roupar, tivemos que ir parte a pé e parte en camións da esprotación férrea próisima.
Voltamos do mesmo xeito ás tres e media da tarde e escomenzamos o traballo. Chegaron a nos axudar rapaces do Instituto de Pontes de García Rodríguez chamados Alfonso Formoso Verez, Jesús Cabaleiro Pita, Xosé María Díaz Fraga e Ramón de la Fuente Morteiro, que todos, menos o derradeiro, viñeron onte; mais en troques hoxe non pudo vir Eduardo Salgueiro Pita, alumnos de sesto no próisimo curso de bacharelato de Ciencias, menos o da Fuente, que vai pra quinto.
Na terra do interior do túmulo apareceu unha **nova punta de frecha de igual tipo triangular** xuntamente con carbóns nun **grande prisma de cristal de roca** e outros pequenos.

Sobre das cinco chegou Ramil no coche e pouco despois Federico Maciñeira Teixeiro, notario de Santa María de Nieva (Segovia), quenes se puxeron a traballar seguidamente. Tratouse de apuntalar algúns chantos e de colocar no seu primitivo sitio a cuberta do dolmen que estaba rota pra o que se pediron uns paus a un veciño e dounos dous biqueiros.

Os camioneiros dos grandes camións de transporte do mineral de ferro prestáronnos bos servizos non soio de transporte de persoas e de obxectos, como os biqueiros, senón de auga e visitándonos cas suas bromas encol dos mouros. Pro sempre con grande curiosidade popular polos achádegos con unha simpatía e interés notorios.

Unha grande invasión de formigas aladas nos atacou en especial aos vestidos de branco, e atacou ós coches molestándonos moito, de maneira que tivemos que alcender toxos pra facer fume e que fuxisen. Outros enemigos son os tabaus e as moscas. Un tabau picou nunha man ao Carlos García Martínez e lle hinchou.

Voltamos a Vilalba ás 7 e media despois de parar en Casa Tato de Roupar tomar unha cervexa e deixar hastra mañán os trebellos.

Día 26, mércores, terza feira

Vimos no coche de Federico ás nove da mañán. Non veu Ramil, que está cos seus trafegos médicos. Recollimos os trebellos na "Casa Tato". Nesta hora das once menos cuarto, chegou Xosé Manuel González Reboredo (Boris) no seu coche. Andou a cribar con Federico. Non teñen aparecido senón carbóns abondosos e algún **anaco de silex amorfo** na criba da terra do fondo do dolmen.

Á unha fumnos a xantar á Casa Tato de Róupar nos dous coches de Federico e Boris.

Ás tres e media voltamos a tarefa. Viñeron unha chea de rapaces das veciñanzas cheos de curiosidade. Na esprorazón interna do dolmen non apareceu cousa algunha, nin na criba da terra tampouco.

Ás séte e media viñeron os parentes de Carlos a ver os traballos e pouco despois deixabamos os mesmos pra o seguinte día.

Día 27 xoves

Hoxe fai oito días que saímos de Compostela. O Ramil que nos tiña falado por teléfono a Roupar sobre iso, confirmounos que teríamos dous obreiros onte á noite e en efecto, así están esperando na mámoa ou medoña (chámase tamén modias nalgunha destas partes) número tres.

Determiñamos que eles con Carlos e Cairo fiquen rematando a dita medoña e o Vidal con Federico e conmigo vaiamos á medoña número unha. Eisí o fixemos no coche do Federico e pómonos a traballar deixando as chantas descobertas polo exterior.
Ista medorra número un ten de diámetro 27,50 metros e presenta grande cantidade de pedras na parte superior a maneira de cobertura (según deixou a descoberto a paleadora no poñente e albíscanse tamén superficialmente polo raiante) Resulta ser o maior túmulo de iste conxunto. Con chantas de moita envergadura tanto de ancho como de alto.
Os dous obreiros son Víctor Rey Carballeira, de 16 anos, e Antonio Díaz Carballeira, de 17 anos, de Vilalba os dous. Mandóunolos seu xefe Xosé Currás Villares, contratista de obra de Vilalaba, - Os chantos están calzados por fóra con pedras de uns 30 centímetros.
A construción presenta terra carbonosa ao pé das chantas do W, e cara ao Leste ou Raiante vese un murete en seco, formado con pedras de regular tamaño que se dirixe de Leste a Norte e non sabe o que serían. (Era corredor, acaso)
Son as seis e media do serán e comeza a choviscar. Son nubes de treboada que se escoita ao lonxe. Suspendemos un momento e falamos por medio do transmisor con Carro e Carlos que ficaron no túmulo número tres e están agachados nel. Pasou a chuvia e proseguimos na laboura. Ás sete suspéndese e ímonos a xantar cos de debiaxo, entre eles con Ramil que estivo eiquí co seu coche e foise co fillo de Vidal a escarabellar nun abrigo preto de eiquí en busca de microlitos. Voltamos nos dous coches a Roupar, onde tomamos algo na Casa Tato e invitei aos obreiros que tomaron sidra e cervexa. Despois saímos pra Vilalba onde nos mudamos, bañamos e ceamos. Chovía ben.

Día 28, sexta feira

Erguímonos e, inda que o día está neboento, a chuvia parou. Saímos no coche de Federico que onte a noite foise a Guitiriz de onde fora notario, e xa nos agardaban os dous obreiros de onte. O Carro e o Federico ficaron medindo e debuxando a medorra 1 e proseguimos na escavación e cribando a terra. Seguiuse descubrindo o murete Leste-Oeste e as chantas. Da terra do exterior, proceden **dous cristais de roca homoxéneos.** Ás doce da mañán, no creibado da terra procedente do murete, apareceu un **anaco cerámico con franxas paralelas loisas alternando con outras cubertas de liñas oblícuas.** Topouno o Carro que voltou con Federico da medoña número 3 despois de ter ido á mina (que se chama ademais nativamente a Marta 1).- A unha do serán fúmonos a comer.



Voltamos ás tres e meia. Veu con nós Enrique Chao Espiña, que desexaba ollar as escavacións. Sobre das cinco da tarde o obreiro Victor topou na terra que desmontaba aredor da anta fóra de ela e cara ao norte **un anaco de machado pulido** con rotura antiga.

Ao lado do retablo da esquerda, pero situado fóra do mesmo, sitúase a Virxe do Carme sobre unha peana fixada a parede. A escultura é tallada en madeira.

No altar temos un retablo maior. Situado no centro por enriba do sagrario atópase a escultura de San Miguel Arcanxo, tallado en madeira. Ten na man dereita unha espada, e na esquerda o escudo pintado en prata imitando o metal. No escudo poden verse unhas iniciais co significado "*Quen como Dios"*. Aos pés podemos ver como San Miguel ten un pé posto encima do demo queimándose nas chamas do inferno.

Arriba, na parte superior do retablo e labrado nel, atopamos a Deus Creador do mundo. Está policromado e ten á dereita o bastón de mando e á esquerda o mundo cunha cruz arriba da bola que o representa. Da mesma maneira, ao lado do sagrario hai unha columna a cada lado.

Ademais da escultura de San Miguel Arcanxo no retablo principal, á dereita atopamos unha talla de san Antonio en madeira, e a Santa Eulalia, que se representa na man esquerda coa palma do martirio e na dereita sen nada. Á esquerda do sagrario San Roque.

Nas paredes da igrexa hai viacrucis en forma de cruces pequenas talladas en madeira. Destaca a existencia dunha cruz parroquial de prata. Do teito pendura algunha lámpada de araña antiga con cristais tallados. O teito interior que recubre o altar está pintado de cor azul claro, ou azul ceo. O resto é de madeira sen pintar, vernizado deixando ver a cor da madeira. O chan da igrexa é de terrazo.

Enriba do portal principal que dá entrada á igrexa, sitúase o coro, todo en madeira de castaño e carballo. As escaleiras interiores que dan aceso ao coro son de madeira con balaustradas tamén de madeira en estilo moi rústico.

Ten pila bautismal de mármore, que xa dixemos en liñas anteriores, que foi polo desexo dun bispo que mandou mercar para tódalas parroquias (máis ou menos iguais), pilas de mármore por consideralas máis hixiénicas.

O exterior da igrexa está pintada de branco, tanto a fachada principal como o resto. Na fachada principal hai unha porta de madeira, enriba unha ventá, e dúas ventás máis. (en total veñen sumando tres ventás). A igrexa é rectangular, cun campanario con dobre campá. Na parte exterior lateral dereita, xa mencionamos que había unha porta lateral e unha ventá na parte de abaixo e tres na parte de arriba. Atendendo a isto, a igrexa resulta moi luminosa. O tellado é de lousa a dúas augas, e é máis baixa na parte do presbiterio, que tamén ten dúas ventás (Figura 6 y 7).

Cruzando o pequeno muro que rodea a igrexa, entrando á dereita hai un cruceiro de pedra.

Figura 6: Fachada principal da igrexa parroquial de Candamil

San Miguel é o patrón da parroquia de Candamil e a súa festa celébrase a finais de setembro polos días 29 ou 30. Hai un dito popular que nos di: *San Migueliño das uvas maduras, moito me tardas e pouco me duras. Se dúas veces ó ano viñeras, moito ben nos deras*. Faise así referencia a que o tempo de festa e de lecer da celebración do Santo vaise sen pensar. Ao santo represéntaselle con lanza ou espada vencendo ao demo ou ao Dragón, de sacerdote, coa lenda "Quit ut Deus" ou o tetragrama co nome sagrado no seu escudo. Tamén ten unha pregaria que di:

San Miguel Arcanxo, deféndenos na batalla. Sen o noso amparo contra a perversidade do demo. Que Deus lle reprima, é a nosa humilde súplica, e ti, Príncipe da Milicia Celestial, coa forza que Deus che deu, arroxa ao inferno a Satanás e aos demais espíritos malignos que vagan polo mundo para a perdición das almas. Amén.

A partida máis antiga da que se ten constancia en Candamil é do ano 1606, segundo o libro do nomenclátor.

Figura 7: Igrexa parroquial de Candamil

3.2. Capela da Pena

Foi construída a finais do século XIX. Ten planta rectangular e está cuberta de madeira con dúas vertentes. Os muros están feitos de pedra e o tellado cuberto de lousa.

> "A Capela da Pena, única actualmente nesta parroquia, é propiedade da familia Blanco Vérez en honor a Santa Filomena. Nesta consérvase un cáliz de prata cunha inscrición do ano 1622 e unha campá de bronce do ano 1668[4]".

Dinos o párroco Baltasar Requeijo que efectivamente a capela é particular, que forma parte dun pazo ou casa señorial grande. Dita casona tamén é actualmente casa de turismo rural. A capela ten planta rectangular e é grande. Ten unhas boas dimensións, pois calcúlase que pode ter cabida para unhas 70 persoas. Isto débese a que antigamente era unha cadra onde se gardaban as ovellas. Despois amañouse para ser pequeno convento de monxas, para máis tarde pasar a ser capela soamente. Dispón dun retablo principal sinxelo, e alí é onde se sitúa a imaxe da patroa Santa Filomena, protexida por unha cristaleira. Tamén ten campanario cunha campá nova, xa que a vella roubárona. A vella era de bronce e tiña a inscrición de 1668, co cal tiña un valor patrimonial de importancia.

O retablo é neoclásico, do século XIX. Ademais da escultura de Santa Filomena, que como xa dixemos é a titular da capela, tamén teñen a imaxe de San Sebastián e a Nosa Señora do século XIV. Destaca da mesma maneira un cáliz de prata do século XVII.

En canto á patroa, Santa Filomena, dicir que o seu nome provén do grego e significa "amada" "filla da Luz" o "Benamada". Foi unha virxe e mártir da igrexa cristián. É avogada dos bebés, causas desesperadas, dos pobres, dos curas e dos enfermos. Represéntase con palma, lirio, coroa, frechas, áncora e lóstrego. A tumba de Santa Filomena atopouse o 2 de maio de 1802, cando se estaban escavando as famosas catacumbas de santa Priscila na Vía Salaria de Roma. Os símbolos encontrados na súa cripta sinalaban o seu martirio: unha áncora, tres frechas, unha palma e unha flor. Tamén unha inscrición co texto "La paz sea contigo, Filomena". Os investigadores viron que se trataba dunha rapaza de 12 ou 13 anos e que a súa morte fora por causa das frechas que lle cravaran no corpo.

A historia da Santa conta que os seus pais eran idólatras e continuamente ofrecían oracións e sacrificios aos seus falsos deuses, pero por mediación dun médico cristián que tiñan ao seu mandato, convertéronse ao cristianismo e obrouse o milagre de poder ter fillos. Naceu unha filla á que lle puxeron Filomena, xa que era filla da luz por nacer baixo a fe de Cristo.

Cando por causa da guerra seus pais máis ela viaxaron a Roma e foron recibidos polo emperador Diocleciano, este pediulle a man para que casara con el. Os seus pais enfeitizados por tódalas riquezas que o emperador lles ofrecía, querían que casara, pero ela negouse. Entón foi encarcerada e encadeada. Logo flaxelada en público, pero uns anxos curaron as súas feridas. O emperador quixo convencela de que a súa curación debíase a Xúpiter, pero ela seguía sólida na fe de Cristo. Entón o emperador mandou que lle puxeran unha áncora amarrada ao pescozo e que a botaran ao río Tíber. Non obstante, novamente os Anxos viñeron e cortaron a soga e saíu a flote. O emperador

[4] *Cabreiros e un pouco do seu entorno*. (1998). Lugo: Asociación de Veciños de Cabreiros, páx. 69.

furioso mandou que os seus soldados lle dispararan frechas. Novamente as súas feridas curaron. Mandou entón que disparasen sobre ela frechas de lume, pero as frechas rebotaban matando aos propios arqueiros. Entón o tirano mandou decapitar a Santa Filomena cun hacha dándolle morte. Moita xente ao ver aqueles milagres convertéronse ao cristianismo, tal foi a fe que transmitiu a Santa.

CAPÍTULO 4

PARROQUIA DE CAZÁS.

A parroquia de Cazás (San Xulián) está composta por máis de trinta barrios ou entidades singulares: A Casavella, O Castelo, A Castiñeira... Atópanse nas súas contornas tanto medoñas como dolmens. Da mesma maneira tamén varios cruceiros destacables: Cruceiro do Castro, da Pena, do Campo e da Carballosa, entre outros.

4.1 Igrexa Parroquial

Construída no século XVIII e reformada nos anos 1930 e 1970 e incluso máis recentemente. Ten planta rectangular. O chan e o teito son modernos. O tellado está recuberto por lousas. Un campanario de dous corpos e tres vanos, e a igrexa conta cun retablo maior de estilo barroco, típico da zona, do século XVII.

Na sancristía consérvase tamén unha pía de auga bendita, unha Virxe de bicar, un cáliz de prata, un copón de prata e medio viril de prata, e unha cruz de prata do século XVII.

O retablo maior do século XVII queda descrito no libro de *Xermade o meu pobo* (1994: 59):

> "O primeiro corpo do retablo ten dúas columnas salomónicas e cinco fornelas. Na central está o Sagrario, ós lados, a imaxe da Virxe do Carme do S. XVIII, San Antonio e San Xulián, tamén do S. XVIII.
>
> O retablo vai coroado polo Pai Eterno con tiara pontificia. A dereita do presbiterio, Virxe de vestir.
>
> Na cornixa do primeiro corpo leva a Ave María coroando as portas da sancristía. Son talladas, de estilo barroco e forman parte do retablo. Os outros retablos que tiña a igrexa desapareceron nas reformas".

Na fachada principal atopamos un arco semicircular, por encima del, unha ventá que tamén ten un arco semi-circular. Dentro, no altar, un sagrario de dous corpos coa escritura na porta de *Agnus Dei*. O presbiterio ten un retablo da segunda metade do século XVIII de estilo barroco en tons vermellos e azuis e molduras douradas. A Virxe do Carme do século XVIII da que se falaba anteriormente, aparece cunha monxa carmelita axeonllada ós pés (século XVIII). E San Xulián, titular da igrexa, aparece cun fusil na man dereita e un paxaro na esquerda (pintado ó óleo). A San Xulián represéntaselle como a un cazador. A Virxe Dolorosa cunha espada cravada, símbolo da dor sufrida pola crucifixión e morte de Cristo. Tamén imaxes da Inmaculada, San Roque e Santa Ana representada cun libro na man (século XVII). Este retablo tal como dixemos en liñas atrás está coroado polo Pai Eterno.

En Cazás tamén atopamos lendas en torno ao castro da igrexa:

> “Nunha pedra que hai no castro da igrexa cunha inscrición, din que ó descifrala sae unha galiña que pon ovos de ouro. [...] No castro da igrexa din que hai unha traba de ouro que a deixaron os mouros enterrada ó perder unha batalla, pero non se sabe se é certo[5]”

No libro guía da diocese de Mondoñedo, escríbese facendo referencia á igrexa parroquial de Cazás que ten espadaña e dúas campás. Foi reconstruída en 1930. A partida máis antiga que se conserva é do ano 1616. Tamén nos fala das capelas de S. Xoán e a Divina pastora no lugar do Seo.

Queremos resaltar o feito que supón rematar unha igrexa en espadaña, cuxo propósito é amosar ao mundo e as xentes a sinxeleza que se supón deben ter os crentes que seguen a fe de Cristo. O significado ven do latín da palabra espada. Referido a unha construción é unha estrutura mural que se alonga verticalmente, sobresaíndo do resto da edificación, e que soe acabar nun pináculo. Pode dispoñer dun ou máis vanos para albergar campás, formando parte dalgunhas igrexas, onde fai funcións de campanario ou campanil, diferenciándose destes en que o seu acceso non se alberga no interior.

Xa no románico dábanse en Europa estas estruturas, se ben se optaba en xeral por construcións máis complexas. A tradición franciscana impoñía estes elementos arquitectónicos para desviarse da ostentación que significaba un campanario nas súas comunidades relixiosas (Figura 8).

Figura 8: Igrexa parroquial de Cazás (acuarela propia)

4.2. Capela da Divina Pastora

É un santuario pequeno situado en O Seo. Foi totalmente reconstruída a finais do século XX. A capela ten unha nave cuberta a dúas augas con tellado de lousa e a sancristía detrás. Ten tamén un pequeno pórtico a tres augas sobre catro pilastras de cantería.

No interior, no presbiterio sitúanse as imaxes de San Xoán Bautista, San Roque, San Rosendo e a Divina Pastora. A imaxe da Divina Pastora está vestida con roupa

[5] *Xermade o meu pobo*. (1994). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, páx. 165.

moderna. Nesta capela celébranse romarías en maio e outono. A entrada da sancristía hai unha pila con auga bendita. E cruzando a estrada que hai pretiño da capela, atopamos un cruceiro (Figura 9).

Figura 9: Capela da Divina Pastora na parroquia de Cazás

CAPÍTULO 5

PARROQUIA DE LOUSADA

A parroquia de Lousada (San Andrés) está formada por máis de trinta barrios ou entidades singulares, algunhas delas: A Abelleira, O Campo da Feira, O Pazo, O Porto, e moitas outras.

Ten numerosas medoñas nos distintos montes da parroquia. E tamén posúe dous castros, un O Castro e outro en O Pazo. Así como abundancia de cruceiros espallados pola parroquia.

5.1. Igrexa de Lousada

O patrón é San Andrés. Ten planta rectangular e por fóra está caleada en branco. Antes era de cantería e tiña unha escalinata de pedra branca do monte "O Castelo". Se ben agora non ten escalinata algunha quedando ao mesmo nivel o chan do patio da entrada principal co interior da igrexa. Á dereita hai unha árbore dun teixo. Tampouco está completamente caleada en branco, xa que na entrada que ten forma de triángulo, (tal que se fose, salvando as distancias, unha tenda de campaña), na parte de abaixo ten unha ringleira de pedras, sobre elas formase outro triángulo pequeno cuns barrotes de madeira que dispoñen de dúas portas separadas por unha cruz de madeira que queda integrada no conxunto de forma homoxénea. Os listóns de madeira ademais de formar parte da ornamentación, tamén teñen un sentido práctico de protección das cristaleiras de cores. Por enriba deses barrotes en forma de triángulo e respectando esa forma xeométrica un mosaico de azulexos representando escenas do bautismo de Xesús no río Xordán. Antigamente a igrexa de Lousada era reitoral (Figura 10).

Figura 10: Fachada principal da igrexa de Lousada

A igrexa sitúase no campo da feira e foi inaugurada no ano 1963. Cóntannos que Lousada tiña unha igrexa vella noutro lugar, e que o cura que oficiaba por aquel entonces (tanto en Lousada como en Muras), doara, aquí non se sabe con certeza se

foron 100.000 pesetas ou 300.000, os cartos que deixara, coa idea de reformar a vella igrexa existente. Discorría o ano 1958 e para aqueles tempos era moito carto. Pero o caso foi, que en lugar de arranxar a vella derribárona e construíron a nova. Por iso, a día de hoxe algúns fregueses da comarca falan do engano de Muras

Falando do engano de Muras, o pai Baltasar Requeijo, que é sacerdote oficiante na igrexa de Muras, aínda que esa parroquia non corresponde ao concello de Xermade, dinos que como tódalas igrexas pertencen á diocese de Mondoñedo-Ferrol é común que algúns curas oficiantes nas parroquias de Xermade, tamén oficien en Muras. Ocorría antes e agora tamén debido á falta de vocacións relixiosas dáse con máis frecuencia que un mesmo cura teña que oficiar en distintas parroquias e desprazarse a outras fóra do seu municipio. Sen ir máis lonxe, el mesmo é párroco de Burgás (Sta. Olalla), O Burgo (Sta María), Candamil (San Miguel), Lousada (Sto. André), Miraz (S. Pedro), Muras (S. Pedro), Irixoa (S. Xiao), O Viveró (Sta. María). Unhas oito parroquias. Facemos referencia a estes datos, porque ao ser Baltasar párroco de Muras, coméntanos outra historia que segue entrelazando as igrexas dunha zona e da outra:

Dinos que na sancristía de Muras hai unha táboa en madeira procedente de Baltimore (Estados Unidos de América) cunha lenda cuxa inscrición está datada no ano 1692, e que foi encontrada nunha tumba da vella igrexa de San Pablo de Baltimore. Agora o pai Baltasar transmite aos seus fregueses das parroquias de Xermade que leva, ese importante mensaxe de vida que aparece gravado na táboa de madeira de Muras e que nos fala da paz e de toda unha filosofía de vida. Aquí reproducimos a nota do pai Baltasar e a inscrición (Figuras 11 y 12):


Benqueridos Amigos:
Enviovos tamén fotocopia
dunha inscripción que hai
na sacristía de Muras procedente de Baltimore e,
que a min me gusta ler de
vez en cando. Fraternalmente
Baltasar

Figura 11: Nota do pai Baltasar Requeijo Pico

VE PLACIDAMENTE ENTRE EL RUIDO Y LA PRISA.
RECUERDA QUE LA PAZ PUEDE ESTAR en el silencio. Sin renunciar a ti mismo, esfuérzate por ser amigo de todos. Di tu verdad, quietamente, claramente. Escucha a los otros, aunque sean torpes e ignorantes; cada uno de ellos tiene también una vida que contar. ❧ Evita a los ruidosos y agresivos, porque ellos denigran el espíritu. Si te comparas con los otros puedes convertirte en un hombre vano y amargado; siempre habrá cerca de ti alguien mejor o peor que tú. Alégrate tanto de tus realizaciones como de tus proyectos. ❧ Ama tu trabajo, aunque sea humilde; es el tesoro de tu vida. Sé prudente en tus negocios, porque en el mundo abundan las gentes sin escrúpulos. Pero que esta convicción no te impida reconocer la virtud; hay muchas personas que luchan por hermosos ideales; y dondequiera, la vida está llena de heroísmo. ❧ Sé tú mismo. Sobre todo no pretendas disimular tus inclinaciones. No seas cínico en el amor, porque cuando aparece la aridez y el desencanto en el rostro, se convierte en algo tan perenne como la hierba. ❧ Acepta con serenidad el consejo de los años y renuncia sin reservas a los dones de la juventud. Fortalece tu espíritu, para que no te destruyan inesperadas desgracias. Pero no te crees falsos infortunios. Muchas veces, el miedo es producto de la fatiga y la soledad. Sin olvidar una justa disciplina, sé benigno contigo mismo. ❧ No eres más que una criatura en el Universo, no menos que los árboles y las estrellas; tienes derecho a estar aquí. Y, si no tienes ninguna duda, el Mundo se desplegará ante ti. ❧ Vive en paz con Dios, no importa como lo imagines; sin olvidar tus trabajos y aspiraciones mantente en paz con tu alma, pese a la ruidosa confusión de la vida. ❧ Pese a tus falsedades, penosas luchas y sueños arruinados, la Tierra sigue siendo hermosa. Sé cuidadoso. Lucha por ser feliz.

INSCRIPCION FECHADA EN EL AÑO 1692.
ENCONTRADA EN UNA TUMBA DE LA VIEJA IGLESIA DE SAN PABLO DE BALTIMORE.

Figura 12: Texto da inscrición datada do ano 1692 atopada nunha tumba da vella igrexa de San Pablo de Baltimore.

Como dixemos en liñas anteriores, a igrexa de Lousada ten un gran mosaico na fachada principal que xunto coa forma da construción da igrexa, confírenlle un selo de identidade característico. De feito é unha igrexa singular, pois non hai outra co mesmo deseño por calquera parroquia que se mire do concello de Xermade.

Ten campanario dunha soa campá. A torre que se alza ao lado dereito da edificación é moi modernista con columnas estreitas de cemento, que non dan aparencia de que o edificio sexa unha igrexa. Tamén atopamos unha cruz parroquial de prata do século XVIII e a Cruz de metal de primeiros de século que dixemos do escultor valenciano afincado en Mondoñedo. Custodia de prata e un incensario de metal do século XVII. O mosaico da fachada representa a San Xoán Bautista.

A igrexa non ten retablo, no seu lugar ten unha cruz de ferro feita polo escultor valenciano afincado en Mondoñedo Javier Puchades, e pintada de negro. Esta cruz sitúase diante dunha cristaleira de cores e é de estilo modernista. Este mesmo artista tamén tallou un san Andrés moderno e unha talla da Virxe María Inmaculada. As dúas figuras dunha altura aproximada de 1 metro con 70 centímetros e talladas en madeira están postas en columnas de pedra gris semellando unha parede de ladrillos. Á esquerda do altar sitúase a Virxe Inmaculada coa bola do mundo baixo os seus pés. Como xa dixemos, é unha obra de Puchades de madeira policromada e á dereita do altar está a escultura de San Andrés, conservando a cor da madeira (do mesmo escultor). Nese mesmo lado (á dereita de San Andrés), sitúase a Virxe dos Dolores, que é unha talla vestida cun vestido negro, túnica granate con ribetes dourados e nas mans leva un escapulario. O tamaño da talla é de aproximadamente 1 metro y 30 centímetros. Na cabeza porta unha coroa de estrelas de metal e o seu soporte é unha peana de madeira.

Á man esquerda, máis á esquerda que a Virxe Inmaculada de Puchades, sitúase a Virxe do Rosario, é de vestir, ten capa ou manto en azul e vestido en branco. Na cabeza ten coroa de estrelas en metal. Nas mans leva o rosario.

Tamén hai unha talla de escaiola pequena de San Andrés, coa cruz de San Andrés detrás en forma de aspa. E escultura de San Xoán Bautista, que é unha talla antiga de madeira pintada, co Año de Deus e portando o estandarte na man dereita e con cuncha. Vai vestido cunha pel de camelo (debuxada e pintada na madeira que emita unha de verdade)

A cruz de ferro do escultor Puchades que se sitúa detrás do altar pode ser de aproximadamente o ano 1970. A igrexa tamén dispón dunha Cruz parroquial de prata do S. XVIII. E entre outras pezas un Neno Xesús de bicar no seu berce.

Guiados polo párroco Baltasar Requeijo, pasamos á sancristía que queda ao lado dereito do altar, onde nos amosa pezas de relevancia, pois algunhas son dos restos da vella igrexa de Lousada derruída: unha cruz de pedra da antiga igrexa con diversa simboloxía, pois contén tallados na propia cruz distintos atributos da crucifixión de Cristo, tales como a coroa de espiñas, corazón traspasado por lanzas, teazas para os cravos, martelo... Na mesma cruz de pedra por unha parte aparece un relevo de Cristo e por

debaixo unha caveira cos ósos cruzada. Enriba na cabeza da cruz gravada a inscrición INRI. Facemos un inciso para explicar o significado de dita sigla ou termo, que se corresponde coa frase latina IESVS NAZARENVS REX IVDAEORVM, que se traduce como: "Jesús de Nazaret, rey de los judios". Trátase dun acrónimo da versión latina da frase que, segundo o Evanxeo de S. Xoán, fora colocada por Poncio Pilato como explicación da causa da condena de Xesús e da súa morte na Cruz.

Pola outra cara da cruz de pedra, imaxe da Virxe Dolorosa e debaixo da Virxe un relevo dun anxo. Á cruz fáltalle un brazo, algunhas das pezas que lle faltan están espalladas polo chan da sancristía. O deterioro sufrido na cruz ocasionouse en tempos da guerra civil, que foi o momento no que máis deterioro sufriu este patrimonio da vella igrexa que está aínda por restaurar.

O sagrario é moderno, en pedra con cruz de metal pegada á pedra. Non está situado ao centro, lixeiramente situado á esquerda, a causa da cristaleira en cruz e a cruz de ferro que pola súa grandura impiden situalo alí. É de cor dourado e na porta do sagrario hai o relevo debuxado do Año de Deus.

Na sancristía tamén está por restaurar un confesionario antigo de madeira de gran beleza, pois ten un rosetón tallado na mesma porta de aceso. Alí ao carón do vello confesionario dispóñense varias andas apiladas que son de castaño (4 andas), algunhas cadeiras de madeira dos anos 60, e tamén cadeiras de igrexa antigas (pois antes non dispoñían de bancos para axeonllarse ou sentarse e no lugar había estas cadeiras ou reclinatorios). Aínda que a igrexa ao entrar tamén ten outro confesionario de estilo moderno.

O viacrucis fórmano as propias ventás en forma de cruz, polo que a igrexa é moi luminosa. O chan é de terrazo, e as paredes interiores e o teito están pintados de branco. Do teito colgan varias lámpadas de forxa, con forma redonda e con motivos de cruces soldados e tamén recortadas na mesma forxa, e rematadas pintadas en negro. O altar está dúas escaleiras máis alto co resto da igrexa. O chan é de cemento.

No interior da igrexa á man esquerda hai unha lápida de enterramento onde xacen os restos mortais de Gumersindo Vellas Ramil, que faleceu no ano 1961. Gumersindo Vellas nacera no ano 1894 na parroquia de Lousada e foi o que deixou os cartos para a construción da igrexa no canto de arranxar a vella.

A igrexa dispón de dúas pilas bautismais, unha nada máis entrar e a outra á man dereita da porta de entrada, esta última dun tamaño maior. Son de pedra branca e teñen impresións talladas de debuxos xeométricos. A máis grande ten separación para os óleos e a auga dentro da pila, e tapa de madeira para recubrila. E as impresións gravadas na pedra forman cruces.

Aquí en Lousada tamén se conta unha lenda no libro de *Xermade o meu pobo* (1994: 166-167) en torno ó que lle aconteceu a un cura da parroquia que quixo ter unha campá de ouro que se supoñía había nunha lagoa preto da Serras do Castelo:

> “Cóntase que no fondo había unha campá de ouro. Esa campá ninguén a vira xa que nos meses en que non hai auga, entérrase ou entérraa consigo un monstro que vive debaixo das augas.
>
> Así aconteceu un día que ó cura da parroquia antollóuselle que a súa igrexa debía de ter unha campá de ouro. O primeiro que fixo o cura foi pedirlle a un chegado de Cuba o libro de “Maxia negra”. Colleu o libro e leuno xunto co sancristán á beira da lagoa. Cando estaba lendo abríronse as augas da lagoa, entón o cura deulle o libro ó sancristán e díxolle:
>
> _Terma do libro mentres que eu entro pola campá e non se che ocorra cerralo, porque se non, cérranse tamén as augas.
>
> Entrou o cura e cando estaba dentro, o sancristán, para que a xeada non mollase as tapas do libro, cerrouno, cerrándose así tamén as augas, e saíndo a flote naquel mesmo momento os pulmóns do cura, escapando o sancristán con moito medo porque acababa de ve-la cabeza do monstro derriba das augas”.

No libro do Nomenclátor vemos que a igrexa parroquial de Lousada (S. Andrés) se construíu en 1962-1963, e que foi inaugurada no día 20 do mes de setembro do ano 1963. Ten torre cunha campá.

A partida máis antiga que se coñece é do ano 1670, pois como xa dixemos que antes da construción da nova igrexa parroquial había unha antiga noutro lugar de Lousada.

5.2. Capela de San Xoán (Lousada de arriba)

A capela de San Xoán é rústica, foi reconstruída recentemente. A planta é rectangular e o teito de madeira con vigas e a dúas vertentes. O teito que recubre a capela é de lousa arrancada dun monte preto da capela. Polo tanto é lousa moi antiga que resistiu o paso do tempo. No interior da igrexa hai unha lámpada de forxa en redondo e coas bombillas facendo forma de velas (Figura 13).

Cóntannos que primeiro foi igrexa, logo un teleclub para ver a televisión e reunirse os veciños, e agora igrexa (capela) novamente. O chan da capela primeiro foi de lousa, logo de cemento e actualmente de plaqueta. A reforma foi aproximadamente no ano 2002, facíalle moita falta xa que o chan estaba cheo de silvas. As paredes interiores de metade para abaixo de madeira, e da metade cara arriba pintada de branco.

Ten un retablo de madeira na parede de detrás do altar. No centro do retablo S. Xoán Bautista (século XVIII), que é o patrón da capela. Na man dereita S. Xoán porta o atributo (estandarte), e na esquerda o Año de Deus enriba do libro. No alto do retablo escultura de A Sagrada Familia feita de resina. Á dereita do retablo sitúase S. Xosé coa vara florida na man dereita e o Neno Xesús na esquerda. A escultura de S. Xosé é de cartón pedra. Na esquerda do retablo atópase a Virxe dos remedios en escaiola pintada.

Pousadas na mesa do altar, pequenas tallas de resina doadas por unha freguesía. Na parte dereita da mesa temos o Cristo de Fidias e á esquerda a Virxe de Covadonga e a Virxe do Carme nunha barca.

Facemos un inciso para sinalar que Fidias foi un escultor nado en Atenas no 500 a.c., e morre en Olimpia (Atenas), viviu na época de Pericles e é célebre pola obra da estatua Atenea e a estatua de Zeus en Olimpia.

A capela de San Xoán atópase case detrás da igrexa parroquial de Lousada collendo unha estrada a man dereita a poucos metros.

Figura 13: Capela de San Xoán en Lousada

5.3. Capela do Fondal (Lousada de abaixo ou Fondal)

Antigamente esta capela estaba situada na beirarrúa e trasladouse ou cambiouse para máis abaixo, deixando un patio de cemento diante.

O campanario é dunha sola campá e a fachada está pintada de branco. Na mesma fachada principal, enriba da porta de acceso á igrexa, hai unha ventá con forma de cruz de cristais a modo de cristaleira. O chan é de terrazo e o teito interior de madeira, e a cuberta da igrexa é de lousa. Non ten viacrucis.

Esta capela tamén foi reconstruída recentemente. Nela podemos atopar varias esculturas: unha de Cristo do S. XVII, San Roque, San Ramón Nonato, San Xosé e outro Cristo na sancristía do S. XVIII.

Facendo unha descrición máis pormenorizada comezaremos dicindo que na parede preto do altar, á man dereita hai un nicho con escultura de S. Antonio en madeira antiga do s. XVII ou XVIII. Á esquerda de San Antonio atópase San Xosé co Neno Xesús. No medio, talla pequena da Virxe de Fátima.

No nicho esquerdo, situado á esquerda San Roque e San Ramón Nonato. Son tallas antigas feitas en madeira maciza. A San Roque puxéronlle capa en vermello de tela. San Ramón Nonato ten a custodia na man dereita e na esquerda unha pluma.

Na mesa do altar, tallas en madeira de A Virxe Dolorosa pintada, a cor do vestido en marrón e o mantón en azul. Tamén hai unha cruz de madeira antiga con Cristo crucificado e outra en metal dourado.

A mesa do altar é moderna feita en pedra. Na parede principal do altar non hai retablo, no seu lugar hai un Cristo de madeira na cruz (tamén en madeira). Á dereita do altar a Virxe dos Dolores nun nicho sen cristal, que é unha talla vestida, con mantón en negro e vestido en branco. O mantón ten estampados en fío de ouro e con brillantes.

Na porta do sagrario onde se gardan as sagradas formas, debuxado en relevo, a imaxe dun Pantocrátor (todopoderoso). É un sagrario que ten certa antigüidade. Debaixo do sagrario hai un incensario.

A igrexa posúe pila bautismal de mármore branco do século XX. Xa se comentou anteriormente a anécdota de que un bispo de comezos do S. XX quixo poñer esta pila por hixiene en tódalas parroquias e por estética, xa que lle parecía mellor e máis fermoso este material que as de cantería que había por entón.

No teito atopamos lámpada de forxa. O chan é de terrazo. A sancristía sitúase ao lado esquerdo do altar, alí gárdanse cinco andas e un crucifixo con anxos do século XX doado por unha freguesa.

Dinos o párroco Baltasar Requeijo que a capela do Fondal fai de parroquia, dedicada ao Santo Cristo de Lousada. Non hai retablos, si tallas antigas de San Antonio e outros santos, que están feitas en madeira de boa calidade. Tamén dispón a capela de nichos para poñer os santos, pero son nichos sen cristal. Ten planta rectangular e está pintada de branco. Ten campanario cunha campá pequena. O chan é de terrazo, que foi posto alá polo ano 1966 ou 1967. Ten un viacrucis de madeira e unha cruz sinxela (Figura 14).

Figura 14: Fachada principal da capela do Fondal

CAPÍTULO 6

PARROQUIA DE MIRAZ

A parroquia de Miraz (San Pedro) está composta por menos barrios que as anteriores parroquias que vimos de nomear, por iso as enumeraremos todas: A Casa Grande, O Castiñeiro, Os Currás, A Igrexa, Os Miraces, A Pena, O Sagramón, O Souto e A Vesura. Espallados ao longo dos distintos barrios temos abundantes monumentos megalíticos e un cruceiro no Adro da Igrexa.

6.1. Igrexa Parroquial

Segundo nos explica o párroco Baltasar Requeijo, a igrexa parroquial de Miraz ten un retablo principal salomónico, con esculturas de San Pedro apóstolo, que é o titular; Virxe dos Dolores e San Antonio. Algunhas tallas antigas son de madeira, outras non teñen tanto valor e son doutros materiais. O campanario é de cantería e está separado da igrexa, que se pintou de branco (Figura 15). Por dentro, para tapar as humidades, o lateral recubriuse cun plástico en pranchas para non ter que andar deseguido a pintar, pero rompe un pouco a estética co que se supón que ten que ser un recubrimento interior de igrexa. As ventás son de cemento que non se abren e teñen os cristais fixos**.** A sancristía é antiga, rústica, sinxela e de pouca altura (baixa). Non hai capelas. Collen uns 30 veciños**.**

A igrexa ten viacrucis, pero carece de valor especial, son unhas cruces sinxelas de madeira. O teito por dentro é de madeira a dúas augas.

Estudando a bibliografía existente dámonos de conta que é moi complicado ou case imposible defini-lo primeiro estilo da igrexa parroquial de Miraz:

> "A igrexa parroquial totalmente reformada, conserva no seu testeiro da Capela maior un retablo salomónico do século XVIII con tres nichos no corpo principal e unha no ático,sagrario de estípites, expositor no furado central e pulseira de ramaxe nos bordes un tanto desproporcionadas. Son de trazo popular as tallas de San Pedro Sedente, coas chaves, o báculo e a tiara; e as de San Roque e San Antonio de Padua[6]".

Tamén se sabe que as esculturas de San Pedro e San Antonio son do mesmo tempo que o retablo salomónico, do S. XVIII. Pola contra, a imaxe de San Roque é do S. XVII. E un peto de ánimas con relevo do S. XIII. Xunto a estas imaxes tamén atopamos unha escultura da Nosa Señora.

Ao estudo da bibliografía do libro de *Cabreiros e un pouco do seu entorno* (1998), imos completalo engadindo algúns datos que se poden aportar ao visitar a igrexa para este estudo de investigación. A escultura de San Roque é antiga tallada en madeira, está vestida de peregrino cun can ós pés, é do S. XVII. Na man dereita leva un bastón de peregrino coa cuncha e a cabaza.

---

[6] *Cabreiros e un pouco do seu entorno*. (1998). Lugo: Asociación de Veciños de Cabreiros, páx. 88.

Outra imaxe é a da Virxe dos Remedios, que é unha talla de vestir, cun vestido branco con flores en dourado e un mantón a xogo e coroa de prata. Ten nas mans un rosario coas contas de cor marrón claro.

Na igrexa tamén hai unha talla da Virxe das Dolores (talla de vestir), con vestido branco e capa negra cun ribete en dourado. Esta talla sitúase fóra do retablo principal pero ao lado. Dentro do retablo principal atopamos a escultura de San Pedro que é unha talla de madeira pintada (talla de peso), na man dereita ten as chaves do ceo e na esquerda unha cruz de estilo bizantino. Na parte superior do retablo sitúase San Antonio que tamén é unha figura pintada, que na man dereita leva a pluma de escribir e na esquerda o Neno Xesús sentado no libro. Á esquerda, no retablo principal, temos a Virxe do Carme, talla de madeira policromada que na man dereita leva o escapulario e na esquerda ten ao Neno Xesús sentado no brazo. Enriba do sagrario hai unha cruz de metal dourada e na porta do sagrario debuxado en relevo o Año de Deus de San Xoán Bautista, que se representa cun año e o atributo ou estandarte.

O retablo está policromado, pintado con motivos florais, follas, palmas, anxos... E as cores son suaves en verdes, vermellos, azuis, brancos, amarelos...

Á esquerda do altar a Virxe do Rosario, na man dereita ten o rosario coas contas de cor brancas, e na esquerda o Neno Xesús.

Hai unha Cruz parroquial procesional. O altar é de mármore recuberto por un mantel bordado. Ao lado do altar hai unha lámpada Santísima de aceite de latón que serve para o alumeado do Santísimo.

Pilas bautismais hai tres en total. Tamén hai un confesionario de comezos do século XX.

A sancristía queda á esquerda do altar. Ten o teito de madeira vella (rústico) e o chan é de cemento sen recubrir. Hai unha mesa de madeira vella que en caso de necesidade pódese utilizar como despacho. O tellado nesta zona ten buracos por onde caen goteiras. Coméntanos o pai Baltasar que na sancristía ten coñecemento que antigamente había unha tumba (enterramento anónimo).

O chan da igrexa é de baldosa (a excepción como xa dixemos da sancristía, onde é de cemento). O recubrimento do teito exterior do edificio é en lousa.

O cemiterio atópase á dereita da entrada da igrexa. A igrexa ten campanario de cantería de dúas campás.

A partida máis antiga que se ten rexistrada é do ano 1670 e no se ten constancia de que sacramento foi o que se administrou.

No libro de *Cabreiros e o seu entorno* (1998: 89) faise referencia a unha lenda existente:

“Contase que polo San Pedro levaban á Virxe do Rosario dende a parroquia veciña de Piñeiro á festa, xa que as xentes de Miraz crían que se non levaban a Santa á festa non terían boa colleita de trigo”.



Figura 15: Igrexa parroquial de Miraz

CAPÍTULO 7

PARROQUIA DE MOMÁN

A parroquia de Momán (San Mamede) está composta entre outros polos seguintes barrios: O Bidueiro, O campo da Feira, A Candieira, A Cerdeira, e moitos máis.

Ten medoñas en Zalaroia, e en Candieiro, tres cruceiros situados en Adro, Pigaroa e no Campo da Feira, e un castro en Castrorramil.

7.1. Parroquial de San Mamede

A igrexa parroquial de San Mamede data do século XVIII. Podemos destacar que conta cun retablo de estilo neoclásico e ten na fachada principal unha imaxe do Redentor en pedra.

Foi reformada a principios do século XX, pero como xa apuntamos anteriormente, data do século XVIII. Detrás ten unha nave, capela maior cuberta cun sinxelo artesoado e sancristía. O retablo é neoclásico con relevo de San Bartolomé e San Mamede (século XVIII). A sancristía ten a imaxe de San Antonio (século XVIII). Sobre unha peana San Roque e na sancristía imaxe de San Antonio do S. XVII. Tamén hai unha Cruz procesional do S. XVIII.

Ao lado da igrexa hai un cruceiro con catro cabezas de anxos e instrumentos da paixón.

No libro do nomenclátor dísenos que a igrexa parroquial de Momán ten espadaña e dúas campás. A partida máis antiga que se conserva é do ano 1672. E fai referencia á capela de San Antonio no campo da feira.

7.2. Capela de San Antonio

Atópase ó carón do campo da feira de Momán e á beira da estrada. No interior ten un retablo que se di puido vir do convento de Monfero.

A capela maior con sinxelo artesoado e sancristía detrás. O presbiterio ten o chan de pedra e o resto en cemento (Figura 16). A sancristía ten a entrada polo lado esquerdo, ao igual que a nave e no lintel da porta lateral está a data de 1751.

Aínda que a fachada principal é de pedra e a porta de entrada é de madeira, o resto da capela está pintada en branco. O campanario ten unha soa campá e remata cunha cruz de pedra no alto.

No presbiterio, inmediato ao altar maior, hai un fermoso retablo (S. XVIII), con columnas salomónicas e imaxes laterais de San Ramón Nonato e San Antonio de Padua, e imaxe da Inmaculada ao óleo (S. XVIII). Tamén hai un cáliz de prata e algunhas fontes din que na sancristía está a imaxe de San Estanislao de Koska do S. XVIII, pero consultados con algúns párrocos que coñecen a capela non recordan ter visto a imaxe do

Santo. De haber tal figura sería cousa bastante estraña e puidera entón deberse a que a trouxeran os monxes franciscanos dalgunha das viaxes por terras de Polonia.

O tellado exterior é de lousa a dúas augas.

Figura 16: Fachada principal da capela de San Antonio en Momán

CAPÍTULO 8

PARROQUIA DE PIÑEIRO

A parroquia de Piñeiro (San Martiño) fórmana máis de vinte barrios, algúns deles: A Aldea, A Casanova, O Cerqueiral, entre outros.

Ten construción megalítica e tamén tres cruceiros: o de Ferrerías ou de Novil, o Cruceiro de Cerveira e o Cruceiro da Xunqueira.

8.1. Igrexa Parroquial de Piñeiro (San Martín)

Dinos o libro da *guía de la diocesis de Mondoñedo* que a igrexa parroquial de Piñeiro ten espadaña e dúas campás. A partida máis antiga data de 1761, pero consérvanse libros de confrarías de 1670.

A igrexa parroquial de Piñeiro é de arquitectura moderna. Inaugurouse no ano 1968. Polo tanto, se atendemos ao valor arquitectónico propiamente dito, atopámonos que carece de significación digna de mención. Sen embargo, antigamente tiñan un edificio de relevancia arquitectónica feito alá polo século XVIII, pero ao derrubar o vello para facer o novo no mesmo lugar, perdeuse todo a riqueza patrimonial existente. Aínda que, hai que dicir que esta igrexa ergueuse sobre os cimentos do antigo templo (Figura 17).

Figura 17: Igrexa parroquial de Piñeiro (acuarela propia)

A igrexa posúe un retablo no que pode lerse a inscrición: “Esta obra se hizo siendo cura párroco D. Juan Antonio Espantoso y Lago, año de 1.736”. O patrón é San Martiño que é representado a cabalo, cun mendigo ós pés, con aspecto de anxo. A escultura é do século XVIII. Tamén atopamos unha escultura do Santo Domingo de Guzmán co libro aberto na man esquerda do século XVIII. Da mesma maneira tamén outro santo dominico cun bastón na man esquerda do século XVII. Por último, un San Antón de Padua co Neno espido sobre o libro pechado e unha palma na man dereita de finais do S. XVIII.

Falando das igrexas, no libro *Xermade o meu pobo* (1994: 58), faise referencia a que da vella igrexa só quedaron as campás: “Conserva o campanario da igrexa vella e ten dúas campás”. Tamén fai referencia aos santos que tiñan:

> “Imaxes de San Martiño, Virxe do Rosario, Virxe de Fátima, San Roque, Santiago e outras.
>
> Na igrexa antiga tiñan dúas Capelas: A Capela do Corredor que estaba dedicada a Santa Lucía. Que di a lenda que a Santa escapaba da capela tódalas noites para a igrexa grande.
>
> E a Capela de San Marcos, onde o titular era dito Santo. Cerca da capela hai unha fonte que nos recorda o seu nome: Fonte de San Marcos. “Ámbalas dúas capelas estaban derruídas[7]”.

E no libro editado pola Asociación de Veciños de Cabreiros baixo o título *Cabreiros e un Pouco do seu Entorno* (1998: 94) fálase da igrexa de Piñeiro e en torno o tema das campás dinos:

> “Se conserva a Campá Grande da antiga igrexa. Dita campá foi comprada por D.Claudio Bouza Prieto que máis tarde cambia a parroquia por un terreo “As Insuas” que está fronte ó lugar da Xunqueira. Como outras campás doutras aldeas críase que se se tocaban afastaban a tormenta.
>
> A cruz de prata conservada na igrexa, fora comprada por D.Pedro Corral López pola que pagou 18 pesos. Nesta cruz o igual que na campá vemos o sistema “trueque” tan utilizado polos nosos antepasados, xa que a cruz foi cambiada á parroquia por aproximadamente 18 ferrados de terreo na Cruz de Cirveira.
>
> Facemos aquí un inciso para comentar que esta cruz só ía ós enterros que levaban máis de catro curas, xa que ós outros ía unha cruz de calamina (aleación de metais pobres).”

Tamén a xente maior recordan en Piñeiro outras capelas, relatándose no mes libro (páxina 94):

> “As capelas recordadas en Piñeiro, derruídas na actualidade. A primeira na honra de Santa Lucía que se atopa no corredor.No ano 1834 xa estaba en ruínas, polo que se pasou a imaxe da Santa ó Altar dereita da Igrexa parroquial pechada nunha lacena. Segundo conta unha lenda, a Santa escapaba para o camiño que ía dende o Corredor á Pasadiña. A capela de San Marcos no Bidueiral en Sanche pequeno”.

[7] *Xermade o meu pobo*. (1994). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, páx. 58.

Unido a esa perda de valor, no arquitectónico, da igrexa de Piñeiro construída no 1968, xurdiron outros acontecementos no discorrer do tempo que tampouco axudaron á conservación de outras pezas escultóricas de santos e mártires que se atopaban alí para renderlles culto. Foi despois do Concilio Ecuménico Vaticano II, que se impuxeron ideas totalmente renovadoras na Igrexa. Convocado coa bula *Humanae Salutis* (25-12-61), que deu comezo o 11 de outubro de 1962 baixo o pontificado do Papa Xoán XXIII. O mal chamado "papa da Transición" foi quen, movido polas necesidades eclesiásticas, quixo con este concilio promover dentro da Igrexa un *aggiornamento.* É dicir, unha adaptación os tempos modernos, movidos polas correntes de innovación reformistas xurdidas a partir destas datas e que provocaron unha revolución, un troco de mentalidade destinado a aceptar o mundo tal como era e a inxectar á Igrexa unha nova sabia renovadora. Los aproximadamente 2500 bispos dividíanse entre mentalidades contrapostas de dereitas e de esquerdas, o que fixo que o Concilio acusara dende un principio una clara e predominante actitude reformista, que derivou nunha revisión da estrutura interna da Igrexa e das relación entre a Igrexa católica e o mundo moderno. Da documentación resultante do Concilio Vaticano II saíron uns decretos que pretenderon unha maior descentralización e democratización da Igrexa.

O caso é que estas ideas innovadoras nalgúns casos no se entenderon ben, tanto por parte dos párrocos, como dos propios fregueses, o cal levou a que en moitas parroquias, tanto de pobos como de aldeas, se desprenderan das imaxes de santos e tallas de valor, por considerar que había que centrarse máis na palabra litúrxica e non tanto na santificación das imaxes e tallas sagradas. É así que na igrexa de Piñeiro, amén da perda arquitectónica do antigo edificio relixioso, tamén se perde todo ese valor patrimonial que había dentro da igrexa, por non darlle o merecemento que tiñan.

Aproximadamente fai dez anos levouse a cabo unha restauración, pois co discorrer do tempo o edificio amosaba certo deterioro que había que amañar e darlle solución, por iso acordouse este arranxo.

Actualmente, a igrexa pertence á diocese de Mondoñedo-Ferrol. Está dedicada a San Martín de Tours, é dicir, o patrón que se festexa é San Martiño. Como datos destacables do Santo, dicir que San Martín de Tours naceu en Candes, Saint-Martín, en Francia, no ano 397, e foi bispo católico de Tours elevado a santo, e patrón de numerosos lugares. A lenda máis famosa en torno á súa vida sucedería no inverno do ano 337, cando estando Martín en Amiens encontra preto da porta da cidade un mendigo tremendo de frío, a quen lle dá a metade da súa capa, pois a outra metade pertencía ao exército romano no que servía. Na noite seguinte, Xesucristo aparéceselle vestido coa media capa para agradecerlle o seu xesto. Esta é a escena que se preferiu para a súa representación iconográfica. Despois deste acontecemento deixa o exército romano e convértese ao catolicismo. A súa vida pastoral caracterízase pola evanxelización e a loita contra as costumes pagás. A súa festividade celébrase o 11 de novembro, e como coincide coa matanza do porco en moitas rexións de España, por iso hai o dito de "A cada porco lle chega o seu San Martiño". É patrón dos soldados, das tecedoras, comerciantes e fabricantes téxtiles, e tamén o patrón das cidades de Ourense (aínda que curiosamente

San Martín de Tours nunca estivo nesta cidade), Bos Aires e Utrecht, e de países como Hungría.

Sen embargo, na igrexa parroquial de Piñeiro, a tradición de festexar dito santo non ven de Francia, tal como nos conta moi amablemente o párroco actual. A tradición procede de Portugal, pois foi San Martín de Dumio o encargado de cristianizar a Terra de Galicia, feito que ten maior sentido dada a proximidade de Galicia con Portugal. A figura deste Santo sóese representar montado a cabalo, rompendo a capa e dándolla aos pobres, o mesmo que na igrexa de San Martiño Pinario. Polo tanto, é San Martín de Dumio, tamén coñecido como Martín de Braga ou Martín Dumiense, nado en Panonia sobre o ano 510 ou 515 o que veu por estes lares explicando a palabra de Deus. Foi tamén bispo, teólogo e escritor, e alcumábano o "Apóstolo dos suevos" e cinguíase a un cristianismo ortodoxo en tempos de herexía.

Tamén no libro *Cabreiros e un pouco do seu entorno* (1998: 94) se nos di:

> "San Martiño, patrón de Piñeiro, cedeulle o seu protagonismo á Virxe do Rosario, celebrada a súa festa o segundo domingo de outono. Era famosa pola súa romaría de ramos de roscas, mazás, uvas e outros. Esta romaría ía dende a igrexa ata o cruceiro da Xunqueira e logo volvía á igrexa. Dita festa agora máis pequena pasou a celebrarse a finais do mes de xullo ou primeiros de agosto, principalmente por motivos climatolóxicos".

En Piñeiro foron ordenados párrocos xente natural da aldea e veciños do mesmo lugar. Entre eles atopamos a Narciso Franco, cura párroco de Valdoviño, Claudio Bouza, emigrado a Cuba, e Xenaro Bermúdez, famoso polos seus desconxuros. En torno aos conxuros xurdiron algunhas lendas, entre elas dúas que se describen no libro de *Cabreiros e un pouco do seu entorno* (1998: 95):

> "O conxuro do xabarín. Cóntase que este párroco cun desconxuro fixo que o xabarín, que viña ó centeo colleitado nos montes de Sartego, de gran calidade, non voltara máis. Ata aquel día os veciños tiñan que cada noite facer garda ás súas colleitas, xa que senón quedábanse sen nada.
>
> Conxuro das cascudas. Tamén se conta que cando o cura baixaba a dicir misa á parroquia veciña das Pontes, paraba a almorzar na casa da "Tía Francisca". Un día apareceulle a esta o forno e a fariña cunha praga de cascudas. Cun desconxuro fixo que ó día seguinte estas desapareceran".

Como conclusión, gustaríanos finalizar o relatado ata agora, coas verbas que o Santo San Martiño deixou ditas para que o lembraran os pobos vindeiros e que mandou inscribir na súa tumba como epitafio final:

"*Nacido en Panonia (actual Hungría), cheguei atravesando os anchos mares e arrastrado por un instinto Divino, a esta terra galega que me acolleu no seu seno. Fun consagrado bispo nesta igrexa túa, oh glorioso confesor San Martín! Restaurei a relixión e as cousas sagradas, téndome esforzado por seguir as túas pegadas, eu, teu*

servidor Martín, que teño o teu nome, pero non os teus méritos, descanso aquí na paz de Cristo".

CAPÍTULO 9

PARROQUIA DE ROUPAR

A parroquia de Roupar (San Pedro Fiz) ten trinta e un barrios, entre eles Buscalte, O Campo, A Carballeira, A Ermida, etc.

Ao igual que as anteriores parroquias que vimos de nomear, a parroquia de Roupar tamén posúe abundantes medoñas, tres castros en A Graña, Castrillán e Sucastro, e tamén cruceiros situados en O Cristo, O Campo, O Mingolo e A Criba.

Tamén hai unha torre de cantería en Roupar, que pertence a unha casa señorial na que xa desapareceu o escudo de armas. A casa señorial ten unha capela rectangular con teito de madeira a tres vertentes e retablo barroco con esculturas de San Roque, que é o titular, xunto a Inmaculada e San Antón de Padua.

9.1. Igrexa Parroquial de Roupar

Segundo a información que nos presta un dos curas oficiantes da igrexa de Roupar, a data da súa construción pode que sexa do século XVII, a comezos do 1800. No libro *Cabreiros e un pouco do seu entorno* (1998: 96-97) lemos:

> "No século XVII e XVIII Roupar atópase baixo o efecto dos feudos, correspondendo ós rouparenses ser súbditos do conde de Sanche e ós de Amarante. O primeiro fundou a Ermida e capelanía da Virxe do Carme e San Caetano no lugar do Campo Novo. O segundo ergueu o Santuario de San Roque no barrio da Torre"....Como edificios a destacar en Roupar temos que ter en conta a igrexa de recente restauración, que conserva un retablo maior barroco, e de estilo churrigueresco os dous laterais. O campanario separado da igrexa é tamén de estilo barroco que conserva tan só na súa orixe a base, o reloxo de sol e a primeira cornixa, sendo o resto desfeito polo impacto dunha descarga eléctrica".

Os mesmos datos con respecto ao campanario aparecen no libro de *Xermade o meu pobo* (1994: 61): "A parte superior do campanario era de cantería, pero foi afectado por unha chispa. Tiña dúas campás en bronce".

O motivo de que a Igrexa de Roupar estea separada da torre onde se atopa o campanario, segundo nos conta o propio párroco, foi por falta de espazo, xa que ámbalas construcións fixéronse ao mesmo tempo e o lugar non daba para facer o campanario diante. Por iso se fixo separado. Tamén conta que no campanario caeu un raio polo ano 70 ou 80 e reconstruírono con cemento (Figura 18).

Cando nos achegamos á igrexa, nesta ocasión acompañados polo párroco Baltasar Requeijo, atopámonos o pórtico á man esquerda da porta da entrada a igrexa. Nese pórtico hai unha pila bautismal en pedra antiga, á que non se lle debe dar mérito patrimonial, nin uso como pía de bautismo, xa que no seu interior ten restos de cabichas. O chan do pórtico é de lousas e preto das paredes sitúanse varios bancos de madeira vellos.

Ao entrar na igrexa observamos que ten coro con balaustradas de madeira e chan de madeira. Nas paredes un viacrucis con láminas antigas, pintadas de cores, enmarcadas cun marco de madeira protexidas por cristal e cruz na parte superior do marco.

Dentro da igrexa atopámonos con tres retablos:

O retablo maior non é integramente orixinal, pois foi restaurado no ano 1990 e cun criterio algo desacertado, xa que a pintura que se lle aplicou era de parede, e por tanto non idónea para semellante tarefa. É de estilo salomónico do século XVIII, con esculturas do titular, que é San Pedro, acompañado de San Roque, San Antonio de Padua, San Ramón Nonato e a Virxe Inmaculada. Describindo máis en detalle as tallas e as esculturas deste retablo engadiremos que á man dereita sitúase unha talla dun bispo en madeira antiga e pintada. Ao carón San Roque, tamén en madeira pintada. No centro do retablo San Pedro e á esquerda de S. Pedro, San Ramón Nonato. E máis á esquerda San Antonio de Padua. Na parte alta do retablo vemos a imaxe da Inmaculada Concepción. As tallas de San Pedro, San Antonio, San Xosé, a Virxe María, San Roque, a Inmaculada e San Caetano, datan do século XVII É un retablo combinado de cores, predominando a cor da madeira, pero nos relevos de plantas, flores e cunchas aprécianse azuis, verdes, laranxas en tons claros.

Entrando pola porta lateral, xa que a principal sería a que queda debaixo do pórtico onde se atopaba a pila bautismal, de fronte pódese ver unha cruz con Cristo crucificado de madeira antiga. Seguindo os pasos ata o altar á man esquerda, atopamos o retablo esquerdo con tallas de San Martín de Porres (talla pequena); no medio do retablo San Xosé, e no oco dereito do retablo non hai talla ou escultura algunha. Por enriba de San Xosé un cadro con lámina do Sagrado Corazón de Xesús. Á dereita do retablo (fóra do retablo), imaxe da Dolorosa (antiga), posta sobre un pedestal que moi ben podería tratarse (segundo nos explica o pai Baltasar), dun miliario romano xa que na parroquia de Roupar houbo unha morada dun patricio romano e podían ser restos que quedaran desa época. Aclarar que un miliario romano é unha columna cilíndrica, oval ou paralelipípeda que se colocaba no borde das calzadas romanas para sinalar as distancias que había cada mil *passus* (pasos dobres romanos), é dicir, cada milla romana, unha distancia equivalente a 1.480 metros. Normalmente era de granito, cunha base cúbica ou cadrada e medía entre 2 e 4 metros de altura, cun diámetro de 50 a 80 cm. e a maioría deles foron feitos polos séculos III e IV.

Neste caso, de tratarse de dita peza, estaríamos falando que é cilíndrica e de granito pouco rugoso pola erosión do tempo pasado, e fai de pedestal da imaxe da Dolorosa como xa dixemos. A Dolorosa viste de loito rigoroso cun mantón negro moi bordado con fíos de ouro e un vestido negro.

O retablo da dereita (mirando cara o altar) ten columnas salomónicas e é da primeira metade do século XVIII. Nel podemos apreciar unha talla pequena dunha mártir, na man dereita palma de mártir e na man esquerda palma da man aberta cara arriba, trátase de Santa Lucía. No medio do retablo a Virxe de Fátima (antiga), é de escaiola pintada

en branco. Á esquerda Santa Bárbara. Estes retablos son de estilos populares, imitando algo al barroco.

Situado noutro miliario romano, pois xa comentamos que a un quilómetro da igrexa de Roupar fixéronse escavacións alá polo ano 1950 e atopáronse numerosos restos romanos que logo se taparon, sitúase a Virxe dos Remedios. Ten un rosario antigo nas mans (as contas parecen de nacar), e na man dereita o Neno Xesús. Vestido branco con moitos ribetes dourados.

A igrexa ten un altar de pedra. O sagrario é dourado con relevo do Año de Deus. Unha cruz parroquial en dourado. Tamén un cirio con pedestal.

Conta con dúas sancristías, á dereita e á esquerda do altar. Atopamos outra cruz parroquial gardada na sancristía da parte dereita; acetre de auga bendita antigo, que é un vaso con asa, polo xeral metálico, de fondo redondeado e en ocasións con tapa, onde se leva a auga bendita; varios candelabros altos e antigos; unha cruz pequena antiga duns 200 anos de antigüidade; neno Xesús de bicar no seu berce; e un estandarte da confraría do Rosario. Na sancristía da dereita tamén dispoñen dun moble antigo de madeira onde se gardan libros varios e o arquivo parroquial.

Ten unha nave rectangular a dúas augas. O presbiterio é a catro augas e a sancristía a unha vertente e está situada á esquerda da capela maior. A torre do campanario é, como xa dixemos, en cantería e está a poucos metros da igrexa.

Dentro do circundo da igrexa tamén hai un cruceiro.

A igrexa de Roupar ten na entrada lateral unha placa gravada en pedra coa lenda:

TEMPLO PARROQUIAL DE ROUPAR. RESTAURADO NO ANO 1993. SIENDO PÁRROCO DE ESTA PARROQUIA D. ENRIQUE RIVERA ROUCO.

Don Enrique Rivera Rouco, naceu o 27 de xaneiro de 1938 e morreu nos Chaos (As Pontes de García Rodríguez) o 18 de setembro do 2002. Este párroco foi coñecido co sobrenome “O cura dos Chaos”. Foi relixioso e historiador e nomeado cronista oficial da vila de As Pontes en 1981. En 1976 publicou o libro *Estudo sobre la historia de Puentes de garcía Rodríguez y su comarca*. Pero tamén colaborou coa publicación Estudos Mindonienses, así como en varios artigos en xornais e revistas locais.

O tellado da igrexa foi restaurado non fai moito tempo, xa que tiña goteiras e estaba en malas condicións. É de lousa.

Como dixemos, o patrón é San Pedro. En latín San Fiz, cuxo significado quería dicir feliz. San Pedro é aprisionado polos romanos e un anxo na noite liberouno, por iso o de feliz. É o mesmo San Pedro de Roma, o que se celebra na basílica de San Pedro in Vincoli. En italiano, basílica di san Pietro in Vincoli ou San Pedro encadeado. Tamén chamada San Pedro ad víncula, que é unha basílica moi coñecida por albergar o mausoleo do papa Xulio II, coa famosa escultura do Moisés de Miguel Anxo. Segundo

a historia, a basílica foi construída na metade do século V para albergar a reliquia das cadeas coas que ataron a San Pedro durante o seu encadeamento en Xerusalén. Segundo conta a lenda, a emperatriz Eudoxia (esposa do emperador Valentiniano III) ofreceu as cadeas como regalo ao papa León I o Magno. Cando este as comparou coas cadeas do primeiro encarceramento de San Pedro na cárcere Mamertina en Roma, as dúas cadeas uníronse milagrosamente. As cadeas gárdanse nun relicario baixo o altar principal da basílica.

Figura 18: Campanario da igrexa de Roupar

A San Pedro represéntaselle cos símbolos tradicionais das chaves, o galo e a cruz. As chaves simbolizan o Reino de Deus, o galo recórdanos as súas negacións, e a cruz é o emblema do seu martirio. Tamén se lle atribúe o báculo, como pastor, e o peixe, símbolo da promesa de Xesús de Nazaret de facelo "pescador de homes". Ademais de ser apóstolo, ostenta o título de príncipe dos apóstolos, papa e mártir. O seu nome significa en grego pedra ou roca. É avogado ou patrón dos pescadores (xa que el mesmo tiña o oficio de pescador), construtores, colleitadores, panadeiros, carniceiros, zapateiros, cerralleiros, reloxeiros, albaneis e protector contra a febre e o envellecemento.

Considérase o primeiro Papa polas verbas que Xesús lle dirixiu: "*Ti es Pedro, e sobre esta pedra edificarei a miña Igrexa, e o poder da morte non prevalecerá contra ela. Eu dareiche as chaves do Reino dos Ceos. Todo o que ates na terra quedará atado no ceo, e todo o que desates na terra, quedará desatado no ceo*" (Mateo 16, 18-19).

Outras igrexas católicas apostólicas, como a ortodoxa, non consideran que Cristo edificase a súa Igrexa sobre un home (Pedro), senón sobre a confesión de fe que Pedro lle fixo a Xesús: "*Ti es o Cristo, o Fillo de Deus vivo*" (Mateo 16:16).

No nomenclátor dinos da igrexa parroquial de Roupar que ten torre e dúas campás. A partida máis antiga data do ano 1684.

9.2. Capela de San Roque

A capela de San Roque atópase un estado ruinoso. Segundo conta a xente, antigamente no barrio houbo unha casa medio nobre dos señores de Amarante (casa nobre ou fidalga), que ergueron a capela. Agora é unha capela dos fregueses.

A capela ao estar semienterrada, ao vela por fóra parece que é moi baixa, pero ao entrar vese que o teito é alto. Ten as figuras de San Antonio e Santo Domingo. Son tallas de madeira. Tamén conserva un pequeno retablo principal no altar.

9.3. Ermida de Buscalte

Esta ermida queda na estrada a Viveiro e está practicamente en estado ruinoso. Ten planta rectangular, teito de madeira con dúas vertentes, chan de laxes e tellado de lousa.

É unha edificación popular cun retablo tamén de estilo popular no que se situaba unha imaxe de San Miguel Arcanxo, patrón da ermida. Dita talla fíxose cargo dela o encargado de custodiar a capela, por medo a roubos ou perdas. E outra escultura da Nosa Señora do Carme do século XVIII, ao igual que a de San Miguel Arcanxo.

9.4. Capela da Ermida

É unha construción de planta rectangular, teito a dúas vertentes, muros de mampostería e chan de laxes.

Dedicada a S. Estevo é unha construción de estilo popular, ten un retablo dedicado a San Estevo, de estilo rústico con formas moi brutas. O resto de imaxes e tallas que se poden ver no retablo son doadas ou cedidas polos fregueses. O estado de conservación é bo, xa que fai pouco que se arranxou o tellado e se lousou. Tamén a pintaron recentemente.

San Estevo sóese representar como un home novo, sen barba, levando roupas de diácono e, frecuentemente, sostendo unha pequena igrexa ou un incensario. Foi condenado por blasfemia por los sanedritas que o colleron e o conduciron ás aforas da cidade e o lapidaron. Parte do brazo dereito de San Estevo está nun relicario no mosteiro Laura de la Trinidad e San Sergio, en Rusia.

9.5. Capela do Carme

Tamén chamada capela do campo, xa que está situado nese lugar. É de estilo popular e está arranxada por dentro. Non ten retablo, pero si imaxes. Unha delas é unha talla de

vestir. É dicir, a parte do tronco é un vestidor ao que se poñen por enriba as roupas do santo ou santa da que se trate, neste caso da Virxe do Carme. As roupas apreciase que foron feitas por algunha costureira e seguramente doadas como ofrenda. A outra imaxe que atopamos é de escaiola e madeira conxuntada, e trátase da figura de San Caetano. A san Caetano coñéceselle como o Santo da Providencia, Patrón do pan e do traballo e a súa festividade cae no 7 de agosto.

Na festa da Capela do Carme, que se celebra no mes de setembro, festéxanse ámbolos santos conxuntamente, a Virxe do Carme e San Caetano.

A capela está pintada de branco, tellado a dúas augas recuberto de lousas. Ten un campanario. Na fachada principal unha porta de madeira que da acceso á capela, por enriba da porta un pequeno porche. E enriba do porche unha ventá que na parte alta remata en semicírculo. Ventá tamén lateral.

Para chegar á porta da entrada hai que subir uns escalóns. Enfronte da igrexa, cruzando a estrada, un cruceiro.

Ao ter tanto patrimonio relixioso, as festas en Roupar van dende a festa do San Estevo aló polo mes de maio en Roupar de abaixo, pasando polo patrón principal no mes de agosto na honra a San Pedro Félix para acabar no mes de setembro coa festa do Campo (Figura 19).

Figura 19: Capela do Carme en Roupar

CAPÍTULO 10

PARROQUIA DE XERMADE.

A parroquia de Xermade (Santa María), ten entre outras, as seguintes entidades singulares: As Casas Novas, Castiñeiras, A Gloria...

A modo de introdución, comezaremos subliñando unhas verbas escritas no libro *Cabreiros e un pouco do seu entorno* (1998: 98-100):

> "En canto a símbolos relixiosos Xermade conta entre outros coa Igrexa Parroquial situada no Pedreiro na cal se honra a Nosa Señora aló polo 15 de agosto e celébranse unhas grandes festas que alegran avila durante dous días.
>
> Tamén conta cunha capela no barrio do Camiño en honra á Virxe das Neves, propiedade dos herdeiros de D. Higinio Couto Puente. E outra en Castiñeiros en honra a Sta. Eufemia e Sta. Lucía de posesión veciñal á que lle fan a súa festa na primavera.
>
> Neste concello, ao igual que nos anteriores, hai abundantes construcións megalíticas.
>
> En canto ós Cruceiros, Xermade conta con cinco. Un deles está situado xunto á igrexa, outro xunto ó Concello por certo moi curioso, ten chanta enriba da cabeza a modo de paraugas e foi trasladado dende a súa localización nos arredores da antiga igrexa para a Praza do Concello. Nas Casas Novas teñen un feito no ano 1894, outro no Camiño e por último un en Castiñeiras ó carón da Capela".

Dito isto, pasamos a estudar en detalle o patrimonio relixioso relevante das igrexas e capelas que se atopan na parroquia.

10.1. Igrexa Parroquial

Para falar con maior propiedade da Igrexa parroquial de Xermade, que se atopa preto da praza do Concello, situada no Pedreiro, poñémonos en contacto co párroco da Igrexa. O pai Santomé é o encargado de explicar en detalle todo o relativo á Igrexa. Segundo a súa información, a igrexa antigamente estaba caleada en branco, foi picada e entón quedou á vista a lousa, que é de pedra da zona e, ao ser da terra, demasiado porosa. Polo que fai que a Igrexa sexa un tanto húmida a pesares de estar situada de leste a oeste e que por tanto dálle o sol na fachada principal pola mañá de cheo. Obsérvanse no exterior, a pesares de que se arranxou non fai tempo, gretas abertas de arriba a baixo no lateral esquerdo, que seguramente precisarían dalgún contraforte para reforzar a estrutura. Pero polo momento a parede resiste o paso do tempo e da intemperie. O que si se reforzou foi no interior da entrada principal, poñendo un contraforte por dentro, pero que non está totalmente habilitada, xa que hai como un precinto que impide acceder á Igrexa por alí, e por tanto tense que entrar pola porta lateral dereita. Isto débese a que se entrásemos pola entrada principal, xusto á dereita atópanse unhas escaleiras de caracol en madeira, e por iso se mantén o precinto (a pesares do contraforte interior do que falamos), dado o perigo que suporía que a xente subise ao coro polas escaleiras no estado en que se atopan, de peldaños soltos ou pouco suxeitos (Figura 20).

Figura 20: Igrexa parroquial de Xermade (acuarela propia)

A entrada principal coincide co campanario e a Igrexa ten planta de cruz latina e data de primeiros do século XX.

Ao entrar pola fachada lateral dereita, o primeiro que chama a atención, ademais do grande que é, son os misterios (viacrucis) que penduran das paredes. Di o pai Santomé que as tallou un fregués da parroquia enteiramente de forma artesanal, tallando as pezas de madeira a man cunha navalla: "*tiña a virtude de levar a arte nas súas mans e facía pezas moi bonitas, aínda ca súa profesión era perito agrícola*". Estas pezas, talladas con tanta paciencia e esmero, saíron das mans de Gumersindo Couto Ramudo que foi quen as agasallou e doounas para goce dos veciños e para enriquecer o patrimonio da Igrexa parroquial de Xermade.

O patrón é San Roque, pero celébrase Santa María. Posúe a escultura da Nosa Señora do Rosario (titular) co neno espido sobre o brazo esquerdo (S. XVIII). Hai unha imaxe da Virxe María situada no altar maior, e que para sacala en procesión hai que collela subindo unhas escaleiras de madeira por detrás do altar e abrir unha porta pequena. As escaleiras que soben para acceder á Virxe, están localizadas nun habitáculo que serve como despacho, e tamén é o lugar onde se gardan as roupas de misar e demais utensilios como manteis, copóns, formas, etc. (todo moi ordenado nun armario grande e novo que mandou facer o padre Santomé). Subindo esas escaleiras tamén de poder coller a Nosa Señora abrindo unha portiña de madeira, naquel alto tamén podemos ver outras imaxes moi deterioradas á espera de ser arranxadas cando o presuposto alcance. Son algunhas figuras do Nacemento, a Virxe, o Neno Xesús e algúns Reis Magos. Tamén un confesionario de madeira e algúns reclinatorios. Todo moi ben colocado a pesares de ser un altillo de espazo moi reducido.

Os tres retablos son de estilo gótico, separados por unhas columnas pintadas como se fosen amarmoradas. Á dereita sitúase San Xosé e á esquerda o Sagrado Corazón. Outras imaxes de santos que podemos ver son a de San Roque, San Isidro Labrador, San Antonio, a Virxe do Carme, Virxe das Dores, Santo Domingo, San Luís e Santo Tomás.

A planta da igrexa é de cruz latina e nos extremos da cruz latina, atópanse os confesionarios de madeira, tamén en caso de necesidade hai un antigo banco confesionario restaurado (a primeira peza que vemos dese tipo e que chama moitísimo a atención). Dous bancos que fan de arcóns, pois teñen tapa, e no seu interior gárdanse algunhas reliquias.

Á dereita do altar tamén hai unha pila bautismal de pedra con tapa de madeira, e no interior ten uns apartados para pousar a cuncha de botar a auga e outros accesorios bautismais.

A igrexa por dentro está pintada en cor branco, tamén hai partes en pedra que o padre Santomé encargouse de limpar cun cepillo el mesmo, para tratar de devolver a pedra á súa cor orixinal, un gris claro, pois estaba escurecida pola humidade.

Chaman a atención as ventás, que como fai sol deixan pasar uns raios de cores a modo de arco iris. Preguntado de si son auténticos cristais de cores, o pai Santomé explica que non, "*que bo que puido restauralos con vidro plástico, e que case parecen auténticas vidrieiras. Que os cartos non dan para máis, xa que moitas veces ten que poñelos do seu peto. Veñen sendo como adhesivos de metacrilato que se corta segundo a medida que se queira e vanse pegando o cristal*". Di tamén que imitan ás de Gaudí.

Por último subliñar que a igrexa tamén ten seis andas (taboleiros ou plataformas sostidas por dúas barras ou listóns horizontais e paralelos que serven para transportar a ombros as imaxes relixiosas), restauradas polo pai Santomé.

Á saída da igrexa de Xermade o pai Santomé ensínanos tamén o campo santo, que el mesmo encargouse de embelecer pedindo que lle fixeran unhas xardineiras de pedra que se colocaron con flores espalladas polo cemiterio. Dentro do campo santo hai unha capela dedicada á Virxe de Fátima.

Dentro do adro da igrexa atópase ao fondo a dereita da entrada principal, unha estrutura para guarecerse da choiva, do frío ou do sol, para que os fregueses poidan falar mentres esperan a que se oficie a misa. E ao entrar pegado ao valado que circunda a igrexa, á man dereita, un belo cruceiro de pedra. E á esquerda, tamén dentro do muro de pedra, un piñeiro que trouxeron de África os franciscanos misioneiros de Lugo fai 102 anos.

Dese acontecemento quedou documento detallado polo párroco de entón D. Manuel Ramos López, imos reproducir o texto que escribiu no libro da Parroquia no ano 1911, que di así:

> *"Curioso recuerdo"*
>
> *El pino que se halla frente casi a la puerta del Sur de esta Rectoral de Germade y otros que espero se conservaran también cerca de dicho edificio fueron sembrados por el párroco que suscribe en 19 de marzo de 1911, cuya semilla ha sido transportada de Marruecos por los Reverendos Padres Franciscanos de Lugo, y enviada a esta por el Rvdo. Padre Ramón Segade, del mismo Convento y natural de Rianjo (Pontevedra).*
>
> *Y como espero que dichos árboles presenciarán el paso de algunas generaciones, anoto su historia de origen que, sin duda, tendrá apreciación en su día.*
>
> *Esta planta no se le conoce más que el nombre de "Pino de Marruecos", el párroco de Santa María de Germade.*
>
> *Manuel Ramos López.*

En fronte da fachada principal da igrexa, atópase a antiga casa reitoral, agora reconvertida nun museo etnográfico por parte do concello.

Concluímos a visita co desexo do pai Santomé de pintar algunhas partes do altar e das columnas para poñelas todas da mesma cor, de arranxar as escaleiras de subida ao coro e de quitarlle gretas ás paredes e de reforzar con contrafortes laterais a igrexa. El espera que Patrimonio e a Xunta de Galicia tomen cartas no asunto.

En Xermade a partida máis antiga é do ano 1600. A construción desta igrexa nova é do ano 1919. A antiga igrexa estaba onde agora é o cemiterio antigo. Fálase da capela de Santa Eufemia en Castiñeiras e doutra capela no barrio do Camiño propiedade dos veciños e particulares (Figura 21).



Figura 21: Igrexa parroquial de Xermade

10.2. Capela do Camiño

Foi restaurada fai pouco tempo. Ten planta rectangular, teito de madeira con dúas vertentes, muros de mampostería e tellado de lousa.

A capela do Camiño ten un retablo neoclásico coa imaxe da Inmaculada; e tamén conten a imaxe da Virxe das neves. No lintel da porta principal ten a data de 1790. Polo tanto posiblemente esteamos a falar de que dita capela construíuse no século XVIII.

Nese lintel da porta a inscrición ao completo di:

“ESTA CAPILLA LA HIZO DN./FRANCO PEZ I PEÑA, PRO/ AÑO DE 1790”.

10.3. Capela de Castiñeiras

A santa titular é Santa Eufemia, pero tamén teñen imaxes de San Marcos e Santa Lucía.

Esta capela ten planta rectangular, teito de madeira con dúas vertentes, muros de mampostería e chan de laxes con tellado de lousa. Ten un retablo neoclásico con unha inscrición que pon: “ESTE RETABLO SE PINTÓ PR. DEVOCIÓN DE D. MANUEL SÁNCHEZ, AÑO DE 1876”. Nese retablo está a escultura de Santa Eufemia e San Lucas co tinteiro nos cornos do boi e unha inscrición que pon “San Marcos, 1875”.

Tamén é importante relatar que Santa Eufemia naceu na cidade de Bizancio, a actual Istambul, e dende o seu nacemento foi consagrada para ser virxe. Foi torturada para que desistira da fe cristiá, e pénsase que morreu polas feridas dun oso salvaxe na area baixo o reinado do emperador Diocleciano.

Sobre a súa tumba construíuse unha magnifica catedral en Calcedonia. A ela atribúeselle un milagre durante o Concilio de Calcedonia, que di que nese concilio que foi o cuarto Concilio Ecuménico da igrexa cristián e tivo lugar na cidade de Calcedonia no ano 451; na catedral consagrada á Santa reuníronse 630 representantes de tódalas igrexas cristiáns locais que non conseguían chegar a un consenso entre os partidarios da doutrina monofisista e os partidarios do Credo calcedoniano que sinala a plena humanidade e a plena divindade de Xesucristo. Entón o Patriarca de Constantinopla Anatolio suxeriu ao consello que a decisión se deixara ao Espírito Santo, a través de Santa Eufemia. Ambas partes escribiron unha confesión da súa fe e as puxeron na tumba de Santa Eufemia, que foi selada en presenza do emperador Marciano (450-357), poñendo un selo imperial sobre ela e establecendo unha garda para vixialo durante tres días. Durante eses días as dúas partes fixeron xaxún e rezaron. Despois dos tres días, a tumba abriuse e o documento coa confesión ortodoxa estaba na man dereita da Santa, mentres que o documento dos monofisistas xacía aos seus pés. Polo tanto a Santa mediadora entre Deus e os homes, obrara o milagre e así dábase por verdadeiro o Credo Calcedoniano e rexeitábanse as ideas dos monofisistas. Tal milagre foi testemuñado nunha carta enviada polo Consello ao papa León I.

Aquí en España Santa Eufemia é patroa da cidade de Antequera (Málaga), e na Real Colexiata de San Sebastián gárdase unha reliquia da santa mártir.

CAPÍTULO 11

SENTIDO DAS ERMIDAS E ROMARÍAS.

Se consultamos calquera libro de arquitectura relixiosa podemos ler que a ermida, a diferenza doutras construcións para o culto como as capelas, santuarios ou igrexas, se caracteriza por tres aspectos fundamentais. Primeiramente pola súa localización, pois resultan estar en lugares afastados das poboacións. Outro aspecto diferenciador é que as ermidas non teñen un culto permanente; normalmente é ocasional con motivo da celebración ou do festexo do santo ou santa patrón do lugar, da advocación á que estea dedicada dita ermida. En último lugar, habitúan a estar coidadas por un ermitán, aínda que nos últimos anos, nos que os ermitáns andan escasos, tamén pode quedar ao coidado dalgún fregués ou veciño do lugar.

As ermidas antigamente facían de igrexas parroquiais nas aldeas, pero na actualidade, como dixemos antes, soamente se adoitan abrir cando hai algunha celebración que festexar, xa que se atopan lonxe dos núcleos importantes de poboación.

As ermidas xeralmente son edificacións pequenas e sinxelas. Pódese dar o caso de xuntarse próximas varias ermidas, en cuxo caso falariamos de eremitorios, que adoitaban estar habitados por anacoretas. As ermidas construíanse polo profundo sentimento relixioso imperante nas aldeas e vilas, sobre todo no século XVII, e aquí en Galicia, dado o hábitat disperso, favoreceuse e impulsouse a construción de ermidas, máxime cando algún local ou benfeitor, motivado polo sentir relixioso ou a devoción e agradecemento a un santo ou santa, doaba terreos rurais e aportaba cartos para que se erguese a ermida no lugar, para que os veciños na zona puidesen ter un lugar de culto.

O número de ermidas creceu bastante xa que a mentalidade da época era propicia para que se construísen estes edificios relixiosos, sobre todo porque grazas a eles a xente podía recibir os últimos sacramentos para morrer en graza de Deus. A igrexa acollía de bo agrado ditas construcións, xa que así se arraigaba máis a fe e a devoción en todos os veciños e habitantes do lugar. Polo xeral a igrexa obrigaba aos fundadores das ermidas a que unha vez rematado o edificio, e dotados convintemente cos ornamentos relixiosos, as reparacións corresen a cargo dos seus patróns.

Todo isto potenciaba a vida relixiosa de veciños e achegados e adoitaba ser motivo de moita festa, xa que se favorecían as romarías. As xentes, ademais de rezar, facer ofrendas e recibir os sacramentos, logo quedaban arredor das ermidas comendo, bebendo, cantando e bailando. Levaban o xantar, estiraban os manteis e alí ao carón, nos prados que circundaban as ermidas, festexaban o santo ou santa de modo lúdico: cantaban cantigas, contaban contos, se había un acordeón tocábase, se non unha pandeireta, ou de calquera material facíase un instrumento de vento ou percusión... Nenos, vellos, e mozos gozaban da romaría e era motivo de algarabía e descanso para todos.

Estas ocasións case que eran as únicas nas que podían facer un alto das tarefas cotiás e tan duras e laboriosas de todos os días. E lembrando sempre que ao regreso á casa, ben chegada a noite, tocáballes aínda amañar os animais, pois a vida había que atendela por moi cansado que viñeran de tanta troula.

Tamén se facían romarías ás capelas e ás igrexas, pero era en torno ás ermidas onde cobraban máis sentido, posto que a xente se ía era para quedarse festexando no lugar, xa que ao estar apartadas non ían andar ida e volta polos camiños.

GLOSARIO E SIGNIFICACIÓN DOS ATRIBUTOS.

Atributos: son as características identificativas dos santos, e tamén certos rasgos físicos (idade, barba...), a súa vestimenta e os obxectos ou animais que están xunto a eles.

Azucena ou lirio: simboliza virxinidade.

Báculo, bolsa e sombreiro de peregrino: son accesorios dos peregrinos.

Báculo de abade: acompaña aos abades e abadesas santos.

Báculo pastoral e mitra: encóntranse xunto aos bispos santos.

Bandeira: encóntrase xunto aos santos de orixe nobre.

Cáliz: acompaña as imaxes dos sacerdotes.

Caveira: simboliza o rexeitamento aos praceres da vida e é tamén símbolo dos penitentes e ermitáns.

Cetro: acompaña aos emperadores e reis santos.

Coroa: pode acompañar aos descendentes nobres e sobre todo a mártires virxes.

Cruz: acompaña aos membros dunha orde relixiosa.

Dragón: Se se atopa baixo os pes, simboliza a vitoria sobre os pagáns e os herexes, tamén simboliza o demo.

Espada: acompaña aos cabaleiros santos e aos decapitados.

Globo imperial: representacións dos reis santos.

Hábito e tonsura: santos de ordes relixiosas.

Lanza: esta arma acompaña aos soldados santos.

Libro: pódese atopar xunto a tódolos santos, preferentemente evanxelistas e doutores da igrexa.

Maqueta da igrexa: encóntrase cos doadores das igrexas.

Palma ou rama de palmeira: simboliza a vitoria sobre o mundo e a carne por o martirio.

Pomba: simboliza ao Espírito Santo.

Rosario: simboliza a devoción a Virxe María.

EPÍLOGO

Facendo unha recapitulación de todo o traballo de investigación, queremos facer fincapé en varias cuestións que nos gustaría destacar.

A nosa intención, nun primeiro momento, foi estudar o máis fondo que nos fora posible, o patrimonio relixioso referido concretamente ao ámbito das igrexas, capelas e ermidas do concello de Xermade, pero con elo tamén queríamos dar a coñecer e poñer en auxe o interesante valor patrimonial, etnográfico, antropolóxico e cultural que se agocha en cada edificio relixioso e que supón unha gran riqueza para toda a zona. Non só en canto á edificación relixiosa en si, senón tamén referir canto se atopa dentro delas: retablos, esculturas, imaxes, cruces, libros..., que forman parta da vida de moitas persoas porque atinxe á realidade que lles tocou vivir.

Outro dos obxectivos que nos veu á cabeza mentres realizábamos este traballo foi concienciar a cantos teñan competencia na materia (aínda que todos e todas podemos sempre aportar canto sexa necesario e estea nas nosas mans para axudar, pois toda axuda e responsabilidade é pouca tratándose destes temas), por ser veciños, relixiosos, párrocos, ou institucións dedicadas a tal fin, a necesidade de concienciar para evitar que no futuro se destrúa o patrimonio relixioso en aras da modernidade e o mudar dos tempos. O patrimonio relixioso e cultural é un ben a preservar, conscientes como temos que ser da súa riqueza, e que é un ben de todos que nos compre desfrutar e valorar.

Constatamos a pena que supón, por parte daqueles que teñen e temos esa conciencia en torno a estes bens, da perda que supuxo en tempos pasados derruír e desfacerse do vello para alzar edificios relixiosos novos. E non queremos que se volva a caer nestes erros.

En terceiro lugar, a parte de poñer en alza, e concienciar a todos/as deste patrimonio, queda por último poñerse mans á obra, pois é evidente de que moitas das igrexas, capelas e ermidas que se espallan ao longo desta fermosa terra, poñen en evidencia e requiren dunha intervención para reparar, rehabilitar e amañar aqueles elementos que polo paso dos anos sufriron un deterioro máis que evidente. Tanto no exterior dos edificios relixiosos, como dentro deles, e tamén daqueles elementos tales como retablos, imaxes, andas, confesionarios, cadros, viacrucis, etc.

Finalmente constatar o grato que nos foi traballar neste estudio de investigación, que pese a falta de tempo, desfrutamos moito.

É evidente, que pese ao traballo realizado e ao tempo invertido, aínda queda moito que afondar neste patrimonio cultural e relixioso tan rico e basto da nosa terra de Xermade e de toda Galicia en xeral. Quedan moitos pasos aínda por dar e moitas investigacións que realizar, pero ao seu tempo iranse dando todos.

AGRADECEMENTOS

Cando nos decidimos a facer este traballo de investigación, e debido á falta de bibliografía e de documentos escritos respecto ao tema obxecto de estudo, (como xa apuntamos ao inicio), tal circunstancia levounos a poñernos en contacto con outras fontes "máis humanas" que son igual de fidedignas, á par que interesantes, para que nos aportasen toda a súa sabedoría popular e poder sacar adiante o noso estudo de maneira rigorosa e fidedigna.

Por tal motivo queremos agradecer:

Ao pai **Baltasar Requeijo Pico**, párroco de Burgás, Candamil, Lousada, Miraz, Muras... ata completar un total de oito parroquias, pola súa implicación, compromiso, explicacións maxistrais, aportacións documentais, paciencia, tempo dedicado e sobre todo, a súa labor de guía grazas á cal puidemos visitar case tódalas igrexas, capelas e ermidas da parroquia de Xermade. E por enriba de todo, agradecerlle a súa amizade incondicional. Grazas Baltasar por todo.

Ao pai **Cándido Santomé Castro**, párroco de Cabreiros (Sta. Mariña) e de Xermade (Sta María), que non tivo reparo en achegarse dende As Pontes á igrexa de Xermade da cal é párroco titular, para amosarnos minuciosamente cada recuncho da igrexa e informarnos fielmente de canto lle preguntamos.

Agradecer a atención prestada ao párroco de Guitiriz, Arcipreste da Terra Chá e Delegado de Santuarios, e responsable doutras áreas e parroquias, padre **Óscar Santiago Sanmartín.**

Ao padre **Uxio García Amor**, prelado de Honor de su Santidad, Canónigo Emérito de la S. I. Catedral Basílica de Mondoñedo e encargado da atención pastoral de Cazás (S. Xiao), entre outras das moitas tarefas que desenrola, querémoslle agradecer a información prestada, así como a súa atención.

Ao padre "Pepe", **José Vega Pérez**, Vicario Judicial Adjunto, Miembro do colegio de Consultores, párroco de Roupar (S. Pedro Fiz) , entre outras tarefas ao seu cargo. Agradecerlle as súas magníficas clases maxistrais en relación ao tema obxecto de estudo.

A **Alberto Sanmiguel Rodríguez**, doutor pola Universidade de Vigo en Ciencias da Educación e da Actividade Física. Pola súa aportación e axuda incondicional. E sobre todo, polo ánimo que nos infundou para seguir adiante sempre co traballo de investigación.

Ao resto de persoas que dalgún xeito colaboraron no desenrolo deste traballo de investigación e que igual se nos esquece de nomear. O noso agradecemento e as nosas desculpas sentidas de ser así.

Ás familias, polas nosas ausencias no tempo que lle dedicábamos ao obxecto da investigación.

Tamén subliñar que a orde na que aparecen estes agradecementos non teñen que ser motivo de importancia, xa que tódalas aportacións que se fixeron son igual de interesantes e deron como froito e resultado este traballo de investigación. Sen esa suma de tódalas partes, os resultados non serían os mesmos.

BIBLIOGRAFÍA

Argaya Goicoechea, Jacinto. (1965). *Guía de la diocesis de Mondoñedo- El Ferrol del Caudillo*. Depósito legal Lugo 18-1965. Artes gráficas A. Santiago-Vivero.

Cabreiros e un pouco do seu entorno. (1998). Lugo: Asociación de Veciños de Cabreiros.

Fariña Jamardo, Xosé. (1993) *Os Concellos Galegos. Tomo X.* Editado por la Fundación Pedro Barrié de la Maza.

VV.AA. (2012). *El Císter en el Reino de León: exposición, Monasterio de Santa María de Carracedo, León*. León: Instituto Leonés de Cultura.

Xermade o meu pobo. (1994). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

https://www.xermade.org